

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

OITAVA LEXISLATURA
2009-2012



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA



Alberto Núñez Feijóo (Ourense, 1961). Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, ingresou en 1985 como funcionario do corpo superior da Administración galega. A primeira etapa da súa traxectoria política, desde 1991 ata 2000, marchou parella a Xosé M. Romay Beccaria, con quen sucesivamente foi secretario xeral técnico da Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes (1991), secretario xeral de Sanidade e Servizos Sociais (1991-92) e vicepresidente e secretario xeral do Servizo Galego de Saúde (1992-96). Posteriormente ocupou os cargos de secretario xeral de Asistencia Sanitaria do Ministerio de Sanidade e Consumo, e presidente do INSALUD. Logo foi director xeral (2000-01) e presidente de Correos e Telégrafos (2001-2003). Volveu a Galicia en 2003 como conselleiro de Política Territorial, e vicepresidente primeiro no ano seguinte. En 2009 gañou as eleccións e converteuse en presidente da Xunta de Galicia, triunfo e cargo que revalidou en 2012.

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO
OITAVA LEXISLATURA
2009-2012



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA

*Todos os textos de Alberto Núñez Feijóo foron recollidos
do Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, tal e como
foron transcritos orixinariamente*

EDITA:

Parlamento de Galicia. Colección «Discursos parlamentarios» © 2015

FOTOGRAFÍAS:

Arquivo do Parlamento de Galicia

ISBN: 978-84-7836-109-0

Índice

7 A MODO DE PRESENTACIÓN

11 PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

13 **Estiveches ben, presidente.**

Marta Varela Pazos, Lucas Martinón Torres, Mar Sánchez Sierra,
Álvaro Pérez López e José Carlos Pérez Martínez

19 OITAVA LEXISLATURA 2009-2012

21 **Proposta do candidato á presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de Autonomía.**

14 de abril de 2009

59 **Discurso da xura do cargo e toma de posesión de Alberto Núñez Feijóo como presidente da Xunta no Salón dos Reis do Parlamento da Galicia.**

18 de abril de 2009

- 67** Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar da situación e explicar a súa posición ante o novo sistema de financiamento para a Comunidade Autónoma de Galicia.

30 de xullo de 2009

- 81** Comparecencia do presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

16 de marzo de 2010

- 121** Comparecencia do presidente da Xunta para avaliar a situación económica e financeira da Comunidade Autónoma e informar das accións e propostas que o Goberno galego está a adoptar neste contexto.

20 de xullo de 2010

- 141** Comparecencia do presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

15 de marzo de 2011

- 175** Comparecencia do presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

13 de marzo de 2012

- 211** Discurso de celebración do XXX aniversario da constitución do Parlamento de Galicia.

30 de novembro de 2012

A MODO DE PRESENTACIÓN

«Discursos Parlamentarios» é unha colección que nace coa intención de compilar, dunha forma ordenada, rigorosa e ben estruturada, as principais intervencións dos presidentes da Xunta ante o Parlamento de Galicia ao longo da nosa historia máis recente.

Os programas de goberno e as tomas de posesión, as análises do estado da autonomía e as comparecencias informativas cruciais dos distintos presidentes ante os xenuínos representantes do pobo galego son textos moi relevantes, de fonda significación, cuxa edición sinxela resulta plenamente xustificada polo seu grande interese político, documental e sociolóxico.

Todas e cada unha destas intervencións en momentos especiais da vida galega constitúen pezas mestras da súa pegada de goberno, que o pouso do tempo convida a ler con máis pausa e detemento para a súa mellor comprensión e valoración, na súa xusta medida. Os textos aquí incluídos preséntanse perfectamente enmarcados, tanto nos seus datos coma nos seus enunciados, e tamén se corresponden cos léxicos orixinais.

Estes «Discursos Parlamentarios» non están destinados a historiadores e eruditos, aínda que tamén, senón que son uns libros de fácil lectura para todos aqueles que sintan curiosidade ou teñan interese polo noso pasado máis recente.

Recompila este volume os discursos parlamentarios de Alberto Núñez Feijóo como presidente da Xunta de Galicia na VIII Lexislatura, logo de recuperar a maioría absoluta que o Partido Popular non acadara, por un deputado, catro anos atrás. Aquele victoria electoral, para algúns inesperada, era perfectamente previsible para os que tiveramos ocasión de colaborar con el durante o cuadrenio no que nos tocou facer oposición.

Tocoulle a Feijóo xestionar os peores anos da crise económica, pero fíxoo convertendo Galicia nun modelo a seguir, unha Comunidade solvente, que foi quen de priorizar e blindar os servizos públicos esenciais. E sempre explicando cada unha das decisións ao conxunto dos cidadáns, que lle renovaron e aumentaron a confianza catro anos despois.

Gran parte desas explicacións producíronse no Parlamento, convertido desde entón no máis activo das Cámaras autonómicas de España. Xa ao inicio desta lexislatura se acordou incrementar o protagonismo dos grupos da oposición, potenciando así o labor de control e impulso que lle corresponde ao Parlamento nos sistemas democráticos.

Foi tamén na VIII Lexislatura cando o Parlamento de Galicia acadou, por vez primeira na súa historia, maioría feminina, escasos meses despois de ter conmemorado as súas tres primeiras décadas de vida.

Dentro da abundante e meritoria bibliografía que impulsou o Parlamento de Galicia ao longo da súa historia, faltaba unha colección coma esta, que agora incorporamos aos nosos fondos para poñer en valor uns textos cruciais.

Tamén en homenaxe e recoñecemento aos presidentes galegos, Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne, Emilio Pérez Touriño e Alberto Núñez Feijóo, naceu esta colección de «Discursos Parlamentarios», cuxa presentación me satisfai e me enche de orgullo moi especialmente.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

ESTIVECHES BEN, PRESIDENTE

Marta Varela Pazos

Lucas Martínón Torres

Mar Sánchez Sierra

Álvaro Pérez López

José Carlos Pérez Martínez

Estiveches ben, presidente. Como nunca llo dixemos, nin tampouco nolo pide, nin, por suposto, é a nosa función, aproveitamos o seu ofrecemento para escribir este prólogo para transmitirle o que, no fondo, todo o mundo quere oír algunha vez aínda que diga o contrario. E é que, no caso de Alberto Núñez Feijóo, nin as sesións de control, nin as comparecencias parlamentarias, nin os debates anuais sobre o Estado da Autonomía que recolle este libro, terminan no hemiciclo. Acto seguido, continúan no seu despacho, onde se reúne co seu equipo para comentar e facer autocrítica.

Pouco teñen que ver esas sesións, as de despois, con eses exames que someten o interviniente a unha especie de veredicto do que pode resultar vencedor ou vencido no debate. Seguramente a sabendas de que ese traballo xa o farán os medios de comunicación, aos que o presidente concede unha grande importancia como conectores coa sociedade, o que pide aos que traballan con el –máis que para el– é outra cousa. A súa principal preocupación

é se expuxo correctamente a información e os datos, se as explicacións foron axeitadas, en definitiva, se foi quen de transmitir o que pretendía.

Porque se hai algo que caracteriza a Feijóo cando sobe á tribuna ou cando intervéen desde o seu escano é a súa certeza de que non só fala para quen lle pregunta, nin para o resto de deputadas e deputados que escoitan, nin sequer para os xornalistas presentes na Cámara que se farán eco do que diga. El diríxese fundamentalmente a quen se debe, ás galegas e aos galegos, posto que son eles os que o situaron alí e ante os que ten que render contas.

Dáse entón unha situación que, con toda probabilidade, non se corresponde coa que imaxina moita xente, cuxa imaxe dos políticos se achega máis á dunha persoa rodeada de adúladores que rara vez lle advirten das súas equivocacións. Neste caso, o estraño é o eloxio e o máis habitual é a crítica sen compaixón, que sempre puidemos expor con total liberdade. Porque, por máis que –todo hai que dicilo– algunha vez replicase cun «*tiñades que estar vós alí*», a verdade é que a súa receptividade a que lle «*dean caña*» –utilizando a súa propia expresión– é sempre absoluta e sen excepción de ningún tipo.

É indubidable que iso de quen máis di é del. Da súa humildade a proba de cargo e maiorías absolutas e da súa permanente vontade por mellorar non só na tarefa de servizo público que lle encomendaron os seus paisanos, senón tamén na forma de explicarllela.

Nesa perspectiva propoñemos ao lector que enmarque as intervencións que conforman este libro, ao que tamén suxerimos que non perda de vista o momento no que se escriben e se pronuncian. En efecto, a primeira lexislatura de Feijóo como presidente da Xunta iníciase e desenvólvese nunha crise que só deixa de selo para converterse en recesión e que condiciona as posibilidades económicas e sociais dos cidadáns, pero tamén a marxe de manobra do seu goberno.

Con todo, estas dificultades non alteraron o compromiso que o presidente Feijóo adquire co seu pobo e que repite constantemente na Cámara: «*dicir a verdade e xestionar a realidade*». Nos discursos que seguen ninguén poderá notar a ausencia dos principais asuntos que centraron a actualidade galega aqueles anos, expostos ademais con toda crueza. As súas indicacións a este respecto sempre foron moi claras, consciente como é de que a ocultación e o escurantismo son estratexias con escaso percorrido. Bastaría con, poucos anos despois, ler un libro coma este para deixar ao descuberto a quen simplemente pretendeu saír do paso daquel momento complexo. Non obstante, a perspectiva do tempo –cunha Galicia que agora crece, crea emprego e recuperou a esperanza no futuro– outorgan aínda máis sentido ás súas palabras de entón.

Por iso, a través das súas intervencións, é posible que o lector se faga unha idea bastante certa acerca dos temas que desvelaron o presidente nos seus primeiros anos: tentar reconstruír unhas contas públicas danadas de gravidade e que apenas servían para axudar os cidadáns, loitar contra as consecuencias que padecían pola situación económica ou intentar mellorar as súas condicións de vida, sobre todo as dos máis prexudicados, con todos os medios que puidese ter ao seu alcance. De aí, a súa insistencia por buscar que Galicia mantivese –que aínda hoxe mantén– unha entidade financeira domiciliada na comunidade nun contexto no que a maioría foron desaparecendo das súas autonomías.

Tamén coñecerá a súa ambición por non deixarse levar nunca polos feitos sobrevidos e tratar de cambiar o paso para romper con inercias adquiridas polos gobernos ao longo dos anos, xa fosen de gasto ou simplemente de actitude. Diso dá boa conta a maior transformación administrativa da historia autonómica co obxectivo de ampliar os recursos orzamentarios para poder soste e non renunciar a mellorar os servizos públicos pese ás dificultades («que o Goberno gaste menos en si mesmo para investir o máximo posible nos cidadáns»); as xestións de carácter nacional e internacional para reactivar sectores estratéxicos como o naval, a automoción ou o primario; ou o impulso á primeira fusión municipal en España en catro décadas, como símbolo máis visible da cooperación entre galegos en todos os ámbitos –municipal, portuaria, aeroportuaria– á que tanto aludiu mediante o concepto desa Galicia global que, para demostrar a súa grandeza como país diverso, debe funcionar ao unísono como se dunha gran capital europea se tratase.

O falecemento de dous brigadistas nos labores de extinción dun incendio forestal durante o seu segundo ano de lexislatura é un dos exemplos que se poden encontrar dun Feijóo que tampouco esconde aos galegos as súas emocións. Tampouco o fai coa morte de quen foi o seu antecesor durante máis anos, Manuel Fraga, ao que Galicia lle debe ese Xacobeo que ilusiona o presidente coa resposta dun pobo que logra que 2010 sexa ata entón o ano de maior afluencia turística da súa historia. Celoso dos seus sentimentos, seguro que quixo pero non puido ocultar moitas veces o seu lado máis persoal. Á vista de todos posiblemente desde que os fotógrafos captasen a principal imaxe da súa primeira investidura como presidente da Xunta, fundido nun tenro abrazo co seu pai, Saturnino.

Convén aclarar que se todo iso aparece dunha ou doutra maneira nos seus discursos parlamentarios é por dúas decisións xenuinamente súas. A primeira

ten que ver co seu respecto á Cámara autonómica e coa súa convicción de que, se nela reside a soberanía dos galegos, ese debe ser o principal escenario da súa explicación política. De aí que o hemiciclo do Pazo do Hórreo sexa non só onde leva a cabo a súa rendición de contas, senón tamén o lugar ao que recorre con máis frecuencia para dar a coñecer as principais decisións na súa tarefa de goberno.

Desde a perspectiva cidadá, iso sempre é de agradecer, pero máis aínda na etapa histórica á que se circunscriben estas intervencións. Nun momento marcado por unha importante crispación política e condicionado polos corsés mediáticos, Feijóo decide voluntariamente non deixarse levar por ningunha das dúas cousas.

Non é que eluda a controversia cos grupos da oposición porque, lonxe diso, alimenta o debate coa súa oratoria directa e incisiva. Goza, probablemente como ningún outro presidente antes, coas réplicas e *dúPLICAS* vespertinas dos debates que aquí se recollen, onde se aprecia con maior intensidade o contraste de ideas entre os grupos; pero xamais esquece que a cordialidade parlamentaria ha de rexer en último lugar as relacións con todos os deputados, sexan dos que apoian o goberno ou da oposición.

Igualmente, tampouco esquivia o papel primordial que, ao seu xuízo, teñen os medios de comunicación. Pero, por riba das crónicas do día de axencias, medios dixitais, radios ou televisións, así como dos xornais do día seguinte, Feijóo reserva sempre a explicación sosegada e transcendental que debe pronunciar-se no Parlamento para as galegas e galegos de hoxe, e tamén para os de mañá.

Esta última idea ten moito que ver coa segunda decisión do presidente á que faciamos referencia, e que é o seu profundo compromiso con Galicia. Existen moitos episodios que poderían ilustrar esta afirmación e, por fortuna, unha parte importante deles ocorreron publicamente. No entanto, posiblemente sexa na intimidade onde se podería comprobar con maior profusión a lealdade de Alberto Núñez Feijóo á súa terra.

Abondará para entendelo con que relatemos unha das súas respostas máis recorrentes á hora de debater a mellor forma de presentar as medidas ou actuacións do seu goberno. É unha frase moi breve, coa que nos dá un baño de realidade aos que o acompañamos e recórdanos que asesorarlle a el non significa traballar para un político, senón traballar para un país.

Esa frase pronúnciase se percibe que a proposta do seu equipo é excesiva en *marketing* ou escasa en sensibilidade, se cre que está pensada máis para a súa imaxe que para os intereses da súa terra. É entón cando di: «e quen se

acorda de Galicia?». A verdade é que se acorda el, o galego que pronunciou estes discursos cun ánimo superior ao de simplemente resultar gañador do debate parlamentario daquel día pois o que buscou é que fose Galicia a que saíse vitoriosa co tempo. «Desgastándose el para que non se desgaste Galicia». Por esta frase, cuxa autoría é exclusivamente súa, e por tantas outras cousas, estiveches ben, presidente.

2009-2012
OITAVA
LEXISLATURA

PROPOSTA DO CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA

14 de abril de 2009

Señora presidenta, señoras e señores deputados.

Comparezo nesta Cámara para dar cumprimento ao Estatuto de autonomía de Galicia. Comparezo para expoñerlle á Cámara, que representa o pobo galego, o programa que, no caso de ser apoiado pola maioría das súas señorías, terei a honra e a responsabilidade de desenvolver desde a Presidencia da Xunta. Comparezo, pois, ante vostedes unicamente na miña condición de deputado e como candidato á Presidencia da Xunta e co mandato de presentarlles o programa político que, no caso de obter a súa confianza, impulsarei desde tan alta maxistratura. Confianza, por tanto, que se solicita para un programa de goberno, pero tamén para unha persoa que hoxe se presenta como único candidato a presidir a Xunta de Galicia.

Chego a este momento –o máis importante da miña vida– co respaldo democrático de 800.000 galegos e galegas –exactamente 789.427 galegos e galegas–. Certamente é un cuantioso depósito de confianza que eu, no nome

do Grupo Parlamentario Popular, agradezo, pero que supón para quen lles fala unha enorme responsabilidade: a de dar cumprimento aos compromisos presentados á sociedade na pasada campaña electoral.

Porque –e creo que iso é un síntoma de normalidade democrática– hoxe comparezo ante o Parlamento de Galicia para reafirmar os compromisos adquiridos co pobo galego. Cun pobo galego de diferente procedencia xeográfica, de idades distintas, de profesións variadas, do medio rural e da Galicia urbana, falantes de calquera dos dous idiomas oficiais do país, xentes –como diría o mestre Álvaro Cunqueiro– «de aquí e de acolá», pero todos eles homes e mulleres que profesan un amor natural pola súa terra e que esperan de nós que cumpramos coa palabra dada.

O Partido Popular de Galicia concorreu ás pasadas eleccións autonómicas entendendo que a democracia non é outra cousa que un contrato entre a cidadanía e o gobernante, que se asina nas urnas e que se cumpre despois na acción cotiá do Goberno. Nese contrato, que eu mesmo subscribíñ publicamente, ofertámoslle á sociedade galega unha forma concreta de gobernar para superar as crises que, ao noso xuízo, Galicia padece. Un xeito de gobernar para unha sociedade plural baseada en cinco grandes compromisos que –se mo permiten– fan máis aló do meramente político, ao tratarse de compromisos de índole ética, e que hoxe quero novamente reiterar, como mostra dos principios que inspirarán a acción política do Goberno.

En primeiro lugar, a vontade de abordar a superación do momento crítico que a nosa sociedade sofre, como consecuencia principal –pero non exclusiva– da situación económica. Este primeiro compromiso refírese a propiciar a unión dos esforzos de todos os galegos ao redor dunha idea conxunta e compartida do país que queremos.

O partido ao que pertenzo defínese ideoloxicamente como un partido reformista. Pensamos que as sociedades que máis progresan son aquelas que respectan todo o que de bo ten a herdanza recibida, para desde aí introducir os cambios que contribúan a continuar progresando e avanzando; que só as sociedades que son capaces de acadar grandes e amplos acordos sobre as súas prioridades de acción política son capaces de superar os retos e dificultades conxunturais e de acadar maiores niveis de benestar para todos os seus membros.

Porque nós, señorías, non vimos restaurar ningún pasado nin derrubar o que fixeron ben os nosos antecesores. Representamos e aspiramos a continuar representando con lealdade a Galicia nova, que, sen rancores nin dogmas, se

sente peregrina polos camiños da historia e quere ser protagonista da etapa que lle toca vivir. O que hoxe somos é consecuencia dun longo proceso de rexurdimento democrático, que foi posible grazas a persoeiros coñecidos e, sobre todo, a un pobo feito de xentes anónimas. E a nosa aspiración non é outra que coller o relevo, andar o treito que nos marquen os galegos e as galegas e entregalo, cando corresponda, a quen nos suceda coa tranquilidade que dá o deber cumprido.

Por iso, en segundo lugar, propuxémoslle á sociedade galega un goberno cun programa de acción que superase os estériles antagonismos e disensións ideolóxicas. As ideoloxías –por moi lexítimos que sexan os ideais que representan– non poden constituírse en murallas insalvables para o entendemento dunha sociedade que comparte valores e que ten problemas compartidos para resolver. Un goberno que non partise da contraposición excluínte do público e do privado, porque tanto o sector público como o sector privado teñen un importante papel que xogar na construción do país cun futuro que a maioría desexamos. Un goberno que crese verdadeiramente na capacidade transformadora do sector público, e que por iso contribuíse á súa dignificación e lexitimación, pero tamén un goberno que confíe no potencial creador das persoas, de todos e cada un dos galegos e galegas dotados dun especialísimo potencial emprendedor e creador, como a historia pasada e a recente ben o demostran.

En terceiro lugar, propuxémoslles aos galegos –e hoxe renovo este compromiso– un goberno que traballe pola cohesión social. As sociedades modernas –e Galicia xa o é– sofren múltiples embates que propician a disgregación social. O goberno que hei de presidir traballará arreo para dar cumprimento non só a un imperativo legal senón tamén a unha obriga ética: avanzar cara a unha sociedade na que a igualdade entre os homes e as mulleres sexa realidade.

Traballaremos sen descanso na procura da cohesión interxeracional. Galicia é o que é, e cada un de nós somos o que somos grazas ao traballo e ao esforzo dos nosos maiores, sobre todo os que máis o precisan, como os que sofren situacións de dependencia. Pero por suposto que estamos obrigados a volcarnos na educación e no benestar da nosa infancia, porque da súa preparación, da súa educación en todas as ordes da vida, dependerá que saiban e poidan darlle continuidade histórica á gran obra que é Galicia, o noso país.

Galicia precisa dun goberno que recoñeza a substancial complementariedade das nosas cidades, das nosas vilas, das nosas aldeas, do urbano e do rural, que actúe superando a curtidade de miras dos localismos estériles e que

atenda os intereses de todos, vivan onde vivan, pensen o que pensen, sexan da idade que sexan, sexan homes ou mulleres.

En cuarto lugar, propuxémoslles aos galegos –e hoxe renovo este compromiso– un goberno que traballe por superar tanto no público como no privado o senso auténtico do dereito e as leis. As normas xurídicas nun estado democrático e social de dereito son a mellor garantía da convivencia en paz, de estabilidade política e social e do progreso. No seu senso máis profundo, as normas son o gran capital social compartido que garante a vixencia dos grandes principios que fundamentan o noso sistema político e social: a liberdade, a igualdade e a solidariedade.

O Goberno que eu presidirei respectará as leis, regulará e cumprirá con transparencia todos os procedementos de contratación, de selección de persoal ou de acceso ás subvencións públicas. Traballará –porque a sociedade así nolo esixe– para que termos como «enchufismo», «caciquismo», «sectarismo» ou «partidismo» só teñan significado entre nós para referirnos ao pasado.

Pero tamén traballará para que todos os cidadáns, en particular os máis novos, se eduquen no respecto ás normas, nos valores do respecto aos demais, no respecto á *auctoritas* dos seus pais, dos seus mestres nas escolas, dos profesores nos institutos, dos axentes de tráfico nunhas estradas que cobran unha mortífera peaxe entre a nosa xuventude, como tan tristemente está de actualidade.

A nosa sociedade ten que recuperar a parcialmente esquecida cultura do traballo ben feito, do esforzo e da responsabilidade, do respecto ás normas que regulan a nosa convivencia, porque sen respecto ás normas democraticamente aprobadas a convivencia, a paisaxe e o medio ambiente se deterioran, moitas veces de forma irreversible.

En quinto lugar, propuxémoslles aos galegos –e hoxe renovo o noso compromiso nesta Cámara– a formación dun goberno forte, austero e cohesionado ao redor dun liderado. Que o Goberno traballe unido baixo unha única dirección é unha premisa básica para o seu bo funcionamento. Sen unha Xunta cohesionada, estruturada con racionalidade, ben coordinada e liderada na procura dos obxectivos políticos comúns, non podemos sequera plantexarnos superar a crise.

Un goberno austero, non só porque ten que tomar exemplo das familias e das empresas galegas que afrontan a crise, senón porque ningún goberno pode exercer o liderado social que a sociedade precisa en tempos de crise, un liderado que só se pode obter a través da exemplaridade, dunhas políticas

de aforro que afectan non só os gastos máis superfluos senón tamén a propia estrutura do aparello governamental.

O Goberno tamén será dialogante. Nós non nos conformamos con gañar nesta Cámara as votacións, porque a nosa ambición vai moito mais alá: queremos que Galicia saia con pulo da crise. Este cometido require que a unidade esencial que o noso país practica nas rúas, nos lugares de traballo, nos centros de estudo, nos foros de convivencia, se reflicta tamén no plano institucional. Empeñarei todo o meu esforzo para que os acordos sexan posibles, e o mesmo espero dos grupos parlamentarios e dos diferentes axentes sociais.

En conclusión señorías, nós propuxémoslles aos galegos –e hoxe renovamos o noso compromiso–, en primeiro lugar, un goberno que procure a unión dos esforzos de todos os galegos ao redor dunha idea conxunta e compartida de país. En segundo lugar, un goberno que impulsase un programa de acción que superase os estériles antagonismos e disensións ideolóxicas. En terceiro lugar, un goberno que tivese como obxectivo o mantemento da cohesión social. En cuarto lugar, un goberno que traballe por recuperar tanto no público coma no privado o senso auténtico do dereito e o respecto ás leis. E, en quinto lugar, un goberno forte, austero, cohesionado, dialogante, unido en torno a un único liderado.

Pero tal será o goberno que eu presida; en síntese: un goberno en permanente coalición cos cidadáns de Galicia.

Diagnóstico da situación

Señora presidenta, señorías, de obter o seu respaldo maioritario liderarei un goberno de coalición con todos os cidadáns de Galicia. Propóñome, liderar un goberno para todos, e non só para os que nos votaron, porque estou convencido de que a inmensa maioría dos que nos votaron o fixeron porque querían que en Galicia houbo un goberno para todos.

Señora presidenta, señoras e señores deputados cada unha das sucesivas etapas vividas na recente andaina democrática de Galicia tivo un gran referente. Hóboas centradas no asentamento das institucións; hóboas adicadas ao desenvolvemento das estruturas competenciais do autogoberno; hóboas, xa nos últimos tempos, adicadas ao pleno desenvolvemento das políticas públicas autonómicas; e non faltaron tampouco momentos nos que prevaleceu un desacougante clima político.

Os presidentes Fernández Albor, González Laxe, Fraga Iribarne e Pérez Touriño –a quen aproveito para testemuñar o noso respecto pola súa entrega e polo seu

traballo— tiveron que afrontar cada un deles os retos concretos que lles marcaron as circunstancias do seu tempo. Cómpre, polo tanto, e con carácter previo a que lles expoña cales van ser as liñas mestras de acción de goberno, facer un diagnóstico da situación da Galicia de hoxe, dos principais problemas aos que o próximo goberno terá que enfrontarse.

Quero facelo, na medida do posible, como un mero relatorio da situación. Non se trata, pois, de valorar a situación, pois iso acaban de facelo os electores galegos, trátase simplemente de describila, e quero facelo baixo unha premisa que explico tomando prestada unha frase pronunciada polo escritor Václav Havel, primeiro presidente democrático de Chequia, un país europeo que, como España, sufriu tamén unha longa noite de pedra. Nun discurso dirixido á súa nación, o ilustre intelectual dixo: «Supoño que non me propuxeron para este cargo para que vos minta».

Eu estou convencido de que os galegos queren un presidente que non lles minta, por moi piadosa que puidese resultar a mentira. Só asumindo a realidade de poderá Galicia comezar a percorrer o que vai ser o duro camiño da recuperación da nosa economía.

Señorías poucas dúbidas habemos de ter sobre cal é o principal problema que afronta Galicia no presente: a crise económica, e a consecuencia máis grave: o incremento do desemprego.

Detrás de cada cifra que incrementa as listas do paro hai un rostro humano, unha historia persoal e familiar que moitas veces roza a traxedia. E isto non o debemos de esquecer nunca.

A taxa de paro española, un 15,5 % no pasado mes de febreiro, xa duplica a taxa media da Unión Europea, situada no 7,9 %. Un dato que demostra que a crise ten unha compoñente específica e singular no mercado laboral español e galego; unha compoñente que provoca que as consecuencias da crise sexan moito máis graves entre nós que noutras zonas da Unión Europea.

Por iso cómpre mirar de fronte aos que temos diante e, desde a responsabilidade, recoñecer que a situación do paro en Galicia é moi grave, e que aínda pode ir a peor nos próximos meses.

Segundo os rexistros dos servizos públicos de emprego, na data 31 de marzo 211.484 galegos e galegas están no paro. Son 51.000 parados máis que en marzo do ano 2008. É dicir, só no último ano o desemprego medrou en Galicia un 32 %.

Estes son os datos oficiais, pero esta cifra podería incrementarse ata os 230.000 parados de terse en conta, tamén, aquelas persoas que se atopan realizando cursos de formación ou as que fixan algunha condición específica para aceptar un emprego.

Non podemos esquecer que, deses 211.484 galegos en paro, máis de 80.000 nin sequera cobran a prestación por desemprego, unha cifra que lamentablemente seguirá incrementándose nos vindeiros meses, e que amosa a gravidade do problema non só desde o punto de vista económico, senón tamén desde o punto de vista social.

Ademais, só nos tres primeiros meses do ano, máis de 7.000 traballadores galegos se viron afectados por 292 expedientes de regulación de emprego, cunha especial incidencia no sector da automoción.

Pero con ser preocupantes estes datos, o peor é que todos os indicadores apuntan a que a situación vai seguir agravándose nos próximos meses. Así, o ritmo de destrución de emprego, lonxe de ralentizarse, é cada vez máis alto. En marzo, a afiliación á Seguridade Social reduciuse en 47.595 persoas con respecto ao mesmo mes do ano pasado; é dicir, un 4,4 % de redución de cotizantes á Seguridade Social.

O Banco de España acaba de facer públicas as súas previsións macroeconómicas para o ano 2009 e o ano 2010, previsións que deixan pouca marxe para o optimismo. No que atinxe ao emprego, prevé unha taxa de paro para España do 17,1 % para o ano 2009, pero o dato é incluso peor para o ano 2010, cando segundo as súas previsións acadaremos unha taxa de paro superior ao 19,4 %. É dicir, segundo o Banco de España o paro vai seguir medrando non só en 2009, senón tamén no 2010.

Neste contexto, a confianza dos empresarios atópase en mínimos históricos. O índice de confianza empresarial que publica o Instituto Galego de Estatística sitúase no seu nivel máis baixo desde que se publica este indicador: unha baixada de 48,4 puntos, 32 puntos menos que hai un ano e 60 puntos menos que hai dous anos.

Só indo coa verdade por diante, por moi dura que esta resulte, poderemos contribuír a xerar confianza, confianza no goberno e nas institucións, algo que resulta imprescindible para afrontar a recuperación económica. O que toca agora é que os gobernos, todos os gobernos, recuperen a credibilidade e o rigor.

E entre as causas da actual situación salientan, sobre as demais, as seguintes:

En primeiro lugar, o afundimento da construción residencial, un dos principais motores da nosa economía.

En segundo lugar, o desplome da demanda interna e, polo tanto, do consumo.

En terceiro lugar, a fortísima contracción do crédito como consecuencia da crise no sector financeiro internacional, que, aínda que aparentemente nos afecta en menor medida que a outros países, está poñendo en moi graves dificultades

as familias, os emprendedores e as pequenas e medianas empresas, e o noso sector empresarial e produtivo en xeral.

En cuarto lugar, as custosas medidas adoptadas polo Goberno de España en apoio do sector financeiro non se teñen trasladado en contía significativa para facilitar o crédito das empresas.

As consecuencias desta situación ben á vista están, porque o pesimismo e a desconfianza trasládanse inmediatamente á actividade económica. A creación de empresas en Galicia reduciuse á metade no último ano, cunha caída do 55 %. As exportacións baixaron en xaneiro un 17 %, a maior baixada que se recorda desde mediados dos anos noventa. O investimento estranxeiro en Galicia reduciuse no ano 2008 ao nivel máis baixo de toda a década, acadando unicamente 22,5 millóns de euros, cifra que só representa o 0,08 do total do investimento estranxeiro en España.

Grave situación económica

Estes son algúns dos datos que demostran que estamos diante da máis grave situación económica desde que Galicia iniciou a súa andaina autonómica, porque os seus efectos se trasladan por todos os sectores do noso tecido produtivo.

No sector primario salienta a preocupante e grave situación que está a vivir o noso sector lácteo, unha crise que nos últimos días está chegando a niveis nunca antes coñecidos. O baixo prezo do leite está a dificultar enormemente a rendibilidade das nosas explotacións. Pero non é ese o único problema. Vimos recentemente como nalgunhas explotacións nin sequera está garantida a recollida do leite.

É evidente que a problemática do sector lácteo é moi complexa e ten causas diversas. Pero ninguén dubida que a entrada masiva de leite foráneo é unha das razóns que máis inflúe nesta dramática situación. En boa parte é debido, na nosa opinión, á negociación mal plantexada do Goberno de España en Bruxelas, que tanto beneficiou os países exportadores como Francia e Alemaña, e tanto prexudicou a España e, moi especialmente, a Galicia.

Pola súa banda, e como é ben coñecido, o sector pesqueiro en Galicia está a vivir un dos seus peores momentos nos últimos anos. Hai unha caída xeneralizada dos prezos nas lonxas. Sufrimos unha entrada masiva de peixe foráneo, e cada vez resulta máis difícil atopar tripulacións cualificadas para enrolarse.

Os datos que proveñen da industria resultan tanto ou máis desalentadores. A produción industrial en Galicia está nunha situación de caída que se vén

facendo máis acusada desde o segundo semestre de 2008 e que apunta a seguir agravándose nos vindeiros meses. Así o reflicte o índice de produción industrial, cunha baixada do 20 % con respecto ao ano pasado: en xaneiro baixou un 21 % e en febreiro un 19 %. Terribles dificultades que, en maior ou menor medida, seguirán afectando os distintos subsectores industriais: desde a pedra ata o téxtil, pasando pola madeira ou a conserva. E, por suposto, que afectan tamén o sector da automoción. E quixera aquí determe sequera uns segundos, por tratarse dun sector fundamental da nosa economía. A súa facturación representa o 17 % do noso produto interior bruto e concentra o 34 % do total das exportacións galegas.

Da gravidade da situación do sector da automoción dan conta os datos coñecidos os últimos días, relativos á situación do sector en Galicia e en España. A fabricación de vehículos en xaneiro e en febreiro deste ano baixou un 50 % con respecto ao mesmo período do ano anterior. A venda de vehículos en España baixou un 45 % no mesmo período. Somos, despois de Irlanda, o país da Unión Europea no que máis baixan as vendas de automóviles.

Con este panorama é imprescindible o apoio da Administración xeral do Estado. Nembargantes, a actitude do Ministerio de Industria no reparto das axudas do Plan de competitividade está a ser, na nosa opinión, ilóxica e inxusta: Galicia representa cerca do 20 % de fabricación de vehículos en España, pero só recibe o 11 % do total das axudas estatais. ¿A que criterio responde este reparto?

No caso do comercio, e moi en particular do comercio polo miúdo, o minorista, os últimos datos oficiais, referidos a febreiro, apuntan a unha baixada das vendas do 7 % no último ano, e o máis probable é que o consumo siga reducíndose.

Non son mellores as perspectivas do noso sector turístico. Os datos oficiais son cada vez peores; en febreiro, o número de viaxeiros reduciuse un 15 % con respecto ao ano anterior, e as pernoctacións baixaron un 16 %. E nada indica que se vaia producir unha recuperación no curto prazo, como acabamos de ver nesta Semana Santa.

Temos por diante, en fin, a máis dura crise económica que se recorda na historia da nosa Autonomía, unha crise que golpea con forza todos os sectores produtivos, e que ten o seu máis específico e cruel resultado nun desemprego que non para de medrar.

Pero non é o único problema que o próximo Goberno de Galicia terá que afrontar. Os cidadáns demandan, con máis intensidade se cabe na actual

situación de crise, unha importante mellora dos servizos públicos fundamentais.

En primeiro lugar, da sanidade, porque Galicia é unha das comunidades autónomas, e as enquisas así o constatan, na que a sanidade pública é a peor avaliada polos seus usuarios. Segundo o último barómetro sanitario do ministerio, a sanidade galega é a peor valorada de toda España, só por diante de Canarias. Segundo ese mesmo barómetro, recentemente feito público, Galicia ten a maior porcentaxe de usuarios que afirman ter que esperar máis de seis meses para acudir ao especialista, un 21 %. Todo isto a pesar da boa calidade dos profesionais do Sergas, a pesar dos esforzos nos últimos anos dirixidos a incrementar a dotación tecnolóxica e a pesar tamén da boa situación da informatización dos centros sanitarios galegos.

No caso da dependencia é particularmente serio. Todos entendemos no seu momento que a Lei da dependencia era un instrumento moi necesario, e por iso suscitou un gran consenso. Esta lei que abriu a esperanza de moitas persoas, entre elas de máis de 90.000 galegos, acabou converténdose nunha lei da decepción.

Hoxe hai miles de galegos con dereito recoñecido á prestación que non cobran; son persoas dependentes, a maioría cunha dependencia severa, que tiñan moitas esperanzas nesa lei, pero agora están frustrados e, sobre todo, séntense decepcionados. Cómpre dar unha rápida e eficaz resposta.

No ámbito da educación son moitos os retos que a situación actual pon enriba da mesa, pero quixera referirme polo menos a tres deles.

A calidade na educación, que nos últimos anos experimentou un retroceso en comparación con outras comunidades autónomas. Galicia pasou de ser a terceira comunidade con menor taxa de fracaso escolar á sexta comunidade con maior taxa. Ademais, só en dous anos perdemos 1,4 puntos de taxa de graduados en secundaria.

A formación profesional, que ten que xogar un papel fundamental na recuperación da nosa economía. Nos últimos catro anos perdéronse 13.600 alumnos en FP.

E a integración no Espazo Europeo da Educación Superior. Ás dificultades que está a xerar a implantación do chamado Plan Bolonia únense tamén os problemas de financiamento que teñen que afrontar as tres universidades galegas.

Non quero rematar esta parte da miña intervención sen referirme a unha cuestión que resulta imprescindible mencionar para completar este diagnóstico da

situación actual de Galicia, a situación dun dos nosos sinais de identidade como pobo, a lingua galega; instrumento para a nosa comunicación e para a expresión do noso talento.

Durante moitos anos, as cuestións lingüísticas non suscitaron ningún problema para os galegos e as galegas. A convivencia pacífica e tranquila entre o galego e o castelán, entre o castelán e o galego, era un exemplo do noso carácter integrador. Lamentablemente, hoxe existe na sociedade galega unha forte preocupación que nos ten que facer reflexionar, porque os galegos non podemos permitirmos que unha das nosas principais referencias se acabe convertendo nun instrumento para a división social.

A inmensa maioría da nosa sociedade rexeita, rexeita de plano, as imposicións e os maximalismos lingüísticos e simplemente demanda poder exercer os seus dereitos en liberdade. Nesta pasada lexislatura houbo movementos desde o Goberno que abrían a porta á imposición do galego no ensino, como o decreto que foi aprobado incluso co informe contrario do Consello Consultivo de Galicia ou a iniciativa de converter as escolas infantís en galescolas. Pero a sociedade respondeu con moita claridade nas urnas, reiterando a súa aposta pola convivencia pacífica e polo bilingüismo cordial.

Enfrontámonos a un reto, o da normalización lingüística, que hoxe quizais é máis difícil de resolver que nos primeiros tempos da autonomía, o de recuperar o consenso, o de trasladar ás aulas a cordialidade lingüística.

Señorías, a tarefa que temos por diante nesta lexislatura é impresionante e tamén é apaixonante, porque se trata de servir a Galicia nun momento crítico e transcendente da súa historia; unha tarefa que, polo menos nas súas grandes políticas de adaptación, require que todos asumamos o que o ilustre filólogo e pedagogo Couceiro Freijomil deixou escrito no seu ensaio histórico *La bandera de Galicia*: «Galicia no pertenece a ningún partido ni a ningún grupo. Ella debe ser un fin, nunca un medio. Por encima de todas las discrepancias y aspiraciones es menester que permanezca el santo nombre de Galicia uniendo estrechamente, sin distinguos, a cuantos en ella tuvimos la suerte de nacer para colaborar estrechamente en la grandeza de su futuro». Ourense, 1929.

Por iso quero deixar claro –e, polo tanto, permítanme reiteralo– que no que se refire ás grandes apostas e decisións estratéxicas pretendo convocar a todos: aos grupos da oposición; aos representantes dos traballadores; e ás institucións que desempeñan, cada unha no seu sector, a representación dos intereses e do sentir da sociedade galega. O diálogo, e sempre que sexa posible o acordo, serán o instrumento esencial co que desenvolveremos as nosas

propostas programáticas, unhas propostas que de seguido lles paso a expor, estruturadas en tres bloques: a economía, o benestar e o autogoberno.

Como dixen hai uns momentos, a situación económica que estamos a atravesar é o principal problema que ten hoxe Galicia. É certo que hoxe, en plena globalización económica, nin sequera os paraugas dos vellos estados son capaces de cubrir a moitos cidadáns. É certo que, ante a acelerada internacionalización da economía mundial, moitas institucións foron sobrepasadas polos feitos, poñendo negro sobre branco a necesidade da súa reforma. É certo que moitos dos instrumentos tradicionais de política económica, como a política monetaria e a comercial, son exercidos polas autoridades comunitarias. E tamén é certo que as comunidades autónomas, a pesar de ser España un dos estados máis descentralizados do mundo, apenas dispoñen de capacidade de actuación a través deses instrumentos tradicionais de política económica. Pero, sendo certo todo o anterior, tamén é certo que Galicia ten a obriga de intentar diminuír os efectos da crise, de intentar facelo coas ferramentas do autogoberno, partindo, iso si, de que estas ferramentas son certamente limitadas.

Entre estas ferramentas de autogoberno cómpre mencionar a política de gasto, na súa dobre compoñente inversora e social; certa marxe de actuación na política de ingresos, tanto impositivos como a través do endebedamento; a política regulatoria; a política de investimentos en capital humano e en investigación; as políticas activas de emprego e as políticas de fomento, formación empresarial e apoio ás empresas e aos emprendedores; instrumentos que, en coordinación con outras instancias como o Estado e a Unión Europea, servirán para poñer en marcha as dúas actuacións económicas fundamentais que o Goberno impulsará. A primeira, a posta en marcha dun plan estratéxico da economía para a lexislatura, que teña efectos a medio e longo prazo. E a segunda, preparar un plan de choque con carácter inmediato que, incardinado no anterior, contribúa a paliar a actual crise a curto prazo.

O Plan estratéxico da economía galega para a lexislatura implica abordar cinco grandes eixes de actuación.

Primeiro, o impulso das políticas dirixidas a incrementar a competitividade e a apertura da nosa economía. Segundo, o impulso das infraestruturas de transporte, dirixidas a mellorar á vez a mobilidade das persoas e o acceso das mercadorías aos mercados exteriores. Terceiro, o impulso dunha política de ordenación do territorio que contribúa a poñer en valor o noso medio ambiente. Cuarto, o impulso das políticas sectoriais e específicas para todos os

nosos sectores produtivos. E o quinto, o impulso das reformas do sector público autonómico, coa finalidade de mellorar a súa eficacia e a súa eficiencia.

O proceso de irreversible globalización que caracteriza a economía mundial dos nosos días, coa incorporación dos novos actores de dimensionamento continental –China e India–, fai que os galegos non poidamos competir –como en ocasións fixemos no pasado– ofertando recursos naturais sen valor engadido ou custos salariais máis baixos; o que hai que facer é centrarse na mellora da calidade e nos incrementos da produtividade. Este é o camiño emprendido con éxito no ámbito doutras rexións europeas e que outras comunidades autónomas como Cataluña e o País Vasco xa teñen iniciado.

O Acordo pola competitividade

Dixen ao comezo da miña intervención que nós non viñamos derrubar o que de bo e aproveitable recibísemos en herdanza, por iso consideramos que o Acordo pola competitividade de Galicia 2008-2011, asinado en xullo do pasado ano pola Xunta e os representantes sindicais e empresariais, debe constituír un aceptable punto de partida.

O acordo, que no seu día valoramos positivamente pese a non ser tidos en conta para a súa elaboración, require antes que nada a formalización de obxectivos concretos e de compromisos firmes por parte da Administración. Por iso me comprometo a convocar os axentes sociais para, con base no Acordo pola competitividade de Galicia 2008-2011, elaborar dentro dos primeiros cen días de goberno un programa estratéxico, con compromisos de gasto e de modificacións normativas, que contribúa a facer efectivos os obxectivos alí marcados.

Esas actuacións, na opinión de quen lles fala, deben incluír os seguintes cinco ámbitos de actuación: o fomento da competitividade da economía galega; a priorización dos sectores estratéxicos da economía galega; o fomento da internacionalización das nosas empresas; o fomento do emprego e da actividade emprendedora; e a utilización activa dos instrumentos autonómicos de política tributaria.

Para fomentar a competitividade da economía galega, o Goberno traballará nas seguintes cinco áreas: na promoción do desenvolvemento tecnolóxico de Galicia; no fomento do uso das tecnoloxías de información e comunicación; no fomento da calidade dos produtos de orixe galega; en facilitar e racionalizar o financiamento das empresas; e en políticas máis activas de defensa da competencia nos mercados interiores.

Para a promoción do desenvolvemento tecnolóxico de Galicia mediante a creación de empresas de base tecnolóxica proporemos a creación dunha axencia independente que coordine todos os actores implicados –investigadores, promotores, inversores– e as entidades públicas que realizan actividades de I+D+I en Galicia; que actúe en coordinación cun Igape renovado; que concentre os recursos autonómicos adicados ao fomento empresarial.

O fomento do uso das tecnoloxías da información e comunicación é un dos principais motivos polos que Galicia non é aínda competitiva no mundo globalizado; polo gran atraso que ten en relación co uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación. A desaparición da fenda dixital coas sociedades máis desenvolvidas é un obxectivo prioritario do programa do Goberno, e para iso elaboraremos un plan estratéxico tecnolóxico que defina a estratexia global da Xunta de Galicia en materia de tecnoloxías da información e da comunicación, tanto na propia dimensión organizativa interna da Administración como no establecemento de medidas que faciliten a incorporación de toda a sociedade galega á sociedade dixital.

As políticas de fomento da calidade teñen hoxe en día dúas dimensións de igual transcendencia, a calidade referida aos produtos e aos servizos e a calidade referida ás propias empresas que producen os produtos e os servizos. No pasado chegamos a facer da marca «Galicia calidade» unha referencia de excelencia dos produtos galegos. Co paso do tempo, esa marca asociada á imaxe do conxunto de Galicia precisa dun reposicionamento que mostre de novo a realidade dunha Galicia dinámica, con empresas que triunfan nos mercados mundiais.

Facilitar e racionalizar o financiamento das empresas. Actualmente os instrumentos de fomento financeiro da Xunta caracterízanse pola súa dispersión, o que reviste unha particular importancia cando –segundo informacións recentes– en torno a catro mil empresas galegas están á espera do respaldo do actual Igape para acceder a un crédito. Procederemos a concentrar nun Igape renovado a xestión e a coordinación de todas as axudas vencelladas ao desenvolvemento empresarial de Galicia, pero non podemos deixar de falar das cuestións relacionadas co problema de financiamento das empresas sen facer dúas referencias adicionais.

En primeiro lugar, en relación coas pezas esenciais do sistema financeiro da Comunidade Autónoma: as caixas de aforros. Os feitos recentes no mercado de servizos financeiros españois deberían ser suficiente vacina para os que propugnan unha maior presenza de representantes políticos nos órganos de

dirección das caixas. Corresponde reforzar, vía reforma da Lei de caixas, a súa independencia e a súa profesionalidade. E corresponde tamén reforzar o seu compromiso co país, en especial desenvolvido a través da súa obra social en tempos de crise, pero tamén no que se refire ao seu tradicional compromiso cos proxectos empresariais galegos.

En segundo lugar, en relación coa protección dos consumidores galegos de servizos financeiros, un campo no que os consumidores se atopan particularmente indefensos. O Goberno dedicará unha especial atención ás familias de Galicia e ao problema do sobreendebedamento, e urxirá do Goberno central a elaboración dunha lei sobre endebedamento específico para as familias que modifique a actual Lei concursal.

A política de defensa da competencia nos mercados interiores como quinto instrumento. Implantaremos unha política activa de defensa da competencia para garantir a protección dos pequenos competidores. Farémolo mediante unha reforma da Lei de creación dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma, de xeito que a actual estrutura dual –servizo galego dependente da consellaría e tribunal independente– sexa substituída, na liña da Lei de defensa da competencia do Estado, por un único órgano independente para a defensa da competencia.

O fomento dos sectores estratéxicos da economía galega. A estratexia de desenvolvemento económico debe basearse, señorías, na especialización. Cómpre para iso definir os sectores nos que se priorizarán os esforzos públicos e privados de especialización. Orientativa e preliminarmente consideramos estes doce sectores estratéxicos: a automoción; o sector naval; a madeira e a súa transformación; o mar e os produtos transformados; o téxtil; as tecnoloxías da información e a comunicación; o turismo; a construción; a loxística mar-terra; as pedras ornamentais; a enerxía e a agro-industria, como os sectores que, na nosa opinión, potencialmente hai que desenvolver.

Finalmente, é necesario implicar a Universidade galega na dinámica do desenvolvemento económico de Galicia. A necesaria procura da excelencia no contexto do Plan Bolonia –procura no contexto– require de esforzos financeiros públicos adicionais, que moi ben poden imbricarse no obxectivo de incrementar o número de investigadores en Galicia no desenvolvemento dos nosos sectores estratéxicos antes citados.

A terceira liña de actuación que o Goberno impulsará para incrementar a competitividade da economía galega é o fomento da internacionalización das empresas galegas. A realidade que subxace aos datos estatísticos é a seguinte:

a empresa media galega vende o 76 % da súa facturación en Galicia; o 18 % no resto de España e só o 6 % no exterior. O 70 % das empresas galegas con máis de dez traballadores non están internacionalizadas, polo que só o 30 % están operando no exterior –pese ás proximidades e á relación de intercambio con Portugal–. O Goberno porá en marcha un conxunto de accións dirixidas á internacionalización das empresas galegas, centradas na concentración nun único departamento especializado das accións de promoción da empresa dentro do Igape –actualmente repartidas entre a Consellería de Economía e a Consellería de Industria–.

A cuarta liña de actuación é o relacionado co fomento do emprego e da actividade emprendedora. Cremos imprescindible e urxente, dada a situación do noso mercado laboral, elaborar un plan autonómico de emprego para a lexislatura que contemple os mecanismos e os recursos necesarios para: potenciar e facilitar a inserción laboral dos desempregados, en particular dos colectivos con maiores dificultades; modernizar o servizo público de emprego; establecer accións dirixidas de formación e emprego; establecer medidas para mellorar a calidade e a estabilidade laboral; e establecer medidas que melloren a seguridade no emprego.

Desde esta filosofía o Goberno adoptará medidas para a simplificación dos procedementos administrativos que soportan os emprendedores; apostará de modo decidido polo capital risco e o capital «semente»; e fomentará a vocación emprendedora en Galicia dando a coñecer a realidade da empresa nos centros educativos.

A quinta liña de actuación para incrementar a competitividade céntrase na utilización das marxes de autonomía fiscal e tributaria. Actualmente España –e por tanto Galicia– manteñen importantes diferenciais na imposición respecto doutros países. O imposto de sociedades, por exemplo, ten unha taxa nominal en España do 30 %, e do 25 % para pemes. Portugal –país veciño– ten unha taxa nominal do imposto de sociedades do 25 %, e unha taxa reducida para as pemes da metade –o 12,5 %–. Outros países da Unión Europea, como Irlanda, cunha taxa nominal do imposto de sociedades do 12,5 %, compiten con taxas fiscais aínda máis baixas.

Galicia, como é sabido, non conta –nin é previsible que conte a medio prazo– con capacidade recadatoria ou normativa sobre os tributos empresariais. Pero si ten este Parlamento capacidade para propor ou instar a redución das cargas fiscais das familias e das empresas galegas ao Estado. E a tal fin o Goberno instará o Goberno de España, a través do Parlamento, á redución do

tipo do imposto de sociedades para as pemes, que quedaría nun 20 % –o instrumento de umbral e facturación, para ser considerada peme, de 8 millóns de euros elevalo a 12 millóns de euros–; ao alivio aos 235.000 autónomos galegos e ás 45.000 pemes polo repunte da morosidade, incrementando dun 5 % ao 8 % a porcentaxe de previsións e gastos de difícil xustificación; e reducindo a súa carga fiscal, permitindo que non tributen no IVE as facturas non cobradas.

Dentro das nosas posibilidades de actuación propoñémonos na próxima lexislatura actuar sobre tres tributos para alixeirar a presión fiscal: incentivar a actividade e o consumo e contribuír a paliar as dificultades económicas de moitas familias. Propoñemos unha rebaixa sobre o tramo autonómico do imposto da renda das persoas físicas, que se concretará exclusivamente no primeiro escalón da tarifa autonómica; isto é, o que afecta as familias cunha base imponible inferior a 17.700 euros. A medida favorecerá a todos os galegos, pero moi especialmente os 600.000 contribuíntes de rendas medias e baixas –unha medida que beneficiará especialmente o 54 % dos contribuíntes galegos–; máis de 600.000 persoas terán unha rebaixa efectiva aproximada do 8 % no tramo autonómico.

En segundo lugar, a supresión de facto do imposto de sucesións e doazóns para fillos, cónxuxes e para ascendentes.

E, en terceiro lugar, reformaremos o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para rebaixar ás familias numerosas –con carácter permanente– e aos menores de 35 anos –durante os próximos tres anos– que adquiren a súa vivenda habitual os tipos impositivos no imposto de transmisións un 43 % e o tipo impositivo do imposto de actos xurídicos documentados un 50 %.

Podo anunciarlles que a última medida exposta será unha das primeiras que aprobe o Goberno. Non ten senso que hoxe, co stock de vivendas baleiras que hai en Galicia, unha familia numerosa ou un mozo pague en Galicia 6.800 euros máis en impostos por adquirir unha vivenda media de 180.000 euros que na rexión de Murcia.

Transporte e mobilidade

Señorías, o segundo gran eixo de actuación que forma parte do Plan estratéxico da economía para a lexislatura é o relativo ás infraestruturas de transporte e mobilidade. As infraestruturas do transporte son un elemento clave para a competitividade da nosa economía, para a calidade de vida dos galegos e para a cohesión, vertebración e reequilibrio territorial de Galicia.



Núñez Feijóo anuncia ante a Cámara galega un goberno austero, forte e cohesionado, na presentación do seu programa para conseguir a súa investidura como presidente da Xunta. Tamén anticipa aos deputados un plan de choque para afrontar a crise e reactivar a economía de Galicia.



No caso de contar co apoio maioritario desta Cámara, comprométome a que todas as actuacións en materia de infraestruturas cumpran un dobre compromiso: primeiro, que estean ao servizo dunha concepción estratéxica do país, pensando na competitividade da nosa economía e no benestar a longo prazo; e, o segundo, que teñan como obxectivo prioritario a mellora da mobilidade.

Como principais accións en materia de infraestruturas propóñolles: nos cen primeiros días de goberno aprobaremos o Plan de infraestruturas cun horizonte de execución 2015. Neste plan estarán incluídas a totalidade das actuacións previstas no Plan Galicia, que se poñerán en servizo, no que se refire ás actuacións de competencia autonómica, antes de finalizar a lexislatura. Xestionaremos a transferencia da titularidade das autoestradas do Atlántico e do tramo Santiago-Dozón da autoestrada Santiago-Ourense. No caso da autopista do Atlántico, realizaremos unha reformulación total do deseño da autoestrada. Crearemos a Axencia Galega de Estradas, suprimindo con esta medida tres organismos: a dirección xeral, as sociedades SPI e Aceousa. A axencia configurarase como un organismo público da Administración autonómica. Faremos o Consorcio de Transportes de Galicia, integrado pola propia Xunta de Galicia, os concellos, as deputacións e o Ministerio de Fomento, para apostar de xeito definitivo polo desenvolvemento coordinado do transporte público de calidade. No ámbito metropolitano e dos núcleos intermedios, poremos en marcha os plans de transporte metropolitano. Comprometémonos a tramitar e a aprobar o resto de plans sectoriais das grandes cidades: o Plan sectorial de Vigo, de Ourense, de Lugo e de Pontevedra, así como os plans de mobilidade para todas as áreas urbanas intermedias. Calquera actuación da nova infraestrutura de estradas se vinculará a unha análise profunda e rigorosa da mobilidade da zona, e de cada zona coas demais infraestruturas e co conxunto de Galicia. O presuposto en infraestruturas de transporte elevarase do 0,85 % ao 1 % do PIB –cómpre lembrar que no 2007 baixou ao 0,78 %–. O presuposto en mantemento, xestión e conservación da rede será como mínimo o 3 % do seu valor patrimonial.

Señora presidenta, señorías, saudamos o cambio no Ministerio de Fomento. Saudamos o cambio e a nova actitude do Goberno, que espero non se deba á escaseza de presupostos para investir en Galicia. Non seremos cómplices de máis atrasos, pero si, si seremos leais, cun calendario realista da execución das infraestruturas no que se inclúa o investimento presupostado para Galicia e non gastado nos últimos anos do Goberno socialista en Madrid.

É necesaria a cooperación. Pedireille ao novo ministro de Fomento que, en cumprimento de senllas mocións aprobadas polo Congreso dos Deputados e o Parlamento de Galicia, proceda a convocar a Subcomisión de Infraestruturas creada no seo da Comisión Bilateral Administración Xeral do Estado-Xunta de Galicia; unha colaboración que espero se estenda máis aló do ferrocarril e inclúa previsións e prazos para as obras de autovías, portos e aeroportos que o Estado ten plantexadas en Galicia.

O ferrocarril non se limita á alta velocidade. Por iso estimamos que é esencial que a súa promoción inclúa todas as posibilidades que ofrece este medio, tanto no longo percorrido como no transporte de proximidade de media distancia ou de mercadorías. Nós apostamos por potenciar os tres ámbitos indicados sen esquecer ningún.

O desenvolvemento sostible de Galicia é a terceira prioridade estratéxica para a lexislatura. O noso patrimonio natural é a base sobre a que se debe sustentar o crecemento equilibrado da nosa economía e da nosa calidade de vida. O Goberno impulsará políticas que, considerando o conxunto do territorio de Galicia como un único espazo, como unha grande cidade única, se centren na súa ordenación e no seu desenvolvemento harmónico e racional, de xeito que se garanta a súa sostibilidade.

Entre as principais responsabilidades que asumimos quero destacar os seguintes compromisos: aprobar as Directrices de ordenación do territorio e o Plan do litoral nos primeiros seis meses desde a toma de posesión do novo Goberno, garantindo a participación dos concellos e dos axentes sociais; impulsar a creación das áreas metropolitanas, comezando nunha primeira fase pola Área Metropolitana de Vigo e continuando pola da Coruña; impulsar o planeamento municipal, e para iso é necesario desbloquear e acelerar a aprobación dos plans xerais e dos plans de desenvolvemento; elaborar o catálogo de paisaxes de Galicia, formulando os primeiros proxectos e programas de recuperación paisaxística así como de imaxe urbana para as nosas vilas; deseñar unha nova estratexia de desenvolvemento sostible co obxectivo de que o patrimonio ambiental galego de riqueza e diversidade extraordinaria sexa usado racionalmente como capital que é da nosa sociedade; aprobar, no prazo máximo de seis meses, un novo plan de residuos sólidos urbanos, cos obxectivos concretos de redución, reutilización e reciclaxe de residuos urbanos, e que contemplará a construción de novas instalacións para a xestión destes residuos complementarios da planta de Sogama, en Cerceda, actualmente saturada; e sanear todas as rías galegas, acelerando a tramitación e a construción das depuradoras pendentes.

Así mesmo, con transparencia e o debido respecto institucional, o Goberno promoverá o traslado de Ence, dentro da comarca de Pontevedra, co fin de recuperar ambientalmente a fachada marítima da marxe esquerda da ría de Pontevedra.

O desenvolvemento equilibrado e sostible de Galicia implica tamén a necesidade de actuar en todos os nosos sectores produtivos. Por iso cómpre traballar na competitividade do sector primario –a agricultura, a pesca e a gandería–.

O Medio Rural comprende a meirande parte do noso territorio. A súa importancia desde o punto de vista medioambiental, económico e social é innegable.

Quero expresar aquí a miña admiración pola xente do agro. Os agricultores e os gandeiros son empresarios que traballan sen contar as súas horas, e que moito máis que ningún outro sector económico teñen que adaptarse ao clima, teñen que adaptarse ao mercado e teñen que adaptarse ás regulacións. Estas circunstancias específicas fan que estea máis que xustificada unha especial atención dos poderes públicos a este sector.

A revisión das perspectivas financeiras da Unión Europea no horizonte do ano 2013 é un dos retos principais ao que nos enfrontamos a medio prazo. Algunhas das liñas mestras desta política serán as seguintes: fomentar as relacións interprofesionais, en particular, impulsando os contratos homologados entre produtores e industria; favorecer as políticas de fomento da calidade e a agricultura ecolóxica, a trazabilidade e a diferenciación dos produtos como sistemas para gañar valor nos mercados; e adecuar o dimensionamento das explotacións, favorecendo a concentración de terra agraria e aproveitando terras agrarias en desuso ou infrautilizadas.

No sector forestal, a loita contra os incendios forestais será unha das principais preocupacións, cunha política seria de prevención, plans de actuación eficaces e adecuada dotación de medios.

Imos impulsar a plena recuperación das superficies queimadas polos incendios que asolagaron Galicia hai tres anos e fomentar o aproveitamento da biomasa dos subprodutos forestais; e ordenar e concentrar, na medida do posible, as parcelas forestais será outro obxectivo específico.

Imos convocar inmediatamente os interlocutores sectoriais da produción e da industria e imos elaborar un plan estratéxico de urxencia de aquí ata o 2015, ano en que finaliza o réxime das cotas lácteas.

Somos plenamente conscientes de que a crise do sector leiteiro ten un ámbito que excede o de Galicia –como dixen–, posto que estamos con todas as

consecuencias nun mercado único, e por ese motivo pediremos a colaboración, na elaboración e na execución deste plan, da Administración central e comunitaria.

Unha Consellería do Mar

Galicia é un país eminentemente marítimo. Para iso propoñémonos, desde o punto de vista organizativo, crear unha Consellería do Mar que facilite unha xestión integrada e coordinada dos asuntos relacionados coa pesca e co mar, coas seguintes liñas programáticas.

O obxectivo na pesca de gran altura é o mantemento da frota comunitaria de propiedade galega e a preservación dos intereses pesqueiros galegos en terceiros países.

Na pesca de altura, Galicia ten as condicións para converterse nun gran centro de contratación e comercialización de pesca de altura, á vez que mantén a súa cota actual de pesca. O obxectivo será completar o ciclo, desde a extracción ao consumidor, pero ten necesariamente que tratarse por fases, e a primeira sería situar os produtos nos grandes centros de distribución nacional.

Galicia ten necesariamente que potenciar a diferenza competitiva da alta calidade da súa pesca de baixura. É necesario realizar unha ordenación dos recursos nas augas da nosa competencia seguindo os principios das organizacións internacionais e da Unión Europea, fundamentalmente baseados na pesca responsable e na sostibilidade dos recursos. Tamén cómpre animar as confrarías e as organizacións de produtores para que constitúan empresas comercializadoras dos produtos de baixura.

Galicia debe consolidar a produción actual e potenciar nas súas rías novos sistemas de produtos; para iso impulsaremos, entre outras medidas, a dotación para os produtos da acuicultura dunha marca común como produtos do mar de orixe galega; a ordenación de usos do litoral terrestre e mariño para facilitar novas instalacións de acuicultura sostibles e xeradoras de emprego e riqueza; e a transformación do marisqueo nunha actividade de acuicultura en sentido estrito. Para iso é necesario apoiar institucional, financeira e cientificamente o sector da transformación, para lograr a incorporación nas industrias galegas de tarefas con maior valor engadido, co fin de minimizar os efectos da deslocalización industrial progresiva das tarefas intensivas de man de obra.

Nós seguiremos apostando decididamente polas enerxías renovables. Estamos convencidos de que é unha das maiores contribucións que podemos facer para lograr un desenvolvemento sostible. Temos que recuperar para Galicia

a posición de liderado que tradicionalmente ostentamos no eido da enerxía eólica. Analizaremos e revisaremos o procedemento do concurso eólico para garantir a súa adecuación á legalidade.

Así mesmo, tamén apostaremos polo gas como unha das enerxías estratéxicas para acadar a máxima competitividade da nosa economía, o que esixirá a planificación das redes galegas de transporte primario e secundario de gas.

A importancia do comercio na economía e na sociedade das nosas vilas e cidades está fora de toda dúbida. Pola súa relevancia económica, o comercio representa o 13 % do PIB e dá emprego a máis de cen mil persoas; pero ademais, desde o punto de vista urbanístico, polo papel dinamizador e conservador que ten o comercio nas nosas vilas e cidades e especialmente nos seus cascos históricos. Aprobaremos con urxencia un programa de medidas para combater os efectos da crise no comercio galego, centrado na adecuación dos produtos financeiros ás necesidades das empresas do sector.

O turismo é outro dos sectores estratéxicos para o futuro de Galicia. Actualmente representa xa en torno ao 12 % do produto interior bruto e ocupa o 13 % da poboación activa galega. Cómpre, pois, actuar decididamente para acadar os seguintes obxectivos: recoñecemento e potenciación do sector turístico como un motor esencial da economía galega. Neste senso temos que sacar o máximo proveito da oportunidade que para nós representa a celebración do Ano santo en 2010. O Xacobeo pode e debe converterse nun dos principais instrumentos sobre os que asentar a nosa recuperación económica:

Considerar a Galicia como unha unidade de destino turístico, unindo baixo unha única marca a promoción do turismo galego, que integre os valores culturais, os valores naturais e humanos da nosa terra, como sinal de identidade diferenciadora.

Considerar o turismo como un instrumento que posibilita o equilibrio territorial costa-interior, mediante un programa de axudas destinado a municipios de interior de menos de 5.000 habitantes.

Considerar que a cualificación profesional no eido turístico é o primeiro paso para un sector de calidade, potenciando as ensinanzas vinculadas ao turismo nos distintos niveis.

O quinto e último eixo estratéxico do noso Plan de reformas da economía galega refírese á mellora da eficacia e da eficiencia da nosa Administración pública; para iso é preciso realizar reformas de calado na Administración pública.

A Administración pública galega e os seus empregados téñense que converter na vangarda da dinamización e dos cambios que o país necesita. A

Administración pública ten –máis aínda en tempos de crise– que dar exemplo de austeridade e de racionalidade no gasto público. O Goberno promoverá a reforma da nosa Administración buscando o máximo consenso entre os representantes dos funcionarios e dos traballadores públicos para que avance cara ao obxectivo de mellorar a eficacia e a eficiencia.

En primeiro lugar, propoñemos a reforma na organización. Hai que avanzar na simplificación das estruturas da Administración xeral. Non se trata só de reducir o número de consellerías nun 25 %, que o faremos; non se trata só de pasar de 52 altos cargos provinciais a 5, que o faremos; cómpre tamén redefinir e redimensionar a Administración institucional. Neste senso, o Goberno presentará ante esta Cámara un proxecto de lei que defina, sistematice e regule o modelo organizativo do sector público autonómico. Pero tamén hai que simplificar procedementos, reducir o tempo de resposta e mellorar a eficacia na atención á demanda dos cidadáns.

En segundo lugar, a reforma referirase aos medios. É preciso introducir as novas tecnoloxías sen esquecer a necesaria formación dos empregados públicos.

En terceiro lugar, a reforma da Administración pública referirase aos procedementos de gasto e de control de gasto.

Plan de choque

Ata aquí os cinco eixes que lles acabo de expor, que constitúen o Plan estratéxico da economía para a lexislatura. Pero, como xa lles avancei, consideramos que a crítica situación esixe a inmediata posta en marcha dun plan de choque para a reactivación da economía galega; un plan de choque, en definitiva, que teña efectos inmediatos.

O primeiro e inmediato paso que daremos para a posta en marcha deste plan é axustar o orzamento en vigor á realidade. O dito proceso, obviamente, virá xa condicionado pola nova estrutura da Xunta; unha estrutura máis reducida e simplificada e máis austerá.

O segundo paso, tamén inmediato, será o de analizar e concretar as marxes presupostarias coas que o Goberno entrante se atopará. Lembremos que os vixentes orzamentos están fundamentados sobre unha previsión de crecemento do 1,3 % para o ano 2009, previsión claramente irreal, máxime cando o propio Banco de España acaba de anunciar que España reducirá –non incrementará, reducirá– o seu produto interior bruto nun 3 % para o ano 2009.

Finalmente, haberá que analizar ao detalle cal está sendo a evolución dos ingresos tributarios. O que procede é reaxustar e redefinir o documento orzamentario en función das necesidades reais da economía.

A partir do antedito, o Plan de choque para a economía galega artellarase en torno ás seguintes actuacións:

A primeira, avanzaremos un vigoroso programa de inversión en infraestruturas públicas.

A segunda, presentaremos un plan de vivenda que axude a resolver o exceso de stock existente e que permita dar resposta ás demandas e necesidades de vivenda pública.

A terceira, deseñaremos actuacións decididas que permitan paliar o problema do financiamento das empresas galegas.

A cuarta terá, á súa vez, que destinar recursos para a mellora do capital tecnolóxico e humano.

A quinta, o plan deberá incluír medidas concertadas cos axentes sociais que permitan superar as inercias e ineficiencias detectadas nas políticas de promoción do emprego, que non parecen estar dando os resultados que cabería esperar. En definitiva, propoñemos poñer en marcha no prazo máis breve posible, e dentro do presente exercicio presupostario, un conxunto de medidas orzamentarias que contrarresten os efectos da crise.

Non podemos rematar –pola súa evidente conexión coa cuestión que acabamos de tratar– sen referirnos á cuestión da reforma do sistema de financiamento autonómico.

Como é ben coñecido, o 30 de decembro do pasado ano o Goberno central remitiu ás comunidades autónomas unha proposta. A proposta artéllase arredor dunhas ideas que nun plano filosófico todos compartimos. O problema chega, como sempre, á hora de traducir os principios filosóficos á práctica. O quid da cuestión céntrase, unha vez máis, no custo real da prestación dos servizos transferidos e na necesidade de que eses servizos públicos poidan ser prestados en igualdade de condicións en todos os territorios de España.

Na proposta do ministerio, ademais de garantirse –coma sempre se fixo– o *statu quo*, a maior parte dos recursos pasan a distribuírse en termos de poboación axustada e da súa evolución a partir dunha data determinada, e debe terse presente que a evolución da poboación axustada nos anos sucesivos, a partir do ano base do novo modelo, condúcenos paulatinamente a unha perda sucesiva dos recursos que o modelo proporcionaría á nosa Comunidade

Autónoma. Diante desta situación, xa lles anuncio que o Goberno solicitará o apoio dos grupos representantes nesta Cámara co fin de que Galicia non saia prexudicada no novo sistema de financiamento autonómico.

Señorías, remato o tempo adicado a presentar as ideas e actuacións que conforman o noso programa económico e paso xa a referirme ao segundo bloque, ao bloque do benestar.

Señorías, compartimos as arelas da inmensa maioría dos galegos, que queren vivir nunha sociedade máis xusta, máis igualitaria, máis libre e máis solidaria, e por iso traballaremos sería e responsablemente na mellora do noso sistema de benestar.

Nós cremos na autonomía política dentro dunha España que garante constitucionalmente a solidariedade entre todas as persoas. A actual crise económica chega nun momento no que o sistema de benestar de Galicia, ao igual que no conxunto de España, aínda non está plenamente desenvolvido, e son moitos, polo tanto, os problemas que quedan por atender.

Os principios que orientarán transversalmente as políticas de benestar do Goberno poden resumirse nos tres seguintes. Primeiro, as políticas sociais deben estar dirixidas a apoiar integralmente a todas as familias. Segundo, as políticas de benestar son, fundamentalmente, políticas de igualdade. E terceiro, as políticas de benestar deben ser eficientes, para subministrar servizos públicos de calidade para todos.

Como é ben sabido, España é, no contorno da Unión Europea, o país que menos apoio público outorga ás familias: un 0,7 % do seu PIB; tres veces menos que a media da Unión Europea, o 2,1 %, e moi afastada dos países máis desenvolvidos. Impulsaremos unha nova política de apoio ás familias galegas e farémolo desde o diálogo e a concertación cos representantes das asociacións familiares e os axentes sociais, mediante a constitución dun Consello Galego de Política Familiar. Diálogo e concertación que terán, como obxectivo prioritario, a elaboración no prazo dun ano dun proxecto de lei de apoio ás familias galegas que trate de xeito integral todas as posibilidades de apoio e axuda desde a Administración para facilitar ás familias.

A política de vivenda do Goberno, como xa se avanzou, terá un triplo obxectivo: axudar a resolver os problemas que as familias e os mozos teñen para acceder a unha vivenda; contribuír á reactivación dun sector do que depende o traballo de moitas persoas en Galicia; e mellorar o stock de vivendas de Galicia, non só en cantidade senón tamén en calidade. Para iso, ademais das iniciativas fiscais xa expostas, o Goberno impulsará outras medidas.

Impulsaremos a sinatura dun acordo entre a Administración e todos os sectores do sector inmobiliario –promotores, entidades de crédito, colexios de notarios e rexistradores da propiedade– que propicie a saída ao mercado do stock de vivendas existente en Galicia no curto prazo, a través de diferentes fórmulas de acceso e cun compromiso de prezo máximo.

Paralelamente, investirase na adquisición de vivendas a prezo taxado, co mesmo obxectivo de reducir o stock de pisos baleiros. As vivendas serán incorporadas aos programas de vivenda pública e vivenda en aluguer.

En terceiro lugar, impulsaremos programas específicos de vivenda en aluguer, de vivenda en aluguer con opción a compra, e impulsaremos a construción de vivendas públicas alí onde a demanda o faga racionalmente necesario.

A situación da educación en Galicia, como xa describín anteriormente, esixe que o próximo Goberno propicie unha reforma baseada nun amplo consenso, no Pacto social pola educación. Este consenso debería cristalizar na aprobación dunha lei da educación non universitaria en Galicia que permita adaptar o noso sistema educativo ás necesidades do noso país.

O Pacto social pola educación deberá contemplar tamén outros obxectivos: avanzar na calidade do sistema; recuperar a convivencia nos centros, a dignidade da profesión docente e a responsabilidade, tanto dos alumnos como das familias, no esencial labor de educar os máis novos; impulsar a reforma da Formación Profesional para convertela nun instrumento de acceso ao emprego; reestruturar a ensinanza das linguas co obxectivo ambicioso de que todos os que sigan o currículo formativo en Galicia acaben sendo trilingües; aprobar consensuadamente entre a Administración e as universidades, pero tamén coas demais forzas políticas e representantes sociais, o mapa das novas titulacións, que permita ás institucións universitarias integrarse con garantías no Espazo Europeo da Educación Superior.

O compromiso do Partido Popular de Galicia, e o meu propio, coa sanidade pública galega vén de lonxe, desde que conseguimos que o Estado lle transferise a Galicia os servizos do Insalud. Hoxe quero renovar, e incluso reforzar, o noso compromiso coa sanidade pública galega; o compromiso cunha sanidade pública de calidade e eficaz.

Quero destacar brevemente algunhas medidas que impulsará o novo Goberno en relación cos usuarios, en relación cos profesionais, en relación coa mellora da xestión e en relación cos investimentos.

En relación cos usuarios, aprobaremos a Lei de garantías de prestación e a carteira de servizos do Sergas, establecendo máximos tempos de demora

en 45 días para probas diagnósticas e 60 días para intervencións cirúrxicas; priorizaremos a atención a pacientes sen diagnóstico; garantiremos a «espera cero» en pacientes con cancro e outras enfermidades moi graves e crearemos unidades de atención integral á muller.

En relación cos profesionais da sanidade, garantiremos unha política de persoal que impulse a estabilidade laboral, a promoción profesional e un novo sistema de retribucións axeitado ao ámbito do sistema nacional de saúde.

En relación coa mellora da xestión, os nosos esforzos prioritarios dirixiranse a formar equipos directivos con experiencia e a garantir a sostibilidade financeira do sistema.

En relación cos investimentos en infraestruturas, será prioritario para o novo Goberno rematar coas obras do novo Hospital de Lugo, que acumula un retraso importante; construír o novo hospital de Vigo e tentar o de Pontevedra; finalizar coas obras pendentes dos plans directores da Coruña, do Hospital de Ferrol, do Hospital de Ourense e do Hospital do Salnés, e retomar o Plan de construción de centros de saúde

Como xa dixen anteriormente, de todas as iniciativas lexislativas aprobadas nos últimos tempos en España, poucas como a Lei da dependencia acadaron tanto consenso e poucas xeraron tanta decepción. É imprescindible, pois, mellorar a xestión para garantir o pago das prestacións, e neste senso comprometémonos a que os 16.000 grandes dependentes cobren as axudas da Lei de dependencia antes de rematar o ano. Comprometémonos igualmente a non gastar un só euro en publicidade da dependencia e destinar todos os cartos á súa mellora. Comprometémonos a desenvolver unha rede de atención primaria á dependencia de ámbito municipal, que ofrecerá asistencia a domicilio, teleasistencia, alimentación e centros de día.

O obxectivo pasa por dotar dun centro de día a cada concello, polo menos, de máis de 1.500 habitantes. Tamén se creará unha rede de atención especializada de residencias –co horizonte de que cada comarca conte, como mínimo, cunha residencia de maiores– e de centros especializados de referencia para toda a comunidade autónoma, tanto para enfermos de Alzheimer como para persoas con discapacidade psíquicas. Todas estas materias enmarcaranse nunha estratexia de maior coordinación entre os recursos sociais e os recursos sanitarios.

O firme e contrastado compromiso co benestar dos galegos residentes no exterior vai ter continuidade nesta lexislatura. No plano económico, levamos xa varios anos reivindicando a incorporación dos custos da atención á emigración galega no sistema do financiamento autonómico para poder atender mellor as

necesidades dos galegos residentes no exterior. E no plano institucional temos esixido a adopción de medidas que garantan a transparencia e o respecto á vontade democrática dos emigrantes. Por desgraza, estas medidas aínda non foron aprobadas e hoxe o dereito ao voto dos galegos que residen no exterior está lonxe de ser exercido coas debidas garantías democráticas. Nós seguiremos esixindo que os galegos do exterior voten nas mesmas condicións e coas mesmas garantías democráticas que os que vivimos aquí. Por iso unha das primeiras demandas que levarei ao meu primeiro encontro co presidente do Goberno de España será a urxente implantación do voto en urna ou do voto telemático para os españois residentes no exterior.

Máis aló desta esixencia democrática, quero salientar que o Goberno dará un novo pulo ás políticas autonómicas aplicables á emigración con medidas como o recoñecemento dos dereitos sociais e sanitarios, particularmente o de recibir a tarxeta sanitaria nas mesmas condicións que os residentes en Galicia, a ampliación da rede educativa galega no exterior e o impulso ás medidas tendentes a facilitar o retorno.

Señorías, remato a exposición do noso programa de benestar referíndome a dúas áreas da acción que resultan para quen lles fala de especial querenza e importancia; refírome ao deporte e ás políticas de promoción da igualdade entre o home e a muller.

Investir en deporte é investir en saúde e na creación duns hábitos de comportamento social que resultan beneficiosos para todos. A necesidade de cooperar, a cultura do esforzo e a superación son circunstancias que están implícitas en toda actividade deportiva, por iso o deporte ocupará unha especial atención, que se marcará o obxectivo de completar a dotación de instalacións deportivas que Galicia precisa; unha instalación deportiva múltiple, nunha primeira fase, en todos os concellos maiores de 25.000 habitantes, garantindo a existencia dunha instalación deportiva próxima a todos os cidadáns, a non máis de trinta minutos de distancia do seu fogar, do seu centro de traballo ou do seu centro de estudio. Isto, por suposto, sen esquecer o necesario impulso e apoio ao deporte de alta competición, que tantas boas novas ten proporcionado aos galegos nos últimos anos.

Do mesmo xeito, o benestar de todas as mulleres e tamén de todos os homes de Galicia dependerá de que saibamos continuar avanzando pola senda da igualdade entre homes e mulleres, porque, pese aos moitos avances que se teñen producido no terreo da igualdade home-muller, a realidade dista de ser a que sería desexable. En particular, as condicións laborais e salariais

das mulleres son con frecuencia peores que as dos homes: maiores taxas de contratación temporal, maior dificultade de acceso ao mercado de traballo, múltiples barreiras na súa promoción... Estas diferenzas aprécianse incluso nos seus salarios, inferiores por termo medio aos dos homes. Síntome particularmente comprometido coa participación da muller nos mercados laborais en plena igualdade, por iso o Goberno impulsará a igualdade salarial, excluindo das axudas públicas as empresas que discriminen salarialmente as mulleres.

Señora presidenta, señoras e señores deputados, referireime a continuación ao programa en materia de autogoberno, e quero facelo enfatizando unha das ideas que van inspirar a executoria do novo Goberno. Refírome á necesidade de trasladar ao debate político as prioridades que latexan na cidadanía, resistindo a tentación de substituír a Galicia real por outra imaxinaria. Neste senso, é claro que a gran maioría dos galegos entenden que a pertenza de Galicia á democracia española é unha garantía da súa autonomía; que ademais, esta pertenza de Galicia á democracia española reforza vencellos humanos, culturais e económicos que se remontan aos máis lonxanos tempos da historia. Así o ve maioritariamente a nosa sociedade e así o ve tamén quen solicita de vostedes o apoio á investidura para presidir a Xunta de Galicia.

Quero reivindicar aquí o principio de eficacia. O autogoberno non é un fin senón un medio que nos procura unha mellor xestión dos asuntos públicos, unha atención máis próxima aos cidadáns, unha defensa máis firme dos nosos intereses, unha participación máis intensa na vida política do Estado e, en definitiva, do benestar dos galegos. Esquecer eses cometidos conduciríanos a unha devaluación da autonomía e ao seu progresivo alonxamento do país. Desas dúas bases elementais que veño de formular dedúcese a necesidade de cambiar ese discurso que mide o grao de compromiso autonomista só co baremo da reclamación e non co baremo da boa xestión das competencias que xa se teñen, co seu exercicio coordinado co Estado, cos poderes locais, coa Unión Europea e co bo funcionamento das institucións autonómicas xa existentes. Porque o autonomismo permítenos, en perfecta síntese, desfrutar con naturalidade das nosas identidades: sentímonos galegos, e, por iso, tamén españois, e, por iso, tamén europeos.

Son, en consecuencia, tres as liñas de actuación que o Goberno se marcará en materia de autogoberno. A primeira, a relativa á reforma do marco estatutario e competencial. A segunda, a relativa ás institucións do noso autogoberno e a súa reforma. A terceira, a relativa ás relacións institucionais e á acción exterior de Galicia.

O meu grupo político ten dabondo demostrado o seu compromiso co desenvolvemento e a consolidación do vixente Estatuto de autonomía. Hai catro anos consideramos que o actual Estatuto podía e debía ser mellorado. A reforma frustrouse, e considero que non sería bo, se en verdade hai intención de retomar os traballos da reforma, que nos enfrontásemos no debate das causas daquela frustración, porque non estaríamos de acordo e só contribuíría a dificultar a propia reforma. Ao igual que entón, nós estamos dispostos a participar activamente na reforma da nosa norma institucional básica, e para tal fin presentaremos desde o Goberno unha completa iniciativa de reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

En todo caso, a forma non vai ser un obstáculo. Eu estou disposto a conversar cos novos líderes dos outros grupos parlamentarios coa finalidade de atopar a mellor das rutas cara á reforma estatutaria. Unha reforma estatutaria que –lembro– terá que respectar a legalidade constitucional. Terá que respectar a legalidade constitucional, tanto a letra como o espírito da Constitución de 1978, e, polo tanto, o conxunto do bloque de constitucionalidade que inclúe a xurisprudencia do Tribunal Constitucional. Para tal efecto, a sentenza do intérprete supremo da Constitución sobre o percorrido do Estatuto de autonomía de Cataluña será especialmente relevante.

Demandas competenciais

En relación co desenvolvemento competencial, quero sinalar que o Goberno lle vai dar continuidade ás demandas competenciais que, co apoio unánime desta Cámara, o Goberno bipartito presentou perante a Administración do Estado na pasada lexislatura.

Como responsable dunha forza que acaba de pasar pola oposición, son ben consciente da importancia que ten o bo funcionamento das institucións para o desenvolvemento ordinario do sistema democrático. As institucións galegas, en liñas xerais, amosaron un bo rendemento, mais nós pensamos que algunhas necesitan unha reforma para a súa adecuación ás novas realidades sociais.

En primeiro lugar, comparto a necesidade de reformar o Regulamento do Parlamento coa finalidade de reforzar a súa centralidade na vida política da Comunidade Autónoma e de reforzar a participación cidadá a través do recoñecemento da iniciativa lexislativa aos interlocutores dos poderes locais en Galicia.

En segundo lugar, é preciso actuar con urxencia para atallar o estado no que se atopa a Administración de Xustiza en Galicia. A Administración de Xustiza

en Galicia precisa que tomemos decisións para acadar os obxectivos, e a continuación enuméroos.

Unha xustiza moderna e eficaz, mediante a posta en marcha da nova oficina xudicial, tecnoloxicamente avanzada, coa implantación e o desenvolvemento de novas utilidades informáticas. Unha xustiza participada, mediante a creación dun Foro ou Observatorio permanente da situación da xustiza en Galicia. Unha xustiza transparente, que aproveite as posibilidades das novas tecnoloxías para comunicar o estado dos procedementos e o acceso á información a través dun portal *web*. E unha xustiza, en definitiva, máis próxima ao cidadán, cunha reordenación dos servizos de atención ao cidadán e ás vítimas dos delitos.

En terceiro lugar, en materia de interior e protección civil, son prioritarias dúas medidas: reformar a vixente Lei de Policía Autonómica e reformar a vixente Lei de emerxencias.

Reformar a vixente Lei de Policía Autonómica, que non chegou a ser aplicada, e camiñar cara á creación dun corpo propio, cara ao establecemento dunha carreira policial única, que integre as policía locais e cara ao artellamento de mecanismos de colaboración cos demais corpos policiais e forzas de seguridade do Estado.

Reformar a vixente Lei de emerxencias, coa finalidade de atribuír aos concellos e aos voluntarios o protagonismo que lles corresponde.

En cuarto lugar, cómpre tamén reforzar a autonomía municipal, apostando polo asociacionismo entre concellos como xeito de acadar obxectivos conxuntos e incluso como paso previo de posibles fusiões de concellos, reformando a Lei da Administración local de Galicia, para establecer, entre outros, o novo catálogo de servizos de obrigado cumprimento e protocolizar a colaboración da Xunta e as deputacións, elaborando e aprobando unha lei de facendas locais de Galicia que estableza os alicerces cos que poñer fin ao tradicional raquitismo da facenda municipal galega e desenvolvendo os aspectos máis substanciais do Pacto local, que se atopa con preto do 85 % das súas previsións aínda pendentes.

En quinto lugar, cómpre tamén reformar os medios públicos de comunicación de Galicia e convertelos, mediante a modificación da Lei da Compañía de Radio e Televisión Galega, nos medios obxectivos e de calidade que os cidadáns arelan. Para tal efecto quero reiterar, unha vez máis, a miña intención de pactar cos grupos desta Cámara o nomeamento do próximo director xeral da compañía, mesmo sen que a citada reforma fora tramitada. Uns medios públicos de comunicación que, por outra banda, requiren rematar coa precariedade

laboral de moitos dos seus empregados e elaborar un plan de produción propia que dea resposta á demanda de contidos que as novas canles xerarán.

O peso de Galicia no debate sobre a articulación institucional do Estado e da Unión Europea minguou considerablemente nos últimos tempos. Un goberno dividido na súa concepción sobre o modelo de estado e de integración europea dificilmente podería traballar conxunta e coordinadamente no terreo das relacións institucionais e da acción exterior.

Para nós é prioritario reforzar e utilizar plenamente os existentes mecanismos de cooperación institucional, tanto co Estado coma coas demais comunidades autónomas, e por iso propoñémonos continuar apoiando, no debate sobre a reforma constitucional do sistema autonómico, unha reforma do Senado para convertelo na Cámara de representación territorial.

Impulsaremos o funcionamento con carácter ordinario da Comisión Bilateral de Cooperación.

É necesario abordar con rapidez a elaboración dunha axenda estratéxica de acción exterior de Galicia, que fixe obxectivos, métodos, instrumentos e recursos.

Hai que impulsar a presenza das comunidades autónomas no Consello de Ministros, así como nos comités da Comisión Europea, impulsar o traballo de Galicia no Comité das Rexións, reivindicar as funcións de autoridade de xestión e de pagamento dos fondos europeos, a promoción dun *lobby* galego na Unión Europea e o impulso da actividade da Fundación Galicia-Europa e impulsar e profundar a cooperación coa rexión norte de Portugal, redefinindo o modelo institucional da Comunidade de Traballo e a redacción dun plan estratéxico Galicia-Norte de Portugal.

Aprobaremos o plan directivo previsto na Lei galega de cooperación para o desenvolvemento, aínda pendente.

Remato, señorías, este percorrido polas liñas programáticas que o Goberno desenvolverá facendo referencia á importante cuestión da nosa cultura e da nosa lingua.

A nosa cultura, cerna do ser de Galicia, requirirá para nós unha atención primordial. Cómpre lembrar que a identificación da Galicia intelectual coa Galicia popular, xunto cos dereitos políticos do noso pobo, foron os obxectivos polos que loitaron moitos ilustres galeguistas. A todos e a todas elas, o meu máis sincero agradecemento.

Persoalmente considero que o diálogo e a liberdade son os alicerces fundamentais para asentar a política cultural dos próximos catro anos; diálogo e

liberdade. Teño claro que o papel da Administración, en materia cultural, debe centrarse no apoio dos proxectos e das propostas, na axilización da máquina burocrática, no fomento e na promoción, e nunca no dirixismo cultural. A iniciativa en materia de cultura correspóndelles aos escritores, aos editores, aos tradutores, aos ilustradores, aos deseñadores, aos artistas plásticos, aos cineastas, aos músicos, aos actores..., aos homes e mulleres que, dun ou doutro xeito, engrandecen a nosa cultura co traballo e a ilusión.

A sociedade galega iniciou unha nova situación política o 6 de abril de 1981, data da entrada en vigor do Estatuto de autonomía. Vinte e nove anos de profundas transformacións e de avances en favor da personalidade colectiva de Galicia. Un tempo no que o noso tecido social soubo asumir e assimilar a cerna substantiva do país, o que Vicente Risco considera como «*patrimonio identificador*»: pobo, territorio, lingua, cultura e unha historia bimilenaria. É dicir, «*a dimensión temporal de Galicia*», en acertada definición de Ramón Piñeiro, a quen este ano, moi merecidamente, a Real Academia adica o Día das Letras Galegas.

Polo tanto, quero reafirmarme unha vez máis, perante esta Cámara, nunha desas grandes realizacións, se cabe a principal, refirome á lingua galega. Fala propia significa identidade. O noso idioma caracterízanos, enriquecéenos e constitúe un dereito de todos os galegos, sen exclusións, independentemente de calquera opción partidista e das estratexias políticas.

Teño moi claro este principio irrenunciable, e considero que o noso modelo normalizador debe atender a realidade, lonxe de copias e mimetismos alleos, por moi ben intencionados que sexan e veñan de onde veñan. Equivócanse os que pretenden facer do galego un instrumento de imposición, e erran tamén os que consideran a lingua propia como algo subalterno ou marxinal.

A amabilidade lingüística, o respecto polo que fala cadaquén, imponse sobre os radicalismos estériles. Será aí, nesa actitude exemplar dos falantes, onde haxa que incidir para que ninguén se sinta marxinado ou excluído.

A cooficialidade, establecida no Estatuto, garante as expresións na nosa Comunidade Autónoma en galego ou en castelán. O Goberno respectará este marco legal e promoverá proxectos e plans destinados á defensa e pervivencia, en liberdade, da lingua galega.

Precisamente por iso o Goberno derrogará o Decreto que regula o galego no ensino; un decreto aprobado sen consenso e coa opinión contraria do Consello Consultivo de Galicia. Este decreto, señorías, será substituído por outro, elaborado coa participación e orientación dos expertos e das institucións, coas consultas oportunas, en liberdade; un novo decreto que terá como

finalidade o impulso do trilingüismo nos centros do ensino, e o respecto, o respecto aos dereitos individuais das familias e dos alumnos.

Señoras e señores deputados, señora presidenta, quen hoxe solicita desta Cámara a súa confianza para formar goberno pertence á xeración de galegos que naceu politicamente na autonomía. Todos eles, todos nós, sentímonos partícipes dunha historia que se perde no tempo, pero sobre todo sentímonos vencellados a un proxecto democrático que fai que esta esquina de Occidente sexa hoxe unha terra fértil para a liberdade.

Despois dos tempos escuros onde, como dicía o poeta, «*todo está por vir e non chega*», vivimos unha alborada chea de posibilidades, na que camiñamos ao carón dos países máis libres do mundo.

Cando un país é capaz de catalizar as súas enerxías vitais, cando cada muller e home saben cumprir co seu deber cidadán e cando os dirixentes lembran en cada momento do seu traballo que segue vixente a máxima de que a democracia é o goberno do pobo e para o pobo; cando esa conxunción de factores se produce, as dificultades son superables.

Sei que este país existe, é Galicia. Sei que estas mulleres e homes son reais, porque están aí fóra, están aí fóra dando exemplo do seu quefacer silandeiro e anónimo. Sei que este candidato empeñará a súa vida na tarefa de estar á altura da nosa xente, da que nos precede e á que lle debemos o que somos, da que comparte connosco esta etapa da nosa historia e da que no futuro fará que Galicia siga brillando no firmamento das democracias.

Non lle propoño a esta Cámara, nin ao país aquí representado, un mero cambio de goberno. Este programa que veño de presentar leva consigo un cambio de prioridades. Abonda con percorrer a nosa terra e escoitar con humildade os nosos veciños e paisanos para saber qué é o fundamental e qué é o accesorio. É doado entender a súa mensaxe. Non queren debates superfluos. Non lles importan as pequenas liortas dun poder endogámico e autista. Non anceian unha Galicia illada de España ou de Europa. Non lles gusta un goberno que pelexe sistematicamente con outras administracións, senón outro que coope-re e colabore.

Cooperaremos, estaremos abertos ao mundo, fuxiremos das querelas e dos debates que esquecen que a misión esencial do político é trasladar o pulso da sociedade á acción de goberno. En definitiva, seguiremos o exemplo deste gran país.

Conclúo, pois, pedíndolles humildemente aos grupos políticos representados nesta Cámara o seu apoio na tarefa de facer un país mellor. Conclúo

pedíndolles o seu apoio, polo menos naqueles temas que, como moitos dos que enumerei na miña intervención, son de interese xeral para todos e cada un dos galegos e das galegas.

Confío no noso pobo, nas nosas xentes. Confío na súa forza e na súa resistencia diante das adversidades. Teño fe no seu talento, porque sei do que foi capaz en circunstancias aínda máis adversas que a presente. Sei que xuntos, pobo e representantes, encontraremos solucións coas que abrir novos horizontes para a nosa terra.

Deus fratesque Gallaecia. Os nosos antergos adoitaban invocar a Deus para saír con ben das súas loitas. Hoxe volvemos a facelo, aínda que contamos con algo que a eles lles faltaba entón: coa democracia, coa autonomía e coa confianza das nosas propias posibilidades.

Con esa mesma fe, solicito a confianza do Parlamento.

Moitas grazas.

DISCURSO DA XURA DO CARGO E TOMA DE POSESIÓN DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO COMO PRESIDENTE DA XUNTA NO SALÓN DOS REIS DO PARLAMENTO DA GALICIA

18 de abril de 2009

Señora presidenta do Parlamento, señor vicepresidente do Goberno de España, autoridades e representacións, señoras e señores:

Nun dos seus memorables artigos publicado no xornal *El Pueblo Gallego*, o 27 de xuño de 1936, véspera do día no que Galicia celebrou o seu primeiro referendo do Estatuto de autonomía, o mestre Álvaro Cunqueiro escribiu: «No tocante ao que unha patria pide aos seus, ou se é ou non se é. Eu quero ser».

Tal é o senso da promesa que acabo de realizar. Tal, e non é outra, é a obriga que hoxe eu asumo, grazas á confianza democraticamente expresada polo pobo galego a través dos seus representantes na sesión de investidura que tivo lugar esta mesma semana neste mesmo Parlamento. Unha promesa que conleva a de comprometerme vitalmente coa tarefa da defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, así como a promoción da solidariedade entre todos os que integran o pobo galego, como ben establece o noso Estatuto de autonomía no artigo primeiro.

Quen fai a promesa de ser é un home que pertence á xeración que abriu os seus ollos á política ao mesmo tempo que a nosa Autonomía abría as portas á esperanza dun tempo mellor. A xeración que ao acadar a maioría de idade votou en liberdade nas primeiras eleccións democráticas no referendo da Constitución española de 1978 e no referendo do Estatuto de autonomía de 1980. A xeración que puido formarse como ningunha outra na historia de Galicia e de España, grazas ao esforzo doutra xeración, a dos nosos pais, que padeceron a penuria da posguerra e que traballando arreo puideron deixarnos un legado moito mellor do que eles recibiron dos que os antecederon.

Pertenzo á xeración, en definitiva, que co traballo de tantos homes e mulleres, boas e xenerosas, que loitaron pola democracia e as liberdades, puido desenvolver a súa vida nun marco de paz e convivencia democrática, o da monarquía parlamentaria. E á súa maxestade o Rey Juan Carlos queremos expresarlle en nome de todos os galegos e galegas a nosa lealdade, e expresar o noso agradecemento persoal e colectivo como pobo pola súa contribución á consolidación da democracia e o Estado das autonomías.

Un agradecemento que quero personalizar nos que me precederon na Presidencia da Xunta, nos que desde a Preautonomía impulsaron a aprobación do noso Estatuto: os presidentes Rosón Pérez e Quiroga Suárez, como nos que contribuíron á posta en marcha das institucións de autogoberno e á súa consolidación: os presidentes Fernández Albor, González Laxe, Fraga Iribarne e Pérez Touriño, e tiveron eu a honra de traballar co presidente Fraga. Sei do agarimo, dedicación e esforzo que todos eles, todos os ex presidentes, lle dedicaron ao traballo máis honroso ao que un galego pode aspirar: ser e presidir a Xunta de Galicia. Cada un deles tivo que afrontar os retos concretos que lles marcaron as circunstancias do seu tempo, e fixérono coa máxima entrega e ilusión, a mesma á que nós nos comprometemos unha vez máis neste solemne acto.

Están claros, e así se evidenciou no debate de investidura, cales son os retos dos nosos tempos:

En primeiro lugar, a crise económica. Temos que ser capaces de poñer todo o potencial das institucións de autogoberno. Temos que ser capaces de contribuír a mobilizar o potencial da nosa exemplar e creativa sociedade civil para superar a crise económica que está a levar a moitas persoas e a moitas familias á desesperación, ao drama do paro. E temos que ser capaces de facelo a curto prazo, pero tamén sentando as bases para a definitiva integración de Galicia entre as comunidades máis desenvolvidas de España, para garantir

que todos os galegos poidan disfrutar do dereito ao traballo en condicións de igualdade e para seguir garantindo a viabilidade futura e a mellora do noso sistema de benestar.

En segundo lugar, a prioridade céntrase na igualdade e no benestar. Os galegos e as galegas demandan servizos públicos de calidade, porque sen unha sanidade, sen unha educación, sen un sistema de protección social público e de calidade, equiparables aos que calquera outro cidadán español poida recibir en calquera parte de España, a igualdade crébase, e moi especialmente a igualdade de oportunidades que debe fundamentar unha sociedade libre que favoreza o esforzo e a iniciativa individual.

Sabemos que co autogoberno somos basicamente responsables da posta en marcha de políticas que incrementen a eficacia e a eficiencia dos servizos públicos autonómicos, pero para iso precisamos tamén recursos, porque Galicia, pese aos firmes pasos dados nos últimos quince anos cara á converxencia económica, aínda non ten alcanzado a media española de renda que debe ter. Por iso resulta tan importante para nós acadar un acordo sobre o financiamento autonómico xusto e respectuoso cos principios de igualdade interpersoal e interterritorial que a nosa Constitución garante. Un obxectivo que se cumpre cando as institucións propician as condicións e os recursos que favorecen a converxencia da renda das persoas que habitan os distintos territorios que conforman España.

Unos principios de igualdade personal y territorial por los que sé que el actual vicepresidente del Gobierno de la nación española, a quien le agradezco su presencia en este acto, tiene especial querencia. Y estoy seguro de que por su larga experiencia al frente de la querida Comunidad Autónoma de Andalucía sabrá defender en su actual responsabilidad.

En terceiro lugar, a reforma das nosas institucións e impulso da nosa cultura. Afortunadamente, por vez primeira na súa historia os galegos podemos falar da reforma do noso Estatuto de autonomía, porque hai máis de vinte e seis anos que temos o Estatuto de autonomía. Podemos, respectando a Constitución que os españois e os galegos moi particularmente apoiamos de xeito moi maioritario, mellorar a nosa norma institucional básica.

Temos a obriga de conservar, protexer e mellorar o estado do noso valiosísimo patrimonio cultural. Temos a obriga de sentar as bases para que os escritores, os deseñadores, os artistas plásticos, os cineastas, os músicos, todos os homes e mulleres que dun ou doutro xeito engrandecen a nosa cultura e a proxectan ao mundo e ao futuro, poidan seguir realizando o seu



Á esquerda, Pérez Touriño e Quintana González, respectivamente, ex-presidente e ex-vicepresidente do goberno saínte, xunto a outros invitados no Salón dos Reis da Cámara galega.



Alberto Núñez Feijóo toma posesión como presidente da Xunta ante o representante do Goberno central, Manuel Chaves, vicepresidente terceiro e ministro de Administracións Públicas, e Pilar Rojo, presidenta do Parlamento.

traballo en liberdade e con ilusión; coa ilusión de dar continuidade a ese gran segundo rexurdimento que a cultura galega está a vivir nesta etapa autonómica da nosa historia. E temos a obriga de conservar e garantir a pervivencia da nosa lingua: o galego, o noso principal sinal de identificación, para que os galegos e as galegas poidamos seguir usando en liberdade as dúas linguas españolas que nos fan máis universais: *el castellano que nos une con los pueblos de la hispanidad* e o galego que nos achega aos pobos da lusofonía, que pola influencia da gran nación veciña irmá, Portugal, levaron o portugués por medio do mundo.

A tarefa que temos por diante é pois apaixonante pero inxente. Unha tarefa inxente incluso para quen como quen lles fala conta co respaldo maioritario do seu pobo. É preciso acometela xuntos. É imprescindible para superar a crise e situar a Galicia no lugar que as súas xentes merecen que todos saibamos arrimar o lombo, alomenos nos temas nos que compartimos un común interese. Por iso hoxe reitero a miña oferta de diálogo, de busca de pacto e de consenso entre os grupos políticos representados na Cámara, pero tamén cos representantes da plural sociedade civil galega.

A tarefa á que nos enfrontamos é tan inxente que só podemos superar os retos do noso tempo se o facemos desde a cooperación, coa cooperación leal coa Administración xeral do Estado, coa cooperación e a participación nas institucións europeas.

Se hai un pobo, se hai unhas xentes que comprenden o senso máis profundo da idea de España e da idea de Europa, ese é o pobo galego. Non en van o ideal europeo naceu e creceu ao pé do Camiño de Santiago; non en van o vencello cosmopolita que establece o Camiño de Santiago non esmoreceu ao longo dos séculos. Brañas, a Xeración Nós, Risco, Castelao, Piñeiro, Rosalía de Castro e tantos outros galeguistas sentiron sempre o mesmo anxeio. Vense arrastrados por un sentimento que abre o noso país a Europa, a España e ao mundo enteiro.

É a Galicia entendida como célula de universalidade. É a Galicia que se sente grande por ser parte e participe dunha aventura histórica común cos demais españois e que por sentirse española tamén se sente europea. É a Galicia que sabe que non vai camiñando en solitario pola historia, porque hoxe, como sempre, sabemos que para superar as dificultades dependemos de nós, pero tamén da nosa capacidade para cooperar co Goberno da nosa nación, España. Sabemos que o noso futuro está nunha España solidaria, nunha Europa máis integrada, nunha orde mundial máis xusta.

Nesta apaixonante e dura tarefa «Eu quero ser», como dicía don Álvaro Cunqueiro. Porque como expresaba coa súa fermosísima prosa o mindoniense máis universal «con ser sendo, estando, cumpro a primeira das miñas obrigas galegas, e sirvo a virtude de defender e amar a Galicia, a obriga de gardala viva para os que han de vir nos tempos, porque ben será que eles tamén a amen, a defendan e a garden, polos séculos dos séculos».

Moitas grazas.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA INFORMAR DA SITUACIÓN E EXPLICAR A SÚA POSICIÓN ANTE O NOVO SISTEMA DE FINANCIAMENTO PARA A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

30 de xullo de 2009

Señora presidenta, señorías:

Comparezo diante do Parlamento de Galicia para informar acerca da posición da Comunidade Autónoma ante o proceso de negociación do novo modelo de financiamento autonómico. Con esta comparecencia pretendo manter o compromiso de informar permanentemente a Cámara nun asunto de tanta transcendencia para o noso país.

Ao longo desta intervención intentarei darlles as claves do proceso ao que asistimos ao longo destes últimos tres meses, desde a toma de posesión do Goberno saído das urnas o 1 de marzo.

Tratarei de desenvolver esta comparecencia en catro puntos:

O primeiro, un pequeno resumo histórico de como se desenvolveu este proceso ata a celebración do Consello de Política Fiscal e Financeira, o pasado día 15 deste mes.

En segundo lugar, comentarei, loxicamente, as actitudes das administracións públicas, por un lado, da Xunta de Galicia e, por outro, da Administración xeral do Estado, do Goberno de España.

En terceiro lugar, expoñerei a nosa valoración, a valoración do modelo que se pretendeu aprobar no Consello de Política Fiscal e Financeira.

Permítanme comezar, por tanto, por expoñer un pequeno resumo dos feitos. Como é ben sabido, a negociación deste modelo non comezou hai tres meses, hai bastante tempo que o Goberno do Estado viña traballando no novo modelo para intentar dar respostas ás necesidades de financiamento dos servizos públicos xestionados polas comunidades autónomas.

O contexto da negociación do Goberno central estaba marcado por unha situación política e unha situación económica coñecida. A situación política estaba marcada, e está marcada, por un Goberno central en minoría, cunha clara necesidade de chegar a acordos parlamentarios con grupos, iso si, de escasa relevancia ou representación parlamentaria, e, por suposto, lamentablemente, con grupos que, a pesar da súa escasa relevancia e representación parlamentaria, teñen posicións claramente reivindicativas do que, ao noso entender, son privilexios. No plano económico, a situación na que o Goberno contextualizou o debate é coñecida: unha crise de dimensións históricas que está a supoñer un descenso na recadación histórica da facenda pública española e, en consecuencia, tamén das facendas autonómicas.

Sen dúbida, tanto o contexto político como o contexto económico desta negociación están complementados con outros aspectos a seguir:

O primeiro, a evolución demográfica. É certo que hai comunidades autónomas que incrementaron notablemente a súa poboación, a súa poboación xoven, e é certo tamén que hai outras comunidades autónomas que incrementamos a nosa poboación, a nosa poboación avellentada.

É certo tamén que se aprobou unha lei, unha lei importante, que foi cualificada como cuarto Estado do benestar, a Lei da dependencia, que –supoño, señorías, que todos estamos de acordo– non ten o financiamento suficiente para que as comunidades autónomas poidan facer fronte ás obrigas que derivan da lei.

Por último, un dos aspectos non menos relevantes era dar cumprimento ao Estatuto dunha determinada comunidade autónoma que condiciona criterios de repartición do financiamento do resto das comunidades autónomas do Estado.

Modelo non axustado

A situación na que se atopa o Goberno da Xunta de Galicia, que represento nesta tribuna, polo tanto, é unha situación marcada por un proceso de negociación xa avanzado e por un proxecto de modelo deseñado cuns principios que non se axustaban, na nosa opinión, á realidade dos diferentes custos dos

servizos públicos das comunidades autónomas, e que, desde logo, eses principios en nada beneficiaban as teses nin do anterior Goberno da Xunta nin do actual Goberno da Xunta.

Teño que dicir, señorías, que a información recibida polo anterior Goberno da Xunta foi unha información axeitada. Teño que agradecer, neste punto, a información que recibimos no Goberno, e concretamente a que recibín eu do señor Touriño na reunión que fixemos en Monte Pío no traspaso de poderes. Sobre este asunto o Goberno anterior deunos cumprida mostra da información que tiña ao seu dispor.

Polo tanto, a situación na que este Goberno afronta o financiamento autonómico está plantexada nos seguintes termos. Atopámonos cunha proposta do Goberno dada a coñecer xa en decembro do ano 2008. Atopámonos, iso si, cunha proposta sen cifras e sen indicacións concretas do funcionamento do modelo nos seguintes anos. Atopámonos cun documento que non beneficia os intereses obxectivos de Galicia. Atopámonos cun documento que lamentablemente, segundo o Goberno, era un documento inamovible. E, sobre todo, atopámonos cunha cuestión sorprendente: xa sabiamos que ese modelo tiña que estar pechado en xullo, ocorrera o que ocorrera, chegárase a acordo ou non, conseguírase ou non o consenso entre as comunidades autónomas.

Polo tanto, o obxectivo, señorías, era pechar de calquera forma, pero pechar o acordo de financiamento no mes de xullo. Ese era o obxectivo do Goberno, expresado polos distintos interlocutores do Goberno central.

Señorías, encontrámonos cun mal documento, cun mal modelo, cunha decisión política que precisa o apoio parlamentario dos socios no Congreso dos Deputados, e, iso si, cunhas comunidades autónomas que asistimos a esta situación económica e política durante este tempo.

A conduta política do Goberno da Xunta de Galicia con este contexto é moi clara: poñernos a traballar, se é posible co consenso dos grupos parlamentarios, para intentar chegar a un acordo de financiamento que non prexudicara Galicia no contexto que acabo de describir.

Desde o primeiro momento manifestamos a nosa intención de ir xuntos neste proceso. Aos quince días de tomar posesión o Goberno, a primeira reunión da conselleira de Facenda cos grupos parlamentarios prodúcese, concretamente, o 8 de maio. Neste Parlamento, o 9 de xuño, aprobamos por unanimidade cales son os principios básicos irrenunciáveis da postura de Galicia:

o da suficiencia, é dicir, os custos reais dos servizos públicos que prestamos e, polo tanto, o peso do avellentamento, da orografía, da lingua e dos residentes ausentes.

En segundo lugar, o principio da igualdade. Calidade de todos os servizos públicos, da sanidade, da educación e dos servizos sociais, en todas as comunidades autónomas, co mesmo rango e coas mesmas posibilidades.

O terceiro principio, o de autonomía financeira e corresponsabilidade fiscal.

O cuarto –diría eu– non principio, senón obxectivo, manter a posición relativa da Comunidade Autónoma.

Esta foi a nosa guía de traballo durante estes meses, esta foi a nosa guía de traballo durante estas semanas, esta foi unha guía de traballo da que non nos apartamos nin un milímetro ata o día de hoxe, no que comparezo para dar conta dos resultados desa guía de traballo.

Permítanme recordar por que digo que esa foi a nosa guía de traballo. Na reunión que mantiven o 15 de xuño co presidente do Goberno de España fíxenlle ver o acordo parlamentario, do que lle entreguei copia, ademais dos comentarios correspondentes ao referido acordo parlamentario de unanimidade dos criterios que tiña que ter en conta un bo acordo de financiamento.

Acreditei tamén esa guía de traballo cando pedín a comparecencia, e fíxeno o 23 de xuño, para informar da reunión mantida co presidente do Goberno na Moncloa, onde advertín a preocupación coa que saín, no relativo ao financiamento autonómico, desa reunión co presidente.

Non nos permitía ser optimistas esa reunión, e non nos permitía ser optimistas porque o presidente non comprometeu ningún dos criterios que se concretaban desde o punto de vista de cifras e porque o presidente deume unha cifra insuficiente, claramente, sobre o acordo de financiamento, que me pediu non facer pública namentres non avanzáramos na negociacións, obxectivo que cumprín. Quero dicirlles que non me permitiu ser optimista no relativo ao financiamento esa xuntanza, e os pasos seguintes abundaban no pesimismo.

Ao día seguinte da visita á Moncloa, o presidente do Goberno de España dixo en Cataluña que o novo sistema de financiamento supoñería que Cataluña estivese por riba da media en financiamento per cápita.

Resultaba preocupante que, na entrevista a petición do vicepresidente terceiro do Goberno que tivemos en Raxoi, o vicepresidente dixera diante de todos os medios de comunicación que se comprometía a un fondo de emigración, que se comprometía a manter os fondos de dispersión e que traballaría no escenario de manter a porcentaxe de financiamento que tiña actualmente

a Comunidade Autónoma. Sen embargo, ao día seguinte, vinte e catro horas despois, na entrevista coa vicepresidenta segunda do Goberno xa se deixou claro que os compromisos asumidos polo vicepresidente terceiro en nada o obrigaban, dado que non era competente nos termos do financiamento.

Sendo así, e sen ningún dato concreto, salvo as visitas e os comentarios –sen papeis– cos vicepresidentes, o domingo 12 de xullo o Goberno remite, pola tarde, ás comunidades autónomas o primeiro papel co obxecto de ser avaliado corenta e oito horas despois no Consello de Política Fiscal e Financeira. Ás seis da tarde o Goberno remitía finalmente o seu modelo. A Xunta de Galicia, ao día seguinte, fixo dúas cousas: a primeira, volver reunir os grupos parlamentarios, e a segunda, remitir a través de alegacións a postura da Comunidade Autónoma para que quedara patente que non estabamos de acordo con esa proposta.

Lamentablemente, ás corenta e oito horas seguintes, o 15 de xullo, celébrase o Consello de Política Fiscal e Financeira, dando tan só ás comunidades autónomas corenta e oito horas para faceren alegacións sobre un documento que non coñeciamos e que non coñecían a inmensa maioría das comunidades autónomas; quizais todas non a coñecían, salvo dúas.

Quero dicir, polo tanto, que o 16 de xullo, ao día seguinte, volvemos ter outra reunión cos grupos parlamentarios para dar conta da nosa postura no Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado obrigatoriamente o día anterior, 15 de xullo, e convocado con corenta e oito horas despois de ter o primeiro e único papel que se presentou a este Goberno.

Lealtade institucional

Señorías, permítanme que faga unha breve mención das actitudes e da lealdade institucional da Xunta de Galicia e do Goberno de España. Sobre a actitude da Xunta de Galicia, en primeiro lugar, un respecto escrupuloso aos acordos e aos consensos acadados neste Parlamento. Mantivemos unha actitude de permanente colaboración cos grupos parlamentarios. Houbo catro reunións entre a conselleira de Facenda e os grupos parlamentarios. Tiven ocasión de reunirme co líder do Partido Socialista de Galicia e co líder do Bloque Nacionalista Galego, o 8 e o 9 de xullo. Tiven ocasión de falar con bastante intensidade con algúns presidentes de comunidades autónomas, sobre todo do noroeste, e de manter unha postura única entre Castela e León e Galicia, postura á que xa previamente o Principado de Asturias dera o visto e prace nun documento asinado co presidente de Castela e León. Tivemos reunións, efectivamente, como



Alfonso Rueda e Carlos Negrreira, colaboradores moi próximos do presidente galego, comentan con Núñez Feijóo as incidencias da súa comparecencia sobre o novo sistema de financiamento autonómico, que non satisfizo as expectativas galegas.



acabo de referir, co presidente do Goberno de España e dous dos seus tres vicepresidentes. Remitimos en espazo de horas as acreditacións técnicas das nosas alegacións cada vez que eramos requiridos para iso.

En definitiva, creo que a postura de Galicia ou a postura da Xunta de Galicia foi de respecto e defensa dos acordos parlamentarios en Galicia, de cooperación leal co Estado e coas comunidades autónomas, de busca permanente de consenso coas forzas políticas sociais de Galicia e de lealdade institucional nun pacto de Estado. Porque o financiamento das comunidades autónomas ata o de agora foi un pacto de Estado, porque todas as comunidades autónomas tiñan subscrito o sistema de financiamento das comunidades autónomas.

A actitude do Goberno de España é unha actitude que contrasta, que contrasta sobre a lealdade do Goberno da Xunta de Galicia. A información –como digo– foi escasa ou inexistente. De feito, non dispuxemos de nin un só papel ata corenta e oito horas antes de ter que votar o papel que se nos remitía un domingo ás seis da tarde. As reunións eran, como mínimo, contraditorias; as mensaxes públicas eran claramente contraditorias. Entre as mensaxes do vicepresidente terceiro e da vicepresidenta segunda estaba claro que estabamos falando con dous interlocutores distintos; iso si, sobre un mesmo contido.

Non houbo negociación entre as comunidades autónomas, senón entre o Partido Socialista Obreiro Español, o Partido Socialista de Cataluña e Esquerza Republicana de Cataluña, e posiblemente, en menor medida, tamén co Partido Socialista de Andalucía. Pero non houbo negociacións coas comunidades autónomas, e iso teño que salientalo despois de contrastar esta información coa inmensa maioría dos presidentes das comunidades autónomas de calquera partido político. Por iso quero dicir que non había vontade de acordar coas comunidades autónomas, senón de acordar o Goberno cos seus socios parlamentarios. A proba deste ningún interese en pactar coas comunidades autónomas é que cando mandan o papel ao Consello de Política Fiscal e Financeira xa estaba pactado. A proba máis evidente de que non había interese de acordar é que, primeiramente, acordaron e, posteriormente, o acordo foi transmitido ás comunidades autónomas aquel domingo ás seis da tarde.

Señorías, creo que fomos leais, creo que fomos dilixentes e creo que fomos coherentes, e lamentablemente non podo dicir o mesmo do Goberno de España. Creo que non foi leal, creo que non foi dilixente e creo que non foi coherente.

Quixera, para ir rematando, facer avaliación do modelo proposto. A avaliación global do modelo proposto é un incremento das desigualdades. A

avaliación global do modelo proposto é unha clara limitación da solidariedade interterritorial.

Vou facer unha análise o máis subxectiva posible, destacando, por suposto, os aspectos negativos do modelo e tamén non tendo ningún inconveniente en poñer enriba da mesa algún aspecto positivo deste modelo, pero sen cambiar para nada a posición que ten o Goberno da Xunta de Galicia en relación con este novo modelo: incrementa as desigualdades e hai unha clara limitación ao principio de solidariedade interterritorial.

Os aspectos negativos deste modelo, señorías, na nosa opinión, son os seguintes: limitase a solidariedade interterritorial; hai un claro abuso da variable de poboación; non se consideran os tramos de idade para maiores de 65 anos, que teñen un evidente peso no custo sanitario e no custo dos servidores sociais; hai unha redución do peso da variable dispersión, e hai unha absoluta falta de consideración do 14% da poboación galega residente no exterior.

Estes son os motivos que nos levan a facer unha análise negativa dese modelo. Quixera simplemente, para ir rematando, concretar os razoamentos de cada un deles:

Cando digo que hai unha limitación da solidariedade interterritorial é porque por primeira vez na historia do Estado autonómico se pasa dun sistema de nivelación total a un sistema de nivelación parcial; é dicir, non todos os recursos públicos quedan ao servizo das comunidades autónomas; non toda recadación do Estado, o cen por cento, queda ao servizo do financiamento do cen por cento das comunidades autónomas. Agora, o 25% do que se recada en cada comunidade autónoma queda exclusivamente para o financiamento desa comunidade autónoma; é dicir, rómpese do cen por cento da recadación para todos e pásase ao 75% da recadación para todos, o cal significa que as comunidades autónomas con maior recadación preservan o 25% da súa recadación exclusivamente para os seus intereses. Polo tanto, hai unha ruptura claramente do principio de solidariedade que estaba comprometido en anteriores modelos.

Esta reiterada petición de incrementar como mínimo ese 75% como mínimo ao 85%, para que fora o fondo para repartir entre todos, foi claramente rexeitada polo Goberno, e deste fondo lamentablemente, ademais, o 75% será distribuído basicamente en función da poboación. Por iso entramos na segunda parte: un abuso da variable de poboación.

O modelo abusa da variable de poboación tanto no modelo básico como nos fondos adicionais. A poboación, señorías, é un factor, pero non o único factor.

A poboación é certo que conleva incremento de custos, pero tamén conleva dinamismo económico e incremento de ingresos. O incremento da poboación xoven supón un custo para as comunidades autónomas, pero o incremento da poboación avellentada supón tres veces máis de custo que o incremento da poboación xoven.

Por iso, non podemos estar de acordo con este sistema de financiamento, e voules poñer algúns exemplos. Dos 4.900 millóns destinados a fondos adicionais para reforzar o Estado de benestar, tan só o 3% lle corresponde a Galicia. Este problema agrávase aínda con máis incongruencias: un dos fondos adicionais, o de competitividade, faise para as comunidades autónomas en relación coa súa capacidade ou esforzo fiscal, é dicir, un fondo claramente para as comunidades autónomas máis desenvolvidas economicamente, é dicir, máis ricas; sen embargo, o Fondo de Cooperación, que está destinado ás comunidades autónomas con menor renda, distribúese atendendo á variable de poboación en termos absolutos, e non atendendo á variable de poboación axustada.

Escenario incerto

Este tipo de consideracións teñen un porqué, e o porqué é porque interesaba a determinadas comunidades autónomas, sobre todo á Comunidade Autónoma de Andalucía, que no Fondo de Cooperación, onde estaba Andalucía, Galicia e outras, non se fixera a súa repartición en función da poboación axustada, senón da poboación absoluta; isto, efectivamente, beneficia a uns e prexudica a outros.

Non estamos de acordo con este sistema porque non se consideraron os tramos de idade superiores a 65 anos, aínda que si temos que recoñecer que por primeira vez se inclúen sete tramos por idades nas variables que financian o gasto sanitario. Pero é certo que hai idades entre 65 e 85 anos, e máis de 85, que quedaron fóra da ponderación da poboación axustada.

Digo que non podemos apoiar este acordo de financiamento porque se reduciu o peso da variable de dispersión. E este debate, que compromete a vicepresidenta segunda do Goberno a manter outra vez na Comisión Bilateral con Galicia no momento de concretar as cifras, é certo que, segundo a vicepresidenta segunda, os fondos de dispersión diminúen, segundo a Xunta de Galicia, os fondos de dispersión si diminúen. E temos o compromiso político de volver ver os fondos de dispersión, a ver se ten razón a vicepresidenta segunda ou, pola contra, os técnicos da Xunta de Galicia.

Señorías, hai un compromiso político paralelo. Veremos en que queda ese compromiso político. E por iso pídolles o seu apoio, para que ese compromiso político se faga de verdade, vendo as cifras e vendo exactamente cales son os fondos dedicados á dispersión.

E, por último, o último motivo, e non menos importante, refírese á non consideración da emigración. Sen dúbida, era un gran cabalo de batalla da nosa Comunidade Autónoma. É certo que nunca se financiou a emigración, pero é certo tamén que nunca tivo tanto peso a poboación en ningún sistema de financiamento. E é certo, ademais, que o modelo de financiamento actual o que establece é unha actualización en función da poboación. Pois se a poboación ten tanta importancia, Galicia ten o 14% da súa poboación pola que non se recibe un só euro para as necesidades básicas da mesma. E esas necesidades básicas, señorías, teñen obrigas legais para a Comunidade Autónoma. O Estatuto de autonomía de Galicia recoñece expresamente o feito da galegitude. O Estatuto dos españois residentes no exterior sinala obrigas, non só para a Administración do Estado, senón tamén para as comunidades autónomas, de atender os custos que supón a emigración.

Este non é un tema menor. Temos o 27% da total da emigración de España. A media de residentes no exterior das comunidades autónomas está por debaixo do 3% do seu censo. En Galicia, os residentes fóra da Comunidade Autónoma están no 14% do seu censo. Se hai dereitos políticos, ten que haber dereitos económicos. E nisto, señorías, tampouco o Goberno central tivo a máis mínima sensibilidade para aceptar este feito constatable; un feito a todas luces xusto en termos políticos, pero tamén en termos económicos.

Non teño ningún inconveniente en sinalar cales foron, na nosa opinión, os aspectos menos negativos ou, como diría un optimista, os aspectos en parte positivos que se concretan neste acordo. É certo que se incrementa o fondo que Galicia ía recibir inicialmente. De 438 millóns de euros –primeira cifra segundo os datos que me foron facilitados– pasouse a 447 millóns de euros na reunión do 15 de xuño na Moncloa. Posteriormente pasouse o 12 de xullo a 590 millóns de euros. E, segundo os datos que posúe a Comunidade Autónoma, ao final estamos falando dunha cifra de arredor de 654 millóns de euros. É dicir, 200 millóns de euros máis que a cifra inicial prevista nas primeiras xuntanzas co Goberno de España. Este incremento de 200 millóns de euros non é un incremento menor, pero si digo que é un incremento insuficiente en termos cuantitativos, e moito máis en termos cualitativos, da evolución do modelo nos seguintes anos.

Sen dúbida, outro aspecto positivo é que se incrementa a corresponsabilidade fiscal efectiva. E é certo tamén que se amplían as competencias normativas en materia de IRPF ás comunidades autónomas. É certo que se dotan con, parece ser, 29 millóns de euros –digo: parece ser– as políticas lingüísticas das comunidades autónomas con coficialidade lingüística. E é certo que tamén no Consello o día 15 se conseguiu que o Fondo de Compensación Interterritorial, que se mantén fóra do financiamento, o aumento dese Fondo de Compensación Interterritorial non conleva automaticamente o incremento do Fondo de Competitividade, porque se realmente as comunidades autónomas que necesitan o Fondo de Cooperación Interterritorial automaticamente teñen que trasladar fondos a aquelas comunidades que teñen unha renda por riba da media, sería o máximo dentro do que é a insolidariedade tamén en materia de investimentos.

Señorías, é evidente que este acordo, na nosa opinión, en termos xerais, segue sendo negativo para os intereses de Galicia, e por iso non imos apoiar este acordo. É certo, señorías, que coñecemos cifras que melloraron –200 millóns de euros é unha contía que hai que recoñecer–, pero tamén é certo que aínda queda por definir nas respectivas comisións mixtas a cantidade exacta que imos percibir as comunidades autónomas.

Estamos aínda nun escenario marcado pola incerteza. A vicepresidenta segunda do Goberno nega a súa comparecencia ata o día 26 agosto no Congreso dos Deputados; alí supoño que por primeira vez lle dirá ao Estado, é dicir, ás comunidades autónomas que formamos parte do Estado, cales son as contías que nos corresponden a todas, para ver se a suma son 11.000 ou máis millóns de euros. O que si é certo é que estamos –espero– cun modelo con data de caducidade. O que si é certo que este modelo non beneficia a Galicia nin a outras comunidades autónomas. Este modelo non beneficia a solidariedade das comunidades autónomas. E é un modelo que se constrúe sen unha base sólida, sen contemplar os parámetros de custo real da prestación de servizos públicos, sen garantir os principios de igualdade e sen as garantías de suficiencia. E por iso espero que este modelo se revise en profundidade no futuro próximo.

Creo que substituír un acordo unánime das comunidades autónomas por un desacordo evidente non pode ser cualificado de exitoso. Estase rachando o consenso e facéndolles un fraco favor ás comunidades autónomas. Por iso, señorías, nós non podemos apoiar o modelo, non podemos apoiar o modelo que limita a solidariedade, que descarta considerar a emigración e que non

garante a posición relativa de Galicia no modelo vixente. É certo e sabemos que ao ministerio aínda lle resta por concretar coas comunidades autónomas na Comisión Mixta os aspectos e as cifras exactas que imos percibir. E neste contexto a Comunidade Autónoma galega non apoia ese acordo de financiamento polas razóns que acabo de expoñer e, sobre todo, por unha razón básica: porque o mandato do Parlamento de Galicia non foi reflectido no acordo de financiamento da Comunidade Autónoma.

Máis nada e moitas grazas.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA PARA INFORMAR E DEBATER RESPECTO DA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

16 de marzo de 2010

Señora presidenta, señoras e señores deputados.

Vicente Risco resumía nunha frase unha das mellores definicións do noso ser: «Ti dis: Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo. Pode ser pequena en extensión, pero en fondura e en entidade é tan grande como queiras».

Penso que os que estamos aquí compartimos esa reflexión. Permítanme, pois, que, no nome de todos nós, saúde en primeiro lugar ás galegas e aos galegos deste mundo que é Galicia, e no que, por suposto, ten un protagonismo especial a comunidade emigrante.

Nas palabras de Risco atopo a primeira e máis importante conclusión que me gustaría trasladarles ás súas señorías nestes primeiros segundos do debate de política xeral desta oitava lexislatura. Galicia pide de cada un dos seus fillos un papel activo, digo con satisfacción que a Xunta o ten. Non creo nunha Galicia improvisada, ao revés, penso que na actividade diaria dun gobernante responsable debe haber planificación.

Esa especie de arquitectura política é a que nos permite saber cal é o punto de partida, no caso de Galicia marcado por un reto conxuntural, por un reto conxuntural prioritario –deseñar un plan estratéxico que na fin da crise nos sitúe no mellor punto de partida posible–, e por varios retos estruturais que dean o inicio á segunda modernización de Galicia, como a ordenación do territorio, o futuro financeiro e o rexuvenecemento demográfico da comunidade.

Esa arquitectura política que nos permite definir o punto no que comezamos é tamén a través da que cara a onde nos propoñemos chegar, unha Galicia global que garanta a igualdade de oportunidades a todos os cidadáns.

Será precisamente esa revalorización da política un dos eixos fundamentais da miña intervención neste debate sobre o estado da Autonomía.

Tal e como eu a entendo, a política é consubstancial coa liberdade, é a mellor ferramenta que teñen as sociedades para converter a liberdade de cada un dos seus membros en liberdade colectiva. É a política a que pode transformar as esperanzas en feitos e as enerxías espalladas nas accións comúns. Sen a política, os pobos non son protagonistas do seu destino, senón suxeitos pasivos dos acontecementos.

A pregunta que cómpre facerse na Galicia de 2010 é: ¿que requisitos ten que reunir a acción política para dar respostas aos desafíos? O primeiro deles é saber combinar os grandes principios inspiradores coas medidas concretas. Un Goberno que careza dunha idea global do seu país, que non teña unha imaxe coherente das diferentes pezas que o compoñen, dificilmente poderá acertar cando afronte os problemas sectoriais ou os problemas territoriais.

Queremos estar xuntos, Galicia é unha unidade, non unha mera xustaposición de enclaves xeográficos que simplemente coinciden nun lugar do mapa.

Unha política eficaz a estas alturas do século XXI require, como lles dicía, unha visión de conxunto baseada en principios, unha política eficaz nos tempos que vivimos non admite inhibicións.

Galicia non merece gobernos que esgotan as súas enerxías en pelexas domésticas, tampouco administracións que foxen dos asuntos conflitivos. Gobernar é decidir, implicarse, estar presente alí onde os intereses galegos están en xogo. ¿Para que queremos un goberno propio se deixamos que decidan por nós? ¿Para que temos institucións propias se permanecen caladas en cuestións esenciais para o noso país? Parte dos males de Galicia no pasado debéronse á falta dun poder propio, agora que o ten non vai estar ausente.

Señorías, este Goberno ten principios, ten medidas, ten feitos e adopta decisións, foron principios e medidas que se someteron á vontade dos galegos,

que recibiron o seu respaldo maioritario e que xa se están a converter en feitos e decisións na acción cotiá do Executivo.

Algúns consideran reiterativa e cansina a referencia ao mandato electoral. *Vox populi, vox dei*, dicía o vello proverbio. En termos máis modernos, o vencello que establece o elector co seu representante é o máis semellante a un contrato. Cumprir coa palabra dada, cumprir coa palabra dada á cidadanía forma parte esencial do meu compromiso ético coa política.

Entendo, ademais, que a lixeireza con que ás veces se tratan as ofertas electorais explica a desafección que algunha xente sente pola actividade pública. O político que fai do seu programa un papel mollado está a fomentar un sentimento que ve na política unha versión da picaresca. O programa está vixente, a palabra que se lles deu aos galegos estase cumprindo, e o contrato con Galicia está en vigor.

O que Galicia quere e o que Galicia é está plasmado nos resultados electorais, é precisamente nas urnas onde a sociedade se amosa coma un conxunto homoxéneo, onde se mesturan territorios, se mesturan sectores e se mesturan individuos. Non vale, polo tanto, erguer fronte a este país real outros imaxinarios, nin pretender suplantar a vontade maioritaria. A democracia é o goberno das maiorías con pleno respecto ás minorías.

Pois ben, Galicia quere austeridade e este Goberno é austero: a redución do 25 % das consellerías, o recorte do 50 % dos altos cargos e o axuste á baixa das súas retribucións nun 3 % teñen un valor cuantitativo e cualitativo. Góbername con leis e con exemplos. Os plans contra a crise estarían incompletos de non ir acompañados de actitudes coherentes, e este Goberno as ten.

Galicia quere un equilibrio no modelo lingüístico que se aplique no ensino. O Goberno dá resposta a esa reclamación desbotando as políticas que iniciaban a rotura da tolerancia e da cordialidade. De novo a sociedade volve ser para nós o guieiro. Na convivencia idiomática que a nosa xente practica a decote ha de estar a inspiración da política lingüística en xeral, e da que se aplique na escola en especial. Galicia é un país lingüisticamente san, que non precisa de tratamentos de choque, senón de respecto e cordialidade, e é o que está a procurar o noso Goberno.

Galicia quere transparencia, e por iso comprometémonos a revisar un concurso eólico opaco que podería ter lastrado durante décadas o desenvolvemento do sector enerxético. O compromiso traducíuse nunha lei deste Parlamento e nunha próxima convocatoria que garanten unha explotación racional dese recurso fundamental e un rendemento, un rendemento claro

e taxado para o conxunto da comunidade que xa estamos obtendo dende xaneiro deste mesmo ano.

Unha parte do noso compromiso ético é o cumprimento da palabra dada aos nosos cidadáns; a outra, a outra parte do compromiso ético, é a verdade. Un pobo adulto como o noso non merece ocultacións nin subterfuxios. No meu discurso de investidura citaba o presidente Havel cando, dirixíndose ao seu país, dicía que non fora elixido para mentir. Volvo lembrar este estadista para dicir que a política debe de chegar a ser un arte de acadar mesmo o imposible cando conta cun pobo informado, cun pobo decidido e cun pobo unido.

Señorías, empezamos a gobernar coa verdade por diante e sen triunfalismos. Mentres outros agachaban os datos elocuentes da crise, nós admitíámolos para loitar contra ela. En contraposición a gobernos que preferiron negar o evidente, nós puxemos a Administración a traballar nun plan de choque e nun plan estratéxico, e iso malia contar con orzamentos irrealistas que tivemos que reaxustar conforme a situación real da Facenda pública galega.

Preferimos ser hormigas que ser cigarras. A fábula de Samaniego volve rematar coa mesma conclusión cando se aplica á acción política. Os gobernantes que soamente cantan vense despois obrigados a intentar consensos apresurados e confusos. Os gobernos que traballan sen fachenda e comparten a verdade coa xente poden reaccionar a tempo e enfrontarse mellor coas dificultades. Ese vai seguir sendo o noso rumbo. Na crise, rigor e responsabilidade para pagar o que outros deixaron a deber e non gastar o que non temos. E como proba aí está o peche do exercicio do 2009, sendo Galicia unha das poucas comunidades autónomas que cumpriron co obxectivo de estabilidade orzamentaria, a mellor forma de amosar a credibilidade e fiabilidade que un Goberno precisa para xerar confianza nas súas políticas.

Aludía antes a eses principios vertebradores que deben dar coexistencia e consistencia a unha acción de goberno. Quero neste punto determe neles e resúmilos en dous grandes capítulos: o galeguismo do século XXI e a Galicia global.

O galeguismo non é unha estatua de sal, o galeguismo ten unha esencia que permanece inmutable ao longo do tempo e unha concreción que varía de acordo co contexto nacional, internacional e económico que rodea o noso país. Os galeguistas devanceiros déixannos en herdanza un espírito que nós temos a obriga de interpretar na época que nos tocou vivir. Nin Castelao, nin Risco, nin Piñeiro eran quen de legarnos receitas concretas para unhas circunstancias que non podían imaxinar. Tampouco o galeguismo de hoxe podería elaborar un programa para a Galicia de dentro de cincuenta ou de cen anos.

Eu non creo no galeguismo de museo, concibo o patriotismo galego como unha forza activa e moderna na que podemos atopar respostas ás encrucilladas actuais. Tampouco confío no galeguismo declarativo, que esmorece cando se pon en contacto con decisións esenciais para o noso futuro como comunidade.

O Goberno reitera que hai sitio para todos nos grandes asuntos que atinxen ao país, reitérao e practícao. Esa man tendida que ofrecín no meu discurso de investidura atopou respostas positivas en diferentes administracións e axentes sociais. Esa fe no entendemento fixo posible o acordo asinado co Goberno central para asegurar o tren de alta velocidade galego; esa fe está presente nos pactos feitos polos concellos e coas provincias en materia de urbanismo, en materia de novas tecnoloxías e en materia de pacto local; esa fe tamén mantén abertas catro mesas de diálogo de traballo cos sindicatos e empresarios e tamén albisca unha reforma da Lei do solo con rexeitamento escaso.

Ninguén pode negarlle a este Goberno a súa disposición ao pacto. No que aos consensos se refire, somos ambiciosos. Non nos conformamos coa maioría que o pobo galego nos outorgou; queremos gobernar para todos, con todos e sen exclusións.

Desgraciadamente, tal cousa non sempre é posible. Ese galeguismo do século XXI tamén nos obriga a erguer a voz cando en fronte atopamos discriminación, arbitrariedade ou xordeira. Sucedeu, señorías, cando a Xunta de Galicia acudiu a negociar o novo modelo de financiamento autonómico; cun amplo acordo acudimos, das forzas políticas, debaixo do brazo. Un goberno baseado no consenso –o noso– tivo no outro lado da mesa unha administración hipotecada pola súa febleza política. Denunciámolo porque ese galeguismo moderno contempla unha España xusta e equilibrada. Non foi posible.

Globalización espontánea

¿En que consiste ser galeguista no século XXI? Tamén en propugnar que Galicia estea presente no mapa financeiro español. Debémolles esa loita aos que no pasado deron forma coa súa intelixencia, co seu aforro e co seu esforzo a unhas entidades singulares que teñen a súa razón de ser no arraigo territorial. Hai un compromiso co pasado, pero sobre todo unha convicción de que o futuro económico e social de Galicia será distinto con caixas ou sen caixas.

Así o entendeu a sociedade galega. Así o entenderon os partidos, sindicatos e entidades que asinaron un acordo digno dun gran país. Así o entende o Goberno que impulsa a fusión. E por iso o Parlamento aprobou unha nova

Lei de caixas de aforros cun amplo respaldo dos 2/3 da Cámara; unha lei en perfecta consonancia coas que xa están vixentes noutras comunidades autónomas. O galeguismo das declaracións traducíuse no galeguismo dos feitos. Soamente se excluíron os que prefiren obedecer os intereses que eles coñecerán, pero que non son os de Galicia. En todo caso, aínda están a tempo de incorporarse á gran maioría social de Galicia, que require a defensa dunha visión igualitaria das súas caixas; unha fusión clave para o futuro dos nosos sectores produtivos e para o progreso económico do país.

Ese galeguismo, sempre, e hoxe tamén, séntese partícipe dunha tarefa común que chamamos España. Nada do que ocorre en España énos alleo, e non queremos ser alleos ás decisións que se adopten en España.

O modelo autonómico consagrado na Constitución e nos estatutos ten dúas esixencias para seguir sendo unha solución e non converterse nun problema: lealdade e equidade. A nosa experiencia de goberno estanos ensinando que ningún deses valores está inspirando importantes políticas da Administración central. Faltou equidade e lealdade con Galicia na negociación do financiamento autonómico, e a deslealdade e a arbitrariedade presiden a actitude do Executivo central en materia de caixas de aforo.

Non soamente se danan os lexítimos intereses do noso país; póñense en risco, ademais, os fundamentos dunha España solidaria. Recuperar unha relación leal e equitativa entre as comunidades autónomas e o Goberno é un obxectivo que nos ocupa e preocupa como galegos e como españois que viven nun mundo que ten na cooperación o mellor camiño.

O galeguismo é un principio que informa toda a acción do Goberno. Tamén facendo efectiva a tradicional visión da nosa terra como célula de universalidade e non como illa que mira con desconfianza ao seu arredor. Unha Galicia aberta a España, unha Galicia aberta a Europa e unha Galicia aberta a todo o mundo. O anxeio por tender pontes de cooperación con outras comunidades de España xa estivo presente no protocolo asinado con Castela-León e na xuntanza co lehendakari Patxi López. Démoslles prioridade ás relacións con Portugal, mantendo encontros en Lisboa co presidente da República, Cavaco Silva, e co primeiro ministro, José Sócrates, e relanzando dende os primeiros meses a Comunidade de Traballo Galicia-norte de Portugal. E estamos a ter unha presenza activa en Bruxelas na defensa dos nosos intereses, manifestada nos encontros co presidente da Comisión, Durão Barroso, co presidente do Parlamento Europeo, ou, nos máis recentes, co presidente do Comité das Rexións e coa nova comisaria de Pesca, María Damanaki, celebrados nas últimas semanas en Vigo.

A Galicia global xa existe. En certo modo, xa existe na sociedade, no mundo empresarial, na cultura e nas relacións humanas. Galicia é un ámbito común no que a gran maioría dos galegos cooperan e conviven, deixando moi atrás os tempos dos localismos. Levar esa conciencia que se vive espontaneamente na xente ás diferentes administracións é unha tarefa prioritaria nos tempos que vivimos.

Non se trata de que ninguén renuncie a nada. Na suma dos esforzos ganamos todos, e cos ciúmes estériles entre territorios todos seremos perdedores. En Galicia xa non hai norte e sur, senón avance ou retroceso. O avance require partir da premisa básica de que o noso país ten problemas galegos que reclaman solucións galegas, feitas de maneira mancomunada por todos os poderes públicos que actúan en Galicia.

Como se dun peregrino se tratase, Galicia percorreu xa dúas etapas importantes da súa andaina autonómica. Coa axuda de todos, e baixo diferentes direccións políticas, o noso país afrontou unha primeira fase polarizada na institucionalización e no autogoberno. Dotouse de símbolos, construíu a andamiaxe administrativa e fomentou a confianza nun sistema que ata entón soamente existira na imaxinación.

Chegará despois o momento da autonomía do benestar: infraestruturas, dotacións, servizos. O novo sistema político aséntase nunha nova lexitimidade baseada na eficacia. Temos pois unha fase simbólica e outra xestora. Agora Galicia ten que emprender unha nova singradura que se resume en tres palabras: cooperación, coordinación e coherencia; cooperación entre as administracións, coordinación de esforzos e coherencia na orientación das nosas infraestruturas e servizos. Hai unha nova lexitimidade que xurdirá da nosa intelixencia para aunar enerxías que se están dilapidando en tensións impropias dun mundo global no que Galicia se move.

A clave desta etapa témola nesa globalización espontánea que a sociedade galega xa emprendeu e tamén no noso contorno. Se o mundo se esforza en cooperar, se existen retos que soamente se poden responder con políticas europeas ou planetarias, ¿non seremos quen de facer do noso país un conxunto harmónico? Estou certo de que si. Quen á discordia se entrega, vai dereito cara á morte. Dícião Curros Enríquez moito antes de que a crise plantexara as súas exixencias.

Pouco a pouco medra a conciencia de que a fortaleza do noso país no exterior depende en boa medida da súa unidade no interior. O discurso revellido que mira con desconfianza o veciño, que sementa sospeitas e ergue valados,

queda en evidencia diante dunha sociedade nova e aberta. O meu Goberno, señorías, está do lado da Galicia unida do século XXI e non da Galicia fragmentada do XIX.

Pois ben, nestes once meses o Goberno galego non se limitou a pregoar a Galicia global, senón que deu pasos efectivos para acadala. E todos estes pasos están condicionados hoxe pola loita contra a crise económica e o paro. Por iso, antes de profundar no contido da Galicia global que queremos ir construíndo, permítanme facer unha referencia á grave crise económica que nos tocou asumir e ás ferramentas horizontais que este Goberno puxo en marcha de inmediato.

Cando hai once meses chegamos ao Goberno, Galicia –ao igual que o conxunto de España– estaba sumida nunha das maiores crises económicas do último medio século. Xa dende finais do 2007, a pesar de que os gobernos de España e Galicia se negaban a recoñecelo, todo o mundo era consciente de que o ciclo alcista da economía tiña chegado á súa fin. Sen embargo, o ano 2008 pasou vendo como o Goberno de España e o Goberno bipartito en Galicia seguían negándose a falar da crise e non tomaban as medidas de reforma necesarias para afrontar tan delicado momento.

Permítanme lembrar dous datos do que sucedeu en Galicia dende mediados do ano 2007 ata o mes de abril do ano 2009. O primeiro, o paro rexistrado aumentou en máis dun 50 % en menos de dous anos: 71.000 persoas, pasando de 140.000 parados en xullo do 2007 a máis de 211.000 en abril do 2009. O segundo, o crecemento económico. Pasamos de medrar un 4,4 % no terceiro trimestre do 2007 a un crecemento negativo de máis de 2 puntos no primeiro trimestre do 2009.

Ante esta gravísima situación, durante a campaña electoral xa advertimos que nos primeiros tempos desta nova lexislatura nos centrariamos en cumprir un obxectivo primordial: paliar os efectos da crise; paliar os efectos da crise tentando desacelerar o tremendo ritmo de incremento do paro e o tremendo ritmo de baixada do produto interior bruto galego. A este obxectivo están dirixidas todas as accións que este Goberno ten executado durante estes once meses.

Quero, sen embargo, determe agora en dúas delas: o Plan de choque, aprobado nos cen primeiros días, e o Plan estratéxico 2010-2014, que en breve será presentado para a súa discusión nas mesas de diálogo social.

Dentro dos cen primeiros días de goberno puxemos en marcha o Plan de medidas urxentes fronte á crise, chamado Plan de choque. Este plan conseguiu mobilizar 1.200 millóns de euros –o que é o mesmo, o 11 % do orzamento do

ano 2009–, con dúas ferramentas: a austeridade e a reorientación dos sectores produtivos. Podemos destacar algúns efectos deste Plan de choque: beneficiáronse 30.000 parados e outros 24.000 traballadores consolidaron o seu emprego grazas ás axudas da Xunta aos distintos sectores produtivos estratéxicos.

De como afectou este plan á evolución do paro en Galicia seguro que hai varias versións contraditorias. O que non é discutible é o que é evidente, e o que non é discutible son os datos do Instituto Nacional de Estatística. A taxa de paro en Galicia é seis puntos inferior á de España: taxa de paro en Galicia, 12,8 %; taxa de paro en España, 18,8 %. Dende a nosa chegada, o paro aumentou máis do dobre en España que en Galicia: en Galicia, 0,7 puntos e en España 1 punto e medio. O INE sinala que os parados galegos representan o 3,8 % do total dos parados de España. No ano 2007, a finais, representaban o dobre, o 5,6 % dos parados do total de España eran galegos; hoxe o 3,8 % do total de parados de España son galegos.

Por iso consideramos que, ademais das medidas de impacto inmediato, o noso traballo debe encamiñarse tamén a deseñar unha actuación a medio e longo prazo. Neste sentido, quero anunciar, quero anunciar hoxe, a presentación, dentro do primeiro ano de goberno, do Plan estratéxico 2010-2014, un proxecto económico do Goberno que ten por obxectivo xa non só encara a crise, senón tamén aproveitar as oportunidades do novo escenario e saír reforzados cara á vindeira década. O Plan estratéxico será presentado nas mesas de diálogo social para discutilo cos axentes sociais e económicos e así poder integrar as súas achegas.

Elaboraremos o plan seguindo cinco principios:

A austeridade, o Goberno debe dar exemplo. O liderado, marcando unha estratexia clara de futuro. A confianza, baseada na credibilidade do Goberno. A estratexia territorial, con solucións adaptadas a cada territorio. E a cooperación cos axentes sociais e as institucións.

Seguindo estes principios, o plan quedará configurado baixo cinco eixos principais:

A cohesión social o benestar e calidade de vida. A dinamización económica e o crecemento do emprego. A economía do coñecemento. A sostibilidade medioambiental e o equilibrio territorial. E unha administración austera, eficiente e próxima ao cidadán.

Estes eixos contemplarán máis de cen medidas, máis de trescentas actuacións e máis de catrocentos indicadores. E será un plan que implicará unha

nova forma de actuar dende a Administración, imprescindible para ser eficaz e eficiente nos novos tempos. Por primeira vez integrárase a planificación económica nuns orzamentos orientados a resultados. Cada euro público haberá de xustificarse en función da súa utilidade e efectividade.

Xacobeo 2010

Quero neste punto facer unha mención específica ao Xacobeo 2010.

O Ano Santo é un evento crucial para Galicia. Neste sentido, quero manifestar a satisfacción que para este Goberno –e estou seguro que para a inmensa maioría das galegas e dos galegos– supón a próxima visita do Papa Benedicto XVI a Compostela o vindeiro 6 de novembro. Unha visita que nos ofrece ademais unha excelente oportunidade para difundir a imaxe do noso país en todo o mundo. Unha visita que temos que agradecer á Igrexa galega, á Igrexa española e ao Santo Pai polo seu compromiso e aposta polo Ano Santo Xacobeo.

En todo caso, cómpre salientar que cando chegamos ao goberno nos sorprendeu o escaso, por non dicir nulo, avance na programación do Xacobeo 2010. En apenas oito meses fixemos un notable esforzo para compensar o tempo perdido. Negociamos patrocinios e confiamos en chegar aos 20 millóns de euros nun contexto de acusada crise económica. Elaboramos unha programación coa que esperamos chegar a máis de 2.000 actividades, dando un protagonismo á presenza da cultura galega e das industrias culturais galegas. Arredor do 70 % das actividades do Xacobeo teñen orixe en Galicia.

Fixemos e estamos a facer campañas de promoción e publicidade en todo o mundo e melloramos as rutas e as infraestruturas.

O Plan integral conxunto de rehabilitación, con axudas de 14 millóns de euros para 500 parroquias e 111 concellos.

Temos preparado o Plan corrector dos camiños, con 12 millóns de euros para o Camiño francés, portugués e Fisterra-Muxía, e o Camiño inglés, norte, primitiva e Vía da Prata.

E para ampliar a oferta dos albergues, duplicando por dous a totalidade de ofertas que hoxe temos, pasando de 3.000 a 6.000 prazas.

Confiamos en que o Xacobeo supoña un importante revulsivo para a economía galega. De feito, confiamos en que ese impacto nos permita ser unha das poucas comunidades autónomas que acabará o 2010 con taxas positivas.

Preocúpanos, iso si, o impacto que a suba do IVE poida ter na contracción do consumo e, consecuentemente, no impacto negativo que pode sufrir o

sector turístico. E tamén nos preocupa a falla de apoio que polo momento está amosando o Goberno central co Xacobeo.

Como dixen nesta Cámara, este Xacobeo é unha oportunidade histórica para Galicia. Por iso a colaboración de todos –Xunta, Goberno central, concellos, grupos parlamentarios, partidos políticos– sempre será benvida.

Queremos gañarlle a batalla á crise e ao paro. Porque, para nós, a Galicia global que defendemos é o resultado de moitas aspiracións cara ás que temos que traballar unidos como sociedade.

O Goberno pretendeu nestes primeiros once meses promover esa Galicia global traballando en sete eixos. Unha Galicia ordenada e competitiva, unha Galicia preparada, unha Galicia que apoia os seus sectores estratéxicos, unha Galicia con benestar, unha Galicia saudable, unha Galicia orgullosa de si mesma e do seu e unha Galicia aberta.

Competitividade é a palabra clave. Este Goberno pretende que tanto Galicia como as súas empresas sexan competitivas. Para que Galicia sexa competitiva como país consideramos que o noso labor debe centrarse en cinco aspectos: facer posible un sector público eficiente e eficaz; ter unha idea clara de como queremos que estea configurado o noso territorio; planificar e executar en prazo as infraestruturas que nos permitan vertebrar o territorio e comunicarnos entre si; garantir o acceso ás novas tecnoloxías que permitan eliminar as fendas dixitais; garantir a máxima seguridade xurídica, o que implica un sistema xudicial con medios. E para que as nosas empresas, xunto co país, sexan competitivas, é necesario tamén que as súas empresas, como digo, sexan competitivas. Por iso temos que fomentar o espírito emprendedor, axudalas a acceder a fontes de financiamento, animalas a que aposten pola innovación e apoialas para que exploren outros mercados e medren internacionalmente.

Paso agora a comentar como a Xunta de Galicia trata de sentar as bases desa Galicia ordenada e competitiva como primeiro eixo da intervención.

Un sector público eficaz e eficiente, consciente da limitación dos recursos cos que conta é imprescindible para que un país sexa competitivo. Esta afirmación revélase aínda máis certa en momentos como o actual, marcado por unha drástica caída dos ingresos públicos. Por iso a política de austeridade deste Goberno, ademais dun compromiso ético, é tamén unha necesidade. Necesidade aínda máis imperiosa cando hai once meses comprobamos un dobre problema nas contas públicas autonómicas.

En primeiro lugar, un burato de máis de mil millóns de euros no presuposto do ano 2009, cunha falsa previsión de ingresos –unha sobrevaloración de

609 millóns de ingresos– e cunha falsa previsión de gastos, con necesidades adicionais non cubertas polos orzamentos en máis de 400 millóns de euros. O primeiro problema. E o segundo, unha débeda que Goberno central nos reclama de preto 2.000 millóns de euros, que se gastaron froito das malas previsións dos orzamentos anteriores.

Con este escenario, a aposta pola austeridade tiña máis sentido que nunca, e nese senso adoptamos dúas medidas con carácter inmediato: dotamos de racionalidade a estrutura do Goberno e aprobamos nos primeiros cincuenta días un Plan de austeridade.

Racionalidade na estrutura do Goberno significou reducir un 25 % o número de consellerías, un 50 % o número de altos cargos e acometer unha profunda remodelación da Administración periférica, pasando de 52 delegados provinciais a 5 delegados territoriais.

Pero ese traballo de simplificación ten que continuar. Temos que seguir reordenando e racionalizando o sector público autonómico, e por iso lles anuncio tres compromisos para o ano 2010:

Primeiro. A remisión á Cámara da Lei do Goberno e da Administración pública da Comunidade Autónoma, que substituirá e actualizará a vixente Lei da Xunta e do seu presidente.

Segundo. A remisión á Cámara da Lei de entes instrumentais da Administración autonómica, coa que pretendemos organizar con claridade os distintos tipos de entes e as súas correspondentes funcións.

Terceiro. O primeiro Plan de avaliación de organismos dependentes da Xunta de Galicia; un plan no que se teñen avaliado polo miúdo un total de 63 entes e que inclúe tamén unha proposta de supresión e redimensionamento de boa parte deles.

A segunda medida que adoptamos foi aprobar o Plan de austeridade nos primeiros cincuenta días de goberno. Un plan co que só como consecuencia da redución das consellerías, da redución dos altos cargos e do persoal de gabinete conseguírase aforrar 44 millóns de euros nesta lexislatura. Pero a austeridade, a eficiencia e a racionalidade seguirán marcando a nosa política no ano 2010.

Baixamos un 3 % o soldo do Goberno e de todos os altos cargos. Baixamos case un cuarta parte os gastos de persoal eventual e de gabinete. Baixamos un 15 % os gastos de material de oficina, un 16 % os gastos de protocolo, un 22 % os gastos de propaganda e publicidade, un 17 % as reunións e conferencias e as dietas case un 12 %. Así, ata reducir nunha media do 28 % os gastos

de funcionamento, é dicir, os gastos non produtivos. Hoxe somos unha das tres comunidades autónomas que máis aforrou nos gastos non produtivos no ano 2010.

Pero a austeridade, como lles dicía, a eficiencia e a racionalidade seguirán marcando a nosa política nos orzamentos do 2010.

En definitiva, cumprimos coa obriga de calquera goberno responsable nun contexto difícil. En primeiro lugar, pagamos o que debemos, e, en segundo lugar, non gastamos o que non temos. E neste punto quero reiterar a importancia de ter pechado o exercicio 2009 cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria marcado no 1 % do PIB da comunidade. Somos unha das poucas comunidades que pode acreditar ese logro de xestión colectiva. De feito, quedamos por debaixo da media de déficit estimada polo Estado para as comunidades autónomas, que é do dobre, do 2,2 % do PIB.

En definitiva, señorías, once meses despois cremos que Galicia conta cun sector público máis eficiente, cunha Administración máis lixeira e austera e cun gasto público axustado á estabilidade orzamentaria.

A Galicia global

A Galicia global e competitiva susténtase sobre as ideas de equilibrio e unidade. Se queremos ser competitivos, debemos partir da base de ter unha estrutura territorial ordenada.

En oito meses presentamos o Plan do litoral. O plan abarca máis de 212.000 hectáreas, algo máis do 7 % do territorio de Galicia, que queda así protexido e ordenado. O obxectivo é que ao final deste ano estea aprobado definitivamente o primeiro Plan do litoral da historia da nosa Comunidade Autónoma.

En segundo lugar, aprobaremos as Directrices de ordenación do territorio de Galicia. Subsanamos a inseguridade xurídica herdada na tramitación das directrices e elaboramos un novo documento de inicio, que se someteu ao período de consultas. Ao longo deste ano, e de maneira paralela ao Plan de ordenación do litoral, remitiremos as directrices a este Parlamento para que poidan ser aprobadas, no seu caso, definitivamente.

E o terceiro eixo nestes once primeiros meses é a aprobación e a modificación da Lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia. Esta modificación está pactada. Está pactada cos concellos e coas provincias a través da Fegamp. Supón acurtar nun terzo os prazos para a intervención autonómica no procedemento de aprobación do planeamento urbanístico, reducindo de tres a dous meses os informes da Administración

autonómica. E supón intensificar o papel responsable dos municipios nas súas competencias.

Considero, pois, que o feito nestes once meses, xunto coas previsións para o ano 2010, vainos permitir contar coa ordenación territorial máis completa que nunca tivo Galicia. Unha ordenación que, como non pode ser doutro xeito, está e segue aberta á colaboración, segue aberta á participación e segue aberta ao consenso coas institucións, coas organizacións políticas, colectivos sociais, cidadáns en xeral e, sobre todo, coas súas señorías. Neste sentido, quero reiterar a nosa oferta para impulsar un amplo pacto polo territorio.

O terceiro aspecto clave para a construción dunha Galicia competitiva é o das comunicacións.

Nos catro primeiros meses aprobamos o Plan MOVE, que orienta ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país. Deste xeito, o Plan MOVE suporá un investimento de máis de 4.200 millóns de euros entre os anos 2009 e 2015.

A modo de resumo, o Plan MOVE supón multiplicar por tres os quilómetros de vías de altas prestacións, pasando de 334 a 913. Obxectivo: que o 80 % da poboación estea a menos de dez minutos dunha vía de alta capacidade.

O Plan MOVE supón a mellora da rede convencional en máis de mil quilómetros de rede convencional. E supón, en terceiro lugar, máis seguridade viaria, co obxectivo de reducir ata un 50 % a sinistralidade e o número de falecidos nas estradas da rede autonómica.

Así mesmo, podo anunciarlles o compromiso do Goberno de presentar este ano na Cámara o Proxecto de lei de creación da Axencia Galega de Estradas. Esa axencia permitirá a xestión de todas as estradas de competencia da Comunidade Autónoma dende a optimización orzamentaria, contractual e organizativa.

O 2009 foi o ano do Acordo do Obradoiro; un acordo formal e solemne que permite desbloquear a execución das obras de alta velocidade ferroviaria en Galicia, logo dos retrasos insostibbles e dos sucesivos anuncios de prazos irrealizables que os galegos tivemos que soportar durante os anos anteriores.

O compromiso é claro: licitación de obras por importe de 4.700 millóns entre o ano 2009 e o ano 2010, co fin de que no ano 2015 as cidades galegas estean conectadas con Madrid en menos de tres horas.

Señorías, ata o de agora o acordo está a dar os seus froitos, téndose licitado 1.456 millóns de euros no ano 2009. O acordo sinala que durante o ano 2010 se deberán licitar 3.362 millóns, é dicir, 300 millóns cada mes. Dende a Xunta

continuaremos co seguimento da marcha destes traballos, co fin de que no ano 2010 esteamos ao mesmo nivel de cumprimento que no 2009. E, neste sentido, presentaremos unha atención especial –digo atención especial– á conexión de Ferrol, á conexión con Lugo, ao enlace directo de Vigo con Ourense, así como ao AVE Vigo-Porto.

No ámbito da vertebración e comunicación do territorio tamén temos que ter en conta o feito no eido do transporte público, tanto en viaxeiros por estrada como por ferrocarril como o transporte aéreo.

Neste ámbito do transporte de viaxeiros por estrada destacan dúas actuacións nos once primeiros meses. Aprobamos –e este Parlamento é testemuña– a Lei de medidas urxentes para a modernización do transporte por estrada. Intensificamos os traballos do novo Plan de transporte metropolitano de Galicia e así, a finais do mes de xuño, implantaremos definitivamente as áreas da Coruña, Ferrol e Santiago; en setembro, Lugo e Ourense; e antes de rematar o ano, Vigo e Pontevedra.

No ámbito do ferrocarril convencional traballamos en tres medidas: trasladamos ao Ministerio de Fomento o noso interese –manifestado por unanimidade das forzas da Cámara– de avaliar a creación dun ente ferroviario galego que poida xestionar unha rede de infraestruturas ferroviarias baseadas nas que quedan en desuso coa chegada do AVE. Nas vindeiras semanas licitaremos o estudo de viabilidade dunha rede de metro lixeiro de carácter metropolitano para as áreas de Vigo, A Coruña e Santiago. E estamos colaborando con todas as administracións para a construción e o financiamento das estacións intermodais nas cidades galegas.

A este respecto estamos ultimando o modelo a implantar na Coruña e Vigo e o modelo xa está moi avanzado en Compostela. Seguiremos insistindo, cofinanciando, cofinanciando, e colaborando no resto das cidades.

En materia de transporte aéreo, estamos convencidos da necesidade de optimizar os nosos aeroportos. E estamos tamén convencidos na coordinación e na colaboración entre as tres terminais na perspectiva de que nun futuro funcionen como un único sistema aeroportuario galego. Neste sentido, consideramos moi importante a creación do Comité de Rutas, e quero destacar especialmente que por primeira vez a Xunta puxo en marcha directamente cinco novas rutas aéreas nos tres aeroportos galegos: Amsterdam, Bruxelas, Zürich, Sevilla e Valencia.

Outra das novas liñas é o Plan de mobilidade alternativa verde, consistente na creación dunha rede básica de vías ciclistas e ciclistas-peonís en Galicia,

o plan para fomentar este tipo de transporte que está sendo elaborado ao longo do presente ano e nel concretaremos os quilómetros e as vías onde imos actuar.

O cuarto factor clave para que un país sexa competitivo sen dúbida é as tecnoloxías, o fomento do uso das novas tecnoloxías. Este eixo concrétese en tres decisións adoptadas nestes once primeiros meses: creamos a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que aglutina por primeira vez nun único órganos as distintas competencias autonómicas; promovemos a sinatura do acordo coa Xunta, coas deputacións e cos concellos para lograr a implantación da administración electrónica; e, en terceiro lugar, aprobamos o Plan director de banda larga, para facer posible o acceso de todos os galegos á sociedade da información.

Con este plan queremos reverter a actual situación: case un 30 % da poboación vive en núcleos de poboación sen acceso á banda larga. Por iso, contamos con máis de 100 millóns de euros directamente investidos pola Xunta de Galicia, que pretendemos ampliar co financiamento privado a máis de 230 millóns de euros.

O obxectivo é que en 2013 o 94 % da poboación galega teña acceso á banda larga, cubrindo o 6 % restante con servizos de acceso vía satélite. Pero, a máis curto prazo, perseguimos xa que no 2011 se reduza en máis dun 50 % a fenda dixital existente nas provincias de Lugo e Ourense.

Pero en 2010 temos outro importante compromiso en materia de tecnoloxías da información e da comunicación. Presentaremos antes do verán o primeiro Plan estratéxico tecnolóxico global da Xunta de Galicia. Este plan preséntase como a política das TIC da Xunta para toda a Administración galega e ao servizo aos cidadáns, ás empresas e aos propios traballadores públicos.

O quinto factor para construír unha Galicia competitiva é contar cunha Xustiza áxil e moderna. Nos primeiros catro meses, presentamos o Plan de infraestrutura xudicial 2010-2015, hoxe en despregamento, un plan que concreta un investimento sen precedentes, 100 millóns de euros nun total de 64 actuacións e vinte delas de nova construción ou gran reforma.

Nos seis próximos anos investirase máis do dobre que se investiu nos últimos catorce en Xustiza.

Neste ano 2010 investiremos en actuacións da nova planta, unha reforma de máis de 28 millóns de euros. Iniciaremos os novos edificios xudiciais de Ourense e de Santiago e estamos agardando a cesión dos terreos en Pontevedra

e en Vigo e estamos elaborando o proxecto de viabilidade para implantar a Cidade da Xustiza na Coruña nas instalacións da Fábrica de Tabacos.

Como segunda medida fundamental, no ámbito da Xustiza, foi poñer en marcha o Plan de medidas urxentes en materia tecnolóxica da Administración da xustiza. E quero destacar o esforzo realizado pola Xunta de Galicia para pagar o que se debía, para pagar o que se debía na xustiza gratuíta. No primeiro mes de Goberno pagamos os pagos pendentes da Xunta aos avogados e aos procuradores de oficio, e hoxe os pagos tramítanse en prazo, tendo aumentado un 16 % o presuposto e retomando o diálogo.

Un país competitivo

Acabamos de ver cales son os principais factores necesarios para unha Galicia ordenada e competitiva, pero sabemos tamén que para acadar un país competitivo cómpre contar con empresas competitivas. O primeiro, na nosa opinión, é facilitar a implantación das empresas e apoiar os autónomos. Aprobamos a planificación do solo empresarial ata o 2015, 36 novos parques ata o 2012, con 18 millóns de metros cadrados, e 72 no horizonte do 15, con 36 millóns de metros cadrados.

Así mesmo, estamos fomentando e implantando as empresas cun equilibrio territorial. Nos seis primeiros meses, en colaboración cos axentes sociais, puxemos en marcha o Plan Impulsa Lugo e o Plan Impulsa Ourense, co obxectivo de incentivar investimentos nestas provincias e con criterios de discriminación positiva, con axudas que poden chegar ata o 50 % do investimento, e reactivamos o Plan Ferrol, amosando o compromiso de todo o Goberno co seu desenvolvemento e execución.

Así mesmo, dende a Xunta estamos a prestar unha atención especial aos autónomos como un dos motores de desenvolvemento económico da sociedade. O noso compromiso cos 224.000 autónomos galegos empezou a visibilizarse. Puxemos a funcionar a Mesa do Autónomo, reclamada dende hai moito tempo. Froito do traballo desta mesa, aprobaremos o Plan de emprego autónomo e o emprendedor, e este Plan de emprego autónomo irá enmarcado no Plan autonómico de emprego 2010-2013, que se está a debater nas mesas de diálogo social.

Pero nestes momentos, unha das maiores dificultades que existen para as empresas en toda España, e tamén en Galicia, é o acceso ás fontes de financiamento. Catro son as medidas adoptadas nestes once meses para paliar esta situación. Nos primeiros cinco meses aprobamos o Plan re-Solve e o

Plan re-Brote, é dicir, mobilizar 400 millóns de euros para facilitar o acceso ao crédito a través de avais; un apoio ao sector da liquidez das empresas sen precedentes. Resultado: as sociedades de garantías recíproca aceptaron case catro de cada cinco solicitudes.

A terceira medida foi a posta en marcha da factura electrónica e do rexistro de facturas.

E a cuarta medida é o compromiso da Xunta de Galicia de pagar aos provedores en corenta e cinco días, o que nos levará a ser unha das administracións con menor prazo de pago de España. Con esta medida situamos Galicia á cabeza das comunidades autónomas no que se refire aos pagos.

Pero, por moito que se pretenda facer dende o sector público, a clave desta problemática está nas entidades financeiras. Neste escenario é fundamental contar con entidades financeiras –reitero–, neste escenario é fundamental contar con entidades financeiras galegas, comprometidas co desenvolvemento do noso territorio, e dispostas a priorizar o financiamento nos proxectos estratéxicos de Galicia.

En definitiva, as posibilidades das nosas empresas para acceder a vías de financiamento e liquidez serán ben diferentes se Galicia conta cunha gran caixa de aforros propia –que se convertería na quinta caixa de España– ou se, pola contra, os centros de decisión das caixas se sitúan finalmente fóra da nosa comunidade autónoma.

Sen dúbida, outro dos aspectos clave da competitividade das empresas é a necesidade de abrirse a outros contornos e ampliar os seus mercados. En 2009 hai apoios destinados á internacionalización das empresas polo Iga-pe, medrando o seu presuposto na internacionalización nun 56%. Pero non é suficiente –sabémolo–, non é suficiente. Proseguiremos abrindo liñas de prospección internacional, creando consorcios de exportacións e redes de colaboración con axencias de desenvolvemento rexional en Alemaña, en China, Xapón e en Estados Unidos. E plantexaremos o plan estratéxico da Galicia empresarial da diáspora.

Por último, xunto coa internacionalización, outro factor clave para a competitividade empresarial é a innovación. Quero destacar tres actuacións feitas no ano 09 e dúas actuacións comprometidas para o ano 10.

No 2009, habilitamos o anticipo do 80 % nas axudas de I+D+i concedidas ás empresas. En segundo lugar, adiantamos a posta en marcha da rede de xestores de innovación de Galicia coa inserción de 50 xestores en 50 empresas, e mantivemos o apoio á I+D+i nos orzamentos para o 2010.

Os orzamentos do Estado baixaron un 15 % no I+D+i; os orzamentos de Galicia mantivéronse incluso cun pequeno incremento do 0,3 %.

Seguiremos elaborando e aprobaremos o novo Plan galego de innovación para o período 2011-2016. E quero anunciarlles que todas as políticas de innovación da Xunta incorporaranse á nova Axencia Galega de Innovación, coas que damos cumprimento a outro dos compromisos electorais. Esta axencia incorporará todo o persoal da Dirección Xeral de I+D, que desaparece, e integrará a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, que tamén se suprime. Así, dende a coordinación con todos os axentes de I+D+i, incluídas as universidades e os centros tecnolóxicos, con transparencia, poñeremos unha Axencia Galega de Innovación á disposición dos tecidos produtivos galegos.

Señorías, no contexto no que nos movemos, o capital humano é a base dunha sociedade desenvolvida e próspera. Galicia conta xa cunha xuventude que pode ser considerada como a mellor preparada da súa historia, pero sabemos que nestes momentos é necesario dar un paso máis. O éxito é agora contar cunha sociedade formada, pero tamén cunha sociedade ocupada. Para iso este Goberno ten na mellora do sistema educativo e nas políticas activas de emprego os dous resortes para conquistar unha Galicia preparada.

Un sistema educativo de calidade aséntase principalmente sobre os medios humanos que o conforman. A pesar do momento de crise que se está a vivir, a Xunta fixo un importante esforzo para seguir incrementando as prazas de docentes, e así ofertamos no ano 2009 e 2010 1.740 novas prazas de profesores para o ensino público galego.

Introducimos as novas tecnoloxías no ensino a través do Proxecto Abalar. Unha educación de calidade non soamente exige alumnos e profesores, tamén medios técnicos e novas tecnoloxías, e con este fin xa presentamos o Proxecto Abalar, cun dobre obxectivo: que toda a comunidade educativa poida sacar o máximo aproveitamento ás TIC, que as accións formativas para o profesorado e a posta en marcha dun portal web para que tanto os profesores, tamén os alumnos e –por que non– tamén os pais poidan ser partícipes en todo momento do proceso educativo. E que os alumnos dos últimos cursos de primaria e de secundaria conten con ordenadores para un mellor desenvolvemento dos seus estudos. Inicialmente serán 14.500 alumnos os que no próximo curso poderán contar cun ordenador, co obxectivo de chegar a 87.000 ordenadores, 87.000 alumnos con ordenador, no ano 2013.

A calidade do sistema educativo tamén ten que ver coa súa accesibilidade. E nesta liña o Goberno adoptou dúas medidas. A primeira, no ámbito

de comedores escolares: incrementamos en 2.500 o número de alumnos que utilizaban o dito recurso. E no que atinxe aos libros de texto, este Goberno substituíu o anterior modelo de préstamo polo de propiedade, baseado na gratuidade solidaria.

Entendemos que este modelo é máis útil e formativo, pois os libros adquirense en propiedade, non en préstamo. E entendemos que é máis solidario e xusto porque concentra os esforzos económicos nos que máis o necesitan, sen dúbida.

Un dos principais retos que a educación ten é o fomento e posta en valor da formación profesional. Para conseguilo temos que modernizar a oferta formativa. Nestes once meses cómpre destacar dous avances, na nosa opinión moi claros. Primeiro, na adaptación dos currículos de ciclos formativos á Lei orgánica de educación levamos vinte títulos adaptados en once meses, fronte a seis títulos adaptados nos últimos catro anos.

E, en segundo lugar, na ampliación da oferta integrada de FP no sistema educativo, con once novos ciclos de grao superior e oito novos ciclos de grao medio.

O Goberno aposta de xeito firme por unha universidade aberta a un mundo plural. Neste sentido no ano 09 foi un ano clave para o sistema, para a necesidade de adaptar o sistema universitario galego ao espazo europeo de educación superior.

No marco desta adaptación é necesaria a racionalización das titulacións. No 2010 está prevista a aprobación de corenta e cinco títulos de grao; isto implica acadar un consenso coa comunidade universitaria, facer un esforzo por evitar reiteracións e concentrar a oferta do sistema universitario galego en cento vinte títulos de grao, vinte e oito menos que os actuais.

Ademais, en 2010 continuaremos con medidas de apoio aos estudantes universitarios; conxelamos as taxas no 2010 e mantemos as ofertas, a oferta de bolsas e premios de excelencia académica. Estamos a traballar no que será o novo plan de financiamento do sistema universitario galego, confiando en que as súas determinacións se vexan reflectidas no ano 11. Este novo plan atenderá tres finalidades: equidade, financiamento por resultados e eficiencia do sistema universitario galego.

Quero destacar, por último, o compromiso que a Xunta deu ao Campus Vida de Santiago e o compromiso que vén de asumir coa Universidade de Vigo para impulsar o Campus do Mar, un compromiso concretado na garantía de disposición de terreos suficientes para este proxecto da Universidade de Vigo.



O ex-presidente da Xunta, Pérez Touriño, xa como xefe da oposición, escoita con atención no seu escano o diagnóstico que Núñez Feijóo fai sobre a situación xeral da Comunidade galega no seu primeiro ano de Goberno.

Señorías, Galicia é bilingüe; os galegos temos dúas linguas, galego e castelán, e esa é unha riqueza da que temos que estar orgullosos e que ademais temos que aproveitar. Sen embargo, a Galicia preparada á que aspiramos debe de dar resposta a unha das principais eivas coa que os alumnos se teñen atopado tradicionalmente; refírome á aprendizaxe e dominio do inglés, ademais das dúas linguas oficiais de Galicia.

Estas inquedanzas son as que amosaron os pais e as nais dos alumnos no noso sistema educativo o pasado mes de xuño; máis de 300.000 familias foron invitadas a participar nunha consulta para saber o que opinan sobre o uso das linguas na educación dos seus fillos; nesa consulta unha ampla maioría dos pais inclináronse pola educación dos seus fillos nas dúas linguas oficiais, sendo clara minoría os que se inclinaban pola educación nunha soa lingua. Ademais, a gran maioría manifestou a súa preferencia porque o inglés puidera incorporarse progresivamente como lingua de ensino en determinadas materias. Pois ben, estes son os eixos ou principios básicos sobre os que se conforma a proposta que o Goberno presentou para a elaboración dun Decreto do plurilingüismo no ensino, uns principios que se concretan:

O primeiro, a garantía do equilibrio; a garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas das dúas linguas oficiais de Galicia, co obxecto de asegurar a adquisición da competencia plena en ambas.

O segundo, a adquisición dun coñecemento efectivo de linguas estranxeiras nun marco xeral de promoción de plurilingüismo no sistema educativo galego.

O terceiro, a liberdade de uso, a liberdade de uso de calquera das dúas linguas oficiais por parte dos alumnos nas aulas e nos exames.

A cuarta, a participación e a colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo, co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos, partindo do criterio pedagóxico que establece a Administración educativa.

E, por último, a promoción e a dinamización permanente da lingua galega nos centros do ensino.

Estes son os piares, estes son os piares que informan o texto articulado do decreto presentado recentemente, un texto no que se teñen incorporado numerosas achegas das institucións e asociacións consultadas, nun proceso de diálogo levado a cabo pola Xunta que non ten precedentes nesta materia. Un texto que será sometido agora aos trámites preceptivos, co compromiso de aprobalo definitivamente no Consello da Xunta para a súa aplicación no vindeiro curso 2010-2011.

Nós seguimos apelando ao consenso e invitamos a todos os que defenden, a todos os que defenden, o equilibrio lingüístico, a promoción do galego, a traballar para recuperar nas aulas a cordialidade lingüística que se vive nas rúas.

Como queda dito, só a través dun bo sistema educativo o tecido produtivo galego será capaz de atopar os recursos humanos necesarios.

Pois ben, quero destacar unha medida urxente que adoptamos, antes de cumprirse os primeiros cen días, para tentar paliar a situación dos parados de longa duración e que tivesen esgotadas as súas prestacións. Destinamos 30 millóns de euros extraordinarios para fomentar a contratación de 4.000 des-empregados de longa duración.

Destacarei tres medidas iniciadas xa nestes once meses e que terán continuidade no ano 10.

Quero salientar como medida clave o impulso e a reactivación do diálogo social, un traballo rigoroso e profundo que se está a levar a cabo en catro mesas, con plena e responsable implicación dos sindicatos e dos empresarios.

En segundo lugar, o Plan autonómico de emprego 2010-2013, cunha previsión orzamentaria de 1.200 millóns de euros, que ten unha serie de obxectivos: a mellora da empregabilidade, a mellora da adaptabilidade e readaptación dos desempregados cara a novos sectores de emprego e a igualdade de oportunidades, con medidas específicas no emprego xuvenil, no emprego feminino, nos autónomos e nas persoas con discapacidade ou algún risco de exclusión social.

Neste plan de emprego contemplárase tamén a necesaria modernización integral do servizo público de emprego de Galicia. Por iso tomaremos medidas na mellora do equipamento tecnolóxico, na adecuación de locais –actualmente 52 oficinas xestiona a Xunta de Galicia–, tanto no que se refire á formación do seu persoal como ao fomento dos trámites telemáticos.

Este Goberno asume o compromiso de apoiar os sectores estratéxicos que ben polo nivel de emprego que xeran ou ben polas súas potencialidades son un elemento indispensable para a configuración da Galicia global a que aspiramos.

Oito sectores estratéxicos

Centrareime en oito sectores clave que xuntos supoñen unha boa porcentaxe do PIB galego: o mar, o agrogandeiro, a automoción, o turismo, a enerxía, o comercio, o téxtil e o naval.

Sen dúbida, un destes sectores estratéxicos é o sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola. Xunto coa industria transformadora e comercializadora dos

produtos do mar, supoñen máis de 46.000 empregos directos e ao redor de 4.700 millóns de euros de facturación.

Quero destacar as dúas cuestións fundamentais nestes once primeiros meses. Este Parlamento tamén é testemuña da aprobación da nova lei, un texto xa en vigor e consensuado co sector. E tamén a aprobación do novo Plan acuícola, que desbloquea o sector, garantindo a seguridade xurídica e que suporá a capacidade de investir 350 millóns de euros e a posibilidade de xerar 1.500 empregos.

Para o ano 2010 contemplamos as seguintes prioridades: continuaremos coa Lei de pesca aprobando regulamentos de desenvolvemento e na acuícultura tramitaremos, en paralelo co Plan do litoral, a incorporación doutras posibles zonas para completar así as zonas acuícolas.

Así mesmo, tamén traballaremos para a mellora dos sistemas de comercialización da cadea mar-industria, para eliminar os atrancos e poder acceder ao emprego no mar, para medidas de recuperación de zonas improdutivas para o marisqueo, para tratar de asegurar o *statu quo* para os niveis e métodos de detección de biotoxinas e obtendo unha moratoria para a comercialización dos produtos procedentes das zonas C, e por suposto cunha loita clara e decidida contra o furtivismo.

Igual que sucede no caso do mar, os outros puntais do sector primario en Galicia, a agricultura e a gandería, están experimentando un intenso proceso de reestruturación.

Cómpre lembrar que a importancia do sector agrogandeiro non se reduce só ao emprego –máis de 65.000–; trátase, ademais, dun sector clave no reequilibrio territorial e na fixación da poboación no medio rural.

O ano 2009 foi especialmente complicado no caso concreto do sector lácteo. Cando chegamos ao Goberno, herdamos unha situación de gravísima crise no sector. En abril de 2009 os prezos do leite levaban dezanove meses de caídas ininterrompidas; por iso tentamos actuar dende o primeiro momento; tomamos medidas urxentes, chegando a mobilizar máis de 90 millóns de euros en todas as accións posibles; presentamos e consensuamos o plan estratéxico para o sector lácteo, que suporá un investimento de 830 millóns de euros no período 2009-2013, e antes do verán poñeremos por primeira vez en marcha a marca de calidade superior do leite galego, aprobando un decreto para crear un rexistro de explotacións lácteas de calidade diferenciada. Sabemos que a diferenciación do leite producido en Galicia pode supoñer un plus para os nosos produtores, e por iso, por primeira vez, o leite galego terá unha marca.

Ademais do sector lácteo, sen dúbida hai outros sectores: o sector vitivinícola e agroindustrial. Imos apoiar a reconversión dos viñedos, promovendo as castes autóctonas de calidade, e imos internacionalizar os nosos viños.

En agroindustria, as axudas da Xunta están a permitir a creación de máis de 200 novos postos de traballo e o mantemento de 1.800. Temos medidas no sector forestal; co fin de superar o minifundismo, plantexaremos unha nova figura de agrupación forestal que aprobaremos nos vindeiros meses; o obxectivo é favorecer a xestión conxunta para facilitar iniciativas de explotación forestal economicamente viables e socialmente e ambientalmente sostibles. Estamos ultimando o texto da Lei de montes, que someteremos nos vindeiros meses ao sector para que aporte as súas suxestións.

E tamén queremos seguir impulsando o noso medio rural, co achegamento ás novas tecnoloxías, aproveitando o Plan de banda larga do que falamos e poñendo en marcha a oficina agraria virtual, é dicir, realizar vía Internet numerosos trámites –maior comodidade para os gandeiros e os agricultores– e prestar servizos directamente dende o rural a Administración.

Sen dúbida, a automoción é un sector clave e estratéxico para Galicia: 21.000 empregos directos, outros 10.000 indirectos, máis de 32.000 familias viven do sector da automoción.

Cando chegamos ao Goberno, a compra de vehículos novos estíbese desplomando. Dende a Xunta actuamos de acordo co clúster do automóbil, coa factoría PSA-Citroën e cos concesionarios e talleres, e fixémoslo en dúas direccións: incentivando a compra de vehículos, a través do Plan Re-Móvete, que aprobamos nos cen primeiros días; resultado: 370 millóns de euros en vendas de vehículos, atendendo máis de 22.000 solicitudes. Resultado: o resultado é que Galicia pechou no ano 09 cun aumento do 4 % de matriculación de vehículos e o resultado é que no resto de España as matriculacións caeron un 18 %; iso permitiu consolidar os empregos de máis de 25.000 traballadores.

E, en segundo lugar, apoiando as oitenta e dúas empresas do clúster do automóbil cun plan industrial dotado de 60 millóns de euros, para financiar novos investimentos, para financiar capital circulante e para levar a cabo iniciativas de innovación no sector.

O sector turístico é un dos principais recursos económicos que temos. Supón ao redor de 70.000 empregos directos e 44.000 empregos indirectos. De acordo cos últimos datos do 09, a evolución do sector, sempre difícil en época de crise, está a ser comparativamente mellor que no conxunto de España. Namentres nos hoteis as pernoitas caeron en España o dobre que en Galicia,

namentres os apartamentos caeron en España 7 puntos e se incrementaron 10 en Galicia, namentres que o turismo rural creceu en Galicia tres veces máis que no resto de España e namentres que no cámping diminuíu medio punto en España e creceu 1,4 en Galicia.

Pero iso non significa que non necesitemos plans de acción de turismo en Galicia, un plan con obxectivos claros: aumentar a estancia media, aumentar o gasto medio diario, desestacionalizar a demanda e facer do turismo un factor clave de equilibrio territorial.

Este plan, cunha folla de ruta concreta, coa definición de oitenta liñas de actuación, e un plan para consolidar produtos tradicionais como o termalismo, o turismo cultural ou gastronómico e incorporar novas vías de expansión como o turismo náutico e a natureza.

Outro sector no que Galicia conta cun elevado potencial é o sector vinculado á enerxía e particularmente ás enerxías renovables.

Este Goberno cumpriu o compromiso electoral no referido a enerxía eólica; este Parlamento volve ser testemuña de que se aprobou en oito meses unha nova lei que aporta transparencia e seguridade xurídica ao sector. Grazas a esta lei, os concellos pasan a ser partícipes dos beneficios da enerxía eólica a través dun canon a aboar polas empresas; por primeira vez, por primeira vez na Autonomía a Facenda dos galegos vese beneficiada directamente coa produción da enerxía eólica; ingresamos 23 millóns de euros no primeiro ano do canon e pensamos chegar ata 30 millóns de euros anuais cando licitemos a totalidade dos megavatios.

Nestes once meses de xestión sacamos a concurso 252 megavatios, correspondentes a plans eólicos empresariais que aínda non estaban concluídos.

E quero anunciarlles un novo compromiso. Antes de cumprir o primeiro ano de goberno publicárase no Diario Oficial de Galicia a convocatoria pública para adxudicar outros 2.300 megavatios, esta vez con plenas garantías de obxectividade, de transparencia e de seguridade xurídica. Podo avanzarlles algunhas desas novas garantías que estarán dentro desta convocatoria: definiranse previamente dez zonas nas que se poderán ofertar parques eólicos; isto implicará a realización de dez convocatorias nun único concurso. Establecerase un límite de megavatios, co fin de evitar a concentración nas adxudicacións. O investimento e o emprego –insisto: o investimento e o emprego– serán os criterios que máis se valoren nas adxudicacións.

O noso principal obxectivo no ámbito do comercio foi traballar dende o primeiro día nun novo marco regulador adaptado á realidade actual dun

sector que representa o 10 % do PIB, 45.000 comerciantes, 110.000 postos de traballo.

Este Parlamento volve ser testemuña de que nos once primeiros meses o Consello da Xunta remitirá o anteproxecto da Lei do comercio. Unha nova norma, ben recibida polo sector, coa que pretendemos acadar un equilibrio entre a defensa dos dereitos do consumidor e os intereses do pequeno e mediano comercio dentro dun escenario de liberalización europea derivado da Directiva dos servizos.

Ao longo do ano 10 adoptaremos cinco medidas no ámbito do comercio: aprobaremos o Estatuto galego do consumidor e usuario, acometeremos un plan de mediación reducindo os prazos á metade da resolución das reclamacións. E quero salientar o apoio integral ao comercio galego presentando nas vindeiras semanas o Plan Ágora, cunha dotación que rolda os 130 millóns de euros. Un plan particularmente importante neste momento, diante da inminente suba do IVE, impulsada polo Goberno central.

Entre as diferentes medidas e liñas recollidas neste plan está a rede de innovación do comercio –enlace permanente entre a Xunta e o sector–, medidas de formación e asesoramento e o Observatorio de Comercio de Galicia como órgano asesor, consultivo, de estudo, de formación en materia de comercio.

Non quero pasar este punto sen facer unha breve referencia a dous sectores fundamentais: o naval e o téxtil. No que atinxe ao sector naval, cómpre destacar o compromiso cos estaleiros galegos. A finais do pasado ano incrementamos nun 20 % o Fondo de Garantía para dez estaleiros galegos cunha achega pública extraordinaria, que xerou un efecto multiplicador, ata chegar a 56 millóns de euros. Unha achega imprescindible para aliviar a situación financeira que está a sufrir un sector que emprega máis de 10.000 persoas e factura en torno a 850 millóns de euros.

Tamén seguimos demandando –e seguiremos– que en Ferrolterra se poidan construír e reparar buques civís. Seguimos insistindo ante o Goberno de España para o levantamento do veto á construción naval civil no estaleiro de Fene. E o compromiso do presidente do Goberno de facer as xestións durante a súa presidencia na Unión Europea esperemos que dea resultado, aínda que estamos no ecuador xa desa presidencia e de momento non temos os resultados pretendidos.

Diciamos que a crise está afectando moitos sectores, pero de xeito moi notable o sector téxtil: 14.000 persoas, 1.200 empresas. Nós estamos decididos a apoiar con firmeza este sector. Onte mesmo presentamos o plan

para promover a inserción laboral das persoas desempregadas. O obxectivo é que máis de 300 persoas consigan un posto de traballo grazas ás accións contempladas nas referidas medidas. Isto non é suficiente, nas vindeiras semanas presentaremos o Plan estratéxico para o sector téxtil. Dentro deste plan contemplaremos un paquete de axudas específicas: axudas destinadas á reestruturación financeira e organizativa das empresas para consolidalas no escenario actual de crise.

Pero non quero rematar –como digo– este punto sen reiterar a nosa aposta pola política de clústers, como medio para mellorar a competitividade. Nesta liña é de destacar a benvinda a dous novos clústers nos últimos meses creados: o Clúster da Pedra Natural, con 200 empresas, e a Asociación Clúster da Xeotermia Galega, un colectivo de carácter pioneiro non só en Galicia senón en España. Seguimos apoiando estas iniciativas con medidas concretas e medidas efectivas, e por iso no último Consello aprobamos o anticipo de ata o 80 % dos importes das subvencións aos clústers.

Pero a Galicia global que queremos debe ser unha Galicia que procure non só a prosperidade, senón que permita contar cunha rede de servizos que garanta o benestar dos seus habitantes. Entendemos esa garantía de benestar como unha prioridade e como un dos importantes retos que temos diante do futuro inmediato.

Quero destacar brevemente o que levamos feito nestes once meses, así como os compromisos que asumimos en sede parlamentaria para os seguintes.

No que se refire á dependencia, permítanme os seguintes datos: rematamos 2009 atendendo un 72 % máis de dependentes que a lexislatura anterior; pasamos de 14.000 a 24.000, 10.000 dependentes máis atendidos en oito meses; superamos o noso compromiso electoral de atender a 16.000 grandes dependentes, chegando a 19.500; e reducimos á metade os prazos cun novo decreto de tramitación. Acabamos de pagar os atrasos acumulados incluso dende o ano 2007 a outros 8.800 dependentes.

Señorías, e isto a pesar das graves dificultades co financiamento da Lei da dependencia, no que a Xunta está a aportar practicamente o dobre do que nos correspondería en relación co Estado.

En aras ao rigor, quero dicirlles que non poderemos manter este ritmo se o Goberno central non cumpre os principios da Lei da dependencia, financiando ao 50 % coa Xunta a totalidade dos custos da aplicación da referida lei. En 2009 a Xunta achegou 375 millóns de euros; o Estado, 145. Faltan alomenos 200 millóns de euros anuais que lle correspondería ao Goberno central para

poder cumprir todas as obrigas da Lei da dependencia. O Estado de dereito afecta as comunidades autónomas e o Goberno de España igualmente.

Señorías, 4.500 novas prazas de servizos sociais; prazas para persoas con discapacidade, cun incremento do 9,7, 376; prazas para educación infantil, 1.834 novas prazas de garderías; prazas para persoas maiores, 2.271 prazas, é dicir, un 40 %; 1.121 en residencias de maiores, 920 en 21 centros de día e 210 en centros de Alzheimer.

Acabamos de presentar o Plan de acción social 2010-2013. Un plan que comprende todos os eidos da política social: dependencia, persoas con discapacidade, familia, maiores e xuventude. Un plan que supón o maior esforzo na mellora das políticas sociais no peor momento da Facenda autonómica, un investimento de 2.000 millóns de euros; a creación de máis de 4.500 prazas públicas de escolas infantís, que nos permitirá superar no 2013 a ratio recomendada pola Unión Europea; e 2.800 prazas novas en centros de día para persoas maiores.

Rexuvenecemento de Galicia

Quero referirme brevemente a outro dos eixos deste Plan de acción social que, na miña opinión, debe converterse dende agora nun obxectivo de país. Estou falando do rexuvenecemento de Galicia. O Goberno é consciente de que un dos principais problemas cara ao futuro de Galicia é o progresivo avellentamento da poboación. Por iso estamos ultimando os estudos rigorosos para poñelos á disposición das súas señorías. Por unha banda, coñecer en profundidade as causas que motivan que Galicia sexa dende hai tempo un dos territorios coa máis baixa taxa de natalidade; e, por outra, estudar os efectos reais das medidas adoptadas nos diferentes países para lograr a revitalización demográfica. Comprendo que isto lles faga graza a algúns; a nós, ningunha.

O Plan de acción social xa recolle varias medidas de apoio ás familias dirixidas a lograr este obxectivo: algunhas en aplicación, como a rebaixa á metade de dous impostos, tanto de transmisións patrimoniais como de actos xurídicos documentados, para os mozos e as familias numerosas; ou a aposta, sen precedentes, das prazas en escolas infantís, garderías. E outras xa previstas, destacando a Lei de apoio integral á familia e a Lei de xuventude, que se remitirá a esta Cámara.

Pero cremos que calquera estratexia de revitalización demográfica debe ter detrás o maior consenso político e social posible. Un consenso necesario

para garantir a súa aplicación coherente ao longo de varias lexislaturas, con independencia do partido que en cada momento asuma a responsabilidade de gobernar.

Por iso quero aproveitar este momento para recoller esta inqueda, que sei que é común a todas as forzas políticas, propoñendo un pacto polo impulso demográfico de Galicia, é dicir, un pacto polo rexuvenecemento de Galicia, un pacto ao que invito expresamente os grupos parlamentarios, pero tamén o conxunto dos axentes sociais e económicos. Dende o Goberno asumiremos a nosa responsabilidade, formularemos unha proposta. A partir dela confío en que, co traballo conxunto de todas as forzas políticas aquí representadas, poidamos acordar un documento que recolla medidas efectivas para atallar un problema de país que exixirá ir máis aló dunha lexislatura e máis aló das diferenzas que poidamos ter.

Pero o benestar dos galegos tamén nos exige facer unha aposta polas políticas de acceso á vivenda. Nestes once meses adoptamos cinco medidas: rebaixamos á metade os impostos para facilitar o acceso á vivenda dos mozos e das familias numerosas, unha rebaixa que se está a aplicar con carácter retroactivo dende o 1 de xullo de 2009. En segundo lugar, asinamos co Ministerio de Vivenda o Plan de vivenda 2009-2012, 600 millóns de euros, cun investimento inducido previsto de 3.000 millóns de euros e coa creación de 40.000 postos de traballo. En terceiro lugar, fixamos unha nova figura de vivenda libre a prezo limitado, facilitando a mobilización de ata 35.000 vivendas baleiras. En cuarto lugar, creamos un novo Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, que permite eliminar os atrancos que se producían co anterior modelo. E, en quinto lugar, consensuamos e acordamos cos concellos, cos colexios profesionais, cos implicados, as modificacións ao decreto das normas do hábitat, co obxecto de racionalizar as exigencias da normativa técnica, mantendo a aposta pola calidade arquitectónica.

No ano 2010, comprometemos catro actuacións: publicaremos un novo decreto para flexibilizar e axilizar as axudas de rehabilitación, finalizaremos e construiremos máis de 1.600 vivendas de promoción pública, presentaremos o novo Plan Aluga, co obxectivo de alugar 4.000 vivendas. Un plan co que a Xunta recuperará a xestión das axudas de aluguer con medios propios, reducindo á metade os custos de xestión.

E quero anunciar nesta Cámara a presentación nas vindeiras semanas dun paquete de medidas fiscais, dun paquete de medidas fiscais consistentes en rebaixas selectivas de impostos dirixidas a facilitar o acceso á vivenda, a

reactivar a actividade económica no sector da construción e, en particular, da rehabilitación. Este paquete de medidas fiscais contempla cinco decisións concretas que describo brevemente: a primeira, a Xunta renunciará e renuncia á adaptación do imposto de transmisións patrimoniais, á suba do IVE impulsada polo Goberno central. En segundo lugar, rebaixaremos un 15 % o imposto de transmisións patrimoniais –do 7 ao 6– para compras de vivendas que vaian ser obxecto de rehabilitación ou reforma. En terceiro lugar, rebaixaremos entre un 30 e un 25 % o imposto de actos xurídicos documentados para adquisición tanto da primeira como da segunda vivenda: na primeira vivenda, do 0,7 ao 0,5; e na segunda, do 1 ao 0,7. En cuarto lugar, rebaixaremos entre un 30 e un 25 %, na mesma proporción, o imposto de actos xurídicos documentados para a formalización das hipotecas que financien estas compras. E, en quinto lugar, eximiremos do pago do imposto de actos xurídicos documentados ás operacións de constitución de hipoteca para cancelación doutro préstamo, para que teñan o mesmo custo fiscal que as operacións de subrogación, é dicir, custo fiscal cero.

Señorías, non quixera rematar os compromisos en materia social sen referirme á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Negar que esa discriminación existe é como negar a realidade na que vivimos.

Por iso nós priorizamos nas políticas de igualdade creando a Secretaría Xeral de Igualdade, dependendo da Presidencia da Xunta. Rematamos así coa dualidade, coa dualidade que existía con dous organismos, a Secretaría Xeral e o Servizo Galego de Igualdade, dedicados a facer o mesmo. Contamos agora cunha estrutura única, máis lóxica e máis cómoda para os cidadáns. Ademais desa reestruturación no ano 2010, desenvolveremos as figuras previstas na Lei galega de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, a creación do Consello Galego das Mulleres, a creación do Observatorio Galego de Violencia de Xénero e a creación da Comisión Interdepartamental da Igualdade.

Ademais da Galicia ordenada, ademais da Galicia ordenada e competitiva, ademais da Galicia preparada, ademais da Galicia que apoia os seus sectores estratéxicos e ademais da Galicia do benestar, a Galicia global debe ser tamén unha Galicia saudable. Un sistema sanitario que dea resposta eficaz ás necesidades do paciente, pero ao mesmo tempo que concencie a poboación da importancia da prevención e dos estilos de vida saudables.

Para acadar os nosos obxectivos de calidade e eficiencia do sistema sanitario público, quero destacar cinco accións prioritarias que concentran o noso esforzo:

Priorizar patoloxías máis graves, diminuindo os seus tempos de espera. Que as patoloxías máis graves, as de prioridade 1, sigan por debaixo do tempo de espera de 30 días. No ano 2009 logramos este obxectivo por primeira vez dende o ano 2003. Pasamos de 40 días de espera media a 28. O segundo é que as patoloxías graves, prioridade 1, estean atendidas nun prazo de 60 días, actualmente no contorno de 70.

O segundo obxectivo é mellorar os equipamentos públicos instalados, é dicir, mellorar o rendemento cirúrxico. No ano 2009 conseguimos pasar do 67 % ao 70 % de rendemento cirúrxico e no ano 2010 pretendemos que os profesionais sanitarios acheguen ata o 75 % do rendemento cirúrxico instalado nos hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde.

En terceiro lugar, poñer a tecnoloxía á disposición dos pacientes coa receita e coa historia clínica electrónica, chegando ao 85 % dos pacientes que teñen historia clínica electrónica, prescribindo de forma electrónica 53 millóns de receitas; é dicir, o 85 % das receitas do Sergas.

E, en cuarto lugar, señorías, renovar nos próximos catro anos o 50 % das camas do Servizo Galego de Saúde, chegando a 3.000 camas novas, poñendo en marcha e construíndo tres novos hospitais públicos, poñendo en marcha o de Lugo, construíndo o gran hospital de Vigo e o gran hospital de Pontevedra, e executando os planes directores do hospital da Coruña, do hospital de Ourense, de Ferrol, do hospital do Salnés e de Burela.

Mellorar tamén as infraestruturas de atención primaria coa construción de 52 novos centros de saúde e tres centros de alta resolución durante a lexislatura.

Pero, como dicía, ademais de asistencia sanitaria, queremos prestar unha atención especial ao fomento de estilos de vida saudables. Galicia presenta algúns indicadores realmente preocupantes neste eido. Somos a primeira comunidade autónoma en porcentaxe de obesidade. Comprometemos o Plan galego para o fomento da actividade física, Galicia saudable, co obxectivo de xeneralizar a práctica da actividade física entre a poboación galega: convocatorias específicas, axudas aos concellos, creación de espazos saudables e creación do Observatorio da Práctica Deportiva e a Alimentación Saudable.

Galicia ten moitos motivos para sentirse orgullosa, pero entre eles, sen dúbida, o noso patrimonio cultural e o noso patrimonio natural son dous elementos claves que é preciso conservar e dar a coñecer a todo o mundo. É obriga de todo o Goberno preservar eses patrimonios e marcar tamén unha estratexia para poñelos en valor, de maneira que repercutan de xeito positivo no noso desenvolvemento.

No que se refire ao patrimonio cultural, quero destacar as seguintes medidas:

Continuaremos coa posta en valor dos nosos monumentos patrimonio da humanidade: Compostela, a muralla de Lugo e a recente torre de Hércules, recentemente elixida.

Estamos traballando no plan de restauración, na posta en valor dos camiños de Santiago, como xa indiquei no apartado referido ao Xacobeo, e queremos mellorar o hábito da lectura, en especial entre os máis novos, aproveitando a declaración do ano 2010 como Ano do Libro e da Lectura en Galicia.

Quero anunciar a apertura deste ano 2010 dos edificios máis adiantados da Cidade da Cultura. Este ano entrarán a funcionar a biblioteca e o arquivo e o edificio dos servizos centrais. No ano 2011 está prevista a posta en marcha do Museo de Galicia. E, en relación cos restantes edificios, irase avanzando na súa execución en función das dispoñibilidades orzamentarias, axeitando a súa conclusión ao ritmo da evolución da economía e ao ritmo da evolución responsable dos ingresos de Galicia.

En relación co noso patrimonio natural, co noso medio ambiente, quero destacar primeiramente dúas medidas adoptadas durante estes once primeiros meses: aprobamos en catro meses o Plan de infraestruturas hidráulicas 2010-2013; 800 millóns de euros ata o ano 2013. Obxectivo: sanear –esta vez si– a totalidade das rías galegas e os núcleos de máis de 2.000 habitantes.

E, en segundo lugar, dentro deste obxectivo, incluír a actuación como a depuradora de Vigo e as achegas á Xunta para as depuradoras da Coruña, de Ferrol, de Compostela e de Ourense. E xa lles anuncio que neste primeiro ano de goberno aprobaremos o Proxecto de lei de augas, que será, por tanto, remitido á Cámara neste período de sesións.

Con respecto a actuacións previstas no ano 2010, gustárame destacar tres: aprobaremos o Programa marco galego fronte ao cambio climático 2010-2020, aprobaremos o Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 e queremos incrementar a superficie terrestre protexida en Galicia alomenos nun 4 %. Galicia está hoxe nun 11,98 % do seu territorio en Rede Natura, por riba da media española, que está no 10,2 %. Pero queremos seguir ampliando esta protección.

Por último –e non por iso menos importante–, quero referirme a unha das maiores ameazas que pesa sobre o noso patrimonio forestal: os incendios forestais.

Quero destacar que no ano 2009 se cumpriron os obxectivos do Plan de defensa contra incendios forestais (Pladiga). O ratio de hectárea por lume

quedou por debaixo do 3, exactamente no 2,6 %. Sabemos que non podemos baixar a garda neste asunto nunca e neste ano tampouco. Intensificaremos as actuacións de vixilancia, promoveremos a sinatura de acordos con cada unha das cidades para abordar a problemática específica dos lumes nas zonas periurbanas. Estamos mobilizando os medios xa, mobilizando os medios humanos e técnicos para a campaña do ano 2010 con máis de 4.500 membros das brigadas e dez helicópteros de extinción activados; medios que, loxicamente, se irán incrementando a partir do mes de xuño conforme as previsións atmosféricas.

Esta Galicia, esta Galicia orgullosa do seu patrimonio, debe ser tamén unha Galicia aberta ao resto do mundo, comezando por ser conscientes do seu papel na configuración de España. É preciso, por tanto, que a Xunta de Galicia poña todo o seu empeño en ter unhas relacións co Goberno do Estado e o resto das comunidades autónomas nas que prime a lealdade. Polo menos así será sempre pola nosa parte. Nós non renunciamos a restablecer a cordialidade. Farémolo en todo caso exercendo con firmeza a nosa autonomía e sempre mirando polos intereses de todas as galegas e de todos os galegos.

Como é ben sabido, no proceso de transferencias de competencias, negouse, negóusenos, acudir á vía contemplada pola Constitución no artigo 152. Neste sentido seremos persistentes. Mantemos a nosa axenda e mantemos a nosa idea de que é posible avanzar, e mantemos a axenda parlamentaria do acordo de solicitar o listado de transferencias que sigue vixente, coa mesma intensidade que o primeiro día que o acordamos neste Parlamento.

Non quero rematar este punto sen ratificar expresamente un compromiso asumido no programa electoral. Seguimos convencidos de que unha reforma útil e unha reforma constitucional do noso Estatuto de autonomía é posible, e seguimos dispostos a asumir as nosas responsabilidades como goberno. O noso compromiso segue, pois, intacto. O Goberno elaborará e presentará unha proposta concreta para a reforma do Estatuto, a fin de acadar o máximo consenso posible, para que Galicia consensúe un estatuto renovado e actualizado ao longo da presente lexislatura.

Realismo e inconformismo

No que se refire ás relacións da Xunta coa Administración local, o noso compromiso coa Administración local queda claramente acreditado –creo– nestes primeiros once meses de goberno. En primeiro lugar, no diálogo, no consenso e na concertación de políticas cos concellos e as provincias. En once meses

asinamos tres acordos claves coa Fegamp: un acordo polo urbanismo, ao que hai que engadir o consenso acadado nas reformas das normas de hábitat e a modificación da Lei do solo, o protocolo para a implantación da administración electrónica e o acordo para axilizar o impulso do Pacto local, creando unha única comisión específica para o seu seguimento. Ademais, froito dese consenso, pese ao escenario da baixada dos ingresos da Xunta, incrementamos as achegas económicas para evitar, alomenos en parte, que o impacto da crise se cebe especialmente nos concellos.

No ano 2010 temos obxectivos que cumprir: intentar un novo escenario de financiamento para os entes locais, actualizar a Lei de Administración local de Galicia e avanzar na definición das áreas metropolitanas, comezando por Vigo, co proceso en marcha, pero sen renunciar a seguir impulsando o da Coruña, a pesar das diferenzas que ata o de agora teñen amosado os concellos desta área.

A Galicia global ten na galeguidade, nos nosos emigrantes, unha das súas principais razóns de ser. Nós mantemos un compromiso cos galegos, a mesma consideración para os galegos de fóra e os que viven en Galicia. Por iso unha das nosas primeiras medidas foi garantir que os emigrantes, como galegos de pleno dereito, poidan obter a tarxeta sanitaria. Por iso fixemos ese acordo e por iso estamos despregando a tarxeta sanitaria por primeira vez nos galegos do exterior.

Queremos traballar para lograr unha maior cercanía e implicación. Adaptaremos a Lei da galeguidade. E, por último, seguimos, seguimos reclamando ao Goberno de España, que impulse dunha vez por todas a reforma do voto emigrante. Xa non se pode esperar máis co voto emigrante, porque está en xogo a dignidade dos propios emigrantes, que non poden exercer o seu dereito ao voto coas mesmas garantías que en España, e xa non se pode esperar máis porque está en xogo a propia limpeza nos procesos democráticos.

Señorías, galegas e galegos, Galicia ten hoxe, e antes que a maioría, unha administración máis lixeira; iniciamos e proseguiremos o camiño da austeridade. Galicia ten unha das poucas administracións españolas que acadou a estabilidade orzamentaria no exercicio 2009, un indicador co que nesta crise se pode medir o nivel de responsabilidade dos gobernos na xestión económica.

Galicia ten unha taxa de paro seis puntos inferior á de España e representa unha porcentaxe moito menor no censo de desempregados -3,7%- que nos cidadáns no conxunto da nación -6,1%-. E Galicia, segundo os datos referentes ao PIB recentemente coñecidos, é unha das comunidades autónomas

que, segundo describía literalmente un xornal nunha análise económica, «**me-l-lor capeou a crise no 2009**». Estamos menos mal que o resto de España, pero non vou a tratar de esconder o «mal» co «menos». Centrarme no «menos» sería repetir erros, caer na autocompracencia, caer na autoescusa e en «pluses» que non se corresponden coa realidade que senten e viven os galegos nos seus fogares. O mal de moitos ou o peor doutros non é consolo para este Goberno nin para un só galego. O refrán di o que di. E é máis que sabido que non existe ningún sentido pexorativo do termo «galego» que nos leve a pensar que todo está ben.

Gobernar exige facelo con realismo e ser tamén inconformista. Realismo significa ser plenamente consciente da situación na que está o país e a maioría das familias; gobernar coa verdade por diante. E inconformismo significa ser humilde para recoñecer que non está todo feito nin todo o feito está ben.

Sei que non é algo habitual, pero creo que é obrigado ser autocrítico, porque quero ser eu o primeiro en exirme a min mesmo e a todo o Goberno que tratemos de mellorar cada día.

Hai plans, hai programas, hai medidas efectivas para cidadáns e empresas que se acollen a eles, pero aínda podemos facer un maior esforzo para achegalo ao seu conxunto dos potenciais beneficiarios.

Non lles oculto que me gustaría ter acadado un mellor financiamento autonómico para Galicia e un acordo con conclusións útiles na Conferencia de Presidentes. Non foi posible. Ao igual que creo que acertamos ao rectificar e manter o complemento das pensións non contributivas, porque a crise se empeza a combater por quen máis a precisa.

Por primeira vez en sete anos acadamos o obxectivo de atender en menos de trinta días os pacientes prioridade 1, pero aínda quedan outros obxectivos por acadar na sanidade pública.

España fabrica oito de cada dez parados europeos. Galicia, nos doce meses anteriores á chegada deste Goberno, xeraba 140 parados diarios, pero nestes últimos once meses aínda hai 44 galegos que diariamente coñecen o drama do paro. Queda moito por facer e problemas que hai que seguir resolvendo.

Dicía que non quero tapar o «mal» co «menos», porque o que nos ocupa e nos preocupa é ese mal. A principal preocupación dos cidadáns é a primeira ocupación do Goberno. «Galicia», «galegos», «economía», «crise», «planificación», «social» e «emprego» son termos que repetín continuamente neste discurso, non é casual, é o que importa, máis que nunca. Con acertos e con erros, o que non cabe dúbida é que Galicia ten hoxe un Goberno único e un

Goberno unido e que suma todos os seus esforzos en centrarse no que máis urxe e o que máis importa.

Ese «mal», que é a crise, combater os seus efectos e comezar a recuperación dende o mellor punto de saída posible. Pero ese «ben», que é a Galicia que nos debe de unir a todos; ese ben que é a capacidade dos galegos para redobrar esforzos fronte ás dificultades e que nos permite ter esperanzas no futuro.

Dicía Adolfo Suárez que gobernando trataba de «*elevar a la categoría política de normal lo que a nivel de calle es plenamente normal*». Eu concordo co presidente Suárez. Os galegos con toda razón nos exixen respostas aos políticos, e os políticos debemos darnos conta de que as mellores respostas están nos propios galegos. Por exemplo, na cordialidade coa que os cidadáns empregan na rúa as dúas linguas oficiais de Galicia. E, por exemplo tamén, no seu comportamento responsable ante a situación difícil da economía.

Os galegos déronnos a responsabilidade de gobernar e guían e guiarán o noso modelo de gobernar ata o final. É o que nos exige a situación e é o que nos exixen os galegos: austeridade, rigor, xestión e planificación. Os gobernos deben gastar o mínimo necesario en si mesmos e investir o máximo posible nos cidadáns, iso é a austeridade. As xeracións futuras non teñen que arranxar as irresponsabilidades dos que as precedemos, iso é o rigor. Levar á práctica medidas que resolvan problemas, como pago a provedores en 45 días ou o decreto para a dependencia, iso é xestión. Xerar confianza e certidumes máis necesarias que nunca nun momento de tanta inestabilidade iso é planificación.

Durante estes once primeiros meses temos deseñado polo miúdo e comezado a aplicar programacións, plans, leis que non deixan lugar á improvisación e que buscan dar resposta á maior porcentaxe do noso sistema produtivo e ao 100% dos nosos servizos públicos. Neste debate acabamos de complementar esta guía coa referencia, coa referencia a once leis en aspectos claves que se suman a outros vinte proxectos lexislativos nos que está a traballar o Goberno e remitirá á Cámara neste ano, e se suman a vinte e cinco instrumentos de planificación que completan todas as áreas de goberno, e se suman ás cinco medidas fiscais que acabo de anunciar no apoio ás familias e no apoio á reactivación económica.

Temos tres anos por diante, e, no primeiro ano de goberno, xa hai unha folla de ruta con actuacións, con prazos, con investimentos en todas as áreas.

No que se refire ao territorio, no que se refire ás comunicacións, no que se refire á saúde pública e aos servizos sociais, no que se refire ao mar, ao medio

rural e ao medio ambiente, nos nosos principais sectores produtivos, no que se refire á reforma administrativa e á modernización da Xustiza, na creación de emprego e a xeración de novas oportunidades, a través dunha educación máis completa e competitiva, e no apartado económico, cun plan estratéxico con máis de 100 medidas, 300 actuacións e 400 indicadores que remitiremos á Mesa do Diálogo Social, a curto, medio e longo prazo perseguimos unidos todas esas aspiracións que Galicia ten, ás que me referín ao longo da miña intervención nos sete eixos que acabo de expoñer: unha Galicia ordenada e competitiva, unha Galicia preparada, unha Galicia que apoia os seus sectores produtivos, unha Galicia de benestar, unha Galicia saudable, unha Galicia orgullosa de si mesma e unha Galicia aberta e plural.

O Goberno responde aos principios e obxectivos. Son os nosos compromisos e é a nosa planificación consecuenta, e os galegos saben qué é o que vai a facer o seu Goberno. Di o que vai a facer e fai o que di que vai facer. Non hai lugar á improvisación. Cada medida e cada acción responden a unha planificación. Non creo na improvisación –díxeno ao principio–, nin tan sequera fronte aos imprevistos. Creo máis na capacidade de reacción que permita ter un programa realista e reflexionado, sobre todo ter un modelo de país.

Temos un problema conxuntural: a situación económica actual á que o Goberno fai fronte dende a unidade en todos os seus departamentos. A miña man segue tendida á colaboración con todos os axentes políticos e sociais como dende o primeiro día.

As caixas teñen unha responsabilidade social con Galicia, que temos gañado conservar e que non podemos permitírnos perder. Pido responsabilidade política para que todos os grupos, sen excepción, traballen por unha gran caixa de aforros galega.

Neste discurso avancei as liñas dun plan estratéxico 2010-2014, ambicioso para Galicia. Non me gustaría que este fora o plan estratéxico da Xunta de Galicia, senón que para todos sería bo que fora o Plan estratéxico de Galicia.

Diverxemos sobre o noso modelo de xestionar a economía. É certo, pero, se non é pactado globalmente o plan por todos, si espero que nel se poidan incluír medidas propostas e acordadas por todos os partidos.

Ademais do problema conxuntural, temos dous retos estruturais: o desenvolvemento do territorio e o rexuvenecemento da poboación. E para isto volvo pedir un gran acordo de país. Os gobernos e as oposicións pasan; o país permanece, e temos un modelo para o noso país, unha Galicia global, un espazo único e unido, un país cooperativo, igualitario en oportunidades, e que ha de

ser capaz de competir con calquera capital ou rexión europea. A Galicia que suma, a Galicia do interior e da costa e das cidades e pequenas aldeas, a Galicia que non distingue entre o norte e o sur:

«Desde las planicies de Lugo, llenas de abedules, hasta las rías de Pontevedra, orladas de piñerales; desde las sierras nutricias del Miño o la garganta montañosa del Sil, hasta el puente de Ourense, donde se peinan las aguas de ambos ríos; o desde los cabos de la costa brava de Coruña, donde el mar teje encajes de Camariñas, hasta la cima del monte Santa Tecla, que vence con su sombra los montes de Portugal, por todas partes surge una alborada de gloria. El día de fiesta comienza en Sant-lago».

Señorías, logo de citar a visión global da nosa terra que Castelao proclama dende o seu exilio en Arxentina, remato con Lorenzo Varela: «Aí está a clave para comezar a vivir o diálogo: en que nós pertenzamos a Galicia e non en que Galicia nos pertenza a cada un, a un sector, a un bando».

Dende ese convencemento, invítoos a traballar unidos, a poñer o mellor de cada un de nós ao servizo de Galicia. É o que nos piden os galegos e é a nosa responsabilidade política: dedicar todos os nosos esforzos no interese supremo de Galicia.

Agora é cando, Galicia é onde.

Moitas grazas.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA PARA AVALIAR A SITUACIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA DA COMUNIDAD AUTÓNOMA E INFORMAR DAS ACCIÓNS E PROPOSTAS QUE O GOBERNO GALEGO ESTÁ A ADOPTAR NESTE CONTEXTO

20 de xullo de 2010

Señora presidenta, señorías.

Comparezo hoxe ante este Parlamento para ofrecer a avaliación que fai a Xunta de Galicia da actual situación económica e financeira, así como as perspectivas e propostas de futuro que plantexa o Goberno.

Señorías, creo que coincidirán comigo en que estamos asistindo a un momento crucial da historia da Autonomía. Entendo tamén que existen diferenzas entre as visións que cada un de nós ten desta situación de crise e das fórmulas que deberían aplicarse para afrontala. Por iso me gustaría que esta comparecencia supuxera unha oportunidade, unha oportunidade de conseguir un punto de inflexión na nosa actitude para encarar o futuro. Gústame, en definitiva, que o debate que vai haber nesta ágora do pobo galego quedase centrado en propostas de futuro que partan dunha análise realista da situación.

Esa análise realista lévanos a afirmar que, efectivamente, a Galicia de hoxe é un país que atravesamos unha crise, pero coa mesma rotundidade lévanos a afirmar que non é unha sociedade en crise. Galicia non é un país dos chamados ricos, Galicia non é un país dos chamados grandes, pero esas dúas circunstancias obxectivas non nos converten en suxeitos pasivos da situación actual. Contamos con tres factores inéditos que nos permiten ter un papel activo.

O primeiro deles é o autogoberno. A autonomía ten unha dobre lexitimidade: consagra unha personalidade histórica e dálle ao pobo galego un instrumento útil para mellorar a súa situación. O autogoberno ponnos diante das nosas propias responsabilidades como país adulto con dereitos e con deberes.

O segundo factor é a plena inserción de Galicia no marco europeo. Formamos parte dun conxunto que, malia os seus erros e titubeos, se esforza por coordinar as medidas e para fortalecer a unidade. Galicia ten na Unión Europea un campo de xogo no que non sempre se gana, pero onde existen regulamentos que garanten a estabilidade e permiten ollar o futuro con esperanza.

O terceiro elemento positivo que nos diferencia das crises anteriores atinxe a propia sociedade. A Galicia de hoxe non é soamente un feito histórico ou unha realidade institucional; a Galicia de hoxe é algo vivo. Palabras como cooperación, coordinación, fusión ou acordo deixaron de ser unha excepción no noso vocabulario. Os discursos minifundistas empezan a verse como unha rareza ou unha mera artimaña de corto alcance.

Estamos, por tanto, nun momento no que xa non serven vellas fórmulas, e a cidadanía ten o dereito a que a clase política faga as súas propostas fuxindo duns plantexamentos que xa non teñen cabida na realidade actual e que a sociedade non entendería.

A sociedade galega espera moito de nós. Exíxenos, entre outras cousas, cumprir a palabra dada, ter iniciativa, aportar novas ideas e ter capacidade para chegar a acordos. É o mínimo que se nos debe exixir, pero tamén creo que no momento actual todo iso non é suficiente, porque creo que nos últimos tempos se tiña un pouco perdida a perspectiva da alta responsabilidade que supón xestionar os recursos que os cidadáns poñen nas nosas mans.

Parece como se tiveramos trasladado a un lugar secundario aspectos como a prudencia, a austeridade e a necesaria busca da eficacia, pero tamén –e sobre todo– da eficiencia nas decisións que tomamos. As críticas que, con motivos máis ou menos xustificadas, está a sufrir a clase política débense, en gran medida, a que en ocasións nos centramos máis na eficacia e moi pouco na eficiencia, entendendo por eficacia o simple cumprimento dos obxectivos e entendendo por eficiencia acadar eses obxectivos cos menores custos posibles.

Esa tendencia a centrarse case exclusivamente na eficacia, deixando nun lugar secundario os recursos empregados para iso, non debe ser interpretada como algo exclusivamente negativo; antes ao contrario, esa busca permanente de novos e ambiciosos obxectivos que caracterizou a clase política galega nestes case trinta anos de Autonomía tróuxonos numerosos logros importantes

e grandes melloras para toda a sociedade, en educación, en sanidade, en servizos sociais e en infraestruturas.

Pero parecería como se a importancia de todos eses logros nos cegase de tal xeito que nos impedira ver que tiveron e teñen un custo importante. Por iso a sociedade galega espera de nós algo máis que lograr obxectivos, con independencia dos seus custos. A sociedade galega exíxenos capacidade de xestión dos recursos, exíxenos, en definitiva, que sexamos eficientes.

Para facer unha análise seria da situación económica e financeira da Comunidade Autónoma é evidente que debemos de contextualizala de modo adecuado, porque da marcha da economía española vai depender, en gran medida, a marcha da economía galega, toda vez que, por unha parte, somos unha economía con tal nivel de integración e de relacións comerciais que fai que a maior parte dos produtos e servizos que se producen en Galicia se destinen ao resto do mercado español –máis do 66% de produtos e servizos que se fabrican en Galicia se venden no resto de España–, e, por outra, o noso nivel de interrelación remítese tamén ao escenario das finanzas públicas: os recursos dos que dispón a Comunidade Autónoma están condicionados polo nivel de fondos transferidos dende o Goberno central e estes dependen, á súa vez, en gran medida da marcha da economía española.

En España tivemos no Goberno socialista, na nosa opinión, un dos principais valedores da política de expansión do gasto público, e que vén derivada dunha concatenación de erros continuados: erros á hora de admitir a existencia da crise e as súas implicacións para España, erros na diagnose das causas da crise unha vez aceptada a súa existencia, e erros nas medidas adoptadas.

Cando aquí o Diario de Sesións pode testemuñar que moitos salientabamos a necesidade de comezar canto antes a tomar medidas correctoras e abordar reformas necesarias, o Goberno central seguía insistindo en argumentos como dicir que a crise viña de fóra, que tiña só compoñentes financeiros e que non chegaría a afectarnos.

¿Que se fixo dende o Goberno central? Apostar por un aumento desmedido do gasto público, o que orixinou un rápido incremento do déficit público. ¿E a que ía dirixido ese aumento do gasto público? ¿A medidas de calado estratéxico, de mellora da competitividade da nosa economía? Non.

Semella que non foi así. Un bo exemplo desta política é o coñecido Plan E, plan consistente en beirarrúas, xardíns..., en todos os concellos de Galicia e en todos os concellos de España. Unhas obras que non eran prioritarias nin estaban deseñadas para contribuír a mellorar o nivel de produtividade do país.

Pois ben, un Plan E no que o Goberno central gastou 14.000 millóns de euros, 14.000 millóns de euros, que é a mesma contía que agora o mesmo Goberno pretende recortar a 150.000 familias galegas afectadas pola redución do salario dos empregados públicos, a 500.000 pensionistas galegos afectados pola conxelación das pensións.

Na nosa opinión o Goberno central empeñouse en aplicar políticas de incremento desmedido do gasto público, non quixo ver a realidade do paro, seguiu aumentando constantemente, nin a recadación caendo, e, en definitiva, acabamos por pasar dunhas contas públicas con superávit do 2 % no ano 2007 a unhas con déficit público superior ao 11 % no ano 2009. Unha vez superado o déficit público a taxa do 11 %, Europa obrigou a cambiar radicalmente a política de gasto público, e para tal efecto o Goberno central decidiu subir os impostos, recortar os salarios, recortar as pensións e recortar as obras públicas.

A suba do IVE, vixente dende hai uns días, vai traer, segundo a maioría dos analistas, consecuencias altamente negativas. A suba do IVE vai supoñer en cada fogar galego un gasto adicional de preto de 300 euros. Os recortes do real decreto lei de maio afectan os máis débiles, afectan, sen dúbida, tamén a recuperación da economía.

Sosteoño, señorías, que a crise nos leva dous anos de vantaxe, pola negación do Goberno central a recoñecela.

Nós pensamos que hai outra forma de facer política, de xestionar, e por iso dende o primeiro momento este Goberno está a traballar tendo en conta cinco principios básicos nos que fundamentamos a nosa actuación ata o de agora: a austeridade efectiva, o rigor orzamentario, a mellora na xestión —é dicir, a eficiencia—, o apoio constante aos nosos sectores estratéxicos, o fortalecemento do sistema financeiro e a fusión das caixas de aforro.

Todos estes principios, os cinco, englobáanse nun principio básico: a planificación, que é o contrario da improvisación. Planificar é saber que queremos e como o queremos facer, e iso está fixado no Plan estratéxico 2010-2014: horizonte 2020.

Dende antes de chegar ao Goberno viñamos reclamando a necesidade de cambiar a actitude fronte á crise. Custou moito que o Goberno anterior recoñecese que había crise, pero cando o aceptou non fixo o primeiro que era necesario facer: ser consciente de que entrabamos nunha fase con menos ingresos e reflectilo así nos orzamentos.

E, por iso, falamos dende o inicio dun compromiso ético coa austeridade. Agora hai moitas administracións que seguen a senda da austeridade, o cal

nos parece ben. Este Goberno leva aplicando a austeridade dende o primeiro día, e así, en quince meses, temos adoptado numerosas medidas que impliquen un aforro ao longo da lexislatura superior aos 135 millóns de euros.

A austeridade ten consecuencias. A primeira consecuencia é cumprir a Lei de estabilidade presupostaria, é dicir, que Galicia estea cun déficit por debaixo do 1 % do produto interior bruto, fronte a un 11 % do Goberno de España. Ese é o principal impacto da austeridade: cumprir co rigor orzamentario e tratar de ter unha economía saneada e que xere confianza. Se non foramos austeros e non buscásemos a eficiencia, teríamos que facer o que fai agora o Goberno central e outras comunidades autónomas: subir os dous impostos máis importantes, o IVE e o imposto da renda das persoas físicas. Sen embargo, podemos acometer baixadas selectivas de impostos dirixidas a reactivar a economía, e por iso impulsamos dúas rebaixas selectivas de todos os impostos autonómicos que gravan a adquisición da vivenda, a rehabilitación da vivenda e a modificación dos préstamos hipotecarios; en Galicia na compra dunha vivenda págase 2.000 euros menos que na maioría do resto de España.

Xunto coa austeridade, o rigor orzamentario é outro pilar básico no que se debe sustentar a actuación dunha administración pública. Os orzamentos son a ferramenta de traballo das administracións públicas. Uns orzamentos mal deseñados e sustentados en supostos irrealis non cumprirán nunca a súa misión. Uns orzamentos falsos son, por tanto, un programa de Goberno falso, un programa de Goberno irrealizable e, por tanto, inútil. E iso era o que ocorría cos orzamentos elaborados nos anos 2008 e 2009. Atopámonos cuns orzamentos nos que había unha serie de desfases nos ingresos e nos gastos, o que se deu a coñecer como burato presupostario. Un burato que, finalmente, señorías –lamento dicilo nesta Cámara–, resultou moi superior ao previsto, como comentarei máis adiante. Nós non queremos que iso volva suceder, queremos facer dos orzamentos unha ferramenta útil e adaptada á realidade. E neste punto quero reiterar a importancia de ter pechado o exercicio 2009 cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria marcado polo Goberno central.

Somos unha das poucas comunidades autónomas que pode acreditar este logro de xestión fundamental para gañar en credibilidade e fiabilidade dun goberno. E queremos que ese rigor estea presente en cada momento. Por iso tivemos que facer un axuste de 200 millóns de euros no mes de abril, despois de que o Goberno nos comunicase a súa decisión unilateral de aprazar unha porcentaxe de transferencias de fondos comprometidos no novo sistema de financiamento.

En definitiva, rigor, realismo, responsabilidade e dicir a verdade son as máximas para xestionar sempre.

Señorías, manteremos o equilibrio orzamentario; manteremos o equilibrio orzamentario tamén no ano 2011, tamén no ano 2010, para non ten que cargar os cidadáns con contrapesos fiscais, para compensar os excesos gobernamentais.

Ser austeros e ter rigor obriga, ademais, a xestionar mellor. A nosa estratexia de actuación baséase na defensa dunha xestión eficiente dos recursos públicos, porque esa é a mellor garantía para o mantemento do Estado do benestar. Hai varios exemplos de procura dunha xestión máis responsable por parte do Goberno. Permítanme que me deteña exclusivamente nalgúns deles.

A Xunta está a cumprir o compromiso de pagar en corenta e cinco días. As novas formas de aforro nos gastos correntes da administración, dende a redución á metade do número de altos cargos, dende a redución dun terzo do persoal asesor do Gabinete, dende a redución á metade dos gastos de parque móbil, dende a redución dos alugamentos das oficinas da Xunta, dende a redución dos gastos telefónicos en máis de 17 millóns de euros durante a lexislatura, lévannos a un aforro estimado nuns 140 millóns de euros.

A mellor xestión é atender as persoas que máis o necesitan. Puidemos atender en catorce meses a máis de 20.000 novos dependentes, o que supón que na actualidade estean cobrando en Galicia 34.000 persoas a Lei de dependencia. O Goberno anterior, en dous anos e medio, atendeu 14.000 persoas; este Goberno, en catorce meses, a máis de 20.000, cun incremento do 142 %.

Mellor xestión é mellorar o rendemento cirúrxico nos tempos de espera, incrementando un 11 % o número de intervencións en xornada ordinaria nos hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde e acadando un incremento ou un rendemento cirúrxico superior ao 73 % fronte ao 68,8 %.

O apoio constante aos sectores produtivos estratéxicos foi unha das nosas liñas de actuación dende o primeiro día. No último ano da lexislatura anterior, entre abril do 2008 e abril do 2009, incrementouse o paro en 51.000 persoas, é dicir, un incremento do 32 %. Por iso, coa dobre intención de axudar a facer fronte á crise e reforzar cara ao futuro, este Goberno está a traballar para paliar os efectos da crise en todos os sectores produtivos.

En todos os sectores produtivos se implementaron medidas concretas. No sector lácteo, que dá emprego a 50.000 persoas, con axudas directas de máis de 100 millóns de euros, cun plan estratéxico do sector lácteo de preto de 900 millóns de euros e cooperación por primeira vez da marca de calidade do leite galego 100 %.

No sector forestal, que supón o 3,5 % do PIB e máis de 76.000 empregos, ensaiando unha nova figura das sociedades de fomento forestal para fomentar a creación de agrupacións de propietarios para acadar a viabilidade económica dos recursos forestais de xeito sostible.

No sector da pesca, que dá emprego a máis de 45.000 persoas, consensuando unha lei, desbloqueando o Plan acuícola, consensuando os modos e as artes da pesca e pactando unha estratexia de comercialización dos produtos do mar.

No sector naval, que supón o 5 % do PIB, cunhas axudas que supoñen un efecto multiplicador de ata 56 millóns de euros para axudar financeiramente os estaleiros.

No sector do comercio, que supón un 10 % do PIB galego e máis de 110.000 postos de traballo, cun proxecto da nova Lei de comercio e cun Plan Ágora pactado co sector, que supón un apoio integral ao comercio polo miúdo de 129 millóns de euros na lexislatura.

No sector da automoción, que dá emprego a 40.000 persoas, cun plan de incentivación e rebaixa dos prezos dos vehículos do ano 2009 que supuxo un incremento do número de matriculacións novas en Galicia dun 4 %, fronte a un descenso do resto de España dun 18 %, cun plan integral que supón aportar 120 millóns de euros ao sector da automoción, procurando que o coche eléctrico veña para Galicia.

No sector enerxético, que supón o 3,5 % do PIB, cunha nova Lei do sector eólico, que garante a seguridade xurídica, cun canon que xa están cobrando as administracións locais, que supón na primeira volta 23 millóns de euros en favor das administracións que posúen os parques eólicos, e cunha nova convocatoria pública de 2.325 megavatios, na que, segundo os datos do rexistro pechado no día de onte, o número de solicitudes presentadas a este concurso son de 90 empresas e preto de 15.000 megavatios, é dicir, sete veces máis que a oferta que se fai na licitación.

No sector téxtil, con 14.000 empregos, 1.200 empresas e co compromiso de recolocar o 60 % dos participantes do proxecto téxtil coas empresas e coa Xunta. E tamén, por suposto, cunha facilitación da adquisición do solo empresarial, cun aprazamento de tres anos do 70 % do importe e cos obxectivos de dispoñer de 32 millóns de metros cadrados de solo industrial no entorno do 12 e de 68 millóns de metros cadrados no entorno do 15.

Pero tamén tentamos facer fronte a un dos principais problemas das empresas galegas, que está sendo a dificultade para acceder ás fontes de financiamento.

Neste sentido, púxose en marcha o maior plan de avais para circulante da nosa Autonomía, na nosa historia da Autonomía: 400 millóns de euros.

Ata o momento o Igape recibiu máis de 3.180 solicitudes para mobilizar préstamos por 208 millóns de euros. En datas recentes, acabamos de dar un paso máis mobilizando outros 200 millóns de euros sobre os 400 iniciais. E se falamos de financiamento das nosas empresas, é obrigado falar do proceso de reestruturación do sistema financeiro e do papel de Galicia no novo mapa financeiro español.

Un escenario novo

Nesta nova situación, o Goberno galego optou por unha decisión histórica: promover e impulsar a fusión paritaria das caixas de aforro, para contar cunha gran caixa que garanta a presenza de Galicia no mapa financeiro español, un resultado froito do impulso de toda a sociedade galega, froito do impulso do Goberno e da acción responsable deste Parlamento –en especial dos grupos parlamentarios nacionalista e popular– e da responsabilidade das propias caixas.

En todo caso, agora estamos nun escenario novo. Estamos facendo a fusión, cando o Goberno central decide modificar as regras de xogo coa aprobación da Lorca. Neste sentido, a Xunta de Galicia, igual que o resto das comunidades autónomas, cumpriremos coa lei e, ao igual que todas as comunidades autónomas, adaptaremos a lei galega á nova Lorca, e farémolo pensando en favorecer a fusión, instando as caixas a pechar o protocolo de fusión no prazo máis breve posible, para poñer en valor canto antes as sinerxías e os aforros que conleva este proceso.

Señorías, a nosa máxima será, en todo caso, o que aquí acordamos: caixas solventes, caixa con centro de decisión en Galicia e contribuíndo ao desenvolvemento de Galicia. Pero a fusión das caixas transcende do meramente financeiro, debe ser un revulsivo de autoestima para todos os galegos. Galicia é capaz de funcionar unida e unida é capaz de superar calquera obstáculo. Galicia é capaz de convencer con argumentos sólidos, é capaz de vencer calquera tipo de interese alleo, é capaz de desprenderse dos intereses localistas e particulares, é capaz de superar os tópicos, é capaz de acadar o difícil, é capaz de facer o necesario.

Austeridade, rigor, xestión e apoio á actividade económica non son suficientes. Non son suficientes se non existe unha verdadeira planificación para o uso eficiente dos recursos públicos. E este Goberno ten feito, simultaneamente, a xestión que acabo de describir cun exercicio responsable de planificación.

Por iso todo o que veño de comentar se enmarca nunha estratexia na que se basea toda a acción do Goberno, o Plan estratéxico da economía 2010-2014: horizonte 2020.

Sabemos o que queremos facer, e sabemos como o queremos facer. Temos claras as prioridades, temos claro a onde queremos dirixirnos e temos claro que cómpre cambiar o modelo de xestión. Cada euro público ten que cumprir con eficiencia a súa función. E neste sentido o Plan estratéxico é o instrumento no que se plasma o necesario cambio de mentalidade para afrontar as dificultades que nos agardan nos vindeiros anos.

Quixera insistir, unha vez máis, no que considero é o eixe principal desta comparecencia, no dificultísimo contexto actual: non queda outro remedio que facer máis con menos; e para iso só hai unha vía: ser máis eficientes e vixiar que cada euro investido cumpra a súa función.

O Plan estratéxico 2010-2014: horizonte 2020 é un plan asentado sobre os seguintes principios: planificación, estratexia, cooperación e austeridade, e sobre todo sobre unha idea: a idea de devolvernos a autoestima, a idea da Galicia global, a idea dunha Galicia competitiva.

Con este plan pretendemos non só establecer unha estratexia de actuación nun contexto de crise, senón que pretendemos que poida servir como marco para que a Xunta plantexe ao tecido produtivo galego saír reforzados desta crise. O obxectivo global do Plan estratéxico da economía é lograr un crecemento económico sostible, impulsar a creación de emprego, aumentar a cohesión territorial e non abandonar –ao contrario, incrementar– o equilibrio territorial. Para acadar ese obxectivo o plan contempla cinco eixes estratéxicos de actuación: cohesión social e benestar e calidade de vida, o primeiro; a dinamización económica e o crecemento e o emprego, o segundo; a economía do coñecemento, o terceiro; a sostibilidade medioambiental e o equilibrio territorial, o cuarto; e a administración austera e eficiente, o último e quinto. Trátase, en definitiva, tal como se dixo o día da presentación, de lograr que Galicia sexa un lugar para vivir, un lugar para traballar e un lugar para investir.

O Plan estratéxico está aberto á participación da sociedade. Neste sentido teño que lembrar que, tal e como estaba comprometido, o plan xa pasou polo diálogo social e alí recolléronse achegas e opinións de todos os axentes sociais. Aproveito para agradecer moi sinceramente o labor e a colaboración dos axentes sociais e económicos que están a participar no diálogo social.

O plan tivo unha valoración positiva como instrumento aberto e dinámico que pode incorporar de xeito eficaz os acordos do diálogo social. Chegouse



Núñez Feijóo abandona a tribuna do Parlamento despois de avaliar a situación económica e financeira de Galicia ante a crise.

ao acordo de incorporar ao plan un anexo no que se establece a relación entre os obxectivos estratéxicos do mesmo e as temáticas abordadas nos meses do diálogo social. Agora, cumprindo o noso compromiso, anúnciolles que este Plan estratéxico 2010-2014: horizonte 2020 será remitido a este Parlamento nos próximos días para a súa análise, o seu debate, as súas achegas de todos os grupos. Confío en que entre todos sexamos capaces de melloralo para que reflecta esa aposta polo rigor e pola eficiencia que a situación nos exige. Como lles digo, o documento será remitido nestes días co fin de que a través do oportuno instrumento parlamentario, como acadamos no debate do estado da Autonomía, as achegas e suxestións dos grupos poidan ser remitidas á Xunta no próximo mes de setembro e así poder incorporalas na elaboración dos presupostos de 2011.

Estamos na última parte desta comparecencia: os retos do futuro, as propostas do goberno. Señorías, este é o contexto no que estamos actualmente e o que pretendín describir ao longo desta intervención. Un contexto que segue marcado pola crise, pola necesidade de reformular un gran número de políticas que se viñan desenvolvendo ata agora. Como queda dito, a aposta que o Goberno central fixo polo déficit público e por atrasar as reformas importantes condiciona, sen dúbida, a evolución da economía de todas as comunidades autónomas. En ambos os casos, os indicadores macroeconómicos indican que aínda nos queda un longo camiño, un camiño complicado, ata volver a taxas de crecemento económico e creación de emprego.

A evolución da economía no último cuadrimestre deste ano vainos impedir acabar con taxas de crecemento positivo. Lamentablemente, os recortes aprobados afectarán, sen dúbida, a recuperación económica de Galicia e do resto de España. Neste sentido, o propio estudo das caixas de aforro españolas, FUNCAS, vén de anunciar que España volverá entrar en crecementos negativos no terceiro e no cuarto trimestre deste ano, o que significa volver á recesión. Por tanto, estas medidas do Goberno central xa nos teñen obrigado a facer unha revisión das perspectivas de crecemento que fixemos pública nesta tribuna.

Fomos realistas cando a conselleira de Facenda explicou nesta Cámara a finais do mes de maio que Galicia rematará o ano 2010 cun crecemento negativo de -0,3, é dicir, cinco décimas menos do inicialmente previsto. En definitiva, fieis aos nosos principios, fomos realistas no axuste do crecemento económico; supoño que nas vindeiras semanas o Goberno de España tamén revisará inevitablemente, se quere ser realista, as súas previsións de crecemento económico. En todo caso, seguimos mantendo a nosa previsión de situar a taxa de

crecemento económico de Galicia medio punto por riba da taxa de crecemento da media española. Confiamos, pois, en manter a previsión de diferencial positivo de crecemento para seguir converxendo coa economía española. Ao peche do exercicio de 2010 os galegos pagarán menos impostos que noutros lugares de España. Galicia, un ano máis, terá menor decrecemento económico que o resto de España, Galicia terá menor déficit que o Goberno de España e Galicia terá menos paro que a media española. Galicia estará máis preto do crecemento, do superávit e da creación de emprego.

Pero ademais de valorar as perspectivas económicas é moi necesario avaliar a situación das contas públicas. É dicir, analizar con que recursos vai contar a Comunidade Autónoma galega no 2011 e –xa anticipo– nos anos seguintes. Valorar na súa xusta medida a capacidade que ten a Xunta para incidir na evolución da economía.

Lamentablemente, teño que dar as noticias realistas. As cifras de ingresos inicialmente previstas para os vindeiros anos vanse ver limitadas por dous aspectos fundamentais: por unha banda, unha menor capacidade de acudir á débeda pública, limitando o recurso ao endebedamento para financiar investimentos. O pasado 15 de xuño o Consello de Política Fiscal e Financeira modificou o Acordo marco coas comunidades autónomas para a sostibilidade das finanzas públicas período 2011-2013. Esta modificación implica que os niveis de endebedamento autorizados inicialmente polo Estado se vexan reducidos de modo moi significativo para este período. Ademais, elimínase a chamada *golden rule*; é dicir, aquela que permitía ás comunidades autónomas que cumprimos a nosa obriga de non excedernos no presuposto e cumprir a Lei de estabilidade presupostaria, e que nos daba a posibilidade de endebedarnos máis para investimentos que o resto das comunidades autónomas, foi eliminada.

Deste xeito, os límites de endebedamento para os vindeiros anos quedan como seguen: no ano 2010, 2,5 % do PIB, pasando ao 1,3 no ano 2011 e no ano 2012, e baixando ao 1,1 no ano 2013. Esta nova senda significa, xunto coa eliminación da *golden rule*, tratar igual a todas as comunidades autónomas, xa estean en déficit ou estean en equilibrio, e significa unha redución de 803 millóns de euros na nosa capacidade de presuposto para o vindeiro exercicio 2011; é dicir, supón unha minoración de 803 millóns de euros nos orzamentos do 2011.

O segundo aspecto que condiciona as dispoñibilidades orzamentarias é o efecto das chamadas devolucións das liquidacións negativas derivadas dos orzamentos do 2008 e do 2009. Nos anos 2008 e 2009 as previsións de ingresos

do Goberno central, validadas polo Goberno bipartito, non se cumpriron en absoluto. É dicir, os orzamentos do Bipartito para o ano 2008 e 2009 non tiñan o debido respaldo de ingresos, e, por tanto, foron irrealis. E agora o Goberno central, corresponsable destas previsións falsas, solicita a devolución das contías transferidas en exceso durante os anos 2008 e 2009. As liquidacións negativas que ten que devolver Galicia, segundo as contas do Goberno central, serían: 600 millóns de euros no exercicio de 2008, e unha estimación de preto de 2.000 millóns de euros –exactamente 1.989 millóns de euros– a devolver polas liquidacións dos seguintes exercicios. É dicir, a causa das previsións irresponsables e duns orzamentos irrealis Galicia terá que devolver ao Estado preto de 2.600 millóns de euros entre o ano 2011 e o ano 2016; a saber: 119 millóns de euros no ano 2011; 517 millóns de euros no ano 2012; outros 517 no 2013; outros 517 no 2014; outros 517 no 2015, e 386 no 2016; é dicir, 2.584 millóns de euros. Cando Galicia comece a recuperar a senda de crecemento económico e cando poderíamos comezar a recuperar a nosa capacidade financeira, estaremos obrigados a devolver 500 millóns de euros de media anual ata o ano 2017.

Solicito formalmente, ante a gravidade da situación, ás forzas políticas un acordo unánime, un acordo para dirixirnos ao Goberno central cunha postura firme e cunha postura sólida en defensa dos intereses de Galicia, unha postura con dous requirimentos ao Goberno central. O primeiro, que Galicia non teña que facer ningunha devolución ata que a comunidade recupere a senda de crecemento económico e a creación de emprego; é dicir, ata que a economía creza polo menos o 2 % anual. A segunda, que se modifique a periodificación do pago das citadas devolucións, ampliando o reparto dos case 2.600 millóns de euros en dez anualidades. Prégolles aos portavoces dos grupos parlamentarios que consideren esta proposta. Agardo as súas achegas ao respecto e seguro que as realizarán nos respectivos turnos de intervención e ao longo dos próximos días.

En resumo, señorías, entre a menor capacidade de endebedamento e as liquidacións negativas temos que afrontar os orzamentos do 2011 con arredor de 1.000 millóns de euros menos que en 2010, case un 9 % menos. Señorías, somos un Goberno responsable, faremos os orzamentos do ano 2011 partindo dunha análise realista dos recursos cos que imos contar, diso partiremos. Serán uns orzamentos, como veño de anunciar, que experimentarán unha notable redución, cercana ao 9 %, 1.000 millóns de euros menos. Por iso insisto na idea de que estamos nun momento crucial, estamos nun momento no que

facen máis con menos deixa de ser un desexo ou unha frase máis ou menos lúcida para converterse nunha obriga irrenunciábel.

¿Cal é a resposta da Xunta diante desta situación? ¿Cales son as prioridades e as propostas? Señorías, ¿cal vai ser logo a resposta do Goberno galego diante desta situación de extraordinaria dificultade financeira da que –cómpre reiteralo– Galicia non é responsable? ¿Como afrontar a elaboración duns orzamentos nos que a estimación dos ingresos baixa 1.000 millóns de euros e, por tanto, un 9 % da capacidade presupostaria?

Sete propostas básicas

Xa lles adianto, brevemente, cales serán os eixes principais nos que se basearán os orzamentos, os primeiros que integrarán unha estratexia orientada a resultados, tal e como prevé o Plan estratéxico ao que fixen referencia.

Sete novas propostas son as que quero anunciar á Cámara: a blindaxe dos servizos públicos esenciais; manter a solvencia e a credibilidade da Comunidade Autónoma e da súa facenda pública; evitar o desplome do investimento público; profundar ao máximo na austeridade; unha xestión eficaz e eficiente; apoiar a actividade empresarial para impulsar a reactivación económica, e apostar decididamente pola innovación e pola sociedade da información.

Cando falamos de blindar os servizos públicos esenciais, falamos de garantir que a súa calidade non vai ser afectada. Pero falamos tamén de lograr a maior eficiencia posible reducindo os gastos de funcionamento e mellorando a xestión, é dicir, apostando polo público, garantindo o mantemento do peso relativo do gasto en sanidade, en educación e en servizos sociais. Garantir a solvencia e a credibilidade da Comunidade Autónoma como segundo eixe significa xerar confianza, e iso é imprescindible para demostrar a credibilidade do Goberno e a solvencia da facenda pública autonómica. Por iso nos comprometemos a seguir cumprindo o obxectivo marcado pola estabilidade orzamentaria, como, por certo, xa fixemos –como digo– no ano 2009 e tentaremos facelo tamén no ano 2010.

Seguiremos comprometidos co rigor na elaboración da execución dos orzamentos; é dicir, temos que pagar o que debemos e non podemos gastar o que non temos. Farémolo por dúas poderosas razóns: primeiro, para manter a solvencia e o rigor orzamentario de Galicia, porque é un valor recoñecido nos mercados. De feito, Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que non experimentou unha baixada na cualificación da súa débeda nos últimos meses. Por certo, Galicia foi unha das poucas comunidades autónomas que

tivo ata tres ofertas para colocar a débeda pública, fronte a outras comunidades autónomas que non cobren a débeda pública que solicitan. Farémolo, tamén, porque a solvencia e o rigor son as mellores cartas de presentación para a atracción de investimentos e a implantación de novas iniciativas empresariais.

O terceiro eixe é evitar o desplome do investimento público, é dicir, mitigar o desplome do investimento público. Se temos que reducir 1.000 millóns de euros o presuposto, se temos que reducir un 9% os orzamentos, unha vez sentada a blindaxe dos servizos públicos esenciais intentaremos compensar os efectos negativos desta redución, porque compensar os efectos negativos da redución presupostaria supón xerar emprego, supón reactivar o PIB e supón infraestruturas necesarias para mellorar a nosa competitividade.

Por iso acudiremos a fórmulas de financiamento validadas e recoñecidas en toda Europa e en España, chamadas formas de financiamento específico, como vostedes saben, os pagos aprazados.

Actuacións de pagos aprazados –reiterámolo–: hospital de Vigo, hospital de Pontevedra, 50 centros de saúde, autovía Carballo-Berdoias, autovía Ourense-Celanova-fronteira portuguesa, desdoblamento do corredor do Morrazo e desdoblamento do de Nadela-Sarria. E actuacións que tamén serán levadas a cabo polo SPI: plans de infraestruturas xudiciais, obras na Consellería de Educación e outras actuacións na Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio.

En total, os investimentos que se levarán a cabo a través de fórmulas de pago aprazado son os que están sinalados no Plan estratéxico, os mesmos que presentamos á sociedade galega, os mesmos que presentamos aos axentes sociais e os mesmos que presentaremos aos grupos parlamentarios, de 2.500 millóns de euros ata o ano 2014.

O cuarto plan é profundar na austeridade. Seguiremos consolidando as medidas de austeridade e eficacia, que xa alcanzan un aforro consolidado –como lles anunciei– duns 140 millóns de euros; cifra que seguiremos incrementando con novas medidas.

A esta política de xestión dos recursos non vai haber excepcións, nin tan sequera a Cidade da Cultura, por iso a Cidade da Cultura comezará a xerar ingresos dende este mesmo ano coa finalización e a apertura de dous edificios actualmente en obras e coa apertura doutros dous edificios no próximo ano. Aprazaremos a obra do edificio do teatro da ópera ata que a situación económica mellore, e aproveitaremos espazos da Cidade da Cultura que non tiñan ningún fin previsto para que a Xunta de Galicia aforre en alugamentos,

ubicando toda a tecnoloxía da Administración autonómica. Señorías, eficiencia en todo.

Quero anunciarlles dúas decisións concretas que combinan austeridade e eficiencia. Utilizaremos os sotos da Cidade da Cultura para ubicar o Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia. Un novo centro que nos permitirá unificar os 80 centros de procesos de datos actuais, dos que o 90 % non teñen posibilidades de crecemento. Un novo centro, situado nos sotos da Cidade da Cultura, que vai supoñer un exemplo para mellorar o nivel tecnolóxico e acadar a máxima eficiencia enerxética. Un novo centro que suporá un aforro de máis do 50 % do custo enerxético por metro cadrado; unha dobre decisión que implicará un aforro estimado anual de dous millóns e medio, dez millóns de euros durante unha lexislatura.

A outra cuestión que afecta a xestión eficaz e eficiente que lles quero anunciar é unha nova medida para mellorar a xestión en relación coa contención do gasto farmacéutico. Estamos a facer un notable esforzo para incrementar a porcentaxe de prescrición de medicamentos xenéricos, onde, pese a incrementar a porcentaxe dende o 10 % ao 14 % tan só nos primeiros meses, Galicia –hai que recoñecelo– aínda ocupa unha posición por debaixo da media española. Pero queremos dar un paso máis na nosa teima para racionalizar o gasto farmacéutico, apuntalando así a sanidade pública, por iso imos propoñer a elaboración dun catálogo priorizado na prescrición de medicamentos. Un catálogo que incluírá os medicamentos que cumpran os criterios de seguridade, de eficacia e de eficiencia, é dicir, os medicamentos que, garantindo a calidade e a seguridade, teñan un menor prezo. Un catálogo que definirá as prioridades para os profesionais sanitarios do Sergas e das oficinas de farmacia cando prescriban ou dispensen outra receita. Neste sentido, dende a Consellería de Sanidade iniciaranse de forma inmediata os contactos cos colexios de médicos, cos colexios farmacéuticos, así como cos profesionais sanitarios, co fin de acadar o máximo consenso posible na adopción desta medida.

O sexto eixe, e penúltimo, refírese á actividade empresarial para a reactivación económica. Seguiremos centrados en fomentar e facilitar a actividade empresarial con novas propostas. Un lgape renovado. Dende que entramos no Goberno esforzámonos en mellorar as ratios de xestión do modelo actual do lgape. Durante os cinco primeiros meses deste ano 2010 as solicitudes pagadas incrementáronse nun 500 % con respecto ao ano anterior, e neste mesmo período rebaixouse máis da metade o prazo de pagamento efectivo das solicitudes de cobros de axudas; exactamente de 100 días de media

a 46,2 días de media. Pero non é suficiente, queremos seguir avanzando e mellorando para adaptar os retos de futuro ás ferramentas das que dispón a Xunta.

Nestes momentos de crise, coa mirada posta no futuro, as empresas galegas tamén deben de mudar de mentalidade, poñendo énfase na competitividade por diferenciación en calidade, en innovación, en modelo de negocio ou en modelo organizativo.

Diciá Paulo Coelho que: «*Algunhas veces hai que decidirse entre unha cousa á que se está acostumado e outra que nos gustaría coñecer*». Galicia, a Xunta, os concellos, as empresas, os cidadáns, temos que superar o costume da subvención. Neste sentido, queremos que o Igape sirva como elemento clave nesta transformación, e para iso é preciso comezar por unha transformación interna. Pretendemos, por tanto, que antes de finais deste ano Galicia conte cun Igape renovado, adaptado ás necesidades actuais; incrementar o peso relativo das actividades orientadas á prestación de servizos das empresas ligados á internacionalización dos produtos, á mellora competitiva e ao fomento e á creación de empresas. En resumo, queremos que o Igape pase a ser un axente transformador dun novo modelo produtivo máis competitivo.

Señorías, quero anunciarlles novas deducións fiscais para fomentar a capitalización das empresas galegas. Iremos apostar por facer uso do noso autogoberno en política fiscal para facilitar a creación e a capitalización das empresas galegas, e farémolo a través de dúas deducións do imposto da renda das persoas físicas. Implantaremos unha dedución do imposto da renda das persoas físicas por investimento na adquisición de accións e participacións sociais para a creación de novas empresas galegas ou ben para participar na ampliación do capital de empresas exclusivamente galegas, e a dedución acadará o 20 % das contías achegadas ata un límite máximo de 4.000 euros.

Por outro lado, aplicaremos unha dedución por investimentos en accións de empresas galegas que coticen no mercado alternativo bursátil. Con esta dedución trataremos de incentivar e de conseguir que empresas galegas de tamaño mediano teñan máis doada a captación de recursos propios, é dicir, a súa capitalización, principalmente para acometer os seus proxectos de internacionalización, de innovación e de expansión. A dedución, igualmente, acadará tamén o 20 % das contías achegadas, cun límite máximo de 4.000 euros.

A sétima e última proposta refírese á aposta pola innovación e pola sociedade da información. Se queremos que o tecido produtivo galego sexa capaz de basear o seu crecemento futuro na mellora da competitividade, sabemos que

é esencial tomar unha maior conciencia da necesidade de aplicar solucións innovadoras. A nosa aposta de futuro, neste eido, pasa por converter a dirección xeral correspondente da Consellería de Economía e Industria nunha axencia galega de innovación encargada de xestionar as políticas da Xunta. Esta axencia estará posta en marcha despois do verán, facilitando instrumentos de financiamento máis eficientes e cun menor retorno do intervindo, cambiando un modelo baseado nas subvencións para dar paso a outro centrado nos préstamos.

Outro dos factores que hoxe en día resultan primordiais, como lles dicía, é a aposta polas tecnoloxías da información e da comunicación. Esta é unha das nosas máximas prioridades de Goberno, a Axenda dixital Galicia 2014.gal, que, cun investimento previsto de algo máis de 900 millóns de euros de fondos públicos, abrangue toda a estratexia da Xunta no emprego das novas tecnoloxías.

Con esta axenda pretendemos, en primeiro lugar, crear emprego e riqueza, pasando o peso do PIB do 4,8 % actual ao 6 % futuro e posibilitando a creación de 12.000 empregos. En segundo lugar, construír unha administración máis eficiente. En terceiro lugar, capacitar os cidadáns para un mercado global, incrementando o emprego das tecnoloxías da información nos fogares e nas empresas. E en cuarto lugar, contar con infraestruturas de telecomunicacións modernas, e non é outra cousa que garantir a accesibilidade ao cen por cento da poboación galega á banda larga en 2013.

A Xunta cre que esta é a vía que debemos seguir. Precisamos dar á sociedade galega o que nos pide, un exercicio complicado e mesmo paradoxal, un exercicio de ambiciosa prudencia. Non podemos investir máis do que temos; por tanto, o que imos facer, témolo que facer ben. Por iso me gustaría contar coa súa colaboración para poder aplicar esa nova mentalidade na estratexia de apoio á economía galega e a favor da creación de emprego.

Comecei a miña intervención dicindo que Galicia non era un país dos chamados ricos, pero a súa riqueza humana é inmensa. Galicia non é un país grande en tamaño, pero a súa solidez interna faino maior que outros que afrontan a crise divididos. Galicia é tamén un país maduro. Dicirlles a verdade do que pasa aos cidadáns é a mostra de confianza que os nosos cidadáns merecen dabondo. Non nos elixiron para ocultarlles a verdade, nin para tratalos coma un pobo menor de idade, tampouco para adoptar medidas sen facelos partícipes. Se os gobernantes queremos cambios no modelo económico, temos que saber que o principal motor dese cambio non é unha lei que pretenda alterar por si mesma a realidade, senón actitudes que axuden as persoas a comprender a gravidade da situación e a actuar en consecuencia.

A economía trata das persoas, non de cifras. A crise ensinounos que a economía é algo excesivamente importante para deixala só en mans dos economistas, de aí a relevancia de implicar a toda a sociedade nas medidas que se decidan. Da resposta desa sociedade, das decisións económicas que tomen os nosos cidadáns, depende en boa medida o éxito das políticas que fagamos. Por iso, o meu desexo con esta sesión parlamentaria é que contribúa á implicación social das galegas e dos galegos.

Confío en Galicia e quero que Galicia confíe en todos nós. Creo que esa confianza require que este Parlamento teña no noso país un exemplo no que ollarse.

Máis nada e moitas grazas.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA PARA INFORMAR E DEBATER RESPECTO DA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

15 de marzo de 2011

Señora presidenta, señoras e señores deputados.

Quero dedicar as miñas primeiras verbas a render unha fonda e sentida homenaxe a cantos galegos de onte e de hoxe contribuíron á defensa da identidade de Galicia e a crear as condicións xurídicas, políticas, económicas e sociais para que hoxe exerzamos o autogoberno.

Eles abríronnos un camiño de esperanza e responsabilidade para que, facéndonos hoxe protagonistas desta etapa da historia, academos meirandes cotas de benestar nun marco de convivencia pacífica e democrática.

Deste xeito inauguraba o presidente Xerardo Fernández Albor esta institución baixo o acubillo do Estatuto de autonomía, que cumprirá en mes e medio trinta anos da súa publicación oficial. Imaxino a emoción de calquera deputado da época, que no seu escano era plenamente consciente do momento histórico que vivía. Imaxino a súa ilusión por ser partícipe das primeiras reflexións sobre a autonomía e a súa participación no Estado. E imaxino mesmo a súa inquedanza ante a ameaza de que aquel autogoberno recentemente estreado se convertese nun intento errado.

Dende entón, neste hemiciclo téñense sucedido debates diferentes en diferentes contextos. Malia iso, en todos eles a nosa terra soubo aproveitar a conquista democrática para practicar a súa singularidade no Estado autonómico. Que hoxe esteamos aquí, demostra que Galicia xa conta cunha autonomía e unha democracia madura e consolidada. Pídlles que sexamos conscientes diso.

O modelo que outros, antes ca nós, normalizaron segue a ser hoxe extraordinario. É extraordinario porque foi ao amparo da autonomía como Galicia conseguiu e exerceu novas competencias. É extraordinario porque Galicia incrementou a súa converxencia económica con España e con Europa. E é extraordinario porque foi como Galicia afrontou tamén retos e dificultades históricas.

Somos afortunados porque, tres décadas despois daquela intervención, o soño autonómico conta con vimbios fortes e cunha utilidade contrastada, malia a que hoxe, como entón, a nosa responsabilidade de autogoberno chega nun intre de crise económica e política que afecta a toda España, nun contexto mundial nada favorable.

Señoras e señores deputados, este debate celébrase, certamente, na situación máis difícil posible pero tamén no momento máis necesario e procedente para que teña lugar. É a oportunidade de que, entre todos, poidamos aportar críticas, autocríticas, opinións, ideas, propostas, respostas, decisións e accións para contribuír a despexar as incógnitas, as incertezas e as dúbidas que están hoxe instaladas na sociedade.

Unha sociedade que padece as consecuencias deste contexto económica tan duro. Unha sociedade que, cada vez máis, nos percibe aos políticos como un problema engadido aos que xa padece. E unha sociedade que está a perder a fe nas institucións e na que mesmo se comeza a instalar o debate sobre a idoneidade do modelo de Estado que iniciabamos e celebrabamos hai tres décadas.

España, e Galicia tamén, está aínda nunha crise económica da que Europa comeza a saír. A taxa de paro en España é superior ao 20 %, a de Galicia é do 15,4 %; pero a da Unión Europea é do 10 %. Os mozos desempregados alcanzan o 42,8 % en España, en Galicia o 36,2 % , pero na Unión Europea son o 20 %.

Respecto da evolución do PIB, no pasado ano España segue a decrecer, Galicia creceu timidamente no 0,1 %, pero nacións europeas como Suecia, Alemaña e Francia presentaron xa un crecemento do 5,5 %, do 3,6 % e do 1,6 % respectivamente. E aínda que o número de empresas creceu un 2,2 % en España e un 5 % en Galicia, en Europa xa se demanda con moita intensidade man de obra cualificada para dar cobertura a un tecido produtivo en crecemento.

Como é lóxico, as consecuencias desta crise son os principais problemas que afectan a sociedade, e así se reflicte en todas as análises demoscópicas. De feito, no último barómetro do CIS, máis cidadáns ca nunca –máis dun 80 %– mostran a súa preocupación polo paro e fano tamén pola economía. Pero, neses mesmos indicadores, seguidamente os cidadáns detectan outro problema: os políticos e os partidos. Poderíamos buscar diferentes xustificacións. Poderíamos dicir que é esta difícil situación a que provoca que nos perciban así, pero non é certo. Situacións coma esta son a oportunidade perfecta para demostrar o noso compromiso e a nosa valía. Poderíamos cargarnos os uns aos outros este resultado, pero seguiríamos sen resolver o problema; ao contrario, faríamos que fose aínda máis grave.

Señorías, non hai excusas, os máximos culpables de que os cidadáns perciban os políticos como un problema somos os políticos. Nós mesmos debemos ser os responsables de volver ser considerados como parte da solución. Facémolo cando falamos do que verdadeiramente interesa ao pobo. Facémolo cando a proposta anula os excesos verbais. Facémolo cando as ideoloxías se poñen á disposición da xente e non se pretenden impoñer. Facémolo cando se busca a coincidencia en lugar de tentar agravar a diferenza. Facémolo cando o país pode máis cá militancia. E facémolo cando somos conscientes de que os datos son moito máis que argumentos políticos para ler dun xeito ou doutro. Son cidadáns que esperan, por parte de nós, respostas. Sabemos facelo e podemos facelo, hoxe e desde hoxe.

Ao longo dos seus trinta anos de historia, esta Cámara foi testemuña de grandes iniciativas e acordos que fixeron avanzar o noso país e incrementar as cotas de benestar das galegas e dos galegos. Ignorando todo isto, unha tripla ameaza gravita sobre o modelo do que formamos parte, e creo que neste Parlamento, e máis nun debate coma este, debemos defender e reivindicar a razón de ser pola que hoxe os representantes de Galicia nos podemos reunir aquí, e esa razón de ser é a España das autonomías.

A primeira posición contraria é a daqueles que senten nostalxia de esquemas centralizados, coa excusa de que serían máis eficaces para contrarrestar a crise económica. Nesta opinión militan os que ven nos mecanismos do Estado autonómico un atranco que obstaculiza ou ralentiza a adopción de medidas, un luxo que soamente sería aceptable en momentos históricos de bonanza.

Discrepo desta visión. As autonomías non son unha especie de frivolidade pasaxeira, senón unha necesidade permanente que xorde de circunstancias

políticas, históricas, culturais, pero tamén económicas. Na cerna da reivindicación autonómica está o anxeio dunha España equilibrada e solidaria. Ese equilibrio e esa solidariedade son necesarios cando o ciclo económico é boiante, pero resultan imprescindibles cando cómpre capear as turbulencias.

Quero alertar contra a idea de centrar na estrutura autonómica as causas da faciana española da crise, esquecendo quen ten nas súas mans os principais resortes. Os factores que xeran desazón non residen na entraña da España das autonomías, senón en políticas específicas de gobernos específicos. Dito doutro xeito, non é un cambio restritivo nesa estrutura o que facilitaría as cousas, senón un cambio nas políticas erráticas de quen debe liderala.

A segunda das ameazas ás que antes aludía consiste na suplantación subrepticia do Estado autonómico equilibrado que consagra a Constitución por outro que se desenvolve dando tumbos, con medidas nas que o privilexio substitúe a equidade e a improvisación pode máis que a harmonía, malia que moitas veces afecte a ámbitos tan determinantes como o financiamento autónomo ou a realidade financeira.

Un bo funcionamento da España das autonomías é fundamental para que a crise non xere máis desequilibrios entre os territorios. No caso de Galicia, o autogoberno é e ten que seguir sendo unha salvagarda contra os intereses que queren aproveitar a crise para facer unha relectura nescada do Estado que define a Constitución.

¿Supón iso que o Goberno galego avoga por unha visión estática do sistema autonómico? Todo o contrario. Entendemos que cómpre seguir dando pasos adiante: perfeccionando as institucións, clarificando ámbitos competenciais, evitando duplicidades ou afondando nos foros comúns. Esta é a razón pola que Galicia se sumou dende o primeiro momento á creación dun foro de gobernos autonómicos, e seguirá avanzando no camiño da cooperación coa Conferencia de presidentes autonómicos este ano.

Penso que este camiño é o que nos permitirá facer fronte á terceira ameaza á que me refería, protagonizada por aqueles que teiman en apartar a autonomía das prioridades reais para centrala en debates minoritarios.

Son galeguista, son autonomista e creo que a lexitimidade da autonomía se basea na súa capacidade para achegarse ao sentir da xente e, desde esa proximidade, tentar resolver os seus problemas.

Abofé que cando o presidente Albor pronunciaba as verbas coas que hoxe inicié a miña intervención tamén viviamos momentos de enormes dificultades sen precedentes. Os cualificativos que definen aquel histórico momento valen

para os nosos días; este tamén é un momento de enormes dificultades sen precedentes. Parece lóxico, por iso, pensar que tamén habemos de recuperar o espírito daquel primeiro gran debate parlamentario.

Trátase de xerar unha nova esperanza que sexa común a todos, que sexa capaz de unirnos como a esperanza que uniu os nosos predecesores para crear a autonomía. Eles non o fixeron sobre autoenganos nin sobre utopías nin sobre optimismos baleiros. Eles fixérono con grandes doses de realismo e de pragmatismo. Así habémolo de facer nós.

Señorías, contamos para iso cun pobo sentido e sufrido, pero tamén cun pobo crítico. As galegas e os galegos, como o resto dos españois, padecen hoxe unha depresión social derivada da crise económica, dunha crise política e dunha crise institucional que minou a súa confianza. Estou convencido de que hai trinta anos moitos miraban tamén os seus gobernantes con escepticismo. E penso que o primeiro que se xerou neste hemiciclo non foron propostas, nin sequera institucións, foi a confianza, que traspasou as portas deste Parlamento e chegou ás rúas. Se entón foron capaces, nós tamén podemos.

É certo que a confianza non resolverá por si soa os problemas, como tampouco o fixo daquela; pero constitúe a cimentación necesaria para poder construír a recuperación. Recuperar a confianza debe ser a nosa primeira obriga. Sen dúbida, non é a solución definitiva, pero si a primeira necesidade do noso país. Por iso é imprescindible dicir a verdade e xestionar a realidade. Boa parte de Europa está a saír xa dunha crise na que aínda estamos instalados, e se isto é así é porque durante demasiado tempo nos mantivemos nunha mentira económica e vivimos nunha irrealidade que agora se paga con máis impostos, con recortes sociais, con incertezas sobre o estado real e o futuro da nosa nación.

Como teño dito en máis dunha ocasión, a crise lévalle a España dous anos de vantaxe. Tal cousa déixanos na situación actual, na que, en lugar de empregar todos os nosos recursos e instrumentos en contra dos efectos desta crise, estamos aínda a loitar por corrixir os erros derivados da negación e ausencia de xestión desa realidade.

O impacto da crise

Aquí, nesta mesma Cámara e neste mesmo debate, poderíamos debater hoxe onde investimos 2.600 millóns de euros nos próximos cinco anos. Sen embargo, esa mesma cantidade é o prezo que Galicia ten que pagar pola negación da crise. A negación dun goberno que, sendo o causante desta situación, é

agora o reclamante inflexible e desoe a maior parte das comunidades, que solicitamos ampliar o prazo a dez anos para diminuír o impacto nas facendas autonómicas que fan fronte ao pago da inmensa maioría das políticas sociais.

Non podemos seguir incrementando a desconfianza, e esta Xunta, desde o primeiro día, tenlles dito a verdade aos cidadáns sobre a situación na que estamos e sobre cal é a realidade das arcas públicas. Estamos nun escenario no que os presupostos autonómicos de Galicia para o ano 2011 experimentan unha diminución próxima ao 11 % con respecto ao ano anterior, e, tendo en conta o efecto da inflación, retrotráennos a niveis presupostarios do ano 2006, e malia iso debemos pagar a máis empregados públicos que entón –14.000 máis entre 2005 e 2009–; prestar servizos a unha poboación dependente en aumento e que nada ten que ver coa que estaba prevista na memoria económica estatal da Lei de dependencia; renovar a metade das camas hospitalarias, completar a rede de centros de saúde e seguir prestando unha atención sanitaria a unha poboación cada vez máis envellecida, e seguir mantendo as infraestruturas existentes e as novas creadas desde entón.

Esta é a realidade das contas públicas, unha realidade marcada por dúas dificultades principais. En primeiro lugar, pola xa comentada obriga de devolverlle ao Goberno as liquidacións negativas derivadas das súas malas previsións orzamentarias do ano 2008 e o ano 2009, que supuxeron 119 millóns de euros negativos este ano e que nos cinco seguintes suporán que, ano tras ano, Galicia parta, na elaboración dos seus orzamentos, con menos 500 millóns de euros anuais. E, en segundo lugar, por unha interpretación interesada do modelo de financiamento autonómico no que respecta a Galicia. Por un lado, retraendo 243 millóns de euros que corresponden ao Fondo de cooperación. Por outro, porque non se respecta a achega de 162 millóns dos recursos adicionais do ano 2010. Tamén porque asistimos a unha diminución de 228 millóns de euros pola regularización que mantén o *status quo*. E, por último, porque se nos negan 171 millóns derivados da revisión tralo incremento dos tipos impositivos do IVE. En total, son 805 millóns aos que Galicia ten dereito, de acordo co modelo de financiamento, e que o Goberno central non nos achega. Non queremos máis que ninguén, pero tampouco menos; e non queremos un trato preferente, pero tampouco un trato discriminatorio. En todo caso, e porque creo que debe primar un principio básico de lealdade, buscaremos o entendemento, por iso solicitamos a celebración dunha comisión bilateral, para poder acadar un acordo satisfactorio antes de acudir á vía do recurso ao Tribunal Constitucional.

Gustaríanos contar co apoio de todos os grupos parlamentarios. Confío en que, cando a Comisión bilateral teña lugar, poidamos ir non só coa forza da razón, senón tamén coa forza da unión dos partidos galegos en defensa dos intereses deste país.

A crise lévalle dous anos de vantaxe a España; e, moi conscientes disto, é por iso que Galicia leva dous anos traballando con austeridade, con planificación e con rigor. Agora que todas as administracións son conscientes de que é preciso adelgazar o aparato administrativo, reducir os seus custos, investir máis nos cidadáns e menos nos propios gobernos, Galicia segue a avanzar na austeridade que comezou a aplicar hai dous anos. Creamos un goberno cun 30 % menos de consellarías, un 50 % menos de altos cargos e un 30 % menos de asesores. Cada departamento da Xunta forma parte dun plan de aforro de enerxía, de gasto telefónico, de gasto corrente ou de parque móbil. Por primeira vez na historia da Autonomía, adelgazamos a Administración paralela, que é máis pequena que ao inicio da lexislatura, e xa temos eliminados ou reformulados dous de cada tres entes públicos que conforman a Administración paralela. A estas alturas doutra lexislatura, estaríamos a falar de cantos máis teríamos sumado.

Seguiremos no camiño de facer unha Xunta máis pequena e máis barata para os cidadáns, por iso quero anunciarlles que o próximo mes daremos por rematada a primeira fase do Plan de racionalización da Administración paralela e poñeremos en marcha a segunda, que estudará o futuro do resto dos entes públicos –máis de oitenta–.

Dixemos que seríamos austeros e cumprimos a palabra dada. Galicia é e seguirá sendo referente de austeridade en toda España. Dende o primeiro día, e ata sempre, buscaremos todo aquilo que é innecesario e, por tanto, do que podemos prescindir. Seguro que podemos facer máis e mellor, e por iso seguiremolo facendo.

Agora que todos somos conscientes das consecuencias de gobernar sobre a marcha ou, o que é o mesmo, de improvisar, Galicia é unha das poucas rexións europeas que ante as institucións comunitarias presenta un plan estratéxico da súa economía. Gobernar un país non significa perderse por ansias de espectacularidade nin deixarse levar polo efectismo nin dar unha falsa imaxe para salvar o curto prazo nin ancorarse na volatilidade permanente. Gobernar un país implica coñecer ese país e saber cara a onde vai, para poder avanzar con firmeza pese ás dificultades do camiño.

O Plan estratéxico 2010-2014 Horizonte 2020, que guía as políticas económicas da Xunta, é precisamente iso. Sitúanos no momento no que estamos

e indica os trazos para marcar o momento futuro ao que queremos chegar e tamén, con realismo, ao que podemos aspirar, con investimentos concretos e con prazos certos.

Agora que todos somos conscientes de que é imprescindible tomar medidas para reverter o déficit no que incorremos por gastar o que non podíamos pagar, Galicia hai xa dous anos que controla os seus balances e cumpre coa Lei de estabilidade orzamentaria; unha das dúas únicas comunidades autónomas que o fixo, xunto coa Comunidade Autónoma de Madrid. Cumpre, en primeiro lugar, cos seus provedores e paga as súas facturas nun prazo medio de en torno aos trinta días, adiantándose en tres anos ao fixado pola Unión Europea para 2014, que é pagar por debaixo dos 45 días. Cumpre co legado das xeracións pasadas ao manter, pese ao descenso das arcas autonómicas, o sistema de servizos públicos. E cumpre coas xeracións futuras ao non comprometer a economía ata o punto de que os nosos fillos e os nosos netos teñan que asumir as débedas que contraemos nós.

Un goberno que xestiona con responsabilidade os cartos que son de todos transmite tranquilidade á cidadanía. Pola contra, un goberno que descontrola o gasto público xera desconfianza. Agora que todos somos conscientes diso, Galicia ten a vontade de adiantarse de novo, e por iso imos blindar a solvencia da Comunidade Autónoma e disciplinar a débeda pública a longo prazo. É a nosa intención que ningún Goberno futuro teña que soportar os efectos das alegrías dunha mala presupostación. Alegrías como incrementar o gasto da Xunta por riba do aumento do PIB, porque iso significa deixar unha pesada hipoteca en gasto corrente e en persoal. Ou alegrías como acudir á débeda cando o crecemento autonómico roldaba o 3 % e o 4 %, en lugar de aproveitar os ingresos extraordinarios para reducir o endebedamento público. Permítanme que lles poña un exemplo: se nas épocas de bonanza se tivese a prudencia de limitar o incremento do gasto estrutural e se evitase acudir ao endebedamento, hoxe teríamos 2.000 millóns menos de débeda, e o que é aínda máis importante, teríamos menos gasto corrente, unha administración máis pequena e, polo tanto, con menor custo para os cidadáns.

Por iso nas vindeiras semanas remitiremos a esta Cámara un proxecto de lei de disciplina orzamentaria que blinde a solvencia e a sustentabilidade a longo prazo das contas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Queremos facelo por lei para que naza con vocación de permanencia. Será unha lei que irá máis aló da estabilidade orzamentaria, porque entendemos que hai que garantir tamén a sustentabilidade financeira das administracións públicas ao

longo do ciclo económico. Seremos pioneiros, unha vez máis, coa regulación de catro aspectos fundamentais.

Incrementaranse as esixencias ás entidades do sector público cuxo endebedamento consolida no déficit público; estableceremos mecanismos de esixencia de responsabilidades por incumprimentos de obrigas en relación co endebedamento e o déficit; antes da elaboración dos orzamentos, o Parlamento terá que autorizar un teito de gasto non financeiro; e, por último, garantir o rigor orzamentario facendo obrigatorio nos ciclos expansivos que se destine calquera ingreso extraordinario a reducir déficit ou, se fose o caso, a amortizar débeda pública.

En definitiva, blindaremos por lei as boas prácticas orzamentarias que recomendan: en primeiro lugar, non vivir nin gastar nunca por riba das nosas posibilidades e pactar un teito de gasto; e, en segundo lugar, ser previsores. É dicir, limitar a débeda nos bos momentos económicos para evitar que cando veñan mal dadas non teñamos máis marxe de manobra que baixar soldos, conxelar pensións ou recortar dereitos, como se está facendo en España. Galicia comprométese a iso, e comprométese por lei coa sustentabilidade do Estado do benestar e coa solvencia, lealdade e cooperación co Goberno de España; lealdade que esperamos se converta en recíproca.

Señorías, aspiro a que cada paso que deamos para paliar os efectos da crise económica que sofre España, e por tanto nós, sirva para concluír que o Estado das autonomías segue sendo parte da solución, e non parte do problema. Aqueles que sintan desasosiego polo modelo de convivencia que nos demos poden comprobar que hai autonomías dispostas a propoñer e practicar políticas alternativas e que hai autonomías capaces de mellorar as contas de resultados da nación.

Galicia é unha comunidade cunhas contas estables, cunha taxa de paro cinco puntos por debaixo da media nacional, cun PIB que superou as taxas negativas e cunhas facturas aboadas na metade do prazo legal. Galicia é unha comunidade que contribúe a mellorar a solvencia e a imaxe de España. Señorías, o estado da Autonomía que neste momento presenta Galicia é posible que algúns outros gobernos o aceptaran hoxe para si. A nós, evidentemente, non nos satisfai. Nós non o queremos para a nosa Comunidade, pese a que mellora considerablemente o estado actual do conxunto da nación.

España non lle é allea a Galicia. Non nos é alleo o seu descrédito internacional nos mercados ou foros comunitarios. Inflúenos que presente, autonomía por autonomía, a maior cantidade de parados da súa historia, e é decisivo no

noso comercio que o noso principal cliente, que é o resto do Estado, se atope nunha situación de contracción no consumo que incide nas nosas vendas.

España non lle é allea a Galicia, con todas as consecuencias que isto supón, pero tampouco queremos que nolo sexa. Somos parte deste Estado autonómico. Sabemos que o progreso e o benestar de España éo das galegas e dos galegos, por iso participamos activamente e con lealdade e compromiso cada vez que se nos convoca ou se nos recibe para buscar solucións aos problemas que nos son comúns.

Pero Galicia non é correspondida coa lealdade institucional nin no financiamento autonómico nin no catálogo de fármacos nin no asunto das caixas de aforros. Cando antes das eleccións autonómicas de Cataluña o Goberno de España quixo modificar o acordo de financiamento autonómico, Galicia mostrou esa lealdade e ese compromiso participando activamente nese debate. Propuxemos que o cambio significara melloras e que, por tanto, nel se contemplaran os cidadáns de comunidades como a nosa, que viven dispersos en pequenas aldeas, ou tamén os emigrantes, cos que temos a obriga legal e moral de prestarlles servizos públicos.

A reacción do Goberno foi desprezar as nosas contribucións e substituír un acordo entre 17 comunidades por un pacto con dous partidos dunha autonomía concreta. Galicia non votou en contra dese novo modelo porque tería perdido aínda máis, e pola estabilidade da nosa nación. E a nova resposta do Goberno é agora deixar de abonar 800 millóns de euros do seu propio compromiso. Malo foi romper o acordo, peor era o novo modelo, pero nefasto é incumprilo.

Cando o Goberno de España, advertido polas autoridades europeas, entendeu que había que corrixir o descontrol do déficit público estatal, que tiña no propio Goberno o maior responsable deste, Galicia cumpriu con lealdade o compromiso da Lei de estabilidade orzamentaria e ten tomado desde entón decisións na liña da eficiencia dos recursos públicos. Con todo, hai ben pouco que temos comprobado a resposta do Goberno: un recurso para tentar suspender, paralizar e anular unha lei deste Parlamento, como é a do catálogo priorizado de medicamentos, sen tan sequera fundamentarse en razóns económicas ou sanitarias, soamente en diferenzas de militancia política.

Bandazo normativo

E, señoras e señores deputados, cando o Goberno a través do Banco de España fomentou, promoveu e alentou unha reordenación do sistema financeiro español mediante a concentración das entidades, o traballo que dende entón

se desenvolveu nesta Cámara é unha boa mostra de que a inmensa maioría de Galicia actuou co máximo compromiso e a máxima lealdade aos intereses xerais. Nas dúas entidades coas que contabamos, sindicatos, empresarios e representantes políticos deste país traballamos conxuntamente e superamos as dificultades que o contexto económico provocaba, e tamén as que se quixeron interpoñer desde a conveniencia particular. Non sen esforzo, obtivemos o resultado dunha nova caixa de aforros que se axeitaba ás necesidades que entendiamos que nos eran comúns: solvencia primeiro e galeguidade a continuación. Unha solvencia recoñecida expresamente polo propio Banco de España, quen a finais do ano deu o visto e prace á fusión, destacando literalmente: *Solvencia, rentabilidade y liquidez de la nueva entidad. Fecha, 8 de noviembre de 2010. El criterio del Banco de España será siempre un criterio profesional y es lo que debería aceptar todo el mundo*. Data, 26 de decembro de 2009, asina José Blanco López.

Novacaixagalicia está a cumprir punto por punto todas as esixencias do Banco de España, incluíndo a dotación de provisións por posibles perdas esperadas para os próximos cinco anos por valor superior a 3.000 millóns de euros. Co fin de sanear o balance da entidade, esta dotación foi imputada contra as reservas da caixa, o que evidentemente supuxo unha baixada da ratio de capital principal de cerca de catro puntos, asumidos e impulsados en todo momento polo regulador. Pois ben, escasamente un mes máis tarde, o Goberno central, nunha improvisación histórica, plantexa un bandazo normativo sen precedentes.

En primeiro lugar, establece como criterio de solvencia unhas ratios de capital principal que superan con creces as esixencias que en toda Europa establece Basilea III para os países europeos no ano 2019; un 7 % no ano 2019 de *core capital*, fronte ao 11 % de *core capital* en España. É dicir, sitúanos en peor posición competitiva cás entidades dos países da Unión Europea.

En segundo lugar, demostra ben ás claras a súa intención de acabar coas caixas de aforros na súa configuración actual, fixando uns requisitos discriminatorios fronte aos bancos: 10 % para as caixas de aforros, 8 % para os bancos.

En terceiro lugar, comete o erro de obrigar a unha capitalización urxente das entidades, cando o problema prioritario do sistema financeiro non é o capital, senón o saneamento dos seus activos de risco. Unha capitalización urxente e aloucada que supón unha extraordinaria dificultade e que pon as entidades nunha débil situación negociadora con potenciais investidores.

E, en cuarto lugar, decide non computar como capital as provisións realizadas para sanear o balance ás que obrigou o Banco de España, cando non hai

mellor mostra de solvencia que ter reservadas provisións para facer fronte ás obrigas da entidade.

É dicir, a Novacaixagalicia primeiro obrigóuselle a priorizar o saneamento e despois penalízase por priorizar o saneamento. De computarse as provisións, hoxe o seu *core capital* roldaría o 8,7 %, é dicir, 7 décimas máis ca o esixido para toda a banca española.

Hai algo que, pese aos anuncios do Goberno, non admite dúbida. O efecto inmediato deste real decreto será aínda un risco maior de contracción de crédito no conxunto de España e tamén de Galicia. A esa conclusión chega o propio Banco Central Europeo. Polo tanto, risco de menos crédito, menos actividade económica e máis paro en toda España. Eses serán, en todo caso, os riscos desta nova normativa.

Seguiremos traballando con rigor e profesionalidade, con alternativas realistas, por unha entidade solvente e vinculada a Galicia que teña como obxectivo prioritario os sectores estratéxicos do país e evitar a exclusión financeira das familias galegas. Dentro das novas condicións do Goberno hai marxe para que Galicia poida contar cunha caixa evolucionada, capitalizada a través dun banco. Hai marxe para que a caixa galega poida captar os 1.500 millóns de euros que se lle requiren. Hai marxe se o equipo directivo da caixa é xeneroso e mantén a súa implicación co país. Hai marxe se a inmensa maioría dos políticos, empresarios e sindicatos de Galicia nos mantemos, como hai tres meses, nos mesmos principios de solvencia e de galegitude. Hai marxe se o Banco de España é coherente e consecuente cos seus propios actos. E hai marxe se o Goberno de España trata as comunidades autónomas dun xeito igualitario.

Cando o Goberno incumpre os seus propios compromisos coas comunidades, cando as trata de xeito desigual, cando non respecta as decisións leais e responsables que con amplas maiorías se toman en cámaras coma esta, o único que acada o Goberno é tirar pedras contra o seu propio tellado, porque o seu tellado é o Estado autonómico. Nós, a Xunta, somos leais co Estado autonómico e sómolo tamén co seu Goberno, mesmo cos seus erros e coas nosas discrepancias, e así o quixemos mostrar desde o primeiro día. No único encontro que tiveron oportunidade de ter co presidente do Goberno de España asumimos o histórico incumprimento coa alta velocidade galega co compromiso de que non se volvесе repetir. No pasado decembro mesmo aceptamos que o ministerio cambiara o sistema de pago previsto e solicitara licitar todo o AVE pendente, o que estaba comprometido para o ano 2010, no primeiro trimestre do ano 2011. Galicia fixo un exercicio de realismo e lealdade e aceptou

que terá AVE case vinte e cinco anos despois de que empezara a funcionar en Andalucía; aceptou que durante anos que se nos dixese aquilo de que xa estaría funcionando en 2012 mentres o que se facía era insuficiente, escaso ou nada. Co Pacto do Obradoiro mostramos desde o primeiro día a actitude que queríamos que presidise as nosas relacións co Goberno de España. E, sen embargo, nos restantes asuntos o Goberno ten preferido outra: o trato arbitrario, os recursos, as suspensións ás leis galegas, a falla de compromiso e incluso a ausencia de resposta.

Nin comparto nin podo chegar a entender ese rancor partidista que non beneficia a ninguén e nos prexudica a todos. Durante dous anos –Ano Xacobeo incluído–, o presidente do Goberno non veu a Galicia. Por dúas veces nin tan sequera respondeu as cartas que este presidente en nome dos galegos e das súas preocupacións lle enviou. Pero, iso si, o que si ten feito é asinar decisións en contra dos intereses deste país. Fíxoo coa suspensión da Lei de caixas aprobada por 2/3 deste Parlamento; fíxoo coa suspensión do catálogo de xenéricos aprobado por 2/3 deste Parlamento e fíxoo tamén coa posta en vigor dun Decreto do carbón que pon en risco o traballo de 3.500 galegos que viven deste sector, en contra de 2/3 deste Parlamento.

Sen lugar a dúbidas, urxe abrir unha nova etapa na relación do Goberno central coas autonomías, unha nova etapa na que se pase da tensión sistemática á cooperación ordinaria. Isto non soamente axudaría a afianzar o modelo territorial que nos demos, senón que para Galicia sería a mellor garantía contra os agravios comparativos.

Nesta España cooperativa habería dúas ideas clave. A primeira é que as autonomías forman parte do Estado e, como tales, teñen o dereito e o deber de participación na definición das políticas xerais do Estado. E a segunda é que as decisións que afectan ao miolo do sistema autonómico non poden depender de acordos ou transaccións improvisados con minorías, senón ser consecuencia dun amplo e maioritario consenso para que estas non se condicionen á afiliación ou ao interese dunha determinada formación política.

Penso que ese espírito que reclamamos para España é o mesmo que inspirou a andadura autonómica de Galicia. A solidariedade e o entendemento que solicitamos cara afora son os mesmos que debemos practicar dentro. Digo convencido que a cooperación, e non os conflitos, é a que move con máis celeridade a forza do noso país. Digo convencido que as dificultades que hoxe nos atenazan serán superadas se multiplicamos as capacidades propias. E digo convencido que é perfectamente posible conxugar a singularidade

das 315 pezas do puzzle galego e que, ao mesmo tempo, todas sirvan para configurar a gran realidade da nosa Autonomía. Un pobo que custodia a primeira globalización que protagonizaron os nosos emigrantes, un pobo que foi sempre exemplo de solidariedade fóra, non pode caer dentro na tentación de pelexas domésticas.

A globalización interna do país que eu lles suxiro é unha realidade normal xa para a maioría dos cidadáns, que senten Galicia como un espazo único para as súas relacións, o seu traballo e os seus negocios. Por iso tamén na configuración do noso territorio temos o reto de non gobernar de costas á cidadanía. Non se trata de mirar a identidade municipal, senón de darlle un significado máis profundo e unha vinculación máis intensa coa Autonomía. Afortunadamente, penso que o individualismo atribuído historicamente á relación entre a Xunta e os concellos vai diluíndose. Agora tentamos ser solidarios cos problemas dos municipios e coa asfixia financeira que teñen. Non só blindamos os recursos que transferimos aos concellos como o Plan concertado, senón que nalgúns casos os incrementamos, como os recursos da formación, e creamos instrumentos novos, como o canon eólico. Ese é o camiño que iniciamos coa lexislatura e por el queremos seguir.

Durante estes vinte e tres meses fomos capaces de chegar a acordos cos concellos en materias tan relevantes como a tecnoloxía, o urbanismo, as normas de hábitat ou o financiamento local, e de incorporar cada realidade municipal do noso país aos instrumentos que guiarán a ordenación do territorio nas vindeiras décadas, como son as Directrices de ordenación do territorio e o Plan do litoral. E por iso quero anunciarlles que, despexadas as incógnitas electorais, convocarei os representantes das deputacións e dos concellos para revisar e profundar nas nosas alianzas e sermos capaces de compartir os recursos de forma máis solidaria.

Cremos no Estado autonómico, cremos na Comunidade Autónoma, cremos no que facemos e cremos tamén no que podemos chegar a facer, porque durante este pasado ano, e no contexto das maiores dificultades, este país ten dado varios exemplos de que Galicia quere adaptarse aos cambios que van impondo os novos tempos para garantir o desenvolvemento e o benestar dos galegos. De todos eles, hai catro que me parecen ilustrativos: o diálogo social, a fusión das caixas, o concurso eólico e o Xacobeo.

Cando en España se ía celebrar unha folga xeral, Galicia foi quen de adquirir o compromiso do diálogo social entre sindicatos, empresarios e Administración. É o exemplo do que a nosa terra espera de nós: un clima de cooperación.

A fusión das caixas debe servírnos tamén como exemplo de que a división nos condena a decrecer e que a unión de forzas é a única garantía de futuro. De feito, se agora podemos estar aínda falando dun futuro para o sistema financeiro galego, é porque o temos, é porque soubemos estar xuntos e manter unha entidade financeira galega.

O concurso eólico é o exemplo de que somos un país fiable no que se pode investir, e que nas maiores dificultades tamén é posible acadar fitos como o maior plan industrial da nosa historia, con preto de 6.000 millóns de euros comprometidos.

E o Xacobeo do ano 2010 é a mostra de que, a pesar dos condicionantes da crise, e a pesar do nulo apoio do Goberno central, Galicia é quen de obter os seus mellores resultados, como mostra do mellor de si.

A aspiración do Goberno galego é seguir proxectando a mellor imaxe de Galicia no resto de España: unha Galicia que dialoga, en vez de impoñer; que suma e que non resta; que inviste, en vez de paralizar; que concerta e non confronta. Señorías, quedemos con todo aquilo que xurdiu do rigor e da unidade de todos os galegos e de todas as galegas para poder acertar canto máis sexa posible nas dúas grandes tarefas coas que nos reta o futuro: a recuperación económica e a blindaxe e mellora dos servizos sociais públicos.

Do mesmo xeito que co Xacobeo Galicia se abriu ao mundo desde a cultura e o turismo, temos que abrírnos tamén no eido económico, empresarial e comercial para seguir combatendo os efectos da crise como a nosa máxima prioridade. Isto supón que toda a nosa capacidade, toda a marxe que temos para impulsar a actividade económica, xira en torno ao mantemento e á creación de emprego.

Catro eixes económicos

Así, a actuación do Goberno céntrase en catro eixes: apoiar os sectores produtivos e o comercio; configurar un territorio ordenado, equilibrado e competitivo; apostar pola innovación e as novas tecnoloxías e centrar os nosos esforzos na internacionalización da economía.

Nesta primeira tarefa, dirixida a tentar manter o emprego, quixemos centrarnos nun dos problemas máis acuciantes e urxentes que sofren as nosas empresas: a falta de liquidez e a escaseza de crédito.

Difícilmente pode manterse a actividade empresarial se as canles financeiras seguen atrancadas; porque o crédito e a liquidez para unha empresa veñen ser como o sangue para calquera ser vivo.

No que atinxe á mellora da liquidez das empresas, a Xunta está a actuar en catro fronteas.

Primeira: puxemos en marcha unha política de avais centrándose principalmente en operacións de circulante. Levamos máis de 1.500 avais concedidos, un 60 % máis que nos anos 2007-2008, que permitiron o mantemento de 16.0000 postos de traballo en Galicia; co esforzo por achegar eses avais ás empresas de menor tamaño, que moitas veces son as que máis necesitan de apoio. Así, o peso dos avais superiores a 1 millón de euros pasou do 94 % nos anos 2007 e 2008 ao 64 % no bienio 2009-2010. E o importe medio do aval descendeu de 1,3 millóns de euros a 60.000 euros.

En segundo lugar, procuramos a axilidade no cobro das axudas do Igape ás empresas. O Igape resolve en 72 días e paga en 45, cando hai tan só dous anos resolvía en 176 e pagaba en 204.

A terceira liña é a mellora da xestión das axudas de toda a Xunta de Galicia. No 2011 poñemos á disposición das empresas, das familias, das asociacións e concellos máis de 800 millóns de euros en axudas e subvencións con dous meses de adianto.

E a cuarta trata de axilizar ao máximo o pago aos provedores da Xunta. En 2010 o prazo medio de pago situouse por baixo dos trinta días, exactamente 28,5 días. No 2011 seguiremos cumprindo o noso compromiso de pagar as facturas en menos de 45 días, anticipándonos así dous anos á proposta da Unión Europea.

Pero, ademais de mellorar a liquidez, outra das nosas prioridades está a ser a política de fomento e apoio á actividade empresarial. Incrementamos un 43 % os investimentos empresariais xeradores de emprego, pasando de 843 millóns no ano 2009 a 1.212 no ano 2010. Aproveitamos as nosas capacidades en materia fiscal: aprobamos dúas baixadas de impostos para facilitar a adquisición e a rehabilitación de vivenda e asistir o sector da construción, un dos máis afectados desta crise. Os datos do Ministerio de Fomento acreditan que Galicia foi a cuarta comunidade autónoma con maior incremento na venda de vivendas en 2010. Tamén aprobamos dúas novas deducións fiscais encamiñadas a fomentar a creación e a capitalización de empresas galegas, ás que xa se poden acoller neste exercicio 2011.

Estamos espremendo ao máximo as nosas posibilidades de dar apoio a todos os nosos sectores estratéxicos da economía. Non hai un só sector estratéxico que non teña recibido o apoio directo da Xunta para loitar contra a crise: a automoción, o naval, a enerxía, a pesca, o agrogandeiro, o turismo e o comercio.

No sector da automoción puxemos en marcha con urxencia un programa de apoio á compra de automóviles novos. Resultado: un volume de negocio de 600 millóns de euros, axudando ao mantemento de 21.000 postos de traballo. A medio e longo prazo estamos desenvolvendo unha estratexia transversal co Plan Integral re-Móvete; un plan dotado con 120 millóns de euros e que abrangue todos os ámbitos dos que se compón o sector do automóbil: fabricantes, industria auxiliar e concesionarios. E, nesta liña de garantir o futuro dun sector básico para a nosa economía, facemos unha firme aposta polo desenvolvemento e a promoción do vehículo eléctrico, non só apoiando a PSA Citroën neste obxectivo, senón planificando as medidas necesarias para que Galicia se adiante a esta nova industria cunha rede de estacións de recarga e aprobando o primeiro Decreto de electro-mobilidade dunha comunidade autónoma.

O naval é un dos sectores, sen ningunha dúbida, máis afectados tamén pola crise. No que vai de lexislatura a Xunta mobilizou máis de 80 millóns de euros para apoiar o sector, o que permitiu garantir o mantemento de miles de empregos. É o caso, por exemplo, da Factoría Naval de Marín ou de Vulcano en Vigo. Pero seguimos traballando para lograr 40 millóns de euros do Fondo Tecnolóxico co fin de que outro estaleiro vigués poida construír o novo buque auxiliar de plataformas petrolíferas. E, por suposto, non renunciamos a que na ría de Ferrol se poidan volver construír e reparar barcos civís, oportunidade perdida na Presidencia española da Unión e algo moi necesario, á vista do risco real que corren máis de 4.000 postos de traballo que viven do sector naval militar en Ferrolterra, afectado pola falla de novos pedidos do estaleiro estatal Navantia.

No eido da enerxía somos conscientes da dobre vertente que debemos contemplar. Por un lado, a enerxía como recurso para as empresas e os cidadáns. Aquí temos que lamentar unha política errática que supuxo unha suba da electricidade de case un 50 % nos últimos catro anos, coa conseguinte repercusión nas economías familiares e nos custos de produción das empresas. Pero, ademais da enerxía como recurso, temos que contemplar a enerxía como sector industrial, cunha elevada capacidade de medrar e crear emprego.

Ante a incerteza da política nuclear estamos, por suposto, intentando volver a reactivar esta enerxía como sector empresarial. Neste sentido, a aposta consiste en recuperar o liderado na produción e desenvolvemento das enerxías renovables, en especial a enerxía eólica. En apenas sete meses aprobamos unha nova Lei de aproveitamento eólico de Galicia, que dota de seguridade xurídica o sector. Esta lei establece un canon, como compensación económica polo impacto ambiental dos muíños de vento, por primeira vez na nosa autonomía,





O presidente Núñez Feijóo detalla e analiza desde a tribuna da Cámara galega as principais actuacións do seu Goberno no debate sobre o estado da Autonomía na metade da lexislatura.

co que xa se recadaron 46 millóns de euros. Ademais, cumprimos o compromiso para a asignación de 2.325 novos megavatios nun concurso eólico obxectivo e transparente. Un concurso que supón, probablemente, o maior plan industrial da historia de Galicia, que mobilizará investimentos por 6.000 millóns de euros e que pode supoñer a creación de 14.000 novos empregos.

Pero así como apostamos pola creación de novos empregos, tamén nos centramos en defender os existentes; concretamente en máis de 3.000 empregos en risco, nas comarcas de Cerceda e As Pontes, polo Decreto do carbón do Goberno central. Unha vez máis, prefírese fomentar o enfrontamento entre territorios, por iso a Xunta exerceu as súas responsabilidades e decidimos acudir ás instancias xudiciais para defender os intereses de Galicia, de conformidade co mandato desta Cámara adoptado no Pleno co apoio dos dous terzos das súas señorías. Manteremos os recursos interpostos, do mesmo xeito que manteremos tamén a disposición ao diálogo co Goberno central para poñer fin a esta discriminación obxectiva.

Pero non é só no sector naval ou da enerxía onde planea unha seria ameaza para o emprego. Unha decepcionante negociación do Goberno das cotas do lirio, da xarda e da cigala pon en perigo máis de 4.000 empregos directos no sector pesqueiro. Nós seguiremos apoiando ao sector desde as nosas competencias, porque para Galicia a pesca e a industria relacionada cos produtos do mar son claves no noso tecido produtivo.

Comezamos por dotar o sector dun marco normativo adaptado aos novos tempos, cunha nova lei de pesca aprobada co consenso do sector e con novos decretos que regulan o Consello Galgo da Pesca e o Comité Científico Galego da Pesca, as Artes e Aparellos.

Traballamos, en segundo lugar, para garantir a sustentabilidade dos recursos, executando un plan contra o furtivismo; un plan de rexeneración de bancos marisqueiros, ampliando en 700.000 metros cadrados zonas para traballar, e un plan de adaptación da frota que supuxo o investimento de 70 millóns de euros.

Priorizaremos e volveremos apostar pola acuicultura. No pasado Consello iniciamos a tramitación do Plan director de acuicultura, que finalizaremos nos próximos tres meses. Apoiamos os investimentos neste eido produtivo. Fronte aos cero euros destinados no ano 2007 e 2008, a Consellería do Mar puxo á disposición do sector xa máis de 63 millóns de euros.

Queremos mellorar a comercialización dos produtos do mar. Non só temos que ser os mellores pescadores, queremos converternos tamén en bos vendedores. En breve aprobaremos un decreto para promover unha comercialización

que potencie os valores dos nosos produtos do mar, consolidando os seguintes datos positivos: a facturación en primeira venda dos produtos do mar en Galicia no ano 2010 subiu un 8,34 %, e a evolución positiva das exportacións aumentou un 6,5 %.

Tamén apoiámos a outra pata do noso sector primario: a agricultura e a gandería. Adoptamos, en primeiro lugar, medidas concretas para apoiar o sector lácteo, un sector que dá emprego a máis de 50.000 persoas. Con carácter inmediato, no ano 2009 mobilizamos máis de 100 millóns de euros de axudas ao sector. Aprobamos o Plan estratéxico do sector lácteo para mellorar a súa competitividade. Puxemos en marcha a marca de calidade «Galega 100%», xa recoñecida en todas as tendas e supermercados. No 2010 concedéronse axudas á viabilidade en explotacións leiteiras, por importe de 20 millóns de euros, para compensar as perdas sufridas pola crise dos prezos. E estamos moi atentos ao seguimento do problema da empresa Clesa. Apostamos tamén pola modernización e o uso das novas tecnoloxías para mellorar a xestión cotiá das explotacións agrogandeiras coa Oficina agraria virtual.

En terceiro lugar, pretendemos facilitar a mobilidade das terras agrarias. Neste sentido, consideramos que é preciso corrixir as deficiencias detectadas na vixente Lei do Banco de Terras, e por iso imos propoñer unha nova lei de mobilidade de terras na que se contemplará a flexibilización dos prazos de arrendamento; as posibilidades de incluír e poñer en valor todas as fincas con vocación agraria; a posibilidade de incorporar fincas propiedade do Estado ao Banco de Terras, ou a derogación dos dereitos de adquisición preferente, tanteo e retracto. No ámbito forestal está operativa unha figura de agrupación forestal voluntaria: a sociedade de fomento forestal, Sofor. Na lei de medidas fiscais xa incluímos exencións no imposto de sucesións e doazóns e no de transmisións patrimoniais para favorecer e impulsar a súa constitución. E no pasado Consello da Xunta demos luz verde definitiva ao decreto que regula esta nova figura.

Por primeira vez na Autonomía, traeremos a este Parlamento un proxecto de lei de montes. Un instrumento para sacar o máximo partido da nosa extraordinaria riqueza forestal e para frear o crecente abandono do monte. Non esquezamos que o sector forestal xera 26.000 empregos directos e uns 50.000 indirectos. O borrador do anteproxecto de lei xa foi remitido aos membros do Consello Forestal de Galicia este mes de marzo. Cómpre salientar que este texto non contempla o réxime xurídico dos montes veciñais en man común, que serán obxecto así mesmo dun desenvolvemento lexislativo específico.

Neste ámbito quixera determe para recoñecer o esforzo de tantas mulleres e homes que traballan nos equipos de extinción de incendios. Quixera, sobre todo, ter unha lembranza para Rodrigo Amo e Julio Martínez e mostrar o noso afecto ás súas familias.

No ámbito do turismo, o 2010 quedará na memoria colectiva dos galegos como o ano do mellor Xacobeo: o ano que nos achegou máis de 9 millóns de visitantes a Galicia; o ano no que acudiron a Compostela un 50 % máis de peregrinos, o ano no que, pese á crise, o índice de ocupación hostaleira aumentou un 12 %; o ano da apertura de 10 novos albergues no Camiño de Santiago e o ano no que, cada día, unha media de 20.000 persoas asistiron ás diferentes actividades culturais organizadas con motivo do Xacobeo. Un éxito colectivo no que Galicia contou co apoio da Igrexa, coa presenza do Papa e coa presenza constante da súa maxestade El-Rei don Juan Carlos I e de toda a familia real, así como da maioría dos presidentes das comunidades autónomas; apoio e alento que aproveito para agradecer unha vez máis en nome de todos os galegos.

Agora cómpre mirar cara adiante, e non será doado acadar estas cifras no ano 2011, no que é probable que o turismo siga aínda lastrado pola crise. Pero imos seguir mellorando a imaxe de Galicia como destino turístico con tres ferramentas: a primeira, implantando unha marca turística única, «Galicia»; a segunda, sacando o maior aproveitamento posible do 800 aniversario da catedral de Santiago, que debe ser un potente elemento de atracción turística; e, a terceira, a Cidade da Cultura, coa que conta Galicia dende febreiro, que xa é un dos eixes máis importantes de atracción turística. Así o demostra o alto ritmo de visitas que están rexistrando os dous primeiros edificios, o arquivo e a biblioteca. A previsión para todo o ano 2011 era de 100.000 visitantes; nestes dous meses e medio levamos 40.000. Un atractivo que de seguro aumentará cando a mediados de ano se proceda á apertura do edificio Museo de Galicia.

Porque a cultura tamén crea riqueza e emprego. Segundo os datos do INE, en Galicia as industriais culturais supoñen unha facturación de arredor de 1.000 millóns de euros e 16.000 postos de traballo. A Xunta é consciente deste potencial, por iso somos a comunidade que máis inviste en artes escénicas. Seguimos traballando con eventos que dinamicen este sector. Neste ano 2011 celebramos o Ano da música, no que a Xunta investirá directamente con fondos presupostarios 6 millóns de euros, cantidade á que haberá que engadir as achegas doutras administracións, institucións e programacións culturais.

O comercio é un sector fundamental para Galicia, con máis de 110.000 empregos en xogo. Actuamos en dúas liñas: aprobamos a Lei de comercio interior, un novo marco regulador adaptado á realidade actual; unha norma que conta cun amplo respaldo do sector. E, en segundo lugar, estamos aplicando xa o Plan Ágora, para o mantemento do emprego e a modernización do sector, cun investimento de 130 millóns de euros.

Todas as medidas de apoio aos sectores estratéxicos da economía galega, das que vimos de facer tan só unha pequena escolma, teñen que verse complementadas cun esforzo para ser cada vez máis competitivos; e esa competitividade pasa inevitablemente por configurar un territorio ordenado, equilibrado e ben comunicado. Por iso actuaremos en catro ámbitos de actuación: primeiro, instrumentos de ordenación territorial e urbanística. En ordenación territorial, dous fitos: a aprobación definitiva das Directrices de ordenación do territorio e a aprobación definitiva do Plan do litoral.

A constitución territorial

Galicia xa conta por fin coa súa «Constitución territorial»: as Directrices de ordenación do territorio aprobadas definitivamente o pasado mes de febreiro. Ademais, ese mesmo mes de febreiro aprobamos definitivamente o Plan do litoral, unha ferramenta imprescindible grazas á que se garante a adecuada ordenación dun total de máis de 215.359 hectáreas, o que equivale ao 7,27 % do total da superficie de Galicia. Agora, unha vez logrado este paso fundamental, temos que profundar na procura dun urbanismo máis transparente, máis claro e máis responsable. Por iso a vontade do Goberno é acometer a redacción definitiva e estable dun dos piares básicos en materia de ordenación do territorio e/ou urbanismo: unha nova Lei do solo. Sobre este texto iniciaremos un proceso de diálogo e concertación cos grupos políticos, cos concellos e co resto de axentes sociais e económicos –sindicatos, empresarios, arquitectos–. A nosa intención é acadar o máximo nivel de consenso que sexa posible, pois trátase de que esta nova Lei do solo supere a precariedade que veu caracterizando esta materia desde os inicios da autonomía e naza con vocación de permanencia. Neste sentido, quero trasladar á Cámara a solicitude do Goberno para que se constituía unha comisión parlamentaria específica que desde o primeiro momento canalice e impulse a nova Lei do solo.

Para lograr a vertebración e ordenación territorial son fundamentais tamén unhas axeitadas infraestruturas de comunicación. En 2009, cando chegamos ao Goberno, aprobamos o Plan de infraestruturas, Plan MOVE; un plan co que

pretendemos lograr que o 80 % dos galegos teña acceso en menos de dez minutos a unha vía de alta capacidade. A nosa actitude de dicir-lles a verdade aos galegos levounos a facer unha reprogramación do plan, unha vez coñecidos os recortes de ingresos do Estado e os menores recursos cos que iamos contar. Tivemos claro, iso si, que esa reprogramación non podía supoñer parar o que estaba en marcha. Nese sentido, o nivel de licitación do ano 2010 foi superior ao do ano anterior, cun aumento do 9 %, mentres que a Administración do Estado en Galicia rexistrou un descenso en licitacións do 54,7 %. Ao longo de 2011 estarán en execución máis de 100 quilómetros de vías de alta capacidade, para continuar incrementando os 67 quilómetros xa postos en servizo no que vai de lexislatura.

Este territorio ordenado e ben comunicado implica tamén a garantía dunha mellor mobilidade dos cidadáns, e neste ámbito puxemos en marcha os plans de transporte metropolitano de Ferrol, de Lugo, da Coruña e de Santiago, que supoñen moitas vantaxes: unha diminución media do 60 % do custo do transporte público, a retirada de máis de 11.000 vehículos diarios das rúas das cidades, e, por tanto, unha redución importante no consumo de combustible e unha menor contaminación. Nos vindeiros meses pretendemos estender estes beneficios aos cidadáns de Vigo, de Ourense e de Pontevedra. Para iso resulta imprescindible contar coa colaboración e vontade de acordo por parte dos concellos beneficiados, como xa contamos por parte das cidades onde neste mes de marzo empeza o transporte metropolitano.

Ningunha iniciativa xeradora de emprego pode quedar frustrada por falla de solo empresarial. Ata o ano 2015 estamos investindo 373 millóns de euros para aumentar un 133 % o solo empresarial dispoñible; de 13,7 millóns de metros cadrados de solo industrial, pasaremos a 32 millóns de metros cadrados de solo industrial.

Cómpre promover tamén o equilibrio territorial, cunha discriminación positiva para as zonas que precisan dun apoio singular e específico. Por iso desde a Xunta aprobamos, nos cen primeiros días, os plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, e nas vindeiras semanas contarán con plans estratéxicos complementarios para intensificar as axudas nos sectores prioritarios e emerxentes. Neste tempo, nestes dous plans, apoiamos investimentos por valor de 190 millóns de euros. Revitalizamos o Plan Ferrol. No marco deste plan, no 2010 as administracións implicadas apoiamos investimentos por 230 millóns de euros para crear e manter 500 empregos. E puxemos en marcha o Plan Revive para a Costa da Morte.

Non hai competitividade territorial sen garantir o acceso ás novas redes de comunicación. Con este obxectivo estamos a aplicar o Plan de banda larga de Galicia 2010-2013, para posibilitar o acceso á Internet de calidade a todos os galegos. No ano 2010 investimos 28 millóns de euros, conseguindo reducir un terzo os galegos que non contaban con acceso á banda larga e que máis de 60.000 galegos xa teñían acceso a velocidades de 100 megas. O obxectivo para 2011 é incrementar do 72 % ao 84 % a poboación con cobertura de banda larga; é dicir, incorporar 80.000 persoas máis que non tiñan ningún tipo de cobertura de banda larga e incorporar outros 240.000 galegos ás redes con velocidade de máis de 100 megas.

Un territorio ordenado, un territorio equilibrado e unhas infraestruturas de comunicación e tecnolóxicas axeitadas son un dos alicerces básicos para mellorar as nosas oportunidades de impulsar a actividade económica no contexto no que cada vez é máis necesario ser máis competitivo. E para iso é necesario, na nosa opinión, o talento, a innovación e a internacionalización da economía.

O nivel de progreso dunha sociedade está intimamente relacionado co nivel de formación das súas xentes. Canto mellor preparados esteamos, máis competitivos e máis oportunidades teremos. A acción da Xunta para mellorar o noso capital humano está centrada en tres eixes: un sistema educativo que aposta polo ensino público, aberto e de calidade; un modelo centrado na aprendizaxe dos idiomas e nas novas tecnoloxías, e o reforzo da formación profesional. A todo isto referireime máis adiante.

Unha política de mellora da empregabilidade que sexa eficaz e adaptada ás demandas do mercado laboral. Formalizaranse nove acordos máis que serán asinados na Mesa de Coordinación do Diálogo Social, que se suman aos quince acordos asinados no verán do pasado ano.

Entre estes acordos, priorizaremos as medidas dirixidas a parados menores de 30 anos e a aqueles desempregados que levan máis dun ano sen ningunha acción dos servizos públicos de emprego; en total, a máis de 50.000 galegos e galegas desempregados. Reforzaremos os servizos de orientación para darlles unha atención individualizada e ofrecerlles unha vía que faga compatible o seu perfil de demandante coas ofertas do mercado.

Un impulso decidido aos emprendedores con iniciativas que xeran actividade económica e permiten crear emprego. O pasado ano en Galicia creáronse 4.039 novas empresas, un 5 % máis que no ano 2009, cando o incremento en España non chegou ao 2,2 %. Unha aposta concreta en cifras: as axudas do Igape a novos emprendedores medraron un 60 % entre o ano 2009 e o ano 2010.

Ademais de reforzar o talento, a Xunta está a facer unha aposta pola innovación e as novas tecnoloxías. Un dato demostra: mentres o orzamento autonómico para o ano 2011 diminúe case un 11 %, as partidas destinadas á chamada «economía do coñecemento» crecen un 3,9 %. Esta aposta concrétese en dúas ferramentas: a primeira, a Axenda Dixital 2014.gal. A execución desta axenda supón un investimento de 1.600 millóns de euros, dos cales 900 son aportados directamente pola Administración autonómica para situar a Galicia na vangarda nas novas tecnoloxías.

O segundo, o Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015, tamén coñecido como Plan I2C. Un plan global que conta cun amplo respaldo social e universitario, que implica un investimento de 1.200 millóns de euros ata 2015, un 45 % máis do que contemplaba a anterior planificación. Amosa a aposta prioritaria e estrutural que a Xunta fai pola innovación como motor do crecemento económico e da xeración de emprego. E fomenta unha I+D de calidade, que permite captar máis recursos do Fondo Tecnolóxico estatal e do VII Programa marco de I+D da Unión Europea.

O fomento da internacionalización foi, é e seguirá sendo unha prioridade máxima do Goberno para toda a lexislatura. Unha mostra: os fondos destinados á internacionalización crecen un 65 % con respecto ao ano 2009. Este obxectivo é prioritario e ten unha dobre vertente: exportar máis e atraer máis investimento público estranxeiro a Galicia. Con este fin, a Xunta está acoitando unha completa reestruturación do Igape, destinada a centrar prioritariamente os seus esforzos no fomento da internacionalización. Queremos que o Igape reforce a súa posición como axente dinamizador da economía galega. Transformará a súa estrutura para pasar de ser un ente centrado na tramitación de subvencións a un instrumento que permita servizos de alta calidade ás empresas e emprendedores, que faciliten o seu acceso á innovación e á mellora competitiva como base para intensificar a súa internacionalización.

Reforzaremos a nosa posición nos mercados prioritarios, a través da rede de plataformas empresariais no exterior, en colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia. A rede, formada por 14 oficinas que se irán abrindo en tres fases, permitirá incrementar as exportacións das empresas galegas. Obxectivos concretos 2011-2013: acadar que 700 pequenas e medianas empresas comecen a exportar os seus produtos de forma regular. Incrementar en máis de 3.000 millóns de euros o actual volume de exportación das empresas galegas, e con iso xerar máis actividade económica que permitiría crear arredor de 23.000 novos postos de traballo.

Pero, ademais de exportar máis Galicia quere ser unha comunidade atractiva para todos aqueles que queiran xerar riqueza e emprego e queiran investir en Galicia. Pódolles asegurar que todo o Goberno, empezando por min mesmo, dedicará a este obxectivo boa parte dos nosos esforzos no que resta de lexislatura.

Veño de tentar describirlles como a pesar das graves dificultades financeiras e dunha menor dispoñibilidade de recursos a Xunta está a poñer a súa capacidade para apoiar e manter vivo o noso tecido produtivo, seguir desenvolvendo un territorio ordenado e ben comunicado e apostar polo talento, pola innovación e a internacionalización da economía.

Xunto co mantemento do tecido produtivo e do emprego, o gran reto e o principal obxectivo que afronta a Xunta no marco das actuais dificultades financeiras é garantir unha axeitada prestación dos servizos públicos esenciais, un obxectivo co que estamos comprometidos hoxe: tres de cada catro euros do orzamento destínanse a educación, a sanidade e a benestar.

En Galicia, como sabemos, hai unha serie de características sociodemográficas que condicionan de xeito notable a nosa capacidade para ofrecer estes servizos: o avellentamento da poboación e o grao de dispersión. Isto non é novo, coñecémolo desde fai moitas décadas. Dous datos: Galicia soporta a metade de todo o gasto en transporte escolar que se rexistra en España. Galicia conta co 13% dos centros de saúde que hai en España, sendo o 6% da poboación. Este, como digo, non é un problema novo, e en Galicia sempre tivemos claro que había que facer algo ao respecto. Sen embargo, o problema segue aí e segue agravándose, por iso o ano pasado acordamos debater sobre a necesidade de afrontar a cuestión demográfica. Na actualidade está constituída a Comisión parlamentaria para tratar este tema. Confío en que nesa comisión saibamos acertar para que desde esta Cámara poidamos deixarlle unha guía a este Goberno e aos gobernos que nos sucedan. Mentres esa Comisión realiza os seus traballos, nós acometeremos o esforzo de garantir a prestación dos servizos públicos esenciais nun contorno complexo; é dicir, lograr avances concretos en educación, en sanidade e en políticas de benestar.

A educación e a formación son a mellor garantía de futuro para un pobo. O sistema educativo, na miña opinión, debe procurar dous obxectivos claves: que Galicia poida enriquecerse co seu propio talento e que os máis novos teñan mellores ferramentas para acrecentalo.

No caso da Formación Profesional, o compromiso con esta é adaptarse á realidade, e queda demostrado en dous fitos: aprobación dunha nova ordenación para a formación profesional en Galicia que persiga máis flexibilidade,

máis contidos e que facilite a conciliación. Coa aprobación de 28 currículos de ciclos formativos, o número de matriculados en FP incrementouse nos dous últimos anos máis dun 10%, con máis de 3.000 alumnos matriculados en FP por riba das anteriores datas e cursos.

No ámbito das universidades, e a pesar dos momentos complicados, os galegos temos varios motivos para sentirnos razoablemente esperanzados co noso sistema universitario. Un deles é o feito de que Galicia sexa unha das poucas comunidades autónomas que conta con dous campus de excelencia internacional, en Santiago e en Vigo, aos que a Xunta apoia e apoiará decididamente.

Tamén é destacable o esforzo en completar a incorporación ao Espazo Europeo de Educación Superior, dentro do Plan Bolonia; un proceso complexo que implica a transformación dunha grande parte do sistema universitario. Ao final deste proceso, serán arredor de 120 as titulacións de grao que ofertarán as universidades galegas, mostra do esforzo por evitar as reiteracións na oferta e a adecuación á demanda.

Queremos seguir traballando no deseño dun mapa de titulacións de grao e de posgrao que, garantindo un alto nivel de calidade formativa, sexan tamén eficientes no uso dos recursos humanos e materiais das universidades.

É de destacar a garantía de financiamento das universidades para os vindeiros cinco anos. As tres universidades e a Xunta asinamos o novo Plan de financiamento 2011-2015, que supón, sen dúbida, un notable esforzo de realismo por parte das universidades e por parte da facenda autonómica. No ano 2011 ese esforzo tradúcese nun incremento do peso relativo das universidades no orzamento total da Xunta, pasando dun 3,7% ao 4%. O obxectivo é que ao final deste período as universidades reciban das administracións galegas achegas de en torno ao 1% do PIB galego.

No ámbito do ensino non universitario estamos apostando por dúas vías: aprendizaxe de idiomas e manexo de novas tecnoloxías. Un dos obxectivos estratéxicos deste Goberno é fomentar unha sociedade plurilingüe, mellor preparada para enfrontar os retos do futuro. Duplicamos as seccións bilingües da lexislatura anterior na educación pública. Arredor de 29.000 alumnos, nun total de 293 centros educativos en Galicia, teñen a día de hoxe unha ensinanza polo menos en tres linguas.

E tamén é obxectivo estratéxico adaptar o sistema educativo a unha nova forma de ensinar e aprender: a cultura dixital. Estámolo a facer a través do Proxecto Abalar. Hoxe son 14.500 os alumnos que estudan contidos dixitais a través de ordenadores públicos. No vindeiro curso serán o dobre: 31.500 alumnos.

Quero, por último, facer unha breve referencia ao Proxecto de lei de convivencia e participación na comunidade educativa, que ten como obxectivo dignificar a profesión do docente, combater o acoso escolar a todos os niveis e establecer mecanismos de participación directa dos pais e nais, o que implica asumir a súa corresponsabilidade no proceso educativo. Cremos que é unha lei necesaria e oportuna e, por tanto, convido a todos os grupos da Cámara a converter o debate sobre este proxecto de lei nun elemento de colaboración e mellora do noso sistema educativo.

A sustentabilidade da sanidade

Probablemente, un dos logros máis importantes dos españois en xeral, e dos galegos en particular, é poder contar cun sistema sanitario público. Por iso este goberno ten como prioridade garantir a súa sustentabilidade nun ámbito de grave carencia de recursos orzamentarios, mantendo e incluso incrementando a calidade asistencial e as infraestruturas sanitarias.

Con este fin, a nosa acción de goberno céntrase en catro eidos principais: adoptar medidas de eficiencia para garantir o propio sistema sanitario público; mellorar a xestión sanitaria a través da alta tecnoloxía, priorizar os pacientes máis graves para ser atendidos e construír novas infraestruturas.

En relación co catálogo priorizado de medicamentos, quero expresar a miña satisfacción e agradecemento polo traballo dos grupos do BNG e do Grupo Popular, pero sobre todo tamén polo compromiso dos profesionais sanitarios. Un traballo que permitiu que saíse deste Parlamento unha proposta novidosa para conseguir unha importante racionalización no gasto farmacéutico sen mingua ningunha da calidade da atención aos pacientes. Custa entender como unha medida encamiñada a facer sostible o sistema sanitario público e, ao mesmo tempo, mellorar a súa dotación de infraestruturas a través dun aforro diario de 300.00 euros, pode ser posta en cuestión sen maior argumento que un conflito de competencias que non é tal e unha coincidencia plena entre o Goberno central e o manifestado por algúns sectores das multinacionais farmacéuticas.

En segundo lugar, medidas na xestión sanitaria para contribuír á eficacia e á eficiencia dos sistema. É o caso da historia clínica electrónica, coa que xa atendemos o 98 % da poboación. É o caso da receita electrónica, coa que xa se está dispensando o 80 % das receitas. É o caso da central de chamadas, coa que se unificaron os teléfonos de atención, cun aforro de 16 millóns de euros na lexislatura. É o caso da creación dunha plataforma lóxística centralizada, coa que agardamos acadar uns aforros de 20 millóns de euros anuais.

E, en terceiro lugar, priorizamos a atención aos pacientes máis graves, porque entendemos que, por riba das estatísticas, están as persoas. Froito desta estratexia, a finais do ano 2010 os pacientes máis graves, prioridade 1, esperaban unha media de 21 días; 9 días por debaixo do obxectivo do Sistema Nacional de Saúde e menos da metade dos 54 días que estaban esperando os pacientes prioridade 1 no ano 2008. Por primeira vez acadamos o obxectivo de espera de 60 días para os pacientes graves, prioridade 2. Pero queda, sen dúbida, moito traballo por facer para mellorar os tempos de espera.

Continuando nesta liña, o Goberno ten a intención de traer a esta Cámara, no vindeiro período de sesións, o Proxecto de lei de garantía das prestacións sanitarias, cumprindo así un dos principais compromisos adquiridos no debate de investidura.

Garantiremos por lei un seguro público sanitario que establecerá prazos máximos de espera en función da gravidade das patoloxías dos pacientes. O orzamento que se precisa está no Fondo de cooperación 2011, pendente de transferir á Comunidade Autónoma. Señorías, apoiemos a sanidade pública galega.

E quero destacar o esforzo sen precedentes na mellora das infraestruturas sanitarias. Temos o compromiso, a pesar da crise económica, de renovar o 50% das camas hospitalarias do Servizo Galego de Saúde. Puxemos en marcha o novo Hospital de Lugo, no que investiron máis de 40 millóns de euros, que finalizou o Goberno anterior. O novo hospital público de Vigo está adxudicado. Seguimos avanzando na tramitación do novo hospital público de Pontevedra. Iniciáronse as obras de ampliación do Complexo Hospitalario da Coruña, obras que supoñen unha superficie semellante á de dous hospitais comarcais. E tamén están na axenda do Goberno a reforma integral do Complexo Hospitalario de Ourense e a ampliación do Hospital da Costa e do Hospital do Salnés.

Pero tamén nos preocupa renovar e ampliar as infraestruturas para atención primaria. No ano 2009 finalizáronse catro novos centros. No ano 2010 foron rematados cinco novos centros de saúde. Neste mesmo ano, estaremos construíndo 19 centros de saúde que podemos poñer en servizo antes de finalizar a lexislatura.

Remato este punto, referido ás políticas sociais, referíndome ás políticas de benestar, cunha mención especial á atención da dependencia.

Quixera neste punto insistir na importancia da verdade nun asunto que afecta a tantas persoas de xeito tan directo. A verdade é que temos unha lexislación referida á dependencia que é tan ben intencionada como deficiente no

seu deseño e na súa aplicación. Temos unha lei que parte dun cálculo erróneo dos posibles beneficiarios, o que xerou unhas expectativas que a realidade se encarga todos os días de botar abaixo. A verdade é que, pese ás restricións orzamentarias, nestes case dous anos de lexislatura, de 14.000 dependentes atendidos pasamos a 42.000, o triplo que na anterior lexislatura. A verdade é que, aínda facendo ese tremendo esforzo, lamentablemente non todos os dependentes reciben a prestación á que teñen dereito. A verdade é que o Estado non cumpre coas obrigas de financiamento que a lei lle impón; en lugar de aportar o 50 % do custo do mantemento do sistema, non aporta nin o 30 %. A verdade é que, se se achegase ese 50 % por parte do Estado, hoxe todos os dependentes galegos con dereito a prestación estarían atendidos. Por iso consideramos que é preciso abrir un período de reflexión, para que se deixe clara a participación e as responsabilidades de cada Administración e estea dotado dun financiamento suficiente.

Pero, máis aló da atención á dependencia, a Xunta está levando a cabo un esforzo no conxunto das políticas dedicadas ao benestar, prestando un especial interese no apoio a todas as familias galegas. Quero destacar que, no que levamos de lexislatura, a Xunta puxo en servizo máis de 4.500 prazas sostidas con fondos públicos para atención a maiores, discapacidade e garderías. É dicir, nun escenario económico moi complexo, puxemos en servizo máis prazas de benestar en 23 meses que na lexislatura anterior.

Seguiremos traballando por incorporar novas prazas aos sistema de benestar, cunha especial atención ás prazas de gardería. Neste ámbito temos o compromiso de crear 4.500 novas prazas ata o ano 2013. Ata o de agora puxemos en marcha 2.000 novas prazas, e neste ano 2011 incrementaremos a oferta en 1.000 prazas máis de garderías.

Quero destacar tamén o esforzo que a Xunta está a realizar nas políticas de inclusión social. Incrementamos dúas veces o complemento das pensións non contributivas, un 3 % nos orzamentos do ano 2010 e un 3 % nos orzamentos do ano 2011. Tamén incrementamos un 3 % nos orzamentos do ano 2011 para a renda de integración social básica, a Risga.

Por último, avanzar no benestar social é sinónimo de mellorar a atención ás familias, por iso é o momento de establecer un marco claro e estable de apoio ás familias. Con este fin, e cumprindo co previsto no programa electoral, nas vindeiras semanas remitiremos á Cámara o Proxecto de lei de apoio á familia. Unha lei que pretende dar resposta ás necesidades das familias, de todas as familias e de todos os tipos de familias.

En definitiva, a política de benestar deste Goberno pode resumirse: atender o tripló de dependentes que na lexislatura anterior, poñer en marcha en vinte e tres meses máis prazas de benestar que en toda a lexislatura anterior, duplicar as prazas dispoñibles en residencias de maiores e a finais do ano 2011 incrementar un 20 % as prazas de garderías.

Señorías, esta intervención inicia unha sesión parlamentaria que é, ao mesmo tempo, unha cita co noso país. Como representantes públicos, pídolles que miremos o que hai máis aló desta Cámara, xentes diversas pero que conflúen en tres sentimentos: séntense parte dun marco constitucional, que é a nosa Autonomía; séntense identificados co galeguismo que moldearon os nosos devanceiros e séntense contemporáneos dun momento histórico que é o máis difícil e determinante dende que logramos que se nos recoñecera como nacionalidade histórica.

É certo que un pobo como o noso, peregrino por tantas etapas da historia, ten na súa memoria colectiva a pegada do infortunio. Xa sabemos de crises, de reveses e de momentos aciagos nos que parecía esvaeerse a esperanza, pero non foi así. Somos a proba de que este país se ergueu e andou. Como pedía Alfredo Brañas, seguimos en pé.

Esta capacidade de resistencia, con todo, non contaba co esforzo dun poder propio como o que temos agora. Galicia fixo fronte ás crises anteriores orfa de institucións, esfarelada en anacos inconexos e condenada a soportar as aldraxes cun obrigado mutismo. Este mutismo rematou, para transformarse en reivindicación cando as circunstancias o esixen. O país desartellado está sendo superado por unha nova conciencia. En lugar de afrontar as dificultades dende unha posición de inferioridade, hoxe ten a autoestima suficiente como para que, lonxe de sentirse inseguro, o noso pobo sexa consciente, consecuente e valente.

Este pobo ao que representamos, este país, proponnos unha disxuntiva entre unha Galicia anacrónica e unha Galicia moderna; ofrécenos o autogoberno para crecer e perdurar ou para anquilosarnos, e déixanos a nós, os políticos, na tesitura de afrontala divididos ou sumando esforzos. En todos os casos debemos escoller a resposta máis acertada. Pídolles que asumamos a realidade tal cal é e traballemos para levar a cabo unha nova modernización de Galicia, pero non desde a grandilocuencia senón desde a racionalidade.

O realismo e a verdade son o primeiro mandamento dun dirixente que xestiona a crise; e quero trasladarlle á nosa cidadanía que a nosa situación económica segue sendo moi difícil, especialmente para todos aqueles que sofren

o problema do paro, pero tamén quero asegurarlles que a gran teima do Goberno galego é a defensa da autonomía, o benestar dos seus cidadáns e o fortalecemento dos instrumentos produtivos, económicos e financeiros que favorezan o noso progreso común. Estou seguro de que nestes tres obxectivos nos podemos atopar.

Aproveitemos o noso autogoberno para crecer e perdurar. A Galicia de hoxe, e hoxe máis que nunca, pídenos unha nova esperanza; unha esperanza destinada a un pobo adulto, responsable, capaz de entender o que sucede ao seu arredor. Non loitamos pola autonomía para agachar as adversidades, senón para afrontalas de acordo coa nosa capacidade competencial. Tampouco arelamos o autogoberno para calar cando os nosos intereses non son respectados noutras instancias de poder, senón para servir de voceiros da inqueda colectiva. Fagámolo centrados e unidos. A desafección que senten tantos sectores da sociedade respecto dos seus representantes ten a súa orixe na idea de que a política non trata da preocupación da xente, senón que adoita derivar en debates bizantinos só aptos para unha elite afastada. Esta doenza afecta a todas as democracias modernas, e esixe dos que asumimos as responsabilidades representativas un esforzo de achegamento.

Ao longo desta intervención terán reparado en que nos próximos meses haberá moitos e importantes momentos para sumar esforzos. Temos demostrado que podemos facelo. Nestes case dous anos de lexislatura, esta Cámara reflectiu un sentir maioritario en moitos aspectos vitais para o noso país, aínda que non sempre fora de xeito unánime.

Temos retos de país que condicionan seriamente a nosa capacidade para afrontar a nosa máxima prioridade, que é a crise económica. Refírome á blindaxe por lei da sustentabilidade das finanzas públicas; refírome ao noso futuro financeiro, refírome á negociación da débeda, que equivale a toda a política social dunha lexislatura, e refírome a que se cumpra co financiamento autonómico co que se prestan os servizos aos cidadáns. Señorías, descolgarse do interese xeral é descolgarse do noso país.

Temos retos de país que porán a proba a nosa xenerosidade e a nosa capacidade de concertación; refírome fundamentalmente á reforma constitucional do Estatuto de autonomía. Manteño o meu compromiso de que tentemos chegar a un acordo útil, mediante un diálogo construtivo, no marco da Constitución. Temos retos de país que precisamos poñer en marcha xuntos para que sexan verdadeiramente útiles a Galicia. Por diante, polo menos, 35 proxectos de lei que presentaremos na segunda parte da lexislatura; proxectos de lei que

reclaman da opinión e da participación de todos porque abordarán asuntos fundamentais para a autonomía como a modernización da Administración, o desenvolvemento do noso territorio, o pulo á nosa cultura, as melloras para a educación, as mellores para a sanidade pública e os servizos sociais.

Aquí, neste Parlamento, latexa o corazón da nosa democracia. Este é o lugar onde Galicia toma forma, condensa a súa personalidade e exerce o seu autogoberno. Aquí fanse realidade cotiá os soños de moitos galegos que imaxinaron unha patria libre, en harmonía cos demais pobos de España e do mundo. Aquí poden reflectirse as inquedanzas dos galegos de hoxe. E aquí tamén podemos construír a nova esperanza que nos pide o noso país. Require capacidade para xestionar con austeridade o noso. Esixe forza para reclamar cando os intereses galegos están ameazados. E, sobre todo, reclama unha absoluta e total confianza na enerxía colectiva que atesoura o noso pobo. Esa confianza debémola mostrar neste debate cunha énfase especial para que desapareza a distancia entre os cidadáns e nós, os seus servidores.

Oxalá que os ecos desta sesión que cheguen ao exterior deste Parlamento sirvan para aumentar a resolución da nosa xente.

Máis nada. Moitas grazas.

COMPARECENCIA DO PRESIDENTE DA XUNTA PARA INFORMAR E DEBATER RESPECTO DA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

13 de marzo de 2012

Señora presidenta, señoras e señores deputados, autoridades presentes, galegas e galegos.

Comparezo neste Parlamento para abrir o debate sobre o estado da Autonomía, en cumprimento da Lei reguladora da Xunta e da súa presidencia e, sobre todo, convencido, como estou, de que en días como este a Galicia democrática se fai máis forte.

Quizais alguén se pregunte se acaso é necesario robustecer un logro alcanzado hai xa máis de trinta anos. A miña opinión é que si. A nosa autonomía é unha obra inacabada, sempre incompleta. Necesita ser alimentada todos os días e o seu éxito depende de que cada xeración de galegos cumpramos coa misión do noso tempo.

O tempo deste debate sitúanos tres exercicios despois das últimas eleccións autonómicas e a un ano de prazo máximo de duración da lexislatura, nun contexto de dificultades económicas e sociais sen precedentes para todos os que o vivimos e, no ámbito político, no inicio dunha nova etapa en España porque así o determinaron os cidadáns.

Non aspiro a que ao longo dos días de hoxe e mañá exista plena coincidencia nas nosas reflexións. Precisamente, como representantes dos galegos é normal que aquí se reflictan pensamentos diferentes, concepcións distintas do noso país e mesmo soños contrapostos. Pero si lles digo que nesta misión común que nos encomendou a cidadanía, este debate é unha grande oportunidade para responder a algo no que todos si concordamos: a excepcionalidade do tempo que nos tocou vivir ao pobo galego, ao que nos debemos, e a toda a nación española no seu conxunto.

O «como estamos», e eu diría que mesmo o «por que estamos como estamos», non suscita debate entre os cidadáns. Por iso tamén aquí debería servírnos como punto de partida para deixar de pasalo todo polo filtro partidista e entendernos e complementarnos. En definitiva, poder, todos xuntos, estar á altura das complexas circunstancias nas que debemos seguir avanzando no fortalecemento da nosa autoestima, porque tamén hai que facelo, señorías, ás duras.

Como a inmensa maioría dos cidadáns saben, porque o sofren, España vive o maior empeoramento económico da súa historia democrática, e Galicia non é allea a esta dura situación. En menos de oito anos o paro duplicouse do 10,9% a case o 23%, e alcanzou a dramática cifra de 5 millóns de españois sen traballo. Pasamos dun práctico superávit a un déficit superior ao 8,5% que acendeu todas as alarmas da Unión. Dentro da nación, perdemos confianza en nós mesmos; fóra somos un Estado ao que se mira con desasosiego. E o camiño máis inmediato para percorrer antóllase certamente difícil, tendo en conta que a mesma España que medraba a un ritmo superior ao 3% no ano 2004 afronta a perspectiva dunha nova recesión, polo menos durante todo o ano 2012.

Ante este contexto, a inmensa maioría dos españois consideraron que era preciso un cambio de políticas, e de políticos, en España. E así o reflectiron primeiro en Galicia en 2009, nas eleccións municipais e autonómicas en maio de 2011, e o pasado 20 de novembro, sinalando un novo goberno en España. Manifestaron nas urnas un cambio en España sen precedentes –en todo o Estado, comunidade por comunidade, e case concello por concello–, un cambio político das mesmas dimensións que as reformas políticas que entenden que son precisas levar a cabo. Os cidadáns son plenamente conscientes de que este momento económico histórico require dunha histórica reacción política; e están plenamente convencidos de que hai unha saída, pero que se requirirá de esforzos e persistencia para alcanzala, sen poder permitírnos máis demora.

Tanto é así que en só dous meses, e xa desde o seu primeiro Consello de Ministros, o novo Goberno de España –por darlles os exemplos máis significativos– tivo que abordar: unha reforma urxente de 15.000 millóns de euros para despexar o risco de intervención da economía española por parte da Unión Europea; unha reforma laboral para abrírlles oportunidades aos desempregados sen ningunha perspectiva coas políticas de emprego que estaban vixentes, que destruíron máis de 3 millóns de postos de traballo; ou unha reforma financeira que estableza un marco estable para poder devolver o crédito ás canles da economía.

O actual Goberno central tivo que renunciar ao habitual período de adaptación do que gozan os novos executivos e actuar desde o primeiro momento porque, lamentablemente, a España que iniciou este 2012 xa non conta nin con cen días de grazia; esgotou os períodos de proba e esgotou as segundas oportunidades. Pero precisamente na determinación está a clave de que poidamos manter a esperanza de acabar no grupo dos que resistiron e non no grupo dos derrotados polas dificultades. Nada ten que ver co destino, senón que depende da capacidade de iniciativa dos pobos e dos seus dirixentes. España, Galicia, nós, debemos e podemos figurar entre os territorios capaces de adaptarnos a un mundo que xa non é coma o de antes. Se o fixemos noutras encrucilladas históricas, tamén temos capacidade para facelo agora.

O país que hoxe vivimos forxouse na adversidade. Nun momento de extraordinarias dificultades como o da Transición, rexurdiu desde as brumas da súa propia historia para converterse nunha democracia moderna e eficaz. Agora que os pobos, máis que nunca, precisamos de referentes, cómpre preguntarnos como foi posible. Na miña opinión, soamente pode explicarse co factor humano.

Os proxectos que se puxeron en marcha, as normas de convivencia que se ditaron, as institucións que se crearon non foron froito da casualidade. Alamáronas mulleres e homes sabedores da súa responsabilidade histórica. Mulleres e homes de carne e óso, mulleres e homes do seu tempo, tamén galegas e galegos coma nós. Permítanme que recorde a unha das persoas que tivo daquela un papel protagonista. Recordarase en España sempre polas súas achegas durante unha época complexa; pola redacción da que hoxe é a nosa principal carta de convivencia, a Constitución; por garantir a alternancia política coa fundación dun dos grandes partidos estatais. Pero ademais para Galicia foi, é e será sempre un referente como galego. Falo dun deputado desta Cámara, falo do presidente Fraga.

Señorías, a grandeza do presidente Fraga faise aínda máis evidente imaxinando o que tería sido Galicia sen a súa decisiva contribución a este pobo, sen o seu alento a todo tipo de propostas, sen a súa presenza en innumerables proxectos, sen a enorme forza que atesouraba. ¿Como sería esa Galicia? Unha Galicia inxustamente menos completa e moito menos transcendente. Poderíase dicir que o presidente Fraga, como o sabio que pedía un punto de apoio para mover o mundo, atopouno para mover Galicia. Encontrou nos galegos a enerxía precisa para superar as inercias e iniciar camiños novos que hoxe seguen abertos. En cada un deles está presente o fondo humanismo que nace da apaixonada identificación que tiña coa súa xente. Porque o presidente Fraga escoita o seu pobo, enténdeo, e o pobo fala. Fala a través dos avances e dun progreso evidente. Fala a través do levantamento dunha Autonomía do benestar sen precedentes. Fala a través da súa contribución ao proxecto común español. Por iso, o seu recordo está presente en todos os recunchos de Galicia, pero tamén vive nos sentimentos de tantas galegas e galegos, de varias xeracións, que gañamos con el grandes doses de autoestima. Porque a través do presidente Fraga Galicia falou e Galicia sempre foi escoitada.

Pois ben, Galicia volve falar e Galicia volve ser escoitada. A nosa comunidade saíu do anecdotario da política nacional e, tres anos despois, está recuperando o seu lugar e a súa transcendencia en España. Galicia está volvendo ser un referente de sentido común, de sentido común na xestión do Estado das autonomías, e de sentido común participando activamente na construción do proxecto que compartimos co resto dos españois. Galicia volve ser escoitada en España e é escoitada polo que di e tamén é escoitada polo que fai.

Porque, señorías, cando a maior parte da nación non o concibía, Galicia considerou necesario adoptar un patrón de conduta ética e económica chamado austeridade. O mesmo ocorreu co déficit público. Mentres en España, empezando polo Goberno central, se disparaba o gasto sen control, Galicia xa se preocupaba de equilibrar as súas contas e alertaba da necesidade de facelo. Galicia estivo comprometida coa disciplina orzamentaria. Aplicámola desde o primeiro día. E hai un ano, neste mesmo debate, plantexamos regulala por lei, o que máis tarde foi motivo dunha reforma constitucional pactada entre os grandes partidos do arco español. Defendemos que era preciso non gastar máis do que se tiña e, primeiro, pagar o que se debía. Entendemos que os emprendedores non podían ter na Administración un problema engadido e, por iso, priorizamos o pago aos nosos provedores en forma e prazo. E Galicia,

señorías, foi tamén precursora da necesidade de revisar procedementos consolidados de xestión para acadar maiores eficiencias.

O que dixemos

Galicia falou a través das súas políticas. E a mostra de que foi escoitada é que agora todas as administracións, como tamén indica Europa, as consideran imprescindibles para a súa recuperación económica.

Co mesmo sentido común, con responsabilidade, o Goberno galego ten falado e ten dito ao longo destes tres anos, pero noutras ocasións non se nos quixo nin sequera escoitar.

Dixemos, antes ca ninguén, que era preciso aprazar a dez anos a débeda derivada das malas previsións económicas do ano 2008 –o ano de eleccións xerais– e do ano 2009 –ano de eleccións autonómicas– porque condicionaban en exceso a capacidade financeira das autonomías.

Dixemos, a través dun catálogo de fármacos, que era preciso unha nova política farmacéutica, que no caso de Galicia consome arredor de 1.000 millóns de euros e supón máis do 10 % dos orzamentos autonómicos, e avanzar na eficiencia sen que se resinta a prestación farmacéutica.

Dixemos, a través dunha lei, que era precisa unha maior profesionalización nas entidades de aforro e solicitamos ao órgano competente unha revisión das retribucións que percibían os seus directivos.

Dixemos que, en lugar de promesas incumpridas e avances deixados a deber, era preciso contar cun AVE real e correctamente financiado, con prazos temporais e económicos certos.

Dixemos que era preciso non deixar agrandar, con inacción, o problema de que na ría de Ferrol os estaleiros públicos leven seis anos sen recibir novos pedidos.

Dixemos que era preciso arbitrar un novo sistema fiscal que compensara a difícil situación na que quedou o sector naval tras a suspensión do *tax /lease* por parte de Bruxelas hai case xa un ano.

Dixemos que era preciso profundar no autogoberno de Galicia e crear un marco estable que nos permita non soamente acordar o traspaso de novas competencias, senón tamén avanzar na mellora das competencias que xa temos adquiridas.

Dixemos pero houbo un goberno de España que non quixo escoitar e incluso contestou –como dixer– con recursos e con paralizacións. Non era consciente, este goberno central, de que Galicia estaba a falar con lealdade a través do seu lexítimo goberno. E Galicia volveu falar, esta vez a través das urnas.

E, agora si, en todo isto estamos avanzando para obter as respostas que precisamos e que merecemos.

Señorías, hai un compromiso explícito e reiterado publicamente do ministro de Hacienda de aprazar a dez anos o pago da débeda autonómica, tal e como pedía Galicia.

O Ministerio de Sanidad tenme comunicado que o Goberno ten previsto retirar o recurso que antepuxeron os seus antecesores contra o catálogo priorizado de fármacos da Xunta, posto que non había ningunha razón, nin económica nin sanitaria, para que se mantivera tal recurso.

Desbloqueouse a paralización do autogoberno, e o Ministerio de Interior xa me comunicou oficialmente que reforzará a Policía Autonómica con máis de 150 novos axentes. Por primeira vez nos últimos anos podemos completar a Policía Autonómica e reforzar as súas tarefas, por exemplo, contra os incendiarios ou contra o furtivismo.

Os ministerios de Industria e Hacienda presentaron en Bruxelas unha alternativa á retirada do *tax lease*, de acordo coa Xunta e de acordo co sector naval galego.

No meu recente encontro coa vicepresidenta do Goberno puidemos traballar no ámbito das infraestruturas e, por suposto, no ámbito do sector naval, do sector eólico, do sector financeiro, aos que me referirei polo miúdo nesta intervención. E xa lles anuncio que este mesmo xoves me reunirei co presidente do Goberno de España, Mariano Rajoy, para continuar avanzando nas prioridades de Galicia que, agora si, son tamén as prioridades do Goberno de España e que agardamos que poidan ser abordadas como tal.

Urxe abrir unha nova etapa na relación entre o Goberno central e as autonomías, unha nova etapa na que se pase da tensión sistemática á cooperación ordinaria. As autonomías temos o dereito e o deber de participar na definición das políticas do Estado, e as medidas debemos adoptalas a través dun amplo e maioritario consenso. A nosa disposición por retomar e avanzar nunha España cooperativa é completa. Recoñezo que este é un xeneroso ofrecemento. Seguramente algúns de vostedes pensarán ou dirán que xorde porque agora comparto partido político cos membros do novo executivo central. Trabúcanse. É exactamente, e coas mesmas verbas, a proposta que fixen no debate do estado da Autonomía hai un ano nesta Cámara, cando en España gobernaba o Partido Socialista.

Galicia está recuperando o seu prestixio, o seu protagonismo, a súa transcendencia e o lugar que lle corresponde en España; e isto sitúanos nunha posición

de vantaxe. Este Parlamento é testemuña de como desde a oposición se advertía de que a opción do Partido Popular nas eleccións xerais supoñía avalar e incluso estender a España a xestión da Xunta de Galicia. O resultado en Galicia e en España foi claro: os cidadáns apoian as nosas políticas de responsabilidade.

Pero ¿significa que con esta vantaxe e o apoio popular no Goberno galego nos conformamos ou nos damos por satisfeitos? En absoluto. Eu non estou aquí para dicir que en Galicia non hai problemas, nin moito menos. Hainos; demasiados. Hainos porque os hai en toda España. E asegúrolles que conforman todas as miñas preocupacións e ocupan toda a miña atención e toda a miña disposición. Négome con rotundidade a reproducir na nosa terra a cegueira política que nos trouxo ata aquí. Hai problemas. Pero o que si podo dicir é que, desde hai tres anos, a Xunta de Galicia só está centrada nas solucións.

Estar centrado nas solucións é o mínimo que se pode esperar dun goberno, alegraría calquera cidadán e con toda a razón. Pero a maioría dos galegos saben que ese mínimo exixible aos seus dirixentes non sempre estivo garantido. Agora si, agora si hai un goberno unido e non en división e disputa; agora si hai un goberno austero e non protagonista dunha mala administración; agora hai un goberno que planifica en lugar de caer en improvisacións e contradicións; agora hai un goberno que xestiona con eficiencia os recursos públicos, e non que substitúe a ausencia do deber de administración polo gasto pouco controlado. Agora si, agora si hai un goberno sumamente centrado nos problemas da xente e non despistado polos seus propios problemas.

En definitiva, Galicia ten agora un goberno responsable e con plenas garantías de responsabilidade, un goberno responsable coa garantía de que di a verdade en lugar de tratar de ocultala, un goberno responsable coa garantía de que xestiona a realidade en lugar de tentar disimulala e un goberno responsable coa garantía de que no centro da súa acción política están as persoas e non o goberno en si mesmo.

A verdade é a primeira obriga dun goberno e é o primeiro dereito dun cidadán. Coa verdade por diante estou convencido de que a situación do noso país sería hoxe radicalmente distinta e teríamos empregado todos os nosos recursos e instrumentos en contra dos efectos da crise; coa verdade por diante teríamos controlado o déficit público sen chegar ás cifras alarmantes dos nosos días; coa verdade por diante, en lugar de deixar que a economía se resentira tanto, teríamos acometido de forma gradual as reformas necesarias. E mesmo en Galicia, coa verdade por diante, no seu momento, teríamos

aprobado uns orzamentos certos, sen falsos incrementos en crise, que non terían lastrado as contas dos exercicios posteriores.

Por iso, en lugar de seguir facéndolle ese fraco favor á nosa terra, a Xunta actual foi desde o primeiro momento coa verdade por diante. A verdade de que vivimos unha situación moi difícil, na que o principal problema que temos que afrontar é o que sofren os 274.675 galegos e galegas que están no paro; a verdade de que Galicia se ve afectada por unha dependencia en exceso dun mercado nacional en recesión, no que os nosos principais compradores, o resto de España, diminuíron a súa capacidade adquisitiva; a verdade de que hai sectores produtivos que están a enfrontarse a dificultades como ás que nunca antes tiveron que facer fronte; a verdade de que non partimos de cero, senón de negativos; posto que arrastramos buratos económicos derivados da irrealidade contable; e a verdade de que España vai sufrir este ano 2012 unha recaída económica que nos vai situar nunha nova recesión, lonxe do crecemento positivo do 2,3% que nos transmitiu a todos os españois, hai apenas uns meses, o goberno anterior. Iso, señorías, iso é xustamente non dicir a verdade, a verdade complexa, difícil, dura, pero a verdade imprescindible no camiño de restablecer a confianza que precisamos para transformar, precisamente, esa verdade nunha maior esperanza para os cidadáns.

Señorías, recoñecer a situación verdadeira leva implícita a necesidade de abordar a xestión pública desde o pleno realismo. E somos conscientes de que o actual goberno ten que enfrontarse a máis problemas que nunca e a menos recursos que nunca. Estamos nun escenario no que os presupostos autonómicos de Galicia para o ano 2012 nos retrotraen aos niveis de ingresos do ano 2005, cos que debemos, sen embargo, pagar a máis empregados públicos que entón –arredor de 500 millóns de euros cada ano en nóminas incrementamos o gasto desde o ano 2005 ao ano 2009–, prestar máis servizos públicos, por suposto, que daquela, ou rematar e manter as infraestruturas que se foron sumando ao patrimonio público nos últimos sete anos.

Unha marxe de manobra –como vostedes poden comprobar– estreita, que ademais se ve empeorada desde tres puntos de vista. O primeiro, co lastre arrastrado do pasado. Refírome á débeda de máis de 2.300 millóns de euros que temos que devolver como consecuencia das malas previsións económicas do Goberno central e do Bipartito nos anos 2008 e 2009. En segundo lugar, cunha ameaza de futuro. A relativa ao novo escenario orzamentario que se abrirá na Unión Europea a partir do ano 2013, cando Galicia deixará de ser obxectivo de converxencia. E a terceira dificultade é un obstáculo no presente.

Falo do modelo de financiamento, que xa era malo para Galicia na súa concepción pero que aínda foi peor na súa aplicación, posto que nos privou de 805 millóns de euros que nos correspondían no ano 2011.

Ante isto, tiñamos dúas posibilidades: a primeira era imitar o comportamento doutras administracións e seguir movéndonos na irrealidade. Pero preferimos apostar pola segunda, que é a de tentar racionalizar, desde o sentido común e a responsabilidade, esa dura realidade.

Como xa teño dito, temos acadado o aprazamento a dez anos no pagamento da débeda herdada.

A nosa persistencia ante as institucións comunitarias e a axuda do Goberno central contribuíu a que a Comisión Europea sexa receptiva á proposta dunha aterraxe suave de fondos comunitarios para as comunidades que deixamos de ser obxectivo 1 na Unión.

E no referente ao financiamento autonómico quero transmitirles que, en primeiro lugar, manteremos o recurso de inconstitucionalidade polo que entendemos que foi, por parte do anterior goberno de España, un incumprimento flagrante dos seus compromisos co Estado das autonomías. E, en segundo lugar, que ao igual que obtivemos un aprazamento no pago da débeda autonómica, ao igual que encamiñamos que Galicia poida seguir a percibir fondos da Unión a partir do ano 2013, non imos descansar ata acadar un novo modelo de financiamento autonómico axeitado, xusto e certo. Señorías, axeitado para afrontar o pago das prestacións públicas esenciais; xusto con todos os cidadáns de todos os territorios, tendo en conta na xusta medida factores obxectivos como a dispersión e o envellecemento da poboación; e certo, é dicir, que se cumpra.

Señorías, son plenamente consciente de que a verdade e a realidade poden supoñer un motivo de abatemento para moitos galegos e galegas. Tampouco é sinxelo para un goberno ter que dicila con toda a súa crueza e moito menos xestionala co acerto que se precisa. Pero desde esa mesma fidelidade á verdade e á realidade –que é a lealdade que lles debo aos cidadáns–, tamén lles podó dicir que, no custoso camiño cara á recuperación, Galicia logrou situarse nunha posición máis avantaxada que o conxunto de España.

E esta é unha verdade e unha realidade constatable desde dúas perspectivas: a primeira, a que nos sitúa na maior parte dos indicadores económicos, non nunha boa situación –por suposto–, pero si nunha mellor posición que o Estado e que a maioría das comunidades autónomas; e a segunda perspectiva, a posición á que chegamos a través da anticipación política de Galicia durante estes tres últimos anos.

Respecto dos indicadores económicos, Galicia mantén a súa taxa de paro en parámetros inferiores ao resto de España. Segue estando en 4,6 puntos por debaixo do nivel de desemprego en España –Galicia o 18,3%, fronte a case o 23 % en España–; e sitúase, por suposto, moi lonxe do máis do 30 % de paro de comunidades autónomas como Andalucía ou Canarias, do 25 % de paro como Estremadura ou Murcia, do 24 % de paro como Valencia ou mesmo por debaixo da rica Cataluña.

O mesmo ocorre coa taxa de paro xuvenil, onde Galicia mantén un diferencial de 10 puntos por debaixo da media de España; ou coa taxa do paro feminino, que ten un diferencial de 4,2 puntos –19% fronte ao 23,3%–, aínda que segue sendo preciso avanzar, por suposto, na igualdade, na igualdade real, na igualdade efectiva, como faremos co plan de igualdade que anunciei a semana pasada no Parlamento.

Esta situación tamén se repite no caso do emprego industrial, o número de postos de traballo que se crearon é un 2,3% máis que no ano 2010. En España, polo contrario, a tendencia no ano 2011 foi negativa, xa que o emprego industrial caeu máis de 2 puntos e destruíronse no sector industrial máis de 55.000 empregos.

E o mesmo ocorre coas exportacións, que alcanzaron en 2011 o seu máximo histórico, o crecemento –do 17,6%– tamén é superior ao de España. Ademais, o saldo comercial –3.500 millóns de euros positivos– tamén é o mellor saldo comercial e dobra o saldo comercial de 2010. España, porén, mantén un déficit comercial negativo de máis de 46.000 millóns de euros no ano 2011. Somos a segunda comunidade autónoma con mellor saldo de exportacións.

Anticipación proverbial

Pero dícialles que Galicia está nunha mellor posición tamén por un segundo motivo: porque se adiantou ao que hoxe é unha exigencia para todos e que xa é asumido, tamén por todos, como exigencias imprescindibles. Señorías, dixen en varias ocasións que unha parte importante do que nos pasa está directamente relacionado con non ter tomado decisións a tempo. Desde que os galegos me concederon a honra de ser presidente da Xunta, tratei de confinar a inercia que simplemente acepta os cambios e apostar pola planificación, que consiste en provocalos. Creo que, neste sentido, Galicia ten dado nos últimos anos varios exemplos, iniciados con acerto na nosa terra, que son xa asumidos como directrices de recuperación nacional.

Señorías, Galicia anticipouse en austeridade e puxo en práctica que as administracións gastáramos o mínimo posible en nós mesmas e o máximo posible nos cidadáns. E hoxe, cando no resto de España aínda se está comezando este proceso, Galicia xa o ten consolidado. Por poñerlles algúns exemplos: temos o goberno máis reducido de todas as nacionalidades históricas e un 40 % máis reducido que o Goberno bipartito; reducimos a metade de altos cargos na Administración; reducimos nun 90 % a estrutura periférica –recordarán que pasamos de 52 delegados a 5–; reducimos un 30 % o custo en asesores; un terzo menos en gastos de publicidade, ou un parque móbil máis racional, que ao final da lexislatura terá sido 6 millóns de euros menos custoso porque estará conformado por un 90 % menos de coches oficiais que na lexislatura pasada.

Galicia anticipouse tamén na racionalización da Administración paralela. Negámonos a que o paso do tempo levara consigo a inercia de que se fora incrementando de xeito exponencial como sucedera ata o ano 2009. E hoxe, cando o novo goberno de España está comezando a estudar as posibilidades de aforro neste ámbito, a Xunta xa ten practicamente completado o seu Plan de redución de entes públicos. A primeira fase permitiu extinguir ou reformular 48 entes de 64 analizados. E a segunda fase, en marcha, permitirá eliminar ou reformar 25 dos restantes 55 entes. En total, teremos reducido un 50 % da Administración paralela, acadando un aforro de 25 millóns de euros cada ano, é dicir, 100 millóns de euros nunha lexislatura, cantidade esta, a dos 100 millóns de euros, equivalente ao presuposto de 60 concellos galegos cunha poboación de 2.000 habitantes.

Galicia anticipouse no ámbito da disciplina presupostaria. E hoxe, mentres outras autonomías e o propio Goberno central se ven obrigados a tomar drásticas medidas para controlar un déficit absolutamente disparado, Galicia volveu ser en 2011 –como o foi no ano 2009 e no ano 2010– a única comunidade, xunto con Madrid, con solvencia acreditada.

Solvencia acreditada polos datos: Galicia ten case a metade do déficit público que todas as autonomías. Galicia ten cinco veces menos déficit público que o Reino de España. E Galicia ten a metade do déficit público que os países da zona euro.

Solvencia acreditada por unha conduta que transformamos en norma para que ningún goberno galego volva gastar por riba das súas posibilidades.

Somos a primeira e única autonomía, polo momento, cunha lei de disciplina orzamentaria aprobada e en vigor.

E solvencia non só acreditada polos datos e polas normas, senón tamén polos provedores; posto que non hai administración autonómica que pague actualmente as súas facturas nun período máis reducido que o que emprega a Xunta de Galicia. Fixémolo ata agora, elevando ao 92,9 % a porcentaxe de pagamentos das obrigas recoñecidas, case 6 puntos máis que a media das comunidades autónomas de España. E seguímolo facendo neste 2012, aboando máis de 1.500 millóns de euros nos meses de xaneiro e febreiro, e inxectando máis de 250 millóns de euros neste mes de marzo para cumprir a finais deste mes que o tempo medio de pagamento volva ser 45 días, tal e como comprometemos. Pagar en prazo é unha prioridade que establecemos desde o primeiro día, e é unha prioridade que manteremos ata o último día.

Galicia anticipouse. Galicia tamén se anticipou na maior eficiencia na xestión. E hoxe, cando o resto de España comeza a decatarse de que hai unha enorme marxe de mellora na xestión diaria das administracións, en Galicia podemos dicir que xa profundamos nela en gran medida. Fixémolo ao eliminar a edición en papel do *Diario Oficial de Galicia*, cun aforro superior a un millón de euros; fixémolo ao integrar nun único número os servizos telefónicos da Xunta de Galicia, cun aforro superior a 1,5 millóns de euros; fixémolo ao poñer en marcha un plan de aforro enerxético da Xunta, cun aforro anual de 10 millóns de euros.

Fixémolo en todos os ámbitos da xestión, pero quizais un dos exemplos máis ilustrativos é o aforro farmacéutico. Mentres que na anterior lexislatura se rexistraba un crecemento anual acumulado entre un 6 % e un 7 %, en 2010 reducimos esta porcentaxe a medio punto e en 2011, xa co catálogo en vigor, fomos a Comunidade que máis aforro farmacéutico rexistrou, cunha porcentaxe de baixada dun 11 %, é dicir, un aforro superior a 100 millóns de euros anuais, ou, o que é o mesmo, un aforro igual a 300.000 euros diarios.

Señorías, compartirán comigo que todas estas medidas de austeridade, de racionalización, de disciplina orzamentaria e de eficiencia son decisións nas que aqueles gobernos que nos veñan suceder tentarán seguir profundando, pero xa ninguén volverá atreverse a desandar este camiño, nin os cidadáns llo permitirían. Probablemente, e con razón, o que fagan os cidadáns é preguntarse que, por máis que Galicia se anticipase, por que non o fixo antes. Como político cústame responder a esta pregunta. Como presidente si podo dicir que estamos a tomar medidas de sentido común desde o primeiro día e que imos seguir facéndoo día a día, cada un dos días que nos restan de lexislatura.

Empezamos hai tres anos e xa lles anuncio que seguiremos. Seguiremos situando a Galicia por diante para poder contribuír desde a mellor posición

posible á solución dos graves problemas que sofren os cidadáns do noso país. Sen ningunha clase de triunfalismo –porque non está a situación para ningún tipo de celebración– pero con todo o realismo, Galicia está nunha posición máis avantaxada porque tomou antes e gradualmente medidas para adaptarse ás novas circunstancias. E seguirá. Seguirá presentando mellores indicadores e perspectivas e seguirá anticipándose e aplicando medidas baseadas no sentido común e na responsabilidade. Así, neste ano 2012, a taxa de paro en Galicia manterase por debaixo da media nacional, por máis que as perspectivas estatais non sexan boas e a marxe de potencial empeoramento sexa máis ampla nas comunidades que bordean a saturación dos niveis de desemprego.

Galicia seguirá, neste ano 2012, sendo unha das comunidades autónomas máis solventes e seguirá tendo un dos déficits máis baixos do Estado, cumprindo por cuarto ano consecutivo os obxectivos pactados. Galicia volve ter para este 2012 unhas previsións de evolución do PIB menos negativas o resto de España, aínda que, loxicamente, a recesión da economía nacional afectará sen dúbida as nosas posibilidades de crecemento económico. E Galicia non terá que facer novos axustes no ano 2012 porque será a comunidade de toda España na que menor impacto terá sobre as súas contas a corrección de 26.500 millóns de euros que o Goberno ha de facer nos presupostos do Estado polo déficit oculto herdado do goberno anterior. Previsións que son froito da responsabilidade, a mesma responsabilidade que nos levou a adoptar decisións como a modificación temporal das condicións laborais de empregados públicos establecidas noutros momentos económicos diferentes aos de agora, porque a Facenda pública precisaba do esforzo daqueles que teñen certezas laborais. Pero tamén a mesma responsabilidade pola que esas medidas temporais foron en Galicia dunha intensidade nunca maior e tamén máis leve que no resto das comunidades autónomas e que na propia Administración central do Estado.

Porque a Xunta de Galicia, xa lles digo, hai cousas que non fixo nin vai facer: non limitou a baixa dos traballadores aos niveis que o reduciu o Goberno de Euskadi; non tivo que facer unha auditoría para comprobar se é necesario un ERE na Administración como está facendo Estremadura; non reduciu o salario dos empregados públicos como si ten ocorrido en Castela-A Mancha e Valencia, e onte mesmo outra vez anunciada a segunda rebaixa dos empregados públicos nas súas retribucións en Cataluña; nin vai volver reducir o seu salario, como si fixo o anterior goberno socialista, en máis dun 5 % a todos os empregados e para sempre. A Xunta non reducirá os soldos dos seus 90.000 empregados públicos. Non o fixemos nós e non o faremos.

O que si fixemos, e non o fixo ningunha comunidade –agás Estremadura– nin o Estado, é suspender a percepción do complemento de destino dos ex altos cargos. É certo que se ten dito moito sobre a xustiza ou non deste complemento que desde hai lustros se vén percibindo na Administración central e na inmensa maioría das comunidades autónomas. É certo que os tres grupos desta Cámara apoiamos a súa implantación no seu momento. É certo que, despois de aprobarse, os tres grupos manifestamos que non debiamos mantelo. Pero tamén é certo, e é unha realidade constatable, que o plus de altos cargos se implantou co anterior goberno e que con este goberno se suspendeu.

Galicia é unha comunidade cunhas contas estables e cunhas contas controladas. Galicia ten unha taxa de paro de 4,6 puntos por debaixo da media nacional, presenta mellores perspectivas na evolución da súa economía e paga aos seus provedores no menor prazo de todo o Estado. Ese é o resultado da anticipación e a responsabilidade. Pero non nos confundamos: nin aceptamos a situación que viven as galegas e os galegos nin, por moito que a situación de Galicia sexa mellor que a do conxunto de España, nos consola nin nos conforma; por iso seguiremos.

Seguiremonos anticipando e seguiremos polo camiño do sentido común, o camiño da austeridade, a racionalidade, da disciplina contable e da eficiencia. Así, xa lles avanzo que no ámbito municipal xa acordamos coa Fegamp presentar neste semestre unha táboa racional e proporcional de retribucións e custos de corporacións locais, en función de criterios obxectivos. E no ámbito autonómico, neste mesmo mes, iniciaremos os trámites para rebaixar o soldo dos directivos do sector público, homologándoo ao que perciban os cargos directivos das consellerías da Xunta. Tamén se establecerá que os membros dos consellos de administración non inclúan maiores remuneracións que as dun director xeral.

E continuaremos. E, por iso, nas vindeiras semanas iniciaremos os contactos cos grupos parlamentarios, cos axentes sociais e cos axentes empresariais para facerlles unha tripla proposta: a supresión de todos os vicevaledores da institución autonómica do Valedor do Pobo; a supresión do Consello Económico e Social e a súa fusión co Consello de Relacións Laborais e a fusión do Tribunal de Defensa da Competencia co Instituto Galego de Consumo. En definitiva, seguir avanzando no camiño da maior racionalización posible.

Señorías, dado que estas propostas requiren o consenso da Cámara, solicitaréi formalmente a esta Cámara o consenso para a supresión do Tribunal de Defensa da Competencia e a súa fusión co Instituto Galgo de Consumo,

solicitarei o respaldo desta Cámara para a fusión do Consello Económico e Social e o Consello de Relacións Laborais e solicitaréi tamén a autorización desta Cámara para a supresión de todos os vicevaldores da figura estatutaria Valedor do Pobo.

Estes tempos precisan dun esforzo conxuntural, pero tamén dun esforzo estrutural, porque hai configuracións que non podemos nin debemos, nin durante nin despois, manter tal e como estaban antes desta crise.

¿Significa isto que temos que renunciar aos nosos logros colectivos? En absoluto. Vexo compatible manter e mesmo mellorar as nosas principais conquistas sociais con introducir cambios en todos os ámbitos da xestión. Non é unha reflexión lanzada ao aire, senón baseada na experiencia destes tres anos, nos que, a pesar das dificultades, seguimos dando resposta ao centro das nosas políticas, que non son máis que as galegas e os galegos. Non en van, nunha lexislatura como esta na que temos menos recursos ca nunca e máis problemas ca nunca, Galicia acadou incrementar as prestacións sociais que reciben os seus cidadáns.

Ante a situación de tal complexidade como a que vivimos, xorde unha pregunta: ¿é posible con menos orzamento ser equilibrado e rigoroso no gasto e manter as prestacións sociais esenciais? Rotundamente si. Non é sinxelo, pero rotundamente si.

Señorías, remítome aos datos: máis maiores que teñen agora acceso a unha praza pública de residencia, máis de 2.700; máis cidadáns con discapacidade que teñen agora acceso a unha praza pública, máis de 600; máis rapaces que teñen acceso agora a novas prazas públicas de escola infantil, máis de 2.100. En definitiva, máis de 5.500 novas prazas dos servizos sociais, un 25 % máis que as creadas no goberno anterior en toda a lexislatura. Señorías, máis dependentes atendidos, tres veces máis, grazas a un incremento do orzamento dun 99 % con fondos da Xunta de Galicia; máis alumnos con ordenador no ensino público, máis de 31.500 nas escolas públicas; máis alumnos con inglés no ensino público, máis de 41.000 que agora reciben formación plurilingüe en inglés, na lingua propia e en español; máis estabilidade financeira para as universidades, a través dun Plan de financiamento universitario que no ano 2011 lles garantiu un peso nas contas públicas superior ao 11 % dos presupostos da universidade nas contas do ano 2008; máis matriculados en Formación Profesional, case 10.000 máis, cun novo decreto que mellora a coordinación entre os estudos de FP e as necesidades do mercado laboral; máis cidadáns con acceso a novos centros de saúde públicos, 29 ambulatorios de nova construción

ou en reforma; máis axudas a mulleres maltratadas por violencia de xénero, un 13 % máis que no ano 2011; máis inclusión social, como demostra o incremento da Risga nun 11 %; máis dereitos para os nosos emigrantes –hoxe os residentes do exterior poden obter unha tarxeta sanitaria–, e máis pensionistas e máis pensións non contributivas, xa que 46.000 pensionistas perciben hoxe un complemento autonómico que é un 3 % superior ao que percibían no ano 2009. Todo isto demostra que con menos orzamento, xestionando mellor, é posible manter e incrementar as prestacións sociais esenciais.

E por iso, insisto, rotundamente si, Galicia pode testemuñalo: equilibrio e rigor nas contas e máis cidadáns con opcións a prestacións públicas esenciais. Señorías, máis sanidade pública, máis educación pública e máis servizos sociais públicos non é posible acadalo se nos despreocupamos do custo que supoñen; non é posible acadalo se sumamos novos compromisos de gasto sen pararse a pensar primeiro como pagar os que xa temos adquiridos; non é posible acadalo se nos desentendemos da súa viabilidade futura e de se a herdanza que deixamos aos que nos han de suceder é asumible.

Pero si é posible, rotundamente si é posible, se entendemos que o que non é posible é unha boa política social sen unha boa política económica; se entendemos que as prestacións sociais non se poden fundamentar unicamente sobre boas intencións, senón que é preciso tamén facelo sobre bos cadros económicos; se entendemos que gobernar exige a obriga de establecer prioridades, antepoñendo sempre o esencial e antepoñendo sempre tamén as persoas que máis precisan o apoio das institucións; se entendemos que unhas contas públicas saneadas permiten soportar mellor os compromisos de gasto que unhas contas públicas irreais e viciadas; se entendemos que a nosa obriga é asegurarnos da viabilidade futura do que comprometemos, e para iso son precisas reformas responsables; ou se entendemos que se chegamos a esta situación de tanta dificultade é tamén porque dentro das propias administracións había marxe de mellora e de eficiencia na xestión dos seus recursos.

Basta con botar unha rápida ollada ao balance de cada departamento para darnos conta de que esta marxe de eficiencia na Administración autonómica era posible. Un dos exemplos máis claros explícase repasando o abano de fusións internas que se teñen abordado no seo da propia Administración autonómica: unificamos nun único ente os tres departamentos que se encargan de xestionar as infraestruturas viarias; unificamos en dous departamentos a auga; unificamos en tres os tres departamentos de asesoramento en urbanismo

e protección da paisaxe; unificamos os catro departamentos de turismo; unificamos os dous departamentos de igualdade; unificamos os oitenta e seis departamentos tecnolóxicos da Xunta e estamos unificando nunha única empresa pública as catro empresas públicas Xestur que existían ata o de agora.

Gustárame neste punto facer unha énfase especial na idea de que ningún ámbito é alleo á necesidade dunha xestión máis eficiente, tampouco o das prestacións públicas. Permítanme algúns exemplos só relativos á sanidade pública: se acadamos un aforro de case 3 millóns de euros só por substituír as radiografías sanitarias pola imaxe dixital; se reducimos un 30 % o absentismo laboral para contar cada ano con 2,4 millóns de xornadas de traballo máis no ámbito sanitario; se puxemos en marcha un plan de aforro enerxético de ata 135 millóns de euros en oito anos; se revisamos a dobre cobertura, de forma que non se cargue o custo dun mutualista ao Servizo Galego de Saúde, cun aforro de case 5 millóns de euros ao ano; se estamos no camiño de aforrar máis de 23 millóns de euros coas compras centralizadas de distintos servizos sanitarios; se incrementamos o rendemento cirúrxico ata o 74 %, facendo 19.000 intervencións cirúrxicas máis en xornada de mañá e non pagalas para que se fagan pola tarde, e sobre todo, se conseguimos un aforro de máis de 100 millóns de euros co catálogo priorizado de medicamentos, se o fixemos, é porque existe marxe para ser máis eficientes sen afectar as prestacións sociais. Ao contrario, reforzámolas. Reforzámolas porque aseguramos a sostibilidade da sanidade pública galega.

Aínda recordo, señorías, que hai un ano, neste mesmo debate, houbo quen tentou trasladar aos cidadáns –incluso atemorizándoos– que a aposta da Xunta de elixir, entre dous fármacos iguais, o de menor prezo ía supoñerlles as peores consecuencias. Esas consecuencias un ano despois foron: 100 millóns de euros de aforro para pagar os 29 centros de saúde que construímos ou ampliamos; para ampliar o hospital público da Coruña; ou nin un só cidadán en toda Galicia que deixara de ter o tratamento farmacéutico máis axeitado por parte da sanidade pública galega. Para iso valeron esas medidas.

O mellor servizo público que neste momento pode prestar un xestor público é asegurar a viabilidade das prestacións esenciais que perciben os cidadáns, e, por tanto, imos seguir afondando nesta marxe de eficiencia e de mellora aínda pendentes. Permítanme que lles adiante dúas medidas: máis eficiencia no gasto farmacéutico, o noso obxectivo é seguir reducindo a factura un 7 % máis no ano 2012 sobre o 11 % xa reducido no ano 2011, o que suporá un aforro novo de 60 millóns de euros, ou o impulso á plataforma loxística, tras a



O presidente Núñez Feijóo acudiu con frecuencia ao Pazo do Hórreo para encarar o control parlamentario dos distintos grupos en sesións moi intensas, ás veces tamén duras, como o último debate da oitava lexislatura sobre o estado da Autonomía.

súa adxudicación imos proceder a centralizar nun único punto de distribución o material funxible sanitario e non sanitario, con 20 millóns de euros de aforro. É dicir, con estas dúas medidas para garantir a viabilidade do Sergas somos capaces de obter 80 millóns de euros. Señorías, unha mellor xestión dos recursos públicos tamén é política social.

Profundar na eficiencia é o que nos vai permitir seguir contestando á pregunta de se se van manter as prestacións sociais esenciais cun rotundo si. E esa resposta pode cifrarse en compromisos concretos en forma de política social para este ano 2012: máis escolas infantís. Galicia contará este ano con 19 novas escolas infantís, é dicir, con 1.005 novas prazas públicas máis. Ademais, imos iniciar a construción de 21 novas escolas infantís, o que suporá a creación adicional doutras 1.037 novas prazas públicas máis que estarán funcionando no ano 2013. Obxectivo: máis de 2.000 novas prazas públicas en escolas infantís antes de que remate o 2013. Máis centros de atención a maiores: durante este ano imos poñer en funcionamento 15 centros de atención a maiores e iniciárase a construción doutros seis. Obxectivo: case 1.000 novas prazas públicas ata o 2013. Máis apoio aos colectivos con dificultades, como faremos coa nova Lei de inclusión, que incluírá unha modificación para facer máis útil a Risga ás persoas que a perciben, de acordo co diálogo social. Máis tecnoloxía nas escolas, co obxectivo de que máis de 40.000 alumnos estean nunha aula dixital o próximo curso. Máis alumnos que poidan estudar en galego, en castelán e en inglés, cun total de 160 novos centros escolares incorporados á rede de plurilingüismo o próximo curso. Máis compromiso coas universidades, que xa comezaron a cooperar e eliminar duplicidades, e crer, entre todos, que formamos parte dun único sistema universitario galego no que aprofundaremos coa aprobación da Lei de universidades. Máis compromiso coa conciliación laboral e familiar a través, por exemplo, dun novo decreto de escolarización que evite a varios irmáns ir a colexios distintos.

Ou, señorías, máis sanidade pública. Durante esta lexislatura de crise equipamos, cun investimento superior a 30 millóns de euros, un edificio, convertendo nun hospital público o Hospital Lucus Augusti de Lugo. Xa están en proceso de expropiación os terreos para construír o novo hospital público de Pontevedra. Xa están avanzadas e en plena execución as obras de ampliación do hospital público da Coruña, cunha superficie equivalente a dous hospitais comarcais. Tamén está en plena execución o hospital público metropolitano de Vigo, a maior infraestrutura sanitaria que se está construíndo en España. Era un acto de xustiza con Vigo; dixemos que non habería máis

demora e estamos cumprindo. Estamos traballando, señorías, para impulsar a ampliación do hospital público do Salnés e do Hospital da Costa, da Mariña lucense, antes de que remate esta lexislatura. E queremos anunciarlle que tamén neste mandato se licitará a ampliación do hospital público de Ourense, no que se centralizarán os investimentos do Hospital 2050, de tal xeito que Ourense non só superará as carencias actuais, senón que, cunha innovación sanitaria sen precedentes, representará, desde o punto de vista tecnolóxico, un dos hospitais máis vangardistas de Europa. Tamén reducimos, señorías, as listas de espera a 16 días nos casos máis graves e a menos de 60 días nos casos graves, e tamén no cómputo xeral. E nesta liña queremos seguir.

Por iso, quero anunciarlles que imos dar resposta a un compromiso electoral e a un compromiso coa calidade da sanidade pública galega, un compromiso inédito no Servizo Galego de Saúde nos vinte anos da súa historia. A xestión responsable e eficiente dos recursos públicos permítenos que neste ano 2012 Galicia aprobe unha lei de espera máxima na sanidade pública, unha lei que garanta aos pacientes que sexan atendidos nun prazo máximo en función da gravidade, é dicir, unha lei que cree para todos, e por primeira vez, un seguro de espera na sanidade pública galega.

O actual marco competencial sinala que é función primordial do autogoberno a de prestar os servizos públicos. E Galicia está respondendo –non sen dificultade– creo que con acerto e con responsabilidade, acadando o seu mantemento e, como quedou claro, incrementándose e asegurando a súa viabilidade no tempo. A pesar das eficiencias acadadas, este obxectivo require tamén un esforzo orzamentario sen precedentes. Tanto é así que actualmente tres de cada catro euros dos presupostos públicos máis que nunca son destinados ás políticas sociais. Non lles oculto que isto condiciona a facenda pública de cara a abordar o segundo gran pilar da xestión, que é a economía, e loxicamente o feito de que haxa máis limitacións que nunca obríganos a priorizar o destino duns recursos cada vez máis escasos. Galicia faíno, e Galicia pode facelo con base nunha estratexia, porque, señorías, Galicia ten unha estratexia. España e Galicia entraron na crise sen ter definida a liña que pretendían seguir e fiando a súa sorte á improvisación. En cambio, hoxe Galicia conta xa e ten en marcha, aprobado e en execución, un plan estratéxico da súa economía congruente coa vía que traza a Estratexia europea 2020.

Esta planificación é a que nos permite, en primeiro lugar, blindar os servizos públicos e, en segundo lugar, no ámbito económico, fixar unha folla de ruta de respaldo, fortalecemento e desenvolvemento económico.

Esta folla de ruta pasa, en primeiro lugar, polo apoio aos nosos sectores produtivos; en segundo lugar, pola apertura da nosa economía á innovación e á internacionalización, e, en terceiro lugar, por ter un modelo de país para unha Galicia máis competitiva. E, en todos os casos, polo obxectivo de manter e xerar o máximo das posibilidades ao emprego da comunidade dentro dunha nación que hoxe é o foco do paro de Europa.

Múltiples estratexias

A primeira das dificultades á que nos enfrontamos é a falta de liquidez dos nosos sectores produtivos, na que estamos a poñer á disposición dos emprendedores todas as capacidades da facenda autonómica, sumado a que somos a comunidade autónoma –insisto– que lles paga aos seus provedores nun menor prazo. Esta é tamén a lexislatura na que máis incentivos en forma de avais e préstamos se están a dar aos emprendedores en Galicia. Desde o 2009 o Goberno autonómico aprobou case 11.000 operacións de financiamento, incluíndo operacións de avais por importe de 258 millóns de euros que mobilizaron préstamos por valor de 1.230 millóns de euros. Estamos a falar de máis incentivos aos sectores económicos que en toda a historia da Xunta, tanto para paliar a ausencia de liquidez das empresas como para fomentar o apoio e a actividade empresarial.

Galicia ten avanzado ao longo da súa historia porque contou con emprendedores que tiveron ideas, decisión e audacia, e, sobre todo, que souberon aliarse cos traballadores. Os mesmos que agora, con esforzo e sacrificio, manteñen Galicia cun nivel de paro inferior ao resto de España. Neles está a chave da recuperación e por iso a Xunta respalda a todos os nosos sectores produtivos co seu propio apoio directo e cunha estratexia propia de mobilización de recursos, actividade e desenvolvemento en cada ámbito: no ámbito primario, no ámbito industrial e no ámbito dos servizos.

Fomos capaces de artellar unha estratexia no ámbito primario, unha estratexia para o sector da pesca, cun marco normativo consensuado, cunha nova Lei de pesca, novos decretos que regulan o Consello Galego da Pesca, o Comité Científico Galego da Pesca ou as artes e aparellos. Traballamos xuntos fronte á adversidade cun plan efectivo contra o furtivismo, buscando fórmulas para tratar de recuperar a produtividade das coñecidas como zonas C; ou co Plan de adaptación á frota, buscando como obter o mellor resultado a través da comercialización dos produtos do mar. Así, despois do verán imos presentar o Plan estratéxico de pesca, que prestará especial atención ao eido

transformador e comercializador, ao que irán axustándose as liñas da futura política común de pesca.

Hai xa unha estratexia para a acuicultura. Superamos a inseguridade xurídica cunha regulación definitiva; e este sector punteiro é agora tamén pioneiro ao ser Galicia a primeira rexión de Europa cun plan estratéxico de desenvolvemento da acuicultura e cun plan director que xa está presentado e que estará completamente operativo este ano. Galicia non pode perder unha lexislatura máis nun sector estratéxico da nosa economía e por iso creamos as condicións de atraer investimentos neste sector en Galicia.

Unha estratexia para o sector agrogandeiro, cun apoio fundamental a un dos seus piares máis importantes, que non é outro que o sector lácteo. Para mellorar a súa competitividade mobilizamos máis de 800 millóns de euros, para blindar o seu prestixio xa está a funcionar a reclamada marca que identifica a calidade do leite galego, e para promover a cooperación do sector temos aprobado un decreto que fomenta a constitución de organizacións de produtores lácteos. Medidas todas elas para garantir o presente do sector lácteo pero que deben ser complementadas con instrumentos de futuro. Neste senso, o próximo xoves transmitireille ao presidente do Goberno a necesidade de conseguir dunha vez o contrato homologado, ademais de continuar coas negociacións en Bruxelas sobre a política agraria común.

Hai unha estratexia para o sector forestal, a aspiración compartida de que Galicia debía superar o minifundismo e facer rendible o monte está reflectida desde o punto de vista práctico e normativo. Ten este reflexo no impulso á concentración mediante as sociedades SOFOR, tamén coa aprobación da Lei de mobilidade de terras, e co impulso necesario para que neste período de sesións Galicia conte, por primeira vez na súa historia, cunha lei de montes que nos permita sacarlle verdadeiro partido á enorme riqueza forestal que temos.

Contar cunha estratexia forestal será tamén un instrumento útil para seguir avanzando na loita contra a lacra dos incendios. Temos que facer rendible o monte, pero tamén seguir sendo implacables cos incendiarios. E neste senso quero anunciarlles que lle daremos traslado ao Goberno central do acordo alcanzado neste Parlamento para lograr un endurecemento das penas, de tal xeito que se amplíen os supostos de agravamento na actitude dos incendiarios.

Señorías, fomos capaces tamén de artellar unha estratexia única e común no sector industrial. Para iso cubrimos un dos baleiros máis importantes que existían e que era precisamente non saber cal queríamos que fora o noso modelo industrial de futuro. Agora está fixado na futura Lei de política industrial,

en tramitación na Cámara. Ao longo deste ano elaboraremos o Plan director de actividades industriais que desenvolverá esta normativa e que proporcionará facilidades para a implantación e consolidación de proxectos estratéxicos de especial relevancia en Galicia. Co mesmo obxectivo de facer a nosa terra atractiva para os emprendedores, tamén temos en marcha o Plan sectorial de áreas empresariais e que nos vai permitir multiplicar por tres a actual superficie de solo industrial, pasando de 19 a 62 millóns de metros cadrados.

Galicia ten un marco industrial definido e nel queremos que sigan mantendo o seu lugar os principais sectores da industria. Por iso definimos unha estratexia para o sector naval. Sen dúbida é un dos que peor o está pasando nesta crise económica. No caso dos estaleiros privados, pola caída de pedidos que arrastraban nos últimos anos, á que se lle sumou hai case un ano a anulación por parte da Unión Europea do sistema fiscal co que viña funcionando o sector ata o de agora na ría de Vigo e tamén nas rías de Pontevedra e da Coruña. E no eido dos estaleiros públicos, debido á incapacidade do anterior goberno central para buscar unha saída que faga posible reactivar con carga de traballo a ría de Ferrol. O naval é, señorías, un dos sectores que máis está sufrindo e por iso tamén é un dos sectores cos que a Xunta máis está comprometido. Comprometémonos con decisións no sector naval, como unha inxección económica de case 100 millóns de euros a través de avais cos que están funcionando practicamente todos os estaleiros privados en Galicia, ou coa creación dunha credencial e dun selo de calidade que avalen o prestixio do naval galego. Pero tamén nos comprometemos tratando de negociar co Goberno central para que cumpra as súas obrigas. Fixémolo na anterior lexislatura nacional –lamentablemente atopámonos coa pechazón do anterior executivo– e estámolo facendo tamén, por suposto, nesta lexislatura.

É certo que aínda non logramos os obxectivos, pero pódolles dicir que nestes primeiros meses do novo goberno logramos avanzar máis que nos catro anos anteriores. Logramos a adhesión de Pymar ao convenio de Vulcano, que permitiu a posibilidade de salvar 1.000 empregos directos e indirectos do estaleiro vigués. Foi remitida unha proposta fiscal oficial de *tax lease* a Bruxelas, eu mesmo tiveron a oportunidade de abordar a situación do naval coa vicepresidenta do Goberno a pasada semana e, en varias ocasións, cos ministros de Industria e de Hacienda. E o próximo xoves teño intención de incidir co presidente do Goberno tanto nas negociacións con Bruxelas para pactar un novo modelo de *tax lease* que faga viable o naval galego como en propostas concretas que lles aporten carga de traballo aos estaleiros públicos da ría de Ferrol.

Temos unha estratexia para o sector da automoción, consensuamos un Plan re-Móveté integral, dotado con 120 millóns de euros e que fixo posible involucrar a todos os ámbitos do sector: fabricantes, industria auxiliar e concesionarios. Estamos apoiando o desenvolvemento e promoción do vehículo eléctrico, tanto apoiando a PSA-Citroën neste obxectivo como adoptando os trámites necesarios para crear unha rede de estacións de recarga e desbloqueando o primeiro decreto de electromobidade de España.

Temos unha estratexia para o sector da enerxía, tanto para os cidadáns e emprendedores que a consomen, promovendo un modelo único de factura eléctrica que sexa máis transparente e exacta co consumo real dos fogares, como para a enerxía co sector industrial, para que siga sendo unha fonte de riqueza e emprego. En primeiro lugar, nos liderados enerxéticos que Galicia ten desde hai tempo, como é o caso do sector eólico; dotándoa dunha lei que blinda a seguridade xurídica e que creou un canon que, por primeira vez, permitiu compensar a afectación ambiental dos muíños de vento, co que xa conseguimos recadar máis de 70 millóns de euros. E cumprimos o noso compromiso de facer un concurso eólico obxectivo e transparente que fixo posible a asignación de 2.325 megavatios, cunha mobilización de 6.000 millóns de euros.

Gustárame dicir, neste punto, que son consciente de que os cambios normativos anunciados no panorama nacional, e que eliminan o sistema de primas como consecuencia da multimillonaria débeda do goberno anterior coas empresas eléctricas e co exceso de enerxía producida –dada a caída industrial de España–, supoñen unha nova realidade á que, por suposto, se adaptará o sector eólico. A Xunta está a traballar en coordinación co sector para facer posible esta adaptación. E asegúrolles que os plans industriais continuarán e o concurso eólico continuará.

Pero no eido enerxético non só traballamos para consolidar liderados históricos, senón tamén para recuperar lugares que perderamos. Vinculado a este obxectivo está o acordo con Gas Natural para que Fenosa volva a Galicia, unha decisión que foi importante para a nosa autoestima. Cando se fale de Fenosa, volverá a pensarse en Galicia porque Fenosa existirá como unha compañía con sede na Coruña. Pero tamén unha decisión importante para a nosa economía, xa que implica un investimento de 1.000 millóns de euros ata o ano 2016, a creación de 2.000 empregos e a creación tamén en Galicia dun centro que asumirá a xestión de todas as operacións hidráulicas e mariñas que ten Fenosa en todo o mundo. E ademais –segundo lles podo avanzar– a

instalación dun centro de excelencia que se ubicará en Vigo e que permitirá o desenvolvemento de novas tecnoloxías na enerxía mariña.

Señorías, unha estratexia para o sector da industria cultural, cun apoio directo aos creadores galegos, que tantas alegrías nos teñen dado, sobre todo no ámbito da animación, como complementando a rede de infraestruturas culturais, construíndo en plena crise o esperado auditorio de Lugo e colaborando para equipar o auditorio de Ferrol.

Temos unha cultura ancestral e a nosa obriga é conservala e aproveitala, como fixemos coa celebración do 800 aniversario da catedral, ou coa apertura do Centro de Arte Rupestre en Campo Lameiro. E como xa lles anuncio que imos facer apoiando a iniciativa do Consello da Cultura Galega de dignificar o Panteón de Galicia a través dunha lei xurdida do consenso entre os grupos desta Cámara.

Tamén quero destacar o impulso á racionalización da Cidade da Cultura de Galicia, non só poñendo a funcionar os edificios construídos para que os primeiros visitantes –case 350.000 só no primeiro ano– comecen a facelo posible e rendible, senón tamén orientándoa cara ao futuro a través do Plan estratéxico para o Gaiás, que ten como obxectivo, primeiro, abaratar os custos de mantemento e, despois, abrir a Cidade da Cultura a distintos usos e ao mundo.

E fomos capaces de artellar unha estratexia única e común no sector dos servizos, unha estratexia no turismo despois de dedicar a primeira parte da lexislatura a preparar o mellor Xacobeo da nosa historia. Era preciso trazar un camiño turístico para unha década sen Ano Santo á vista. As decisións turísticas que materializamos, como a Lei de turismo, a creación da marca turística única de Galicia ou a elaboración dun mapa de xeodestinos, profundan no dobre obxectivo de cooperación e de diversificación. Somos un único destino que pode ofrecer unha gama de posibilidades moi diversa. Non podemos desaproveitar a nosa maior fortaleza. E neste sentido, quero anunciarlles que a Xunta está pechando con operadores profesionais e coa mobilización de investimento privado un plan para reactivar Manzaneda e poñela a funcionar como verdadeira estación de montaña.

Unha estratexia no comercio que conta cunha normativa actualizada máis de dúas décadas despois, a Lei de comercio interior, con máis recursos grazas ao Plan Ágora e unha maior cooperación a través das mesas locais de comercio nos concellos galegos. E quero anunciarlles que nas próximas semanas imos poñer en marcha un mecanismo para simplificar os trámites e eliminar as trabas de calquera persoa que teña en mente poñer en marcha un comercio. Así,

en lugar de que un emprendedor teña que adecuarse aos tempos administrativos e agardar ata catro licenzas distintas, o obxectivo é instaurar o modelo de «licenza exprés». De tal xeito que será suficiente cunha comunicación previa e unha declaración responsable para poder abrir un comercio, sen prexuízo, por suposto, da súa posterior comprobación polo concello.

E unha estratexia para o sector financeiro. Un sector especial porque nel teñen moitas das súas expectativas os aforradores galegos, as familias galegas e os sectores económicos estratéxicos de Galicia. Pero desde logo que tamén é un sector especialmente difícil nestes últimos tempos porque, se fixar unha estratexia xa é unha tarefa difícil de por si, máis aínda cando as regras de xogo viran da forma máis abrupta que se recorda; e máis aínda cando a improvisación normativa e a falla de tutela e supervisión produciron situacións como o conflito das preferentes que atrapou a miles de familias galegas. Neste sentido, quero dicirlles que eu mesmo remitín ao ministro de Economía propoñéndolle unha solución para negociar coa Unión Europea e que debe pasar por que as persoas afectadas poidan dispoñer dos seus aforros.

Malia os bandazos normativos do anterior goberno, os galegos podemos dicir hoxe que resistimos a primeira reestruturación financeira –tan só dúas comunidades contan cunha caixa fusionada no seu territorio, unha delas é Galicia–, que seguimos en pé na segunda reestruturación financeira –aínda que lles pese a moitos– e témola en marcha, e que, se os profesionais actuais conseguen a capitalización suficiente, poderemos volver resistir e poderemos manter unha entidade financeira con centros de decisión en Galicia. Se cumpren ese dobre obxectivo, que é capitalizarse, e se cumpren tamén o obxectivo fundamental e principal, que é prestar con carácter prioritario ás familias galegas e aos emprendedores galegos o crédito, a Xunta estará con eles.

Señorías, traballamos en buscar novas fórmulas para abrírnos a novos espazos, a novas posibilidades, a novos clientes, e este obxectivo pasa pola innovación e pola internacionalización da nosa economía. No ano 2011 rexistramos o superávit máis alto da historia de Galicia, o superávit comercial. E esta é a lexislatura na que se están a desenvolver en Galicia os proxectos de innovación máis relevantes tanto desde o punto de vista público como desde o punto de vista empresarial. A Universidade galega conta hoxe con dous campus de excelencia: o Campus Vida en Compostela e o Campus do Mar en Vigo. Para iso foi necesario, e seguirao sendo, o respaldo da Xunta. Con carácter xeral aprobamos o Plan I2C, que supón un 45 % máis de recursos en innovación e coñecemento que na anterior lexislatura. E, de forma

concreta, somos a comunidade que se dotou dun fondo de capital risco de 20 millóns de euros para crear e impulsar empresas de base tecnolóxica e intensivas en coñecemento.

O cambio cultural que nos debe levar a unha auténtica economía do coñecemento vén, por tanto, da suma de administracións, universidades e emprendedores. E neste campo de suma os resultados son evidentes: a primeira convocatoria do Programa Feder-Interconecta xa se está a mobilizar con investimentos de 60 millóns de euros para os próximos tres anos; a posta en marcha do proxecto de Innova-Saúde e o Hospital 2050, que mobilizan máis de 90 millóns de euros en investimentos para incorporar á nosa terra a innovación sanitaria e para facer a ampliación definitiva do hospital público de Ourense; e o impulso á innovación aplicada, mobilizando máis de 50 millóns de euros nos próximos tres anos e creando unha canle de comunicación directa entre as universidades e os sectores máis representativos da economía galega.

Na cooperación e na colaboración coas universidades e as empresas nace a Axencia de Innovación de Galicia, que empezará a funcionar nos próximos días. E neste mesmo obxectivo profundaremos na nova Lei de innovación, prioritaria no calendario lexislativo que temos comprometido para os próximos meses.

Tamén en internacionalización os datos son esperanzadores. Ademais de levar dous anos de crecemento sostido das nosas exportacións, acumulamos tres anos con balance comercial en saldos positivos. De feito no ano 2011, 3.500 millóns de euros positivos, case o triplo que no ano 2010, situou a Galicia na balanza comercial mellor, en segunda posición de España. Logramos diversificar os destinos externos, xa no só á Unión Europea, senón fluxos cara a Latinoamérica, cara a China ou cara a India.

Señorías, seguiremos axudando os emprendedores e hai case cen xestores de exportación, cofinanciado con fondos públicos nas principais empresas exportadoras do país. E seguiremos buscando emprendedores na busca de novos destinos.

Son moitas as políticas nas que Galicia se ten anticipado ao longo destes tres anos, pero durante este período tamén tentamos recuperar o tempo perdido ao longo da nosa historia recente, anos con mellores condicións económicas que non aproveitamos para facer de Galicia un país mellor pertrechado contra as dificultades que agora padecemos. Esta situación, da que somos responsables todos, todos os gobernos anteriores, deuse en importantes eidos –na miña opinión, demasiados–, pero penso que tres deles condicionan de xeito especial a competitividade do país: o primeiro é a ausencia dunha verdadeira

política de ordenación do territorio; o segundo é o retraso das infraestruturas viarias e ferroviarias e o terceiro é a fenda dixital.

Hoxe podemos dicir que Galicia está a pasar páxina da indefinición e moitas veces do caos, e desde hai máis dun ano están en vigor as Directrices de ordenación do territorio, as primeiras, e o primeiro Plan do litoral. Debemos seguir avanzando, non podemos permitirnós máis esperas, e completar a ordenación do territorio cunha nova lei do solo. Os contactos en busca dun acordo parlamentario xa se iniciaron. Como primeira medida acordamos a elaboración dun documento de bases por parte da Xunta, que lles anuncio que xa está rematado e que imos poñer á súa disposición nas próximas semanas. Obxectivo, por certo, para o que tamén iniciamos unha ampliación da Rede Natura que incluírá territorios pertencentes a 235 concellos e 96 espazos de especial protección; e para o que tamén lles fago o chamamento ao acordo.

A ordenación territorial quedaría incompleta sen un mapa de infraestruturas que faga posible a vertebración do noso país. Fíxémolo no que depende exclusivamente de nós e redactamos o Plan Move, que ten como obxectivo que o 80 % dos galegos estean a menos de dez minutos dunha vía de alta capacidade. Neste senso están executados en plena crise 84 novos quilómetros de altas prestacións, e podo comprometer que neste ano 2012 abriremos 60 quilómetros máis, ata chegar a 455 quilómetros de titularidade autonómica, de vías de altas prestacións. Pero tamén o fixemos para que o Goberno central incluíra a Galicia de forma real e certa no mapa de infraestruturas nacional, tanto no que se refire a completar a rede de autovías pendentes como a facer realidade o AVE.

Co Pacto do Obradoiro, demostramos a actitude que queríamos manter co Executivo estatal. Asumimos os reiterados incumprimentos coa alta velocidade galega co propósito de que non se volveran repetir. É certo que se produciron máis avances que na anterior lexislatura autonómica, é verdade. Pero tamén é igual de certo que o pacto que se cumpriu no ano 2009 non se cumpriu no ano 2010 e no ano 2011, e fixo que ás datas fallidas de 2007, 2009, 2010, 2012, se sumara tamén como fallida a data de 2015.

A Xunta é consecuente coa súa postura, non a vai mudar. Foi o Goberno de España o que foi variando a súa. Non mudamos un ápice o noso compromiso de contarlles a verdade aos galegos sobre o AVE, e mantemos intacta a nosa reivindicación de que a alta velocidade galega e as autovías pendentes non poden aturar máis retrasos, de que en 2014 se sume o eixo de alta velocidade Vigo-Pontevedra-Santiago ao xa operativo de Ourense-Santiago-A Coruña, de que se complete a conexión coa Meseta en 2018, obxectivo no que xa se ten

avanzado coa adxudicación de obras por valor de 1.000 millóns de euros cando se cumpran os 100 primeiros días do Goberno central. E nas autovías, que se cumpra o compromiso de rematar a autovía máis importante pendente con Galicia, que é a Autovía do Cantábrico, no ano 2013, e que se impulse tanto a finalización da autovía de Lugo a Santiago como o inicio das conexións entre Vigo e Pontevedra, entre Ourense e Lugo; así como a ampliación da capacidade da Autoestrada do Atlántico.

Galicia chegou tarde á ordenación do seu territorio, chegou tarde ás autovías, chegará tarde á alta velocidade ferroviaria e non nos podíamos permitir chegar tamén tarde ás vías de comunicación imprescindibles do século XXI, refirome ás vías tecnolóxicas. Por esta razón a configuración dun mapa dixital que cubriría as necesidades de Galicia –de toda Galicia– ten sido e é unha actuación prioritaria deste goberno nesta lexislatura. Prioritaria porque o desequilibrio na súa implantación podería derivar en novos desequilibrios entre Galicia e o resto dos territorios, e tamén entre os galegos, entre os galegos do interior e os galegos das cidades; prioritaria para non restrinxir a capacidade dos nosos sectores produtivos e prioritaria porque é un instrumento útil para mellorar as prestacións que reciben os cidadáns; e prioritaria ata o punto de que na nova Lei de telecomunicacións o acceso a unha conexión de Internet de banda larga converterase en Galicia en servizo público, o que os cidadáns teñen dereito a exixirlles ás administracións.

Tanto é así que, a pesar das restricións orzamentarias, mobilizamos e estamos mobilizando, xunto co sector privado, 1.600 millóns de euros, que se están a converter en avances significativos. Velaquí os resultados: o 90 % dos galegos xa teñen acceso á banda larga, superando o obxectivo marcado para o ano 2011; case 7 de cada 10 galegos que non contaban con este servizo, agora si o teñen, igual que o 70 % dos polígonos industriais; reducimos dun 20 % a un 5 % as diferenzas entre a Galicia rural e a Galicia urbana.

E esta evolución supón tamén unha mellora concreta dos servizos públicos esenciais: na sanidade pública xeneralizamos a historia clínica e a receita clínica electrónica; no eido educativo, co Plan abalar, estamos con tecnoloxía nas aulas; na Xustiza estamos incorporando avances tecnolóxicos que permitan axilizar procesos; e na Administración autonómica temos o compromiso de modernizala para facer realidade unha verdadeira Administración electrónica para os galegos.

Pero tamén se requiría dun esforzo de planificación noutros ámbitos: deseñamos as 64 actuacións de nova construción ou mellora que configuran o

Plan de infraestruturas xudiciais; en total, 100 millóns de euros, 100 millóns de euros que nos permitiron abordar as melloras nos xulgados de Santiago, de Ferrol, estar construíndo unha nova sede xudicial en Ourense ou licitar ao longo deste ano 2012 a rehabilitación da Fábrica de Tabacos da Coruña, o novo edificio xudicial de Pontevedra e agardo que tamén a nova Cidade da Xustiza de Vigo, en canto o concello poña a disposición os terreos.

Mobilizamos máis de 800 millóns de euros para garantir un abastecemento de auga en cantidade e en calidade aos galegos; e un saneamento axeitado, aproximadamente en 2015, a través das infraestruturas hidráulicas máis axeitadas. Especialmente relevante foi o desbloqueo definitivo da nova depuradora da ría de Vigo, que, por fin, está en obras e camiño de ser unha realidade.

Elaboramos un plan hidrolóxico que mobilizará 1.000 millóns de euros ata o ano 2015 para garantir a calidade das augas competencia exclusiva da Comunidade e cumprir o compromiso de non autorizar novos aproveitamentos hidráulicos que interrompan os cauces dos ríos galegos.

Planificamos a xestión dos residuos urbanos. Estamos triplicando a reciclaxe e a reducir á metade o lixo que se deposita actualmente nos vertedoiros. Neste sentido, ampliamos a capacidade de Sogama, que nos permita ter tempo para a avaliación medioambiental e económica e concretar a ubicación da segunda planta de tratamento de residuos.

Implantamos o Plan de transporte metropolitano nas áreas de Lugo, Ferrol, A Coruña e Santiago –case 900.000 galegos e galegas–, que permitiu aforros de ata 600 euros anuais para os usuarios do transporte público e que incrementou un 44 % a utilización do transporte público en Galicia, sendo a segunda comunidade de España onde máis se incrementou o transporte público o pasado ano. E agardo que proximamente poidamos estender estes beneficios tamén á área de Ourense, se a capital se suma ao acordo alcanzado xa no resto dos concellos: Lugo, Ferrol, A Coruña e Santiago. E seguimos abertos a facelo mesmo en Vigo e en Pontevedra.

Coordinamos unha estratexia planificada dos portos galegos, que se verá reforzada sen dúbida coa inauguración –no segundo semestre deste ano– do maior porto da fachada atlántica europea, o porto exterior en Punta Langosteira. Coordinación que espero que sexamos capaces tamén de estender ao eido aeroportuario. Temos que diversificar a nosa oferta, pero non os nosos esforzos.

E apostamos por reequilibrar o noso territorio para que Galicia deixe de ser escrava das diferenzas internas que a acompañaron durante décadas, e que as

supere. O Impulsa Lugo, o Impulsa Ourense, o Plan revive da Costa da Morte e o Plan Ferrol son a proba de que queremos realmente unha Galicia única.

Trazar o futuro

¿Significa isto que este traballo de planificación está rematado? A resposta é que non. Na miña opinión hai un ámbito no que cómpre poñerse a trazar o futuro; refírome ao mapa municipal. Desde que comezou a lexislatura temos mantido un contacto permanente coas distintas administracións locais. Neste sentido, pactamos coa Federación Galega de Municipios e Provincias todas as normativas que dun ou doutro xeito lles afectan –normas de hábitat, tecnoloxía, transporte metropolitano, plans de cooperación–, e puxemos ao seu alcance o maior número de instrumentos económicos posibles, desenvolvendo o Pacto Local e tamén creando o canon eólico.

Pero precisamente intensificar a nosa relación cos concellos levounos á convicción de que cómpre dar un paso máis para garantir un servizo mellor e sostible aos cidadáns.

É preciso maior cooperación entre os concellos, ben a través dunha fusión práctica pola vía dos feitos, ou ben a través dunha fusión completa pola vía legal. Non ten sentido –na miña opinión– que nun territorio como o noso se xestionen os servizos de menos de tres millóns de habitantes –hai cidades en España con máis poboación que en toda Galicia–, a través de 315 órganos diferentes e diferenciados entre si. E por iso, desde as miñas responsabilidades como presidente da Xunta tentei, tento e seguirei tentando apoiar as alianzas municipais.

Témolo feito, sen ir máis lonxe, priorizando as axudas a aqueles concellos que se teñan asociado con outros, e estamos traballando coa Fegamp nunha análise da situación socioeconómica dos concellos para detectar onde urxen máis as sinerxías. É certo que este proceso entraña dificultades e provoca receos entre os propios responsables municipais, pero como responsables públicos, se un modelo é susceptible de mellora, por complexo que resulte, a nosa obriga é intentar melloralo.

Ao longo deste debate teño posto énfase na capacidade de Galicia de adiantarse ás necesidades que antes ou despois teríamos que asumir, e esta estou convencido de que se estenderá ao conxunto de España. Subliñei que Galicia se anticipou en austeridade, en racionalización, en rigor, en eficiencia; e hoxe podo dicir que Galicia volve anticiparse tamén no que será o futuro, máis pronto que tarde, das corporacións locais en España.

Quero insistir en que a Xunta non obrigará a ningún concello, pero a Xunta favorecerá e incentivará a todos os concellos. A fusión voluntaria entre concellos en Galicia xa non será unha simple proposta teórica; a fusión entre dous concellos en Galicia será unha realidade neste ano 2012. Señorías, mañá mesmo presentarei cos representantes de dous municipios galegos a primeira destas alianzas, xunto a nós estará o presidente da Deputación da Coruña. Quero agradecer explicitamente o traballo e a implicación que a este respecto está mostrando e que propiciou que esta primeira fusión se produza na provincia coruñesa.

Sen lugar a dúbidas, no camiño desta racionalización do mapa municipal será fundamental o papel das deputacións. Os entes provinciais son as administracións que mellor coñecen as dificultades financeiras polas que pasan os concellos, posto que en moitas ocasións son o seu osíxeno. Esa experiencia cobra un importante valor á hora de buscar os avances necesarios no eido da cooperación local.

Señoras e señores deputados, temos ordenado ou a piques de ordenar o territorio, o litoral, as infraestruturas; sabemos o que queremos facer coas tecnoloxías, coa acuicultura, co desenvolvemento eólico, cos residuos, coa auga, co monte, co noso patrimonio e por iso queremos tamén contribuír a ordenar o mapa municipal.

Agora Galicia ten perfilado un modelo de país, ten unha guía sector a sector, ámbito a ámbito para que del se beneficie o pobo, cidadán a cidadán. Isto supón contar cunha maior fortaleza ante a adversidade e, á vez, ter deseñado o mapa futuro que quere alcanzar, ao que pode aspirar e ao que quere chegar.

Galicia sabe de onde vén porque sufriu a ausencia dun modelo de país cando máis preciso era contar con el. Galicia sabe onde está porque sofre a chegada tardía a ese modelo de desenvolvemento. Pero Galicia tamén sabe agora cara a onde ir porque non vai volver sufrir máis a ausencia dun modelo de país, se o facemos entre todos.

Non podemos elixir o tempo que nos toca vivir pero si podemos transformalo. Si podemos elixir a maneira de facerlles fronte ás dificultades. Estámolo facendo, seguindo as mesmas pautas que países que reaccionaron a tempo e agora empezan a recuperarse. Non renunciaron á sociedade do benestar; nós tampouco. Pero souberon tomar decisións e realizar sacrificios imprescindibles; nós tamén.

A pregunta que hoxe se fan moitos galegos é se hai un horizonte despexado despois deste temporal. Haino. Galicia é un pobo antigo que garda na súa

memoria épocas aciagas nas que semellaba perdida toda esperanza. Nestes momentos críticos sempre houbo mulleres e homes que confiaron na súa forza para reemprender a marcha. Agora somos nós os que temos esa responsabilidade ante a nosa historia pero sobre todo ante as galegas e os galegos de hoxe e de mañá. A intensidade do reto non nos exige de darlle resposta, todo o contrario. Se en momentos de bonanza a xente xa era exigente cos seus gobernantes, agora escrútannos aínda de forma máis severa. É lóxico, os cidadáns están sufrindo máis que nunca e, por iso, máis que nunca precisan sentirse acompañados, apoiados e representados.

Pídlles que fagamos unha reflexión conxunta, pídlles que pensemos se lles estamos respondendo coa actitude que esperan de nós. Eu digo con toda humildade que en certa medida si, pero tamén apunto con toda crueza que de forma insuficiente. Hai sucesos nos tres partidos desta Cámara que nunca se deberon producir. A desafección política que acusan moitos cidadáns explícase cando ven comportamentos reprobables, que non se reacciona ante eles, ou cando perciben que os políticos se instalan nunha actitude tacticista, de curto percorrido. Cando algunhas destas cousas ocorren, séntense decepcionados porque saben que esa política está baleira. Nesta política non late, desde logo, a alma do noso país.

Somos dignos da súa confianza cando xestionamos con austeridade, con eficiencia, con preocupación, con responsabilidade os cartos públicos, e ese é o modelo de goberno ao que aspiro cada día; somos dignos da súa confianza cando miramos máis aló do noso propio interese, cando non nos despreocupamos do futuro e nos interesamos por deixar unha terra máis preparada para os que nos ha de suceder. Por iso aspiro a que Galicia teña un modelo de país. E somos dignos da súa confianza cando estamos á altura das circunstancias e cando a política sinta, pense, mire e actúe como o fai o país. Non basta cun modelo de goberno a seguir, non basta cun modelo de desenvolvemento a seguir, precisamos dunha política modélica para un país que é un modelo grazas aos nosos cidadáns, que debemos representar.

Señorías, iniciamos aquí mesmo esa política modélica. Fagamos deste Parlamento un modelo a seguir, fagamos desta Cámara un paradigma de unidade política e pactemos. Rematemos a planificación do territorio cunha nova normativa sobre a lei do solo definitiva. Traslademos ao Goberno de España unha iniciativa conxunta sobre o futuro mapa municipal, empezando polo que vai facer Galicia no día de mañá. Acheguemos unha proposta

de país para o novo sistema de financiamento efectivo para Galicia. Temos comprometido un calendario lexislativo que de aquí ao final da lexislatura nos dará máis de vinte oportunidades para acordar. Temos moitas dificultades, señorías, ás que dar resposta. Os cidadáns non necesitan un goberno e unha oposición permanentemente enfrontados, tampouco partidos divididos, ou políticos individualistas. Galicia necesítanos xuntos.

Hai quen pensa que falar de unidade é falar dunha entelequia. Eu non. E non o digo como expresión dun desexo persoal, que tamén, senón porque Galicia ten mostrado que a vocación de acordo pode fraguar acordos a todos os niveis. A unidade pode fraguar o acordo no ámbito municipal e os primeiros pasos da fusión de concellos demostran que é posible superar localismos que non nos conducen a ningures por terra, mar e tampouco por aire.

A unidade pode fraguar o acordo no ámbito social. Témolo logrado nos eidos concretos, como se proba na creación dunha bolsa de vivenda que aúna os promotores, as entidades financeiras e as administracións de cara aos usuarios. E temos logrado con carácter xeral no seo do diálogo social con Comisións Obreiras e UXT 29 grandes acordos entre a Xunta, a patronal e os sindicatos citados. Esta foi unha das lexislaturas cun diálogo social máis frutífero e máis duradeiro.

A unidade, señorías, que pode tamén fraguar o acordo no ámbito político. Aquí mesmo houbo acordos na defensa do naval, houbo acordos de dous grupos na defensa do sistema financeiro. Aquí mesmo, nesta lexislatura, vinte e oito anos despois, acordamos e aprobamos unha nova lei para a Compañía de Radio-Televisión Galega.

É doado aproveitar o malestar dos sectores laborais afectados polas decisións ás que obriga a crise económica. É doado enganar a boa fe das persoas dicíndolles que o mellor é non facer nada. É doado, por suposto, buscar desesperadamente conflitos para agravalos. Tamén, para calquera gobernante, sempre é máis grato describir un panorama sen sombras e dicirles aos seus concidadáns que o rumbo está despexado. Pero, señorías, nada diso responde ás necesidades dos galegos. Debemos escoitalos –insisto–, especialmente aos 274.675 parados que sofren o drama de non ter traballo. Neste momento extraordinario, de novo os galegos amosan madurez e rebeldía. Si, tamén rebeldía porque ser rebelde non consiste en berrar contra a realidade, senón en tentar cambiala con actuacións concretas e posibles. O pobo galego así o entende e dá todos os días un exemplo de entereza, do que, por suposto como un galego máis, me sinto orgulloso.

Ese exemplo é o que nos debe guiar para dar resposta tamén á necesidade do noso país. Esa mesma Galicia que comprende as dificultades e sabe que non abunda con lairse é o noso modelo para xestionar a crise. O noso modelo para ese gran fogar chamado Galicia son os miles de fogares galegos que afrontan os problemas con realismo, establecendo as súas prioridades, aforrando agora para pode garantir o futuro.

Grazas a iso hai variables obxectivas que demostran que Galicia –con moitos problemas– está en mellor posición que o conxunto de España e que a inmensa maioría das comunidades autónomas que o conforman. Non hai tanto tempo que outros facían alardes mentres nós nos preparabamos para tempos difíciles. O resultado é patente: Galicia controla o déficit e outras comunidades son controladas polo déficit.

Confésolles que houbo xente, mesmo algúns de vostedes, que cuestionaron ese modelo e tachaban o noso tratamento contra a crise como excesivamente rigoroso. Sempre respondín que debemos sentirnos tan orgullosos dos nosos avances coma da redución do déficit que garante a nosa solvencia e, polo tanto, que garante o Estatuto de autonomía e o autogoberno. Ambos os dous son síntomas dun país que ten un rumbo claro porque os avances que damos aseguran o benestar de hoxe, e o control do déficit garante o benestar dos galegos de hoxe, pero tamén, sobre todo, dos galegos do mañá.

Velaí un xeito de entender o noso papel no tempo que nos tocou vivir. Galicia nin comeza nin acaba con nós, pero cada un de nós debe decidir como quere permanecer en Galicia. A miña decisión, a decisión do Goberno e a decisión do grupo parlamentario que o apoiou durante toda a lexislatura é cumprir co deber de ser dignos do legado que atopamos, xestionado nas mellores condicións para os nosos contemporáneos, e preservalo para os que nos han de suceder. A idea de facer país non é para nós un mero slogan, faise país nos tempos de bonanza, pero sobre todo, faise país nos tempos de dificultade.

Non podemos elixir o tempo que nos toca vivir, é verdade; elixiría para a nosa terra un tempo de maior prosperidade. Tampouco podemos elixir o tempo que nos toca gobernar; pero, sen embargo, si elixiría este tempo. Elixiría un tempo de dificultade para gobernar porque é cando máis se precisa de vocación de servizo; cando máis se precisa de compromiso cos cidadáns, e cando máis se precisa de confianza no país.

Trátase de Galicia e a miña determinación é absoluta.

Moitas grazas.

DISCURSO DE CELEBRACIÓN DO XXX ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

30 de novembro de 2012

Bos días a todos.

Co permiso da señora presidenta. Membros da Mesa do Parlamento de Galicia. Voceiros neste acto do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista e do Partido Popular; presidente da Asociación de Ex- parlamentarios; alcalde de Compostela; presidentes e ex-presidentes do Parlamento galego; presidente Albor; membros do Goberno; voceiros dos grupos parlamentarios; señoras e señores ex-parlamentarios.

A celebración do XXX Aniversario do noso Parlamento estaría incompleta sen este acto que reúne os pais fundadores da democracia galega. O labor de todos os que estades aquí resúmese nun mérito que poucas persoas teñen o orgullo de posuír. Sodes os arquitectos dun país.

O voso traballo rescata un pobo das brumas da historia para convertelo nunha democracia moderna, nunha democracia eficaz e nunha democracia amable. Un milagre, si, pero un milagre que se debe a causas naturais e se



O Pazo do Hórreo acolleu a montaxe da exposición titulada «Aqueles primeiros anos (1881-89)», que presentaron o presidente da Xunta e a presidenta do Parlamento.



Logo, Núñez Feijóo tamén participou en outros actos do programa conmemorativo, como unha reunión de ex parlamentarios que resultou moi concurrida.

explica co factor humano. Porque ninguén fixo por nós esta democracia, fixé-mola todo o pobo galego. Vós fostes os seus representantes, transformando un anhelos, un anhelos que latexaba na nosa xente, nunha institución onde resoan os ecos dunha sociedade viva.

Non foi doado, todo era precario, todo era precario nos albores do noso parlamentarismo, dende o mesmo emprazamento provisional do Parlamento ata os augurios que prognosticaban para a Asemblea Lexislativa galega unha existencia meramente ornamental.

Había quen pensaba que Galicia non estaba madura dabondo para o parlamentarismo, outros profetizaban unha vida parlamentaria convulsa na que sería imposible o entendemento. Era certo que chegaban a esta Cámara pensamentos diferentes, distintas concepcións do país, soños contrapostos. Ninguén renunciou a eles, ninguén renunciou a eles pero pouco a pouco todos aprenderon a entenderse e complementarse. O país fragmentario transformouse aquí nun grandioso mosaico do que ninguén está excluído.

O prodixio foi posible por dúas razóns. Aínda sen ter Parlamento, a nosa terra tiña experiencia parlamentaria. Somos un pobo cunha rica vida comunal e unha longa experiencia na resolución harmoniosa e intelixente dos conflitos. Cada galego é un parlamentario en potencia que cre no diálogo, no trato e, despois do trato, no acordo. Hai algo na nosa xenética que nos fai ser pouco propensos ás posicións extremas. Velái a primeira das causas do éxito parlamentario que hoxe, 30 anos despois, conmemoramos.

A segunda causa sodes vós. Esa semente do parlamentarismo natural puido terse desperdiciado con deputados e deputadas incapaces de entender o que a nosa xente reclamaba, pero non foi o caso. Houbo un pacto tácito para converter este recinto nun templo do diálogo no que está presente o espírito do interese xeral. Iso non quere dicir que o noso parlamentarismo non pasara momentos comprometidos que puxeron a proba a súa calidade democrática. Porque esta institución contemplou crises, cambios de poder e situacións tensas. Todas se superaron sen que o Parlamento perdesa un ápice da súa grandeza.

O parlamento galego nace no Estatuto de Autonomía, pero faise adulto grazas aos parlamentarios que encheron a institución de sentimento. Pasados estes anos podemos afirmar que aquí latexa en cada sesión o corazón do país. Galicia tamén é un parlamento, é un parlamento que fai de portavoz das inquedanzas dun país que xa non se entende sen a institución que hoxe conmemoramos. É certo que hai sentimentos que se expresaron nesta casa con notoria vehemencia e outros de forma máis sosegada. Se todos serviron

ao ben de Galicia, estou seguro de que foi en boa medida grazas á vontade de consenso de Antonio Rosón, de Tomas Pérez Vidal, de Vitorino Núñez, de José María García Leira, de Dolores Villarino e de Pilar Rojo. Os presidentes e presidentas deste Parlamento merecen o noso aplauso.

O seu papel, o papel das presidentas e dos presidentes, é certamente importante para que nas encrucilladas históricas que tiveron que afrontar os presidentes Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne e Emilio Pérez Touriño aquí tiveran unha corrente caudalosa na que apoiarse porque aproveitaba todos os afluentes. Sen distincións de xénero, malia que os primeiros anos rexistraron aínda unha importante carencia de mulleres: Enma Rosa González Vermello da UCD, María del Carmen Lobelle Alén de AP; Rosa Gómez Limia do PSdG, e Pilar García Negro do BNG, foron as primeiras nos seus partidos políticos que demostraron que non hai ningún mundo de homes, ou sen distincións de formación. Por aquí teñen pasado médicos, emprendedores, docentes, mariscadores, gandeiros, estudantes, avogados, arquitectos, xornalistas e un longo etcétera. E, por certo, de aquí tamén saíron embaixadores do Vaticano, Francisco Vázquez, ata futuros presidentes do Goberno de España, Mariano Rajoy. Seguro que Ismael Rego, o máis duradeiro dos deputados desta casa, ao que só lle falta a primeira lexislatura para facer pleno ao 30, podería dar conta mellor ca min dos debates máis senlleiros que aquí se teñen vivido e de como os afrontaron os seus protagonistas. Víctor Vázquez Portomeñe, Camilo Nogueira, Anxo Guerreiro, Carlos Mella, Xosé Luis Barreiro Ribas, Xosé Manuel Beiras, Pablo González Mariñas, Bautista Álvarez, Xesús María Fernández Rosende, Manolita López Besteiro, Xesús Palmou, José Luis Riego, Ceferino Díaz, Antolín Sánchez Presedo, Francisco Sineiro, Fernando Pensado, Alfredo Suárez Canal, Manuel Ruíz Rivas, Francisco Cerviño, Roberto Castro, Antonio Gato Soengas, Aurelio Miras Portugal, son algúns dos que teñen cinco e catro lexislaturas, ademais dos máis singulares, se me permiten. A súa presenza nas bancadas deste Parlamento foi un servizo impagable para manter aceso o facho da nosa singularidade e lograr unha democracia.

Temos unha democracia adulta, non pola súa idade cronolóxica senón pola súa capacidade para agrupar arredor súa a todas as sensibilidades. Unha democracia é madura cando non complace plenamente a ninguén pero é capaz de dar cabida a todos. Hoxe todos temos cabida na democracia galega. Proba disto é que aquí, nesta celebración, comparten a mesma satisfacción deputados que foron contrincantes en moitas ocasións. O parlamentarismo forxou entre eles vencellos que lles permiten ser partícipes do mesmo orgullo.

Amigas e amigos, vivimos tempos nos que se cuestiona acotío a política, xorden voces que a consideran superflua fronte aos desafíos do mundo actual, escóitanse opinións que non disimulan a preferencia por solucións tecnocráticas aos problemas. Eu convido a todos os que pensan deste xeito a que veñan aquí e contemplen o logro da política e dos políticos e políticas galegas. É a política democrática, son os políticos democráticos os artífices da Galicia moderna. Son eles os que impulsan a súa transformación, os que insuflan autoestima, os que compendian demandas illadas nun ben común. Son eles o que o fan sen provocar feridas, son eles os que constrúen un sistema democrático ao que non é alleo ningún.

Este Parlamento, do que sodes arquitectos, é a demostración de que a política resolve problemas, e os resolve mediante un exercicio constante do diálogo. Roosevelt adoitaba dicir que unha gran democracia debe progresar ou axiña deixará de ser grande ou democrática. A nosa progresou, progresou e perfeccionouse, é unha democracia grande aloxada nun Parlamento feito por todos e para todos. Permítanme dar a noraboa á presidenta da casa, aos membros da Mesa, e agradecer moi sinceramente en nome do Goberno galego a súa presenza neste acto. É unha honra como presidente do Goberno actual poder ter a inmensa maioría das deputadas e dos deputados, con independencia da lexislatura da que formaron parte, e ter a inmensa maioría dos arquitectos da Galicia moderna. Sen dúbida, é unha ledicia e unha honra que non olvidarei namentres forme parte do Parlamento galego.

Acabo cunha reflexión. Visto que os parlamentarios teñen unha Asociación de Ex-parlamentarios, querido Xerardo, ¿por que os presidentes da Xunta non facemos unha asociación? Podemos falar con González Laxe, con Manuel Fraga, con Emilio Pérez Touriño, e que ti nos dirixas.

Moitas grazas.

Títulos da colección
**DISCURSOS
PARLAMENTARIOS**

Xerardo Fernández Albor

Primeira e segunda lexislatura
(1982-1987)

Fernando González Laxe

Segunda lexislatura
(1987-1989)

Manuel Fraga Iribarne

Terceira lexislatura
(1990-1993)

Manuel Fraga Iribarne

Cuarta lexislatura
(1993-1997)

Manuel Fraga Iribarne

Quinta lexislatura
(1997-2001)

Manuel Fraga Iribarne

Sexta lexislatura
(2001-2005)

Emilio Pérez Touriño

Sétima lexislatura
(2005-2009)

Alberto Núñez Feijóo

Oitava lexislatura
(2009-2012)

En preparación

Alberto Núñez Feijóo

Novena lexislatura
(2012-2016)



PARLAMENTO
DE GALICIA

